

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

20765 *Lei 26/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2010.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

PREÁMBULO

Os orzamentos xerais do Estado fundamentan o seu marco normativo básico na nosa Carta Magna, a Constitución Española do 27 de decembro de 1978, así como na Lei xeral orzamentaria e na Lei xeral de estabilidade orzamentaria.

O Tribunal Constitucional foi precisando o contido posible da lei anual de orzamentos xerais do Estado e veu manifestar que existe un contido necesario, que está constituído pola determinación da previsión de ingresos e a autorización de gastos que poden realizar o Estado e os entes a el vinculados ou del dependentes no exercicio de que se trate. A carón deste contido necesario, cabe a posibilidade de que se engada un contido eventual, aínda que estritamente limitado ás materias ou cuestións que garden directa relación coas previsións de ingresos, as habilitacións de gasto ou os criterios de política económica xeral, que sexan complemento necesario para a máis fácil interpretación e máis eficaz execución dos orzamentos xerais do Estado e da política económica do Goberno.

Por outra parte, o Tribunal Constitucional sinala que o criterio de temporalidade non resulta determinante da constitucionalidade ou non dunha norma desde a perspectiva da súa inclusión nunha Lei de orzamentos. Por iso, ben que a Lei de orzamentos pode cualificarse como unha norma esencialmente temporal, nada impide que accidentalmente poidan formar parte da lei preceptos de carácter plurianual ou indefinido.

Doutro lado, en materia tributaria, o número 7 do artigo 134 da Constitución dispón que a Lei de orzamentos non pode crear tributos aínda que si modificalos cando unha lei tributaria substantiva así o prevexa.

As materias que queden á marxe destas previsións son materias alleas á Lei de orzamentos xerais do Estado. Desta forma, o contido da lei está constitucionalmente acoutado -a diferenza do que sucede coas demais leis, cuxo contido resulta, en principio, ilimitado- dentro do ámbito competencial do Estado e coas exclusións propias da materia reservada a lei orgánica.

Consecuentemente, a Lei de orzamentos xerais do Estado para 2010 regula unicamente, xunto ao seu contido necesario, aquelas disposicións que respectan a doutrina do Tribunal Constitucional sobre o contido eventual.

Estes orzamentos xerais do Estado, elaborados no marco da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, persisten no obxectivo de conseguir unha maior racionalización do proceso orzamentario a través da confluencia das melloras introducidas a nivel de sistematización, na medida en que se procede á ordenación económica e financeira do sector público estatal, a ordenar as súas normas de contabilidade e control e a nivel de eficacia e eficiencia.

Desde finais de 2008, a economía española atravesa unha situación de recesión que se inscribe nun contexto de crise económica xeneralizada a nivel mundial. Dentro deste marco, os orzamentos xerais do Estado para o ano 2010, xunto coa futura Lei de economía sustentable, configúranse como piares fundamentais para sentar as bases dunha

recuperación sólida cimentada na transformación do noso modelo de crecemento. Nesta liña resulta fundamental seguir priorizando o investimento en I+D+i, en educación e en infraestruturas, como elementos esenciais do novo modelo; e todo isto sen prexuízo de manter o esforzo realizado nos últimos exercicios no relativo ao gasto social.

Os orzamentos xerais do Estado para o ano 2010 caracterízanse tamén por iniciar un proceso de consolidación fiscal que garanta a sustentabilidade das finanzas públicas a medio prazo. Tras os esforzos de estabilización, é necesario reconducir os ingresos e os gastos cara a unha senda equilibrada, de forma que as finanzas públicas supoñan un apoio para a recuperación do noso potencial de crecemento.

A lei acomoda este conxunto de medidas dentro dun compromiso coa estabilidade cuxos efectos positivos sobre as expectativas redonda a favor do crecemento económico e a creación de emprego. O obxectivo de estabilidade orzamentaria para o período 2010-2012, fixado por Acordo de Consello de Ministros do 19 de xuño de 2009, foi aprobado polo Pleno do Congreso o 25 de xuño e ratificado por el o 8 de xullo de 2009.

II

A parte esencial da Lei de orzamentos recóllese no título I, «Da aprobación dos orzamentos e das súas modificacións», por canto que no seu capítulo I, baixo a rúbrica «Créditos iniciais e financiamento deles», se aproba a totalidade dos estados de ingresos e gastos do sector público estatal e se consigna o importe dos beneficios fiscais que afectan os tributos do Estado.

Neste capítulo I, ao definir o ámbito dos orzamentos xerais do Estado, tense en conta a clasificación que dos organismos públicos realiza a Lei 6/1997, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, así como a Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, clasificación que se fai presente no resto da lei. Igualmente, tense presente a Lei 28/2006, do 18 de xullo, de axencias estatais para a mellora dos servizos públicos. A distribución dos fondos atende, en cambio, á finalidade perseguida coa realización do gasto, distribuíndose por funcións.

O ámbito dos orzamentos xerais do Estado complétase co orzamento de gastos de funcionamento e investimentos do Banco de España, que, de acordo coa súa lexislación específica (artigo 4.2 da Lei 13/1994, do 1 de xuño, de autonomía do Banco de España), non se consolida cos restantes orzamentos do sector público estatal.

O capítulo II contén as normas de modificación e execución de créditos orzamentarios, as limitacións orzamentarias e os créditos vinculantes que deberán operar durante o exercicio de 2010.

O capítulo III, da Seguridade Social, regula o financiamento da asistencia sanitaria, a través do orzamento do Instituto Nacional de Xestión Sanitaria e das achegas do Estado ao Instituto de Maiores e Servizos Sociais e ao Instituto Social da Mariña, así como aquelas que se destinen á Seguridade Social, para atender o financiamento dos complementos para mínimos de pensións.

III

O título II da Lei de orzamentos, relativo á «Xestión orzamentaria», estrutúrase en tres capítulos.

O capítulo I regula a xestión dos orzamentos docentes. Nel fíxase o módulo económico de distribución de fondos públicos para sostemento de centros concertados e o importe da autorización dos custos de persoal da Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED).

No capítulo II, relativo á «Xestión orzamentaria da sanidade e dos servizos sociais», recóllense competencias específicas en materia de modificacións orzamentarias no ámbito do Instituto Nacional de Xestión Sanitaria e do Instituto de Maiores e Servizos Sociais.

O capítulo III recolle outras normas de xestión orzamentaria e nel establécese a porcentaxe de participación da Axencia Estatal de Administración Tributaria na recadación bruta obtida pola súa actividade propia, fixándose a dita porcentaxe para 2010 nun 5 por cento.

IV

O título III da Lei de orzamentos xerais do Estado leva como rúbrica «Dos gastos de persoal» e estrutúrase en tres capítulos.

A repercusión que a estabilidade e a actual situación da nosa economía teñen sobre o persoal ao servizo do sector público reflíctese no capítulo I, relativo ao «Incremento dos gastos do persoal ao servizo do sector público», que, tras definir o que constitúe «sector público» para estes efectos, establece un incremento das retribucións deste persoal, cifrado nun 0,3 por cento.

Así mesmo, inclúese neste capítulo a regulación da oferta de emprego público. Esta Lei de orzamentos xerais do Estado, igual que a anterior, mantén a súa regulación nun único artigo, e establece as restricións á incorporación de persoal de novo ingreso, que non poderá superar o quince por cento da taxa de reposición de efectivos, o que resulta congruente coa actual conxuntura, criterio que non será de aplicación en determinados supostos, entre os cales podemos citar o persoal da Administración de xustiza, as administracións públicas con competencias educativas para o desenvolvemento da Lei orgánica 2/2006, de educación, as administracións públicas con competencias sanitarias en relación coa cobertura das correspondentes prazas nos hospitais e centros de saúde do Sistema Nacional de Saúde, as administracións que teñan encomendadas as funcións de control e vixilancia do cumprimento da normativa na orde social, a xestión das políticas activas de emprego e das prestacións por desemprego e a institucións penitenciarias e Banco de España.

Polo que respecta ás Forzas Armadas, o límite que se aplicará á taxa de reposición será do oitenta e cinco por cento para as prazas de oficiais e suboficiais, elevándose este límite ao cen por cento, entre outros, á seguridade aérea, ás forzas e corpos de seguridade do Estado, ao despregamento de efectivos de policía autónoma, e, no ámbito da Administración local, á policía local.

Mantéñense as restricións á contratación de persoal laboral temporal e ao nomeamento de funcionarios interinos, atribuíndo a esta un carácter rigorosamente excepcional e vinculándoo a necesidades urxentes e inaprazables.

No capítulo II, baixo a rúbrica «Dos réximes retributivos», mantéñense en 2010, como medida de austeridade, nos mesmos termos e contías que na Lei 51/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado, as retribucións dos altos cargos do Goberno da Nación e da Administración xeral do Estado, as correspondentes aos altos cargos do Consello de Estado, do Consello Económico e Social, así como aos membros do Tribunal de Contas, do Tribunal Constitucional e do Consello Xeral do poder xudicial, e aos altos cargos das Forzas Armadas, da Policía e da Garda Civil, así como a determinados cargos do poder xudicial e do Ministerio Fiscal. A necesidade de inclusión destas previsións na Lei de orzamentos xerais do Estado deriva de que a aprobación dos orzamentos destes órganos e, en consecuencia, das referidas retribucións, debe ser feita polas Cortes Xerais. Os principios de unidade e universalidade do orzamento exigen que esa aprobación se realice nun documento único, comprensivo de todos os gastos do Estado, como é a Lei de orzamentos xerais do Estado.

Este capítulo complétase coas normas relativas ás retribucións dos funcionarios do Estado, persoal das Forzas Armadas, Corpo da Garda Civil e Corpo Nacional de Policía, e do persoal da Seguridade Social, así como as relativas ao incremento retributivo que experimentará o persoal do sector público estatal suxeito a réxime administrativo e estatutario e o persoal laboral do dito sector público.

Xunto ás normas reguladoras do persoal ao servizo da Administración de xustiza, mención específica merecen as relativas á regulación das retribucións dos membros da carreira xudicial e fiscal de conformidade co disposto na Lei 15/2003, do 26 de maio.

O capítulo III deste título contén unha norma de peche, aplicable ao persoal cuxo sistema retributivo non teña adecuado encaixe nas normas contidas no capítulo II. Xunto a ela recolle, coma en leis de orzamentos anteriores, outras disposicións comúns en materia de réxime de persoal activo, así como as relativas á prohibición de ingresos

atípicos e ao incremento das contías que se perciban polos conceptos de recompensas, cruces, medallas e pensións de mutilación.

Finalmente, neste título III introducíronse as mínimas modificacións que derivan da entrada en vigor da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, e que, basicamente, se limitan a dar cumprimento ao previsto na disposición transitoria terceira en relación co artigo 76 e a disposición derradeira cuarta da citada norma básica. Así mesmo, no artigo 22 mantense a equivalencia dos grupos de clasificación da Lei 30/1984 cos establecidos na Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público; desta forma, de acordo co establecido nos artigos 22.seis e 24.un.d), desta lei, e sen prexuízo de que, segundo o disposto na disposición transitoria terceira da Lei 7/2007, do Estatuto básico do empregado público, non figure ningún corpo ou escala adscrito ao grupo B, determínanse as retribucións, e contribucións individuais ao plan de pensións, correspondentes a este en previsión de que, por norma con rango de lei, se creen corpos ou escalas que, de acordo co artigo 76 da dita lei, deban clasificarse no citado grupo.

V

O título IV, en liña cos anteriores exercicios, reflicte o compromiso do Goberno de mellorar a contía das pensións mínimas, e isto tanto para as da Seguridade Social como para as de clases pasivas do Estado.

Reproducindo a estrutura de exercicios anteriores, o título IV da Lei de orzamentos xerais do Estado, baixo a rúbrica «Das pensións públicas», divídese en cinco capítulos. O capítulo I está dedicado a regular a determinación inicial das pensións do réxime de clases pasivas do Estado, especiais de guerra e non contributivas da Seguridade Social, e cuxa modificación respecto de exercicios anteriores é a derivada da actualización das contías reflectidas nel.

O capítulo II contén as limitacións do sinalamento inicial das pensións públicas, instrumentando un sistema de limitación máxima. Esta limitación é xa tradicional no noso sistema de pensións, alterándose, exclusivamente, o importe máximo.

No capítulo III deste título IV, o relativo á revalorización e modificación dos valores das pensións públicas, establécese un incremento delas para o ano 2010 dun 1 por cento, o que garante o poder adquisitivo dos pensionistas, asegurando desta maneira os niveis de cobertura e protección do gasto social. Esta regulación complétase co establecemento de limitacións á revalorización de pensións, coherente co sistema de limitación da contía máxima destas, así como a determinación das pensións non revalorizables en 2010.

O capítulo IV recolle o sistema de complementos para mínimos, que regula en dous artigos, relativos, respectivamente, a pensións de clases pasivas e pensións do sistema da Seguridade Social.

O capítulo V recolle nun único artigo a fixación da contía das pensións non concurrentes do extinguido seguro obrigatorio de velez e invalidez.

VI

O título V, «Das operacións financeiras», estrutúrase en tres capítulos, relativos, respectivamente, a débeda pública, avais públicos e outras garantías e relacións do Estado co Instituto de Crédito Oficial.

O obxecto fundamental deste título é autorizar a contía ata a cal o Estado e os organismos públicos poidan realizar operacións de endebedamento, materia que se regula no capítulo I, baixo a rúbrica «Débeda pública». Estas autorizacións xenéricas complétanse coa determinación da información que deben subministrar os organismos públicos e o propio Goberno sobre evolución da débeda pública e as contas abertas polo Tesouro no Banco de España e outras entidades financeiras.

En materia de débeda do Estado, a autorización vén referida á contía do incremento do saldo vivo da débeda do Estado en 31 de decembro. Así, para o exercicio do ano 2010 autorízase o ministro de Economía e Facenda para que incremente esta, coa limitación de que o saldo vivo da dita débeda en 31 de decembro do ano 2010 non supere o correspondente a 1 de xaneiro de 2010 en máis de 77.676.707,98 miles de euros, permitíndose que o dito

Límite sexa superado durante o curso do exercicio coa autorización previa do Ministerio de Economía e Facenda e establecendo os supostos en que quedará automaticamente revisado.

Respecto da débeda dos organismos públicos, determínase o importe autorizado a cada un deles para o exercicio no anexo III da lei.

No capítulo II, relativo aos «Avais públicos e outras garantías», fíxase o límite total dos avais que poden prestar o Estado e os organismos públicos. Dentro dos avais do Estado merece especial mención a autorización de avais públicos para garantir valores de renda fixa emitidos por fondos de titulización de activos, orientados a mellorar o financiamento da actividade produtiva empresarial, para o cal se establece unha contía de 3.000 millóns de euros.

En relación cos avais que poden prestar os organismos públicos circunscríbese a autorización á Sociedade Estatal de Participacións Industriais, autorización debidamente acompañada da determinación da información que deberá subministrarse ao Goberno ás Cortes Xerais sobre a evolución dos avais outorgados.

As relacións do Estado co Instituto de Crédito Oficial están recollidas no capítulo III e céntranse en regular os reembolsos do Estado a ese Instituto, a información que debe subministrarse ás Cortes Xerais e a dotación do Fondo de Axuda ao Desenvolvemento, dotación que en 2010 se incrementará en 1.847.885,65 miles de euros.

Con independencia da dotación anual ao Fondo de Axuda ao Desenvolvemento, fíxase o volume das operacións que o Consello de Ministros pode autorizar durante o exercicio con cargo ao dito fondo, que ascende no presente exercicio a 2.153.860 miles de euros.

Tamén se establece a dotación do Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento, que ascende para o ano 2010 a 300.000 miles de euros. Finalmente, o capítulo IV regula os préstamos e anticipos con cargo ao capítulo 8 do orzamento.

VII

No ámbito tributario, a Lei de orzamentos incorpora un conxunto de medidas, ademais das que de forma habitual recolle esta norma, pondo con isto de manifesto o papel que a política fiscal pode e debe desempeñar nun contexto como o actual, marcado pola crise económica que se vén padecendo desde hai meses, medidas que inciden nas principais figuras do sistema tributario.

Así, no imposto sobre a renda das persoas físicas suprímese a dedución de ata 400 euros por obtención de rendementos do traballo ou de actividades económicas, por canto as razóns que xustificaron a súa implantación en 2008, como mecanismo de axuda ás familias proporcionándolles unha maior renda dispoñible, para facer fronte a unha situación caracterizada por elevadas taxas do euríbor e da inflación, así como polos efectos dun prezo moi alto do petróleo, desapareceron.

Como consecuencia da supresión da dita dedución, procede efectuar un axuste técnico, equivalente ao que se realizou cando se introduciu aquela, pero en sentido inverso, no límite da obriga de declarar.

Outra medida relevante no imposto sobre a renda persoal constitúea a moderada elevación que se introduce, por razóns conxunturais, no gravame das rendas do aforro, cuxo obxectivo é conseguir que aqueles que teñen unha capacidade económica maior contribúan de maneira superior para facer fronte aos gastos sociais adicionais que unha situación económica como a existente require que se efectúen para atender aos máis perjudicados pola crise económica.

Tamén cabe destacar a elevación que se establece no límite da exención polas prestacións por desemprego percibidas na súa modalidade de pagamento único, medida que incorpora ao ordenamento un acordo alcanzado na Mesa do Traballo Autónomo e que está dirixida a estimular a iniciativa empresarial para contribuír á recuperación económica.

Como queira que a futura Lei de economía sustentable incluíra unha redefinición dos incentivos fiscais relacionados coa vivenda, co obxecto de garantir a necesaria seguridade xurídica, considérase oportuno introducir unha disposición adicional nesta lei que confirme a aplicación durante 2010 da normativa actualmente en vigor.

No imposto sobre sociedades, a principal medida que se introduce supón unha redución do tipo de gravame aplicable ás pequenas e medianas empresas que creen ou manteñan emprego, actuación que ten por obxecto favorecer a recuperación económica e, en particular, a mellora daquela variable, medida que se estende aos empresarios e profesionais individuais que teñan asalariados no imposto sobre a renda das persoas físicas.

Na imposición indirecta debe destacarse a elevación dos tipos impositivos xeral e reducido do imposto sobre o valor engadido, que pasan do 16 e 7 por cento ao 18 e 8 por cento, respectivamente. Esta medida adóptase con efectos a partir do segundo semestre do ano 2010 pois o seu fin non é tanto a suficiencia recadatoria a curto prazo canto garantir a sustentabilidade das finanzas públicas a medio e longo prazo, de maneira que a súa repercusión cuantitativa será bastante limitada no próximo exercicio. A resultas desta modificación, tamén se incorpora un cambio nas porcentaxes de compensación aplicables no réxime especial da agricultura, gandaría e pesca.

Xunto ás devanditas medidas tamén cómpre aludir a aquelas que, ano tras ano, se recollen na Lei de orzamentos.

Así, no ámbito do imposto sobre a renda das persoas físicas, para as transmisións de bens inmoables non afectos a actividades económicas, inclúese a actualización dos coeficientes correctores do valor de adquisición ao un por cento. Ademais, regúlanse as compensacións pola perda de beneficios fiscais que afectan determinados contribuíntes coa vixente Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas: os adquirentes de vivenda habitual e os perceptores de determinados rendementos do capital mobiliario con período de xeración superior a dous anos en 2009 respecto aos establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas vixente ata 31 de decembro de 2006.

Polo que se refire ao imposto sobre sociedades, as medidas incluídas son a actualización dos coeficientes aplicables aos activos inmobiliarios, que permite corrixir a depreciación monetaria nos supostos de transmisión, e a regulación da forma de determinar os pagamentos fraccionados do imposto durante o exercicio 2010.

En materia de tributos locais actualízanse os valores catastrais dos bens inmoables nun 1 por cento.

No imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados procédese a actualizar a escala que grava a transmisión e rehabilitación de grandezas e títulos nobiliarios ao 1 por cento.

Polo que se refire ás taxas, actualízanse, con carácter xeral, ao 1 por cento os tipos de contía fixa das taxas da Facenda estatal, excepto as taxas que foron creadas ou actualizadas especificamente por normas ditadas no ano 2009. Pola súa parte, a taxa por reserva do dominio público radioeléctrico mantense, en termos xerais, sen variación.

Tamén se manteñen, con carácter xeral, para o exercicio 2010, os tipos e contías fixas establecidas para as taxas que gravan os xogos de sorte, envite ou azar, nos importes exixibles durante 2009, salvo as referidas a máquinas tipo «B», que non experimentaran modificación desde o ano 2002.

A taxa por aproveitamento especial do dominio público portuario no exercicio de actividades comerciais, industriais e de servizos mantén a tarifa actual.

As taxas de aterraxe, por prestación de servizos e utilización do dominio público aeroportuario, así como a de seguridade aeroportuaria, manteñen as tarifas establecidas na Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2009.

A taxa de aproximación é obxecto de modificación na regulación de tarifa, para adaptala ao Regulamento (CE) 1794/2006, do 6 de decembro, polo que establece un sistema común de tarificación dos servizos de navegación aérea, sen sufrir incremento respecto da actualmente exixible.

En fin, modifícanse as tarifas das taxas polas distintas modalidades de propiedade industrial, reducíndose en termos xerais respecto das actualmente vixentes.

VIII

O título VII estrutúrase en dous capítulos, dedicados, respectivamente, a corporacións locais e comunidades autónomas.

Dentro do capítulo I contéñense normas relativas ao financiamento das corporacións locais, englobando nel os municipios, provincias, cabidos e consellos insulares, así como comunidades autónomas uniprovinciais.

O núcleo fundamental está constituído pola articulación da participación das corporacións locais nos tributos do Estado, tanto na determinación da súa contía como na forma de a facer efectiva. Cabe destacar como instrumento a participación, mediante cesión, na recadación de determinados impostos como o IRPF, IVE e os impostos especiais sobre fabricación de alcohois, sobre hidrocarburos e sobre os elaborados do tabaco; a participación a través do Fondo Complementario de Financiamento con atención específica ás compensacións ás entidades locais por perdas de recadación no imposto sobre actividades económicas, que inclúe tanto a inicialmente establecida pola Lei 51/2002, do 27 de decembro, como a compensación adicional instrumentada a través da Lei 22/2005, do 18 de novembro, así como a participación no Fondo de Achega á Asistencia Sanitaria para o mantemento dos centros sanitarios de carácter non psiquiátrico das deputacións, comunidades autónomas insulares non provinciais, e consellos e cabidos insulares.

Pola súa parte, a liquidación de 2008, que se practicará en 2010, presenta como novidade o aprazamento e fraccionamento do seu saldo negativo. Así, prevese que se o saldo global das liquidacións resulta a favor dunha entidade local se procederá de forma análoga a exercicios anteriores. Porén, se o indicado saldo resultar a favor do Estado, establécese o seu aprazamento, prevéndose tamén que o reintegro das cantidades aprazadas se realice, mediante retencións nas entregas á conta a partir de xaneiro de 2011, e nun prazo máximo de 48 mensualidades.

Finalmente, recóllese a regulación dos réximes especiais de participación de Ceuta e Melilla, das entidades locais das Illas Canarias, así como a relativa ás entidades locais dos territorios históricos do País Vasco e Navarra.

Non obstante, esta regulación complétase con outras transferencias, constituídas por subvencións por servizos de transporte colectivo urbano, compensación aos concellos dos beneficios fiscais concedidos ás persoas físicas ou xurídicas nos tributos locais, dando cumprimento ao previsto no artigo 9 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Igualmente, régúlanse as obrigas de información que deberán subministrar as corporacións locais, as normas de xestión orzamentaria, o outorgamento de anticipos aos concellos para cubrir os desfases que poidan ocasionarse na xestión recadatoria dos tributos locais e a articulación do procedemento para dar cumprimento ás compensacións de débedas firmes contraídas co Estado polas corporacións locais.

O capítulo II regula determinados aspectos do financiamento das comunidades autónomas de réxime común e das cidades con estatuto de autonomía.

Con data 15 de xullo de 2009, o Consello de Política Fiscal e Financeira adoptou o Acordo 6/2009, para a reforma do sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía con efectos desde 1 de xaneiro de 2009. Este acordo debe ser incorporado ao ordenamento xurídico mediante as correspondentes leis de reforma da LOFCA e de financiamento cuxos proxectos foron aprobados no Consello de Ministros do 11 de setembro, e que foron remitidos para a súa tramitación nas Cortes Xerais.

Unha vez aprobadas as leis que instrumenten o novo sistema, este será aplicable a aquelas comunidades autónomas e cidades que o acepten en comisión mixta, no prazo de 6 meses.

Tanto o Acordo 6/2009 como o proxecto de lei que aproba o novo sistema prevén para os anos 2009 e 2010 un réxime transitorio en canto aos pagamentos á conta da Administración xeral do Estado ás comunidades e cidades con estatuto de autonomía con cargo aos recursos do citado sistema.

Así, establecen que nos ditos anos percibirán basicamente os seguintes recursos á conta dos correspondentes ao novo sistema:

As entregas á conta do IRPF, IVE, IIEE de fabricación e do Fondo de Suficiencia, tal e como se regula a cesión de tributos na Lei 21/2001, do 27 de decembro.

As comunidades autónomas tamén percibirán a dotación complementaria para o financiamento da asistencia sanitaria e a dotación de compensación de insularidade, ambas derivadas da II Conferencia de Presidentes aprobadas polo Consello de Política Fiscal e Financeira na súa sesión do 13 de setembro de 2005.

Ademais dos recursos anteriores, o Acordo e o proxecto de lei de financiamento tamén recollen a posibilidade de concesión polo Estado de anticipos á conta dos recursos e fondos adicionais do novo sistema. Estes anticipos cancelaranse cando se liquiden os correspondentes recursos.

En cumprimento do anterior e dado que as entregas á conta dos tributos cedidos non teñen reflexo nos orzamentos xerais do Estado, no capítulo II deste título artículase o crédito para o pagamento das entregas á conta do Fondo de Suficiencia de 2010, da dotación complementaria para o financiamento da asistencia sanitaria e da dotación de compensación de insularidade así como dos anticipos á conta dos recursos e fondos adicionais do novo sistema de financiamento.

Por outra parte, no ano 2010 practicarase a liquidación do sistema de financiamento correspondente a 2008. Esta liquidación practicarase de acordo co modelo vixente na Lei 21/2001, aínda que, como consecuencia do citado Acordo 6/2009 do Consello de Política Fiscal e Financeira, presenta como novidade o aprazamento e fraccionamento dos seus saldos negativos. Así, prevese que, se o saldo global das liquidacións for a favor dunha comunidade, se procederá de forma análoga a exercicios anteriores. Porén, se o indicado saldo resultar a favor do Estado, establécese o seu aprazamento e fraccionamento, prevéndose tamén que o reintegro das cantidades aprazadas se realice mediante retencións nas entregas á conta dos recursos do sistema a partir de xaneiro de 2011, e nun prazo máximo de 48 mensualidades.

Tamén se regula no citado capítulo o réxime de transferencia no ano 2010 correspondente ao custo efectivo dos servizos asumidos polas comunidades autónomas, así como o contido mínimo dos reais decretos que aproben as novas transferencias.

Por último, recóllese a regulación dos Fondos de Compensación Interterritorial, distinguindo entre Fondo de Compensación e Fondo Complementario. Ambos os fondos teñen como destino o financiamento de gastos de investimento polas comunidades autónomas. Non obstante, o Fondo Complementario pode destinarse ao financiamento de gastos de posta en marcha ou funcionamento dos investimentos realizados con cargo á sección 33 dos orzamentos xerais do Estado.

IX

A Lei de orzamentos xerais do Estado contén no título VIII, baixo a rúbrica «Cotizacións sociais», a normativa relativa ás bases e tipos de cotización dos distintos réximes da Seguridade Social, e procede á actualización destas últimas.

O título consta de dous artigos relativos, respectivamente, a «Bases e tipos de cotización á Seguridade Social, desemprego, Fondo de Garantía Salarial e formación profesional durante o ano 2010» e «Cotización ás mutualidades xerais de funcionarios para o ano 2010».

X

O contido da Lei de orzamentos complétase con diversas disposicións adicionais, transitorias, derogatorias e derradeiras, nas cales se recollen preceptos de índole moi variada, algúns xa comentados en puntos anteriores.

En materia de pensións públicas e prestacións asistenciais, entre outras medidas, establécense as contías das prestacións económicas da Seguridade Social por fillo a cargo, das pensións asistenciais e subsidios económicos da Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social de minusválidos, revalorización para o ano 2010 das prestacións de gran invalidez do réxime especial da Seguridade Social das Forzas Armadas e das axudas sociais aos afectados polo virus de inmunodeficiencia humana (VIH). Por outra banda, tendo en conta a actual conxuntura económica, en especial a evolución do índice de prezos

de consumo, non se inclúe, por non ser aplicable no ano 2010, a previsión contida tradicionalmente nas leis de orzamentos anteriores relativa ao mantemento do poder adquisitivo das pensións.

En materia de persoal, fíxanse os cadros de persoal máximos de militares profesionais de tropa e mariñeiría para alcanzar en 31 de decembro do ano 2010, que non poderá superara os 86.000 efectivos.

Polo que respecta ao Servizo Público de Emprego Estatal, regúlase a achega financeira que se fai ao financiamento do Plan Integral de Emprego das Comunidades Autónomas de Canarias, Castilla-La Mancha e Extremadura. Establécese de forma detallada o financiamento da formación profesional para o emprego.

Igualmente, recóllense os preceptos relativos á garantía do Estado para obras de interese cultural cedidas temporalmente para a súa exhibición en institucións de competencia exclusiva do Ministerio de Cultura.

As normas de índole económica refírense ao xuro legal do diñeiro, que se fixa nun 4 por cento, e ao xuro de demora, que se fixa nun 5 por cento. Prodúcese a determinación do indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) para 2010.

O fomento do comercio exterior ten a súa plasmación en dúas disposicións adicionais relativas, unha á dotación de fondos de fomento do investimento español no exterior (Fondo para Inversións no Exterior, Fondo para Operacións de Inversións no Exterior da Pequena e Mediana Empresa), e outra relativa ao seguro de crédito á exportación.

O límite máximo de cobertura para nova contratación que pode asegurar e distribuír CESCE no exercicio 2010 elévase a 9.000.000 miles de euros, excluída a modalidade de póliza aberta de xestión de exportacións (PAXEX), póliza 100 e póliza máster.

A dotación do Fondo para Inversións no Exterior establécese en 1.000 miles de euros. O importe total máximo das operacións que poden aprobar os respectivos comités executivos fíxase en 250.000 miles de euros no Fondo para Inversións no Exterior e en 15.000 miles de euros no Fondo para Operacións de Inversións no Exterior para a Pequena e Mediana Empresa.

Tamén ten reflexo nas disposicións adicionais o apoio á investigación científica e o desenvolvemento tecnolóxico, que se manifesta dunha tripla forma, mediante a concesión de moratorias a empresas que resultasen beneficiarias de créditos outorgados con cargo ao Fondo Nacional para o Desenvolvemento da Investigación Científica e Técnica; mediante a concesión de axudas reembolsables para o financiamento de actuacións concertadas; e mediante a instrumentación do apoio financeiro a empresas de base tecnolóxica.

Regúlanse, igualmente, as subvencións ao transporte aéreo e marítimo para residentes en Canarias, Balears, Ceuta e Melilla. Na entidade pública empresarial Lotarías e Apostas do Estado dótase un fondo de reserva co 2 por cento do beneficio bruto anual para garantir a súa capitalización e investimentos en novos produtos, canles e tecnoloxías.

Así mesmo, Lotarías e Apostas do Estado, co límite do 2 por cento anual, poderá subscribir acordos con entidades, entre outras, como a Cruz Vermella Española e a Asociación Española de Loita contra o Cáncer, co fin de lles garantir unha estabilidade orzamentaria e financeira, de forma que os seus plans de acción social non se condicionen á sorte ou azar nun sorteo.

Así mesmo, como consecuencia da Lei de contratos do sector público e a non consideración de Lotarías e Apostas do Estado como poder adxudicador, estando suxeita por tanto a dereito privado, clarifícase para o futuro o réxime xurídico en canto á súa rede comercial, garantíndolle á actualmente existente a permanencia no réxime vixente e outorgándolle a opción de incorporación voluntaria ao novo, se o considera do seu interese. Tamén se establecen as actividades e programas prioritarios de mecenado.

Apróbase a dotación do Fondo de apoio para a promoción e desenvolvemento de infraestruturas e servizos do sistema de autonomía e atención á dependencia, que ten por obxecto prestar apoio financeiro ás empresas que leven a cabo a dita actividade, cun importe para o exercicio 2010 de 17.000 miles de euros

No proceso de construción dalgunhas autopistas estatais de peaxe, o prezo xusto dos terreos foi fixado por acordos do Xurado de Expropiación ou por sentenzas dos tribunais, que valoraron o solo moi por encima das estimacións que serviron de base ao contrato de concesión, debendo as sociedades concesionarias aboalo dentro dos prazos fixados polas leis procesuais. Para facer fronte á situación descrita, faise necesario instrumentar medidas que permitan reequilibrar o modelo concesional.

Por outra parte, a situación económica actual deu lugar a un descenso moi significativo do tráfico nas estradas fronte ao inicialmente estimado, o que está afectando o equilibrio económico-financieiro das sociedades concesionarias de obras públicas para a conservación e explotación das autovías de primeira xeración, e pon en risco a viabilidade da colaboración privada no seu financiamento. Por iso, faise preciso articular medidas que permitan o bo fin de tales contratos e a prestación do servizo público.

A continuación recóllense unha serie de disposicións transitorias, entre as cales destacamos os plans de pensións de emprego ou seguros colectivos, a indemnización por residencia do persoal ao servizo do sector público estatal e a absorción dos complementos persoais e transitorios e as compensacións fiscais a adquirentes de vivenda habitual en 2009.

Inclúese, igualmente, unha disposición derogatoria, relativa ao artigo 190 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño.

A lei péchase cun conxunto de disposicións derradeiras, nas cales se recollen as modificacións realizadas a varias normas legais. Entre elas, merecen citarse a Lei 13/1994, do 1 de xuño, de autonomía do Banco de España, o texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, a Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, a Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social; a Lei 28/2006, do 18 de xullo, de axencias estatais para a mellora dos servizos públicos; e a Lei 42/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2007. A lei finaliza coa xestión de créditos orzamentarios en materia de clases pasivas.

TÍTULO I

Da aprobación dos orzamentos e das súas modificacións

CAPÍTULO I

Créditos iniciais e financiamento deles

Artigo 1. *Ámbito dos orzamentos xerais do Estado.*

Nos orzamentos xerais do Estado para o exercicio do ano 2010 intégranse:

- a) O orzamento do Estado.
- b) Os orzamentos dos organismos autónomos da Administración xeral do Estado.
- c) O orzamento da Seguridade Social.
- d) Os orzamentos das axencias estatais.
- e) Os orzamentos dos organismos públicos cuxa normativa específica confire carácter limitativo aos créditos do seu orzamento de gastos.
- f) Os orzamentos das restantes entidades do sector público administrativo estatal.
- g) Os orzamentos dos fondos carentes de personalidade xurídica a que se refire o artigo 2.2 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.
- h) Os orzamentos das sociedades mercantís estatais.
- i) Os orzamentos das fundacións do sector público estatal.
- j) Os orzamentos das entidades públicas empresariais e restantes organismos públicos desta natureza.

Artigo 2. *Da aprobación dos estados de gastos e ingresos dos entes referidos nas alíneas a) a d) do artigo 1 desta lei.*

Un. Para a execución dos programas integrados nos estados de gastos dos orzamentos dos entes mencionados nas alíneas a), b), c), d) e e) do artigo anterior, apróbanse créditos nos capítulos económicos I a VIII por importe de 350.695.865,78 miles de euros, segundo a distribución por programas detallada no anexo I desta lei. A agrupación por políticas dos créditos destes programas é a seguinte:

APROBADO POLO PLENO

Orzamento 2010

Agrupación por políticas do orzamento de gastos

N.º Pol.	Políticas	Capítulos 1 a 8
11	Xustiza	1.818.796,36
12	Defensa	7.357.062,90
13	Seguridade cidadá e institucións penitenciarias	8.872.807,37
14	Política exterior	3.547.956,46
21	Pensións	108.282.711,67
22	Outras prestacións económicas	14.402.516,98
23	Servizos sociais e promoción social	2.737.038,45
24	Fomento do emprego	7.750.665,17
25	Desemprego	30.974.836,28
26	Acceso vivenda e fomento da edificación	1.498.064,74
29	Xestión e administración da Seguridade Social	6.362.289,83
31	Sanidade	4.634.601,85
32	Educación	3.092.088,26
33	Cultura	1.198.893,35
41	Agricultura, pesca e alimentación	8.959.117,58
42	Industria e enerxía	3.229.336,16
43	Comercio, turismo e PEMES	1.511.350,60
44	Subvención ao transporte	1.186.167,34
45	Infraestruturas	14.886.322,33
46	Investigación, desenvolvemento e innovación	9.270.778,25
49	Outras actuacións de carácter económico	691.435,64
91	Alta dirección	818.190,32
92	Servizos de carácter xeral	9.314.307,19
93	Administración financeira e tributaria	1.499.960,10
94	Transferencias a outras administracións públicas	73.598.570,60
95	Débeda pública	23.200.000,00
	Total	350.695.865,78

* Non se incorporou aos estados de gastos a emenda 256 do Congreso por non estaren definidos os proxectos de baixa.

Dous. Nos estados de ingresos dos entes a que se refire o número anterior recóllense as estimacións dos dereitos económicos que se prevé liquidar durante o exercicio orzamentario. A distribución do seu importe consolidado, expresado en miles de euros, recóllese a seguir:

Entes	Capítulos económicos		
	Capítulos I a VII Ingresos non financeiros	Capítulo VIII Activos financeiros	Total ingresos
Estado	120.878.416,08	3.191.915,82	124.070.331,90
Organismos autónomos	35.404.138,74	1.653.100,97	37.057.239,71
Seguridade Social	111.151.190,15	1.094.592,04	112.245.782,19
Axencias estatais	183.126,85	250.433,63	433.560,48
Organismos do artigo 1.e) desta lei	127.952,25	68.778,13	196.730,38
Total	267.744.824,07	6.258.820,59	274.003.644,66

Tres. Para as transferencias internas entre os entes a que se refire o punto un deste artigo, apróbanse créditos por importe de 36.072.133,24 miles de euros co seguinte detalle por entes:

Miles de euros

Transferencias segundo orixe	Transferencias segundo destino					Total
	Estado	Organismos autónomos	Seguridade Social	Axencias estatais	Organismos do artigo 1.e) desta lei	
Estado		20.113.777,30	8.336.884,79	1.460.440,09	1.624.835,43	31.535.937,61
Organismos autónomos	132.276,38	155.307,37		11.618,80		299.202,55
Axencias estatais	30.366,00	2.000,00				32.366,00
Seguridade Social	164.876,02		4.039.751,06			4.204.627,08
Organismos do artigo 1.e) desta lei.						
Total	327.518,40	20.271.084,67	12.376.635,85	1.472.058,89	1.624.835,43	36.072.133,24

Catro. Os créditos incluídos nos programas e transferencias entre subsectores dos estados de gastos aprobados neste artigo distribúense, orgánica e economicamente, expresados en miles de euros, segundo se indica a seguir:

Entes	Capítulos económicos		
	Capítulos I a VII Gastos non financeiros	Capítulo VIII Activos financeiros	Total gastos
Estado	185.035.637,45	15.998.191,70	201.033.829,15
Organismos autónomos	56.921.695,01	456.106,03	57.377.801,04
Seguridade Social	120.647.931,69	3.980.273,48	124.628.205,17
Axencias estatais	1.905.334,94	1.262,91	1.906.597,85
Organismos do artigo 1.e) desta lei	1.819.829,91	1.735,90	1.821.565,81
Total	366.330.429,00	20.437.570,02	386.767.999,02

Cinco. Para a amortización de pasivos financeiros, apróbanse créditos no capítulo IX dos estados de gastos dos entes a que se refire o punto un, por importe de 35.703.735,12 miles de euros, cuxa distribución por programas se detalla no anexo I desta lei.

Artigo 3. Dos beneficios fiscais.

Os beneficios fiscais que afectan os tributos do Estado estímense en 47.474.730 miles de euros. A súa ordenación sistemática incorpórase como anexo ao estado de ingresos do Estado.

Artigo 4. *Do financiamento dos créditos aprobados no artigo 2 desta lei.*

Os créditos aprobados no punto un do artigo 2 desta lei, que ascenden a 350.695.865,78 miles de euros, financiaranse:

- a) Cos dereitos económicos a liquidar durante o exercicio, que se detallan nos estados de ingresos correspondentes e que se estiman en 274.003.644,66 miles de euros; e
- b) Co endebedamento neto resultante das operacións que se regulan no capítulo I do título V desta lei.

Artigo 5. *Da conta de operacións comerciais.*

Apróbanse as estimacións de gastos e previsións de ingresos referidas ás operacións comerciais dos organismos autónomos que, no momento da entrada en vigor da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, se encontraban incluídos na alínea b) do artigo 4.1 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, así como as do organismo público Instituto Cervantes.

Artigo 6. *Dos orzamentos dos entes referidos nas letras f), g), h), i) e j) do artigo 1 desta lei.*

Un. Apróbanse os orzamentos das restantes entidades do sector público administrativo estatal que se relacionan no anexo XIII, nos que se inclúen as estimacións de gastos e previsións de ingresos referidos a elas e aos seus estados financeiros, sen prexuízo dos mecanismos de control que, de ser o caso, puideren conter as disposicións que lles resulten de aplicación.

Dous. Apróbanse os orzamentos dos fondos carentes de personalidade xurídica a que se refire o artigo 2.2 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, nos que se inclúen as estimacións de gastos e previsións de ingresos referidos a eles e aos seus estados financeiros, sen prexuízo dos mecanismos de control que, de ser o caso, puideren conter as disposicións que lles resulten de aplicación.

Tres. Apróbanse os orzamentos das sociedades mercantís estatais con maioría de capital público, que recollen as súas estimacións de gastos e previsións de ingresos, presentados de forma individualizada ou consolidados co grupo de empresas a que pertencen, relacionándose neste último caso as sociedades obxecto de presentación consolidada. Sen prexuízo do anterior, inclúense, en calquera caso, de forma separada os das sociedades mercantís estatais que reciben subvencións con cargo aos orzamentos xerais do Estado.

Catro. Apróbanse os orzamentos das fundacións estatais que recollen as súas estimacións de gastos e previsións de ingresos que se relacionan no anexo XII.

Cinco. Apróbanse os orzamentos das entidades públicas empresariais e dos organismos públicos que se especifican no anexo XIII, nos que se inclúen as estimacións de gastos e previsións de ingresos referidos a eles e aos seus estados financeiros, sen prexuízo dos mecanismos de control que, de ser o caso, puideren conter as disposicións que lles resulten de aplicación.

Artigo 7. *Orzamento do Banco de España.*

De acordo co previsto no artigo 4.2 da Lei 13/1994, do 1 de xuño, de autonomía do Banco de España, apróbase o orzamento de gastos de funcionamento e investimentos do Banco de España, que se une a esta lei.

Artigo 8. *Orzamento dos consorcios da disposición adicional novena da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.*

De conformidade coa disposición adicional novena da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, únense a esta lei os orzamentos de explotación e capital dos consorcios en que a porcentaxe de participación do sector público estatal é igual ou superior á de cada unha das restantes administracións públicas consorciadas.

CAPÍTULO II

Normas de modificación e execución de créditos orzamentarios

Artigo 9. *Principios xerais.*

Con vixencia exclusiva para o ano 2010, as modificacións dos créditos orzamentarios autorizados nesta lei suxeitaranse ás seguintes regras:

Primeira. As modificacións de créditos orzamentarios axustaranse ao disposto nesta lei, e ao que para o efecto se dispón na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, nos extremos que non resulten modificados por aquela.

Segunda. Con independencia dos niveis de vinculación establecidos nos artigo 43 e 44 da Lei xeral orzamentaria, todo acordo de modificación orzamentaria deberá indicar expresamente a sección, servizo ou órgano público a que se refira así como o programa, artigo, concepto e subconcepto, de ser o caso, afectados por ela.

Artigo 10. *Créditos vinculantes.*

Un. Con vixencia exclusiva durante o ano 2010, consideraranse vinculantes, co nivel de desagregación económica con que aparezan nos estados de gastos, os créditos consignados para atender obrigas de exercicios anteriores.

Dous. Con vixencia exclusiva durante o ano 2010, considerárase vinculante o crédito 221.09. «Labores da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre».

Tres. Con vixencia exclusiva durante o ano 2010, terá carácter vinculante o crédito 26.18.231A.227.11 «Para actividades de prevención, investigación, persecución e represión dos delitos relacionados co tráfico de drogas e demais fins a que se refire a Lei 17/2003, do 29 de maio».

Catro. Con vixencia exclusiva durante o ano 2010, terá carácter vinculante o crédito 3591-4875 «Prestacións Fondo 11M» do orzamento de gastos do IMSERSO.

Cinco. Con vixencia exclusiva para 2010 vincularán a nivel de capítulo, con excepción das subvencións nominativas, e sen prexuízo da súa especificación a nivel de concepto nos estados de gasto, os créditos orzamentarios consignados no capítulo 7 «Transferencias de capital», do orzamento da sección 17 «Ministerio de Fomento», organismo autónomo 238 «Centro de Estudos e Experimentación de Obras Públicas», programa 467B «Investigación, desenvolvemento e experimentación no transporte e infraestruturas».

Seis. Con vixencia exclusiva para 2010 vincularán a nivel de capítulo, con excepción das subvencións nominativas, e sen prexuízo da súa especificación a nivel de concepto nos estados de gasto, os créditos orzamentarios consignados no capítulo 7 «Transferencias de capital», do orzamento da sección 20 «Ministerio de Industria, Turismo e Comercio» para os seguintes servizos e programas: servizo 13 «Dirección Xeral de Telecomunicacións», programa 467 I «Innovación tecnolóxica das comunicacións» e servizo 14 «Dirección Xeral para o Desenvolvemento da Sociedade da Información», programa 467G «Investigación e desenvolvemento da sociedade da información» e programa 467 I «Innovación tecnolóxica das comunicacións».

Sete. Con vixencia exclusiva para o ano 2010, vincularán a nivel de capítulo, con excepción das subvencións nominativas e sen prexuízo da súa especificación a nivel de concepto nos estados de gasto, os créditos orzamentarios consignados no capítulo 7 «Transferencias de capital», do orzamento de gastos da sección 21 «Ministerio de Ciencia e Innovación», para os seguintes servizos e programas: servizo 04 «Dirección Xeral de Investigación e Xestión do Plan Nacional de I+D+I» programa 463B «Fomento e coordinación da investigación científica e técnica», servizo 05 «Dirección Xeral de Cooperación Internacional e Relacións Institucionais», programa 463 B «Fomento e coordinación da investigación científica e técnica», servizo 07 «Dirección Xeral de Transferencia da Tecnoloxía e Desenvolvemento Empresarial», programa 467C «Investigación e desenvolvemento tecnolóxico-industrial».

Artigo 11. *Competencias específicas en materia de modificacións orzamentarias.*

Un. Con vixencia exclusiva para o ano 2010, corresponden á ministra de Economía e Facenda as seguintes competencias específicas en materia de modificacións orzamentarias:

1. Autorizar as transferencias que afecten os créditos recollidos no artigo 9.un desta lei, cando o seu nivel de vinculación sexa distinto do establecido con carácter xeral para os capítulos en que estean consignados.

No orzamento da Seguridade Social a dita autorización corresponderá ao ministro de Traballo e Inmigración, salvo nos orzamentos de INXESA e do IMSERSO, que corresponderá á ministra de Sanidade e Política Social.

2. Autorizar as transferencias que se realicen con cargo ao crédito 26.18.231A.227.11 «Para actividades de prevención, investigación, persecución e represión dos delitos relacionados co tráfico de drogas e demais fins a que se refire a Lei 17/2003, do 29 de maio», cando se destinen a outros departamentos ministeriais.

3. Autorizar as transferencias de crédito que afecten o subconcepto 221.09 «Labores Fábrica Nacional Moeda e Timbre».

4. Autorizar as transferencias de crédito entre servizos ou organismos autónomos de distintos departamentos ministeriais, cando isto for necesario para a distribución dos créditos do Fondo Nacional para o Desenvolvemento da Investigación Científica e Técnica ou do Fondo Estratéxico de Infraestruturas Científicas e Tecnolóxicas e o Fondo Internacional para a Investigación Científica e Técnica.

5. Autorizar transferencias de crédito entre servizos ou organismos autónomos de distintos departamentos ministeriais, cando isto for necesario para facer efectiva a redistribución, reasignación ou mobilidade dos efectivos de persoal ou dos postos de traballo, nos casos previstos no capítulo IV do título III do Regulamento xeral de ingresos do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado, aprobado polo Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, así como para facer efectiva a mobilidade forzosa do persoal laboral da Administración xeral do Estado de acordo coa normativa que lles sexa de aplicación.

6. Autorizar xeracións de crédito no Ministerio de Defensa como consecuencia de ingresos procedentes da Xerencia de Infraestrutura e Equipamento de Defensa, destinados a gastos operativos das Forzas Armadas.

7. Autorizar as transferencias que resulten necesarias desde os créditos 32.18.9410.750 «Ás CC.AA. de Cataluña, Illes Balears e Castilla y León, en cumprimento do establecido en materia de investimentos nos seus respectivos estatutos de autonomía» e 32.18.9410.751 «Para actuacións a realizar pola Administración xeral do Estado, directamente ou mediante convenio, á Comunidade Autónoma de Canarias, en cumprimento do establecido en materia de investimentos na Lei 19/1994», aos correspondentes departamentos ministeriais.

Dous. Con vixencia exclusiva para o ano 2010, corresponden á ministra de Defensa as seguintes competencias específicas en materia de modificacións orzamentarias:

1. Autorizar as xeracións de crédito previstas no artigo 53.2.b) da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, motivadas por ingresos procedentes de vendas de produtos farmacéuticos ou de prestación de servizos hospitalarios, así como por ingresos procedentes de subministracións de víveres, combustibles ou prestacións alimentarias debidamente autorizadas, e prestacións de servizos a exércitos de países integrados na OTAN.

2. Autorizar as transferencias de crédito que deban realizarse no orzamento da Xerencia de Infraestruturas e Equipamento de Defensa, para remitir fondos ao Estado con destino a cubrir necesidades operativas das Forzas Armadas, incluso con creación de conceptos novos.

Tres. Con vixencia exclusiva para o ano 2010, corresponde ao director xeral do Centro de Estudos e Experimentación de Obras Públicas autorizar no orzamento do indicado organismo transferencias de crédito que afecten as transferencias de capital entre subsectores, incluso coa creación de conceptos novos, cando sexan consecuencia do outorgamento de axudas a organismos públicos no marco de convocatorias públicas, e se financien desde o programa 467B «Investigación, desenvolvemento e experimentación en transporte e infraestruturas».

Catro. Con vixencia exclusiva para o ano 2010, corresponde ao ministro de Industria, Turismo e Comercio autorizar no orzamento do seu departamento as transferencias de crédito que afectan as transferencias de capital entre subsectores, cando estas sexan consecuencia do outorgamento de axudas a organismos públicos no marco de convocatorias públicas e se financien desde os programas 467G «Investigación e desenvolvemento da sociedade da información» e 467I «Innovación tecnolóxica das comunicacións».

Cinco. Con vixencia exclusiva para o ano 2010 corresponden á ministra de Ciencia e Innovación as seguintes competencias específicas en materia de modificacións orzamentarias:

1. Autorizar xeracións de crédito nas aplicacións 21.04.463B.740, 21.04.463B.750, 21.04.463B.760, 21.04.463B.770 e 21.04.463B.780 polos ingresos que deriven da devolución de axudas reembolsables previstas na disposición adicional vixésimo terceira desta lei.

2. Autorizar no orzamento do seu departamento as transferencias de crédito que afecten as transferencias correntes e de capital entre subsectores, cando estas sexan consecuencia do outorgamento de axudas a organismos públicos no marco de convocatorias públicas e se financien desde os programas de investigación 463B «Fomento e coordinación da investigación científica e técnica» e 467C «Investigación e desenvolvemento tecnolóxico-industrial».

Seis. Con vixencia exclusiva para o ano 2010, corresponde á ministra de Sanidade e Política Social autorizar as xeracións de crédito previstas no artigo 53.2.b) da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, como consecuencia dos ingresos a que se refire a disposición adicional vixésimo segunda do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño.

Co obxecto de reflectir as repercusións que no orzamento de gastos do Instituto Nacional de Xestión Sanitaria deban ter as transferencias do Estado á Seguridade Social, pola xeración de crédito que se produza como consecuencia da recadación efectiva de ingresos a que se refire a disposición adicional vixésimo segunda do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, a ministra de Sanidade e Política Social poderá autorizar as ampliacións de crédito que sexan necesarias no orzamento de gastos da devandita entidade.

En todo caso, unha vez autorizadas as modificacións orzamentarias a que se refire o parágrafo anterior, remitiranse ao Ministerio de Economía e Facenda, Dirección Xeral de Orzamentos, para o seu coñecemento.

Sete. Con vixencia exclusiva para o ano 2010, no caso de modificacións de crédito no orzamento dos organismos públicos da alínea e) do artigo 1 desta lei cuxo financiamento se realice con cargo ao orzamento de gastos do Estado, ambas as modificacións se acordarán mediante o procedemento que lle sexa de aplicación á do Estado.

Oito. De todas as transferencias a que se refire este artigo, remitirase trimestralmente información ás Comisións de Orzamentos do Congreso dos Deputados e do Senado, identificando as partidas afectadas, o seu importe e a súa finalidade.

Artigo 12. *Das limitacións orzamentarias.*

Un. A limitación para realizar transferencias de crédito desde operacións de capital a correntes, a que se refire o artigo 52.1.a) da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, non será de aplicación para as seguintes transferencias:

- a) As que sexan necesarias para atender obrigas de toda orde motivadas por sinistros, catástrofes ou outros de recoñecida urxencia declaradas por norma con rango de lei.

b) As que sexan necesarias para distribuír os créditos do Fondo Nacional para o Desenvolvemento da Investigación Científica e Técnica, do Fondo Estratéxico de Infraestruturas Científicas e Tecnolóxicas e do Fondo Internacional para a Investigación Científica e Técnica.

c) As que resulten procedentes no orzamento da Xerencia de Infraestruturas e Equipamento da Defensa para posibilitar o ingreso no Estado de fondos destinados a atender necesidades operativas das Forzas Armadas.

Dous. As limitacións contidas no artigo 52.1.b) da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, non serán de aplicación cando as transferencias se efectúen en uso da autorización contida nos números 2, 4 e 5 do artigo 11.un desta lei.

Tres. Con vixencia exclusiva para o ano 2010, as xeracións de crédito que supoñan incrementos nos créditos para incentivos ao rendemento e cuxa autorización non sexa competencia da Ministra de Economía e Facenda, requirirán informe favorable previo do dito departamento.

Catro. Con vixencia exclusiva para o ano 2010, non serán de aplicación as limitacións contidas nos artigos 50 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, segundo redacción dada polo Real decreto legislativo 2/2007, do 28 de decembro, respecto do financiamento das seguintes modificacións orzamentarias:

1. As ampliacións de crédito que se realicen na aplicación orzamentaria 15.19.923O.351.01 «Cobertura de riscos en avais prestados polo Tesouro, incluídos os riscos de exercicios anteriores», cando sexan consecuencia das medidas financeiras contidas no Real decreto lei 7/2008, do 13 de outubro, de medidas urxentes en materia económico-financeira en relación co Plan de Acción Concertada dos Países da Zona Euro, o artigo 1 do Real decreto lei 4/2009, do 29 de marzo, polo que se autoriza a concesión de garantías derivadas do financiamento que poida outorgar o Banco de España a favor da Caixa de Aforros de Castilla-La Mancha, o artigo 1 do Real decreto lei 6/2009, do 30 de abril, polo que se adoptan determinadas medidas no sector enerxético e se aproba o bono social e a disposición adicional segunda do Real decreto lei 9/2009, do 26 de xuño, sobre reestruturación bancaria e reforzamento dos recursos propios das entidades de crédito.

2. As incorporacións dos remanentes de crédito procedentes do Fondo Especial do Estado para a Dinamización da Economía e o Emprego, dotado polo Real decreto lei 9/2008, do 28 de novembro.

Cinco. O Goberno comunicará trimestralmente ás Comisións de Orzamentos do Congreso e do Senado as operacións de execución do orzamento do Estado realizadas no dito período de tempo, para os efectos de informar do cumprimento do previsto neste artigo.

Artigo 13. *Das ampliacións e incorporacións de crédito.*

Un. Para efectos do disposto no artigo 54 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, terán a condición de ampliábeis os créditos que se relacionan no anexo II desta lei.

Dous. Para efectos do disposto no artigo 58 a) da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, poderán incorporarse aos créditos do exercicio 2010 os remanentes que se recollen no anexo VII desta lei.

Artigo 14. *Imputacións de crédito.*

Con vixencia exclusiva para o ano 2010, poderán aplicarse a créditos do exercicio corrente obrigas contraídas en exercicios anteriores, de conformidade co ordenamento xurídico, para as cales se anulará crédito no exercicio de procedencia sen que sexa de aplicación o procedemento de imputación establecido no artigo 34.3 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Así mesmo, poderán atenderse con cargo a créditos do presente orzamento obrigas pendentes de exercicios anteriores, nos casos en que figure dotado un crédito específico

destinado a dar cobertura ás ditas obrigas, con independencia da existencia de saldo de crédito anulado no exercicio de procedencia.

Artigo 15. *Autorización para adquirir compromisos de gasto con cargo a exercicios futuros.*

Autorízanse os departamentos e organismos que se relacionan no anexo IX desta lei para adquiriren compromisos de gasto con cargo a exercicios futuros nos termos contidos nel.

CAPÍTULO III

Da Seguridade Social

Artigo 16. *Da Seguridade Social.*

Un. O financiamento da asistencia sanitaria, a través do orzamento do Instituto Nacional de Xestión Sanitaria, efectuarase con dúas achegas finalistas do Estado, unha para operacións correntes, por un importe de 211.405,97 miles de euros, e outra para operacións de capital, por un importe de 23.086,49 miles de euros, e con calquera outro ingreso afectado a aquela entidade, por importe estimado de 447,46 miles de euros.

Dous. O Estado achega ao sistema da Seguridade Social 2.706.350,00 miles de euros para atender o financiamento dos complementos para mínimos das pensións do dito sistema.

Tres. O orzamento do Instituto de Maiores e Servizos Sociais financiarase no exercicio do ano 2010 con achegas do Estado para operacións correntes por un importe de 4.016.946,59 miles de euros e para operacións de capital por un importe de 20.743,38 miles de euros, así como por calquera outro ingreso afectado aos servizos prestados pola entidade, por un importe estimado de 57.860,19 miles de euros.

Catro. A asistencia sanitaria non contributiva do Instituto Social da Mariña finánciase cunha achega finalista do Estado de 51.077,29 miles de euros. Así mesmo, financiaranse por achega do Estado os servizos sociais do dito Instituto, a través dunha transferencia corrente por un importe de 23.734,84 miles de euros e dunha transferencia para operacións de capital por valor de 2.338,60 miles de euros.

TÍTULO II

Da xestión orzamentaria

CAPÍTULO I

Da xestión dos orzamentos docentes

Artigo 17. *Módulo económico de distribución de fondos públicos para sostemento de centros concertados.*

Un. De acordo co establecido nos puntos segundo e terceiro do artigo 117 e da disposición adicional vixésimo sétima da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, o importe do módulo económico por unidade escolar, para efectos de distribución da contía global dos fondos públicos destinados ao sostemento dos centros concertados para o ano 2010 é o fixado no anexo IV desta lei.

A fin de dar cumprimento ao previsto no artigo 116.1 en relación co 15.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, as unidades que se concerten nas ensinanzas de educación infantil financiaranse conforme os módulos económicos establecidos no anexo IV desta lei.

Os ciclos formativos de grao medio e de grao superior financiaranse conforme os módulos económicos establecidos no anexo IV desta lei. Na partida correspondente a

outros gastos daquelas unidades concertadas de formación profesional que contén con autorización para unha ratio inferior a 30 alumnos por unidade escolar, aplicarase un coeficiente redutor de 0,015 por cada alumno menos autorizado.

O financiamento da formación en centros de traballo (FCT) correspondente aos ciclos formativos de grao medio e superior, no relativo á participación das empresas no desenvolvemento das prácticas dos alumnos, realizarase en termos análogos aos establecidos para os centros públicos.

As unidades concertadas de programas de cualificación profesional inicial financiaranse conforme o módulo económico establecido no anexo IV desta lei, aínda que os concertos dos programas de cualificación profesional inicial terán carácter singular.

Así mesmo, as unidades concertadas en que se impartan as ensinanzas de bacharelato, financiaranse conforme o módulo económico establecido no anexo IV desta lei.

As comunidades autónomas en pleno exercicio de competencias educativas poderán adecuar os módulos establecidos no citado anexo ás exixencias derivadas do currículo establecido por cada unha das ensinanzas, sempre que isto non supoña unha diminución das contías dos ditos módulos en ningunha das cantidades en que se diferencian, fixadas nesta lei.

As retribucións do persoal docente terán efectividade desde o 1 de xaneiro de 2010, sen prexuízo da data en que se asinen os respectivos convenios colectivos de empresas de ensino privado sostido total ou parcialmente con fondos públicos, aplicables a cada nivel educativo nos centros concertados, podendo a Administración aceptar pagamentos á conta, logo de solicitude expresa e coincidente de todas as organizacións patronais e consulta coas sindicais negociadoras dos citados convenios colectivos, ata o momento en que se produza a sinatura do correspondente convenio, considerándose que estes pagamentos á conta terán efecto desde o 1 de xaneiro de 2010. O compoñente do módulo destinado a «Outros gastos» producirá efecto a partir do 1 de xaneiro de 2010.

As contías sinaladas para salarios do persoal docente, incluídas cargas sociais, serán aboadas directamente pola Administración, sen prexuízo da relación laboral entre o profesorado e o titular do centro respectivo. A distribución dos importes que integran os «Gastos variables» efectuarase de acordo co establecido nas disposicións reguladoras do réxime de concertos.

A contía correspondente a «Outros gastos» aboarase mensualmente, e os centros poderán xustificar a súa aplicación ao finalizar o correspondente exercicio económico de forma conxunta para todas as ensinanzas concertadas do centro. Nos ciclos formativos de grao medio e superior cuxa duración sexa de 1.300 ou 1.400 horas, as administracións educativas poderán establecer o aboamento da partida doutros gastos do segundo curso, fixada no módulo previsto no anexo IV, de forma conxunta coa correspondente ao primeiro curso; sen que isto supoña en ningún caso un incremento da contía global resultante.

Dous. Os centros docentes que teñan unidades concertadas en todos os cursos da educación secundaria obrigatoria serán dotados do financiamento dos servizos de orientación educativa a que se refire o artigo 22.3 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Esta dotación realizarase sobre a base de calcular o equivalente a unha xornada completa do profesional adecuado a estas funcións, por cada 25 unidades concertadas de educación secundaria obrigatoria. Por tanto, os centros concertados terán dereito á xornada correspondente do citado profesional, en función do número de unidades de educación secundaria obrigatoria que teñan concertadas. No ámbito das súas competencias e de acordo coas súas dispoñibilidades orzamentarias, as administracións educativas poderán incrementar o financiamento dos servizos de orientación educativa.

Tres. No ámbito das súas competencias, as administracións educativas poderán fixar as relacións profesor/unidade concertada, adecuadas para impartir o plan de estudos vixente en cada nivel obxecto do concerto, calculadas en base a xornadas de profesor con vinte e cinco horas lectivas semanais.

A Administración non asumirá os incrementos retributivos, as reducións horarias, ou calquera outra circunstancia que conduza a superar o previsto nos módulos económicos do anexo IV.

Así mesmo, a Administración non asumirá os incrementos retributivos, fixados en convenio colectivo, que supoñan unha porcentaxe superior ao incremento establecido para o profesorado do ensino público nos distintos niveis de ensino salvo que, de cara á consecución da equiparación gradual a que fai referencia o artigo 117.4 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, se produza o seu recoñecemento expreso pola Administración e a conseguinte consignación orzamentaria.

Catro. As administracións educativas poderán, no ámbito das súas competencias, incrementar as relacións profesor/unidade dos centros concertados, en función do número total de profesores afectados polas medidas de recolocación que se viñesen adoptando ata a entrada en vigor desta lei e se encontren neste momento incluídos na nómina de pagamento delegado, así como da progresiva potenciación dos equipos docentes.

Todo isto, sen prexuízo das modificacións de unidades que se produzan nos centros concertados, como consecuencia da normativa vixente en materia de concertos educativos.

Cinco. Os centros concertados serán dotados das compensacións económicas e profesionais para o exercicio da función directiva a que fai referencia o artigo 117.3 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Seis. As cantidades máximas que percibirán dos alumnos en concepto de financiamento complementario ao proveniente dos fondos públicos que se asignen ao réxime de concertos singulares, subscritos para ensinanzas de niveis non obrigatorios, e en concepto exclusivo de ensino regrado, son as que se establecen a seguir:

- a) Ciclos formativos de grao superior: 18,03 euros alumno/mes durante dez meses, no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2010.
- b) Bacharelato: 18,03 euros alumno/mes durante dez meses, no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2010.

O financiamento obtido polos centros como consecuencia do cobramento aos alumnos destas cantidades terá o carácter de complementario ao aboado directamente pola Administración para o financiamento dos «Outros gastos».

Os centros que no ano 2009 estivesen autorizados para percibir cotas superiores ás sinaladas poderán mantelas para o exercicio de 2010.

A cantidade aboada pola Administración non poderá ser inferior á resultante de minorar en 3.606,08 euros o importe correspondente ao compoñente de «Outros gastos» dos módulos económicos establecidos no anexo IV desta lei, podendo as administracións educativas competentes establecer a regulación necesaria ao respecto.

Sete. Financiamento do ensino concertado nas cidades de Ceuta e Melilla. Co obxecto de dotar os centros dos equipos directivos nos termos establecidos no artigo 117.3 da citada lei e de proceder ao aumento da dotación do financiamento dos servizos de orientación educativa a que se refire o artigo 22.3 da mesma lei, sobre a base de calcular o equivalente a unha xornada completa do profesional adecuado a estas funcións, por cada 16 unidades concertadas de educación secundaria obrigatoria; o importe do módulo económico por unidade escolar para o ámbito territorial das cidades de Ceuta e Melilla será o que se establece no anexo V desta lei.

Artigo 18. Autorización dos custos de persoal da Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED).

Ao abeiro do disposto na disposición adicional primeira da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, autorízanse os custos de persoal docente (funcionario e contratado) e do persoal de administración e servizos (funcionario e laboral fixo) da Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED) para o ano 2010 e polos importes consignados no anexo VI desta lei.

CAPÍTULO II

Da xestión orzamentaria da sanidade e dos servizos sociais

Artigo 19. *Competencias específicas en materia de modificacións orzamentarias do Instituto Nacional de Xestión Sanitaria e do Instituto de Maiores e Servizos Sociais.*

Corresponde á ministra de Economía e Facenda autorizar, respecto dos orzamentos do Instituto Nacional de Xestión Sanitaria e do Instituto de Maiores e Servizos Sociais, as seguintes modificacións orzamentarias:

1. As transferencias de crédito que afecten gastos de persoal ou os demais créditos orzamentarios que enumera o número 2 do artigo 44 da Lei xeral orzamentaria.
2. As incorporacións de remanentes reguladas no artigo 58 da Lei xeral orzamentaria.

Artigo 20. *Aplicación de remanentes de tesouraría no orzamento do Instituto de Maiores e Servizos Sociais.*

Os remanentes de tesouraría, a favor do Instituto de Maiores e Servizos Sociais, existentes na Tesouraría Xeral da Seguridade Social en 31 de decembro de cada ano poderanse destinar a financiar o orzamento de gasto do Instituto de Maiores e Servizos Sociais. Así mesmo, poderán ser utilizados para financiar posibles modificacións no exercicio seguinte a aquel en que se produzan.

CAPÍTULO III

Outras normas de xestión orzamentaria

Artigo 21. *Axencia Estatal de Administración Tributaria.*

Un. A porcentaxe de participación na recadación bruta obtida no 2010 derivada dos actos de liquidación e xestión recadatoria ou doutros actos administrativos acordados ou ditados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria será do 5 por 100.

Dous. Para os efectos do disposto no parágrafo cuarto do punto cinco.b) do artigo 103 da Lei 31/1990, do 27 de decembro, a variación de recursos da Axencia Estatal de Administración Tributaria derivada da indicada participación instrumentarase a través dunha xeración de crédito que será autorizada pola ministra de Economía e Facenda, cuxa contía será a resultante de aplicar a porcentaxe sinalada no punto anterior.

Tres. A recadación derivada dos actos de liquidación e xestión recadatoria ou doutros actos administrativos acordados ou ditados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, aplicada ao orzamento de ingresos do Estado no mes de decembro de 2009, poderá xerar crédito no mesmo concepto, ou equivalente, do orzamento do Estado para 2010, na porcentaxe establecida no número un deste artigo, segundo o procedemento previsto na Orde do 4 de marzo de 1993, que desenvolve o artigo 97 da Lei 39/1992, de orzamentos xerais do Estado para 1993.

TÍTULO III

Dos gastos de persoal

CAPÍTULO I

Do incremento dos gastos do persoal ao servizo do sector público

Artigo 22. *Bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica en materia de gastos de persoal ao servizo do sector público.*

Un. Para efectos do establecido neste artigo, constitúen o sector público:

- a) A Administración xeral do Estado, os seus organismos autónomos e axencias estatais e as universidades da súa competencia.
- b) As administracións das comunidades autónomas, os organismos delas dependentes e as universidades da súa competencia.
- c) As corporacións locais e organismos delas dependentes, de conformidade cos artigos 126.1 e 4 e 153.3 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril.
- d) As entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social.
- e) Os órganos constitucionais do Estado, sen prexuízo do establecido no artigo 72.1 da Constitución.
- f) O Banco de España.
- g) As sociedades mercantís públicas que perciban achegas de calquera natureza con cargo aos orzamentos públicos ou con cargo aos orzamentos dos entes ou sociedades que pertencen ao sector público destinadas a cubrir déficit de explotación.
- h) As entidades públicas empresariais e o resto dos organismos públicos e entes do sector público estatal, autonómico e local.

Dous. Con efectos do 1 de xaneiro de 2010, as retribucións do persoal ao servizo do sector público, incluídas, de ser o caso, as que en concepto de pagas extraordinarias correspondan en aplicación do artigo 21.tres da Lei 42/2006, do 29 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2007, nos termos do recollido no punto dous do artigo 22 da Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2009, non poderán experimentar un incremento global superior ao 0,3 por cento con respecto ás do ano 2009, en termos de homoxeneidade para os dous períodos da comparación, tanto polo que respecta a efectivos de persoal como á antigüidade deste.

Estes aumentos retributivos aplicaranse á marxe das melloras retributivas conseguidas nos pactos ou acordos previamente asinados polas diferentes administracións no marco das súas competencias.

Tres. Ademais do incremento xeral de retribucións previsto no número precedente, as administracións, entidades e sociedades a que se refire o punto un deste artigo poderán destinar ata un 0,3 por cento da masa salarial a financiar achegas a plans de pensións de emprego ou contratos de seguro colectivos que inclúan a cobertura da continxencia de xubilación, para o persoal incluído nos seus ámbitos respectivos, de acordo co establecido na disposición derradeira segunda do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións.

As cantidades destinadas a financiar achegas a plans de pensións ou contratos de seguro, conforme o previsto neste punto, terán para todos os efectos a consideración de retribución diferida.

Catro. Para o cálculo do límite a que se refire o número anterior para o persoal funcionario aplicarase a porcentaxe sobre o gasto correspondente ao conxunto das retribucións básicas e complementarias devengadas polo dito persoal; e para o persoal sometido a lexislación laboral a porcentaxe aplicarase sobre a masa salarial definida no artigo 25.un desta lei, sen computar para estes efectos os gastos de acción social, salvo no caso do incremento previsto no punto dous deste mesmo artigo.

Non computarán, para os efectos do sinalado no parágrafo anterior, a indemnización por residencia e a indemnización por destino no estranxeiro.

Cinco. As retribucións que percibirán no ano 2010 os funcionarios a que resulta de aplicación o artigo 76 do Estatuto básico do empregado público incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, nos termos da disposición derradeira cuarta do citado Estatuto básico, en concepto de soldo e trienios que correspondan ao grupo ou subgrupo en que estea clasificado o corpo ou escala a que pertenza o funcionario, referidas a doce mensualidades, serán as seguintes:

Grupo/Subgrupo Lei 7/2007	Soldo – Euros	Trienios – Euros
A1	13.935,60	535,80
A2	11.827,08	428,76
B	10.264,44	373,68
C1	8.816,52	322,08
C2	7.209,00	215,28
E (Lei 30/1984) e agrupacións profesionais (Lei 7/2007)	6.581,64	161,64

Seis. Para efectos do disposto no número anterior, as retribucións que percibirán os funcionarios públicos que ata a Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2007 viñeron referenciadas aos grupos de titulación previstos no artigo 25 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, están referenciadas aos grupos e subgrupos de clasificación profesional establecidos no artigo 76 e disposición transitoria terceira da Lei 7/2007, do 12 de abril, pola que se aproba o Estatuto básico do empregado público, sen experimentar outras variacións que as derivadas dos incrementos previstos nesta lei. As equivalencias entre ambos os sistemas de clasificación son as seguintes:

- Grupo A Lei 30/1984: subgrupo A1 Lei 7/2007.
- Grupo B Lei 30/1984: subgrupo A2 Lei 7/2007.
- Grupo C Lei 30/1984: subgrupo C1 Lei 7/2007.
- Grupo D Lei 30/1984: subgrupo C2 Lei 7/2007.
- Grupo E Lei 30/1984: agrupacións profesionais Lei 7/2007.

Sete. O disposto nos números anteriores debe entenderse sen prexuízo das adecuacións retributivas que, con carácter singular e excepcional, resulten imprescindibles polo contido dos postos de traballo, pola variación do número de efectivos asignados a cada programa ou polo grao de consecución dos obxectivos fixados a el, sempre con estrito cumprimento do disposto na normativa vixente.

Oito. Os acordos, convenios ou pactos que impliquen crecementos retributivos superiores aos que se establecen neste artigo ou nas normas que o desenvolvan deberán experimentar a oportuna adecuación, e serán inaplicables en caso contrario as cláusulas que se opoñan a el.

Nove. O disposto nos números dous, tres, catro, cinco, seis, sete e oito deste artigo será de aplicación, así mesmo, ao persoal das fundacións do sector público e aos consorcios participados maioritariamente polas administracións e organismos que integran o sector público.

Dez. Este artigo ten carácter básico e dítase ao abeiro dos artigos 149.1.13.^a e 156.1 da Constitución. As leis de orzamentos das comunidades autónomas e os orzamentos das corporacións locais correspondentes ao exercicio 2010 recollerán os criterios sinalados neste artigo.

Artigo 23. Oferta de emprego público ou outro instrumento similar de xestión da provisión de necesidades de persoal.

Un. Durante o ano 2010, o número total de prazas de novo ingreso do persoal do sector público delimitado no artigo anterior será, como máximo, igual ao 15 por 100 da taxa de reposición de efectivos e concentrarase nos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten o funcionamento dos servizos públicos esenciais. Dentro deste límite, a oferta de emprego público incluírá os postos e prazas desempeñados por persoal interino, contratado ou nomeado no exercicio anterior a que se refire a letra a) do número 1 do artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, excepto aqueles sobre os cales exista reserva de posto, ou estean incursos en procesos de provisión.

Respectando, en todo caso, as dispoñibilidades orzamentarias do capítulo 1 dos correspondentes orzamentos de gastos, a limitación a que se fai referencia no parágrafo anterior non será de aplicación:

- a) Ao persoal da Administración de xustiza, para o cal o número de prazas se determinará de acordo co disposto na Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e de planta xudicial.
- b) Ás administracións públicas con competencias educativas para o desenvolvemento da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, en relación coa determinación do número de prazas para o acceso aos corpos de funcionarios docentes.
- c) Ás administracións públicas con competencias sanitarias en relación coa cobertura das correspondentes prazas nos hospitais e centros de saúde do Sistema Nacional de Saúde.
- d) Ao persoal das administracións públicas que teña encomendadas as funcións de control e vixilancia do cumprimento da normativa na orde social, a xestión das políticas activas de emprego e das prestacións por desemprego.
- e) A Institucións Penitenciarias.
- f) Ás corporacións locais cuxa poboación sexa inferior a 50.000 habitantes e ás mancomunidades que poidan constituír para a prestación de servizos comúns.
- g) Ao Banco de España.

Non obstante o disposto no parágrafo primeiro deste número, no ámbito das Forzas Armadas o número de prazas de militares profesionais de tropa e mariñeira será o necesario para alcanzar os efectivos fixados na disposición adicional décima, aplicándose un límite do oitenta e cinco por cento da taxa de reposición de efectivos á cobertura de prazas de oficiais e suboficiais.

Polo que respecta á cobertura das prazas correspondentes a seguridade aérea e ferroviaria, ao persoal dos servizos de prevención e extinción de incendios, persoal investigador dos organismos públicos de investigación, ao persoal que teña encomendado o desenvolvemento da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, a forzas e corpos da seguridade do Estado, ás correspondentes a aquelas comunidades autónomas que deban efectuar un despregamento dos efectivos de policía autónoma na súa territorio e, no ámbito da Administración local, ás correspondentes ao persoal da policía local, o límite máximo será do cen por cento da taxa de reposición de efectivos.

Dous. Durante o ano 2010 non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de funcionarios interinos do artigo 10.1 da Lei 7/2007, no ámbito a que se refire o punto un do artigo anterior, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables. En calquera caso, as prazas correspondentes aos nomeamentos a que se refire o artigo 10.1.a) da Lei 7/2007 e contratacións de persoal interino por vacante computarán para efectos de cumprir o límite máximo da taxa de reposición de efectivos na oferta de emprego público correspondente ao mesmo ano en que aqueles se produzan e, se non for posible, na seguinte oferta de emprego público, salvo que se decida a súa amortización.

Non se tomarán en consideración para efectos da dita limitación as prazas que estean incursas en procesos de consolidación de emprego derivados da aplicación da disposición transitoria 4.ª do EBEP.

Tres. O Goberno, co límite establecido no punto un deste artigo, poderá autorizar, a través da oferta de emprego público, logo de informe favorable do Ministerio de Economía e Facenda, por proposta do Ministerio da Presidencia e a iniciativa dos departamentos ou organismos públicos competentes na materia, a convocatoria de prazas vacantes de novo ingreso que se refiran ao persoal da Administración civil do Estado, os seus organismos autónomos e axencias estatais, persoal civil da Administración militar, os seus organismos autónomos e axencias estatais, persoal da Administración da Seguridade Social, persoal estatutario da Seguridade Social, persoal da Administración de xustiza, Forzas Armadas e forzas e corpos de seguridade do Estado e persoal dos entes públicos Axencia Estatal da

Administración Tributaria, Consello de Seguridade Nuclear, Axencia de Protección de Datos, Comisión Nacional da Competencia e da entidade pública empresarial «Lotarías e Apostas do Estado».

A oferta de emprego público aprobada de acordo co indicado no parágrafo anterior prestará especial atención á cobertura de prazas relativas ao control e loita contra a fraude fiscal, unidades de atención ao cidadán e de prestación directa de servizos públicos nos ámbitos de estranxeiría e inmigración e servizos de emerxencia.

A contratación de persoal laboral temporal e o nomeamento de funcionarios interinos, nas condicións establecidas no número dous deste artigo, requirirá a autorización previa conxunta dos ministerios da Presidencia e de Economía e Facenda.

Os ditos departamentos poderán, así mesmo, autorizar as correspondentes convocatorias de postos ou prazas vacantes das entidades públicas empresariais, organismos e entes públicos non mencionados anteriormente, respectando a taxa de reposición de efectivos establecida con carácter xeral.

Catro. A contratación de persoal fixo ou temporal no estranxeiro conforme a lexislación local ou, de ser o caso, lexislación española, no ámbito a que se refire o número catro deste artigo, requirirá a autorización previa conxunta dos ministerios da Presidencia e de Economía e Facenda.

Cinco. Os números un e dous deste artigo teñen carácter básico e dítanse ao abeiro dos artigos 149.1.13.^a e 156.1 da Constitución. As leis de orzamentos das comunidades autónomas e os orzamentos das corporacións locais correspondentes ao exercicio do ano 2010 recollerán os criterios sinalados nos ditos puntos.

Seis. A Mesa Xeral de Negociación das Administracións Públicas adoptará, no primeiro trimestre de 2010, un plan de redución da temporalidade no emprego público. Este plan conterá as medidas, procedementos e indicadores que permitan reducir a dita temporalidade a un límite do 8%, e recollerá medidas incentivadoras no marco das respectivas ofertas de emprego público. Os resultados do dito plan serán tidos en conta para a determinación da oferta de emprego público para 2011.

CAPÍTULO II

Dos réximes retributivos

Artigo 24. Persoal do sector público estatal sometido a réxime administrativo e estatutario.

Un. Con efectos de 1 de xaneiro de 2010, as contías dos compoñentes das retribucións do persoal do sector público estatal sometido a réxime administrativo e estatutario, sen prexuízo do que se establece nos artigos seguintes en relación con determinados cargos, postos e colectivos, serán as derivadas da aplicación das seguintes normas:

a) As retribucións básicas do dito persoal, así como as complementarias de carácter fixo e periódico asignadas aos postos de traballo que desempeñe, experimentarán un crecemento do 0,3 por cento respecto das establecidas para o exercicio de 2009, sen prexuízo da adecuación das retribucións complementarias cando sexa necesaria para asegurar que as asignadas a cada posto de traballo garden a relación procedente co contido de especial dificultade técnica, dedicación, responsabilidade, perigosidade ou penosidade daquel.

As pagas extraordinarias do persoal incluído no ámbito de aplicación deste artigo e que se percibirán nos meses de xuño e decembro serán dunha mensualidade do soldo, trienios, de ser o caso, e do complemento de destino ou concepto ou contía equivalente en función do réxime retributivo dos colectivos a que este artigo resulte de aplicación.

b) O conxunto das restantes retribucións complementarias terá, así mesmo, un crecemento do 0,3 por cento respecto das establecidas para o exercicio de 2009, sen prexuízo das modificacións que deriven da variación do número de efectivos asignados a cada programa, do grao de consecución dos obxectivos fixados para el e do resultado individual da súa aplicación.

c) Os complementos persoais e transitorios e demais retribucións que teñan análogo carácter, así como as indemnizacións por razón do servizo, rexeranse pola súa normativa específica e polo disposto nesta lei, sen que lles sexa de aplicación o aumento do 0,3 por cento previsto nela.

d) Para o ano 2010, as contías da contribución individual ao plan de pensións da Administración xeral do Estado correspondente ao persoal funcionario serán as seguintes por grupos e/ou subgrupos de titulación:

Grupo/Subgrupo	Contía por soldo – Euros
A1	97,08
A2	82,39
B	71,51
C1	61,42
C2	50,22
E (Lei 30/1984) e agrupacións profesionais (Lei 7/2007)	45,85

A contía da contribución individual correspondente aos trienios de persoal funcionario para o ano 2010 será de 4,44 euros por trienio.

Dous. O previsto nesta lei aplicarase, así mesmo, ás retribucións fixadas en euros que corresponderían en territorio nacional aos funcionarios destinados no estranxeiro, sen prexuízo da sucesiva aplicación dos módulos que procedan en virtude da normativa vixente.

Tres. As retribucións básicas do persoal funcionario que presta servizos na sociedade estatal Correos e Telégrafos, Sociedade Anónima, experimentarán un crecemento do 0,3 por cento respecto das establecidas para o exercicio de 2009, séndolles de aplicación a este colectivo o disposto no segundo parágrafo do número un.a) deste artigo.

As retribucións complementarias destes funcionarios experimentarán, no seu conxunto, un incremento do 0,3 por cento respecto das establecidas para o exercicio de 2009, sen prexuízo das adecuacións que resulten necesarias para adaptalas aos requirimentos e contidos específicos dos postos de traballo da sociedade estatal e do grao de consecución dos seus obxectivos.

Catro. O disposto nos números anteriores debe entenderse en termos de homoxeneidade para os dous períodos da comparación, tanto polo que respecta a efectivos de persoal como á antigüidade deste.

Artigo 25. *Persoal laboral do sector público estatal.*

Un. Para os efectos desta lei enténdese por masa salarial o conxunto das retribucións salariais e extrasalariais e os gastos de acción social devengados durante 2009 polo persoal laboral do sector público estatal, co límite das contías con informe favorable do Ministerio de Economía e Facenda para o dito exercicio orzamentario, exceptuándose, en todo caso:

- As prestacións e indemnizacións da Seguridade Social.
- As cotizacións ao sistema da Seguridade Social a cargo do empregador.
- As indemnizacións correspondentes a traslados, suspensións ou despedimentos.
- As indemnizacións ou suplidos por gastos realizados polo traballador.

Con efectos de 1 de xaneiro de 2010, a masa salarial do persoal laboral do sector público estatal non poderá experimentar un crecemento global superior ao 0,3 por cento respecto da establecida para o exercicio de 2009, comprendido na dita porcentaxe o de todos os conceptos, sen prexuízo do disposto no número tres do artigo 22 desta lei, e do que puiden derivar da consecución dos obxectivos asignados a cada departamento ministerial ou organismo público mediante o incremento da produtividade ou modificación dos sistemas de organización do traballo ou clasificación profesional.

As variacións da masa salarial bruta calcularanse en termos de homoxeneidade para os dous períodos obxecto de comparación, tanto no que respecta a efectivos de persoal e antigüidade deste como ao réxime privativo de traballo, xornada, horas extraordinarias efectuadas e outras condicións laborais, computándose por separado as cantidades que correspondan ás variacións en tales conceptos.

O previsto nos parágrafos anteriores representa o límite máximo da masa salarial, cuxa distribución e aplicación individual se producirá a través da negociación colectiva. A autorización da masa salarial será requisito previo para o comezo das negociacións de convenios ou acordos colectivos que se celebren no ano 2010, e con cargo a ela deberán satisfacerse a totalidade das retribucións do persoal laboral derivadas do correspondente acordo e todas as que se devenguen ao longo do expresado ano.

Dous. Durante o primeiro trimestre de 2010 o Ministerio de Economía e Facenda autorizará a masa salarial dos departamentos ministeriais, organismos, axencias estatais, entidades públicas empresariais e demais entes públicos. A masa salarial autorizada terase en conta para determinar, en termos de homoxeneidade, os créditos correspondentes ás retribucións do persoal laboral afectado.

Tres. Para o ano 2010 as contías da contribución individual ao plan de pensións da Administración xeral do Estado correspondente ao persoal laboral a que se refire este artigo serán as establecidas para o persoal funcionario. Para o persoal laboral acollido ao Convenio único para o persoal laboral da Administración xeral do Estado as contías axustaranse á seguinte equivalencia:

Grupo/subgrupo	Grupo profesional persoal laboral
A1	1
A2	2
C1	3
C2	4
E (Lei 30/1984) e agrupacións profesionais (Lei 7/2007)	5

Para o persoal laboral non acollido ao citado convenio único a equivalencia efectuarase de acordo co nivel de titulación exigido no seu convenio colectivo ou contrato laboral, en consonancia coa establecida para o acceso aos grupos de titulación do persoal funcionario.

A contía da contribución individual correspondente aos trienios de persoal laboral para o ano 2010 será de 4,44 euros por trienio.

Catro. Cando se trate de persoal non suxeito a convenio colectivo, cuxas retribucións veñan determinadas en todo ou en parte mediante contrato individual, deberán comunicarse ao Ministerio de Economía e Facenda as retribucións satisfeitas e devengadas durante 2009.

Cinco. As indemnizacións ou suplidos do persoal laboral, que se rexerán pola súa normativa específica, non poderán experimentar crecementos superiores aos que se establezan con carácter xeral para o persoal non laboral da Administración xeral do Estado.

Artigo 26. Retribucións dos altos cargos do Goberno da Nación, dos seus órganos consultivos, da Administración xeral do Estado e outro persoal directivo.

Un. Continúan vixentes para 2010 as retribucións dos altos cargos do Goberno da Nación e os seus órganos consultivos nos mesmos termos e contías establecidas no artigo 26.un da Lei 51/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2008.

Dous. Continúan vixentes para 2010 as retribucións dos secretarios de Estado, subsecretarios, directores xerais e asimilados nos mesmos termos e contías establecidas no artigo 26.dous da Lei 51/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2008.

Os ditos altos cargos percibirán o complemento de produtividade que, de ser o caso, e de acordo co previsto no artigo 28.un.E desta lei, lles asigne o titular do departamento, dentro dos créditos asignados para tal fin, créditos que non experimentarán incremento en relación cos asignados en 2008, en termos homoxéneos de número e tipo de altos cargos, e sen prexuízo de que as cantidades individuais asignadas poidan ser diferentes de acordo co previsto na normativa reguladora deste complemento.

Tres. As retribucións dos presidentes das axencias estatais e dos presidentes e vicepresidentes das entidades públicas empresariais e demais entes públicos e, de ser o caso, as dos directores xerais e directores dos citados organismos, cando lles corresponda o exercicio de funcións executivas de máximo nivel, durante o exercicio 2010, seguirán sendo as autorizadas en 31 de decembro de 2009 pola ministra de Economía e Facenda.

A fixación inicial das retribucións do persoal directivo das fundacións do sector público estatal e dos consorcios participados maioritariamente pola Administración xeral do Estado e os seus organismos, cando lles corresponda o exercicio de funcións executivas de máximo nivel, corresponderá á ministra de Economía e Facenda.

As retribucións dos cargos a que se refiren os parágrafos anteriores que deban autorizarse por primeira vez en 2010, serano pola ministra de Economía e Facenda por proposta do titular do departamento a que estean adscritos con respecto ao criterio sinalado nos ditos parágrafos.

Catro. Sen prexuízo do disposto nos números anteriores percibirase, en catorce mensualidades, a retribución por antigüidade que puiden corresponder de acordo coa normativa vixente. Así mesmo, manterán a categoría e rango que lles corresponda de conformidade coa normativa vixente.

Cinco. 1. Continúan vixentes para 2010 as retribucións dos conselleiros permanentes e do secretario xeral do Consello de Estado nos mesmos termos e contías establecidas no artigo 26.catro.1 da Lei 51/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2008, sen prexuízo da que puiden corresponderlles polo concepto de antigüidade.

2. Dentro dos créditos establecidos para o efecto, o presidente do Consello de Estado poderá asignar complemento de produtividade aos conselleiros permanentes e secretario xeral deste, de acordo co previsto no artigo 28.un.E desta lei, créditos que non experimentarán incremento en relación cos asignados en 2008, en termos homoxéneos de número e tipo de cargos a que fai referencia este artigo 26.cinco.

3. Ademais das cantidades derivadas do disposto nos números anteriores deste punto cinco, os ditos altos cargos percibirán, de ser o caso, as retribucións fixadas nos acordos aprobados polo propio órgano en materia de adecuación polo concepto de antigüidade, e, de teren tido a condición previa de funcionarios públicos, con independencia da súa situación de actividade, xubilación ou retiro como funcionarios, terán dereito a seguir perfeccionando os trienios recoñecidos baixo a dita condición segundo a normativa en cada caso aplicable e a percibir, en catorce mensualidades, a diferenza resultante por este concepto cando a contía derivada da dita normativa for superior á aprobada nos referidos acordos.

Artigo 27. Retribucións dos membros do Consello Xeral do Poder Xudicial, do Tribunal Constitucional e do Tribunal de Contas.

Un. Continúan vixentes no ano 2010 as retribucións dos membros do Consello Xeral do Poder Xudicial, do Tribunal Constitucional e do Tribunal de Contas a que fai referencia o artigo 27, puntos un, dous e tres, respectivamente, da Lei 51/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2008, nos mesmos termos e contías que as establecidas no citado artigo, sen prexuízo das que puideren corresponderlles polo concepto de antigüidade.

Dous. Ademais das cantidades derivadas do disposto no número anterior, os ditos cargos percibirán, de ser o caso, as retribucións fixadas nos acordos aprobados polo propio órgano en materia de adecuación polo concepto de antigüidade, e de teren tido a condición previa de funcionarios públicos, con independencia da súa situación de actividade, xubilación ou retiro como funcionarios, terán dereito a seguir perfeccionando

os trienios recoñecidos baixo a dita condición segundo a normativa en cada caso aplicable e a percibir, en catorce mensualidades, a diferenza resultante por este concepto cando a contía derivada da dita normativa for superior á aprobada nos referidos acordos.

Artigo 28. *Retribucións dos funcionarios do Estado incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, nos termos da disposición derradeira cuarta da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do emprego público.*

Un. De conformidade co establecido nos artigos 22.cinco e 24.un desta lei, as retribucións que percibirán no ano 2010 os funcionarios incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, nos termos da disposición derradeira cuarta da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do emprego público, que desempeñen postos de traballo para os que o Goberno aprobou a aplicación do réxime retributivo previsto na dita lei, sen prexuízo da aplicación do previsto na letra d) do citado artigo 24.un desta lei, serán as seguintes:

A) O soldo e os trienios que correspondan ao grupo ou subgrupo en que estea clasificado o corpo ou escala a que pertenza o funcionario, de acordo coas contías reflectidas no artigo 22.cinco desta mesma lei, referidas a 12 mensualidades.

B) As pagas extraordinarias, que serán dúas ao ano, devengaranse de acordo co previsto no artigo 33 da Lei 33/1987, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1988. A contía de cada unha das ditas pagas será dunha mensualidade de soldo, trienios e complemento de destino mensual que se perciba.

Cando os funcionarios prestasen unha xornada de traballo reducida durante os seis meses inmediatos anteriores aos meses de xuño ou decembro, o importe da paga extraordinaria experimentará a correspondente redución proporcional.

C) O complemento de destino correspondente ao nivel do posto de traballo que se desempeñe, de acordo coas seguintes contías referidas a doce mensualidades:

Nivel	Importe/euros
30	12.236,76
29	10.975,92
28	10.514,52
27	10.052,76
26	8.819,28
25	7.824,84
24	7.363,20
23	6.901,92
22	6.440,04
21	5.979,12
20	5.554,08
19	5.270,52
18	4.986,72
17	4.703,04
16	4.420,08
15	4.136,04
14	3.852,72
13	3.568,68
12	3.285,00
11	3.001,44
10	2.718,12
9	2.576,40
8	2.434,20
7	2.292,60

Nivel	Importe/euros
6	2.150,76
5	2.008,92
4	1.796,28
3	1.584,24
2	1.371,36
1	1.158,84

No ámbito da docencia universitaria, a contía do complemento de destino fixada na escala anterior poderá ser modificada, nos casos en que así proceda, de acordo coa normativa vixente, sen que isto implique variación do nivel de complemento de destino asignado ao posto de traballo.

D) O complemento específico que, de ser o caso, estea asignado ao posto que se desempeñe, cuxa contía anual, sen prexuízo do previsto no artigo 24.un.a), experimentará con carácter xeral un incremento do 0,3 por cento respecto da aprobada para o exercicio de 2009.

O complemento específico anual percibirase en catorce pagas iguais, das cales doce serán de percepción mensual e dúas adicionais, do mesmo importe que unha mensual, nos meses de xuño e decembro, respectivamente.

E) O complemento de produtividade, que retribuirá o especial rendemento, a actividade e dedicación extraordinarias e o interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo.

Cada departamento ministerial determinará, dentro do crédito total dispoñible, as contías parciais asignadas aos seus distintos ámbitos orgánicos, territoriais, funcionais ou de tipo de posto. Así mesmo, determinará os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade, de acordo coas seguintes normas:

1.^a A valoración da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e o desempeño deste e, de ser o caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

2.^a En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

F) As gratificacións por servizos extraordinarios, que serán concedidas polos departamentos ministeriais ou organismos públicos dentro dos créditos asignados a tal fin, que non experimentarán crecemento respecto aos asignados en 2009.

Estas gratificacións terán carácter excepcional e soamente poderán ser recoñecidas por servizos extraordinarios prestados fóra da xornada normal de traballo, sen que en ningún caso poidan ser fixas na súa contía nin periódicas no seu devengo, nin orixinar dereitos individuais en períodos sucesivos.

Dous. De acordo co previsto no artigo 24.un.b) desta lei, o Ministerio de Economía e Facenda poderá modificar a contía dos créditos globais destinados a atender o complemento de produtividade, as gratificacións por servizos extraordinarios e outros incentivos ao rendemento, para adecuala ao número de efectivos asignados a cada programa e ao grao de consecución dos obxectivos fixados a el. Os departamentos ministeriais, pola súa vez, darán conta dos criterios de asignación e as contías individuais dos ditos incentivos aos ministerios de Economía e Facenda e da Presidencia, especificando os criterios de concesión aplicados.

Tres. Os funcionarios interinos incluídos no ámbito de aplicación da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, percibirán as retribucións básicas, incluídos trienios, correspondentes ao grupo ou subgrupo en que estea incluído o corpo en que ocupen vacante, sendo de aplicación a este colectivo o disposto no artigo 28.un.B) desta lei, as retribucións complementarias que correspondan ao posto de traballo que

desempeñen e o previsto no artigo 28.un.D) desta lei, excluídas as que estean vinculadas á condición de funcionario de carreira.

Catro. O persoal eventual regulado no artigo 12 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, percibirá as retribucións por soldo e pagas extraordinarias correspondentes ao grupo ou subgrupo de clasificación a que o Ministerio da Presidencia asimile as súas funcións, sendo de aplicación a este colectivo o disposto no artigo 28.un.B) desta lei, as retribucións complementarias que correspondan ao posto de traballo, reservado a persoal eventual, que desempeñe e o previsto no artigo 28.un.D), desta lei.

Os funcionarios de carreira que, en situación de activo ou de servizos especiais, ocupen postos de traballo reservados a persoal eventual percibirán as retribucións básicas correspondentes ao seu grupo ou subgrupo de clasificación, incluídos trienios, de ser o caso, e as retribucións complementarias que correspondan ao posto de traballo que desempeñen, séndolles de aplicación o disposto no artigo 28.un.B) desta lei.

Cinco. O complemento de produtividade poderá asignarse, de ser o caso, aos funcionarios interinos e ao persoal eventual, así como aos funcionarios en prácticas, cando estas se realicen desempeñando un posto de traballo, sempre que estea autorizada a súa aplicación aos funcionarios de carreira que desempeñen análogos postos de traballo, salvo que o dito complemento estea vinculado á condición de funcionario de carreira. Así mesmo, seralles de aplicación o previsto na letra d) do artigo 24.un, de ser o caso, tendo en conta o establecido no texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións.

Seis. Os funcionarios en calquera situación administrativa en que, de acordo coa normativa vixente aplicable en cada caso, tiveren recoñecido o dereito á percepción de trienios percibirán, ademais, o importe da parte proporcional que, polo dito concepto, corresponda ás pagas extraordinarias.

Sete. Cando o nomeamento de funcionarios en prácticas a que se refire o artigo 24.1 do Regulamento aprobado polo Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, recaia en funcionarios de carreira doutro corpo ou escala de grupos e/ou subgrupos de titulación inferior a aquel en que se aspira a ingresar, durante o tempo correspondente ao período de prácticas ou o curso selectivo, estes seguirán percibindo os trienios en cada momento perfeccionados e o dito tempo computarase para efectos de consolidación de trienios e de dereitos pasivos, como servido no novo corpo ou escala en caso de que, de maneira efectiva, se adquiera a condición de funcionario de carreira nestes últimos.

Artigo 29. *Retribucións do persoal das Forzas Armadas.*

Un. As retribucións e outras remuneracións do persoal das Forzas Armadas cuxas retribucións básicas se veñan imputando ao artigo 10 da estrutura económica do gasto dos orzamentos xerais do Estado e dos seus organismos públicos, non experimentarán variación no exercicio 2010 respecto ás establecidas para o ano 2008, sen prexuízo da retribución por antigüidade que lles puiden corresponder. Así mesmo, percibirán o complemento de dedicación especial que, de ser o caso, lles sexa atribuído polo titular do departamento, dentro dos créditos asignados a tal fin; estes créditos non terán ningún incremento respecto dos existentes no ano 2008, en termos homoxéneos de número e tipo de cargo.

Dous. De acordo co previsto no artigo 24.un desta lei, as retribucións que percibirán no ano 2010 os militares profesionais a que alude a Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, non incluídos no número anterior, serán as seguintes:

A) As retribucións básicas, excluídos trienios nos casos en que a normativa así o prevexa, que correspondan ao grupo ou subgrupo de equivalencia en que estea clasificado o emprego correspondente, na contía establecida para os funcionarios do Estado incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, nos termos da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.

A valoración e devengo dos trienios e das pagas extraordinarias efectuarase de acordo coa normativa específica aplicable a este persoal e, supletoriamente, coa normativa dos funcionarios incluídos no ámbito da referida lei, sendo igualmente de aplicación ao persoal

en activo o disposto no artigo 24.un a), segundo parágrafo, da presente lei en relación coas citadas pagas, polo que se incluírá nelas a contía do complemento de emprego mensual que perciba.

B) As retribucións complementarias de carácter xeral, o compoñente singular do complemento específico e o complemento por incorporación, de ser o caso, que experimentarán un incremento do 0,3 por cento respecto das establecidas en 2009, sen prexuízo do previsto no artigo 24.un.a) desta lei.

C) O complemento de dedicación especial, incluído o concepto de «atención continuada» a que fai referencia o artigo 13.1 do Real decreto 1314/2005, do 4 de novembro, e a gratificación por servizos extraordinarios, cuxas contías serán determinadas polo Ministerio de Defensa dentro dos créditos que se asignen especificamente para estas finalidades.

O crédito correspondente a gratificacións extraordinarias non experimentará variación respecto do asignado en 2009, en termos de homoxeneidade co dito ano.

De acordo co previsto no artigo 24.un.b) desta lei e na regulación específica do réxime retributivo do persoal militar, a ministra de Economía e Facenda poderá modificar a contía dos créditos destinados a atender a dedicación especial e a gratificación por servizos extraordinarios, para adecuala ao número de efectivos asignados a cada programa e ao grao de consecución dos obxectivos fixados a el.

En ningún caso as contías asignadas por complemento de dedicación especial ou por gratificación por servizos extraordinarios orixinarán dereitos individuais respecto de valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

D) O incentivo por anos de servizo, cuxas contías e requisitos, para a súa percepción, serán fixadas pola ministra de Defensa, co informe favorable previo da ministra de Economía e Facenda.

Tres. Cando o Ministerio de Defensa teña subscritos concertos coas universidades para a utilización das institucións sanitarias do departamento segundo as bases establecidas para o réxime daqueles no Real decreto 1652/1991, do 11 de outubro, o persoal militar médico e sanitario que ocupe postos de traballo nos ditos centros coa condición de prazas vinculadas percibirá en 2010, ademais das retribucións básicas que lle correspondan, en concepto de retribucións complementarias, os complementos de destino, específico e de produtividade nas contías establecidas en aplicación da base décimo terceira. oito, 4, 5 e 6.a) e b) do citado real decreto.

O citado persoal poderá percibir, así mesmo, a axuda para vestiario e as pensións de recompensas, o importe do complemento de dedicación especial en concepto de atención continuada, segundo o establecido no punto C) do número anterior, así como as prestacións familiares a que fai referencia o artigo 13.1 do Regulamento de retribucións do persoal das Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto 1314/2005, do 4 de novembro, todo isto sen prexuízo do cumprimento do disposto en canto á nómina única pola universidade e aos mecanismos de compensación orzamentaria a que se refiren, respectivamente, o número sete da citada base décimo terceira e as bases establecidas para o efecto no correspondente concerto.

Catro. Os membros das Forzas Armadas que ocupen postos de traballo incluídos nas relacións de postos de traballo do ministerio ou os seus organismos autónomos, percibirán no ano 2010 as retribucións básicas correspondentes ao seu emprego militar, de acordo co establecido no número dous deste artigo, e as complementarias asignadas ao posto que desempeñen, de acordo coas contías establecidas na presente lei para os funcionarios do Estado incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, nos termos da disposición derradeira cuarta da Lei 7/2007, do 12 de abril, todo isto sen prexuízo de continuar percibindo as pensións e gratificacións que sexan consecuencia de recompensas militares, así como a axuda para vestiario na mesma contía e condicións que o resto do persoal das Forzas Armadas.

Cinco. Así mesmo, ao persoal a que se refire este artigo seralle de aplicación o previsto na letra d) do artigo 24.un, de ser o caso, tendo en conta o establecido no texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións.

O disposto neste artigo debe entenderse sen prexuízo da regulación específica que para determinados conceptos e persoal das Forzas Armadas se establece na normativa vixente.

Artigo 30. Retribucións do persoal do Corpo da Garda Civil.

Un. As retribucións e outras remuneracións do persoal do Corpo da Garda Civil cuxas retribucións básicas se imputen ao artigo 10 da estrutura económica do gasto dos orzamentos xerais do Estado e dos seus organismos públicos non experimentarán variación no exercicio 2010 respecto ás establecidas para o ano 2008, sen prexuízo da retribución por antigüidade que lle puiden corresponder. Así mesmo, percibirá o complemento de produtividade que, de ser o caso, lle atribúa o titular do departamento, dentro dos créditos asignados a tal fin; estes créditos non terán ningún incremento respecto dos existentes no ano 2008, en termos homoxéneos de número e tipo de cargo.

Dous. De acordo co disposto no artigo 24.un desta lei, as retribucións que percibirá no ano 2010 o persoal do Corpo da Garda Civil non incluído no punto anterior serán as seguintes:

A) As retribucións básicas que correspondan ao grupo ou subgrupo de equivalencia en que estea clasificado o emprego correspondente, na contía establecida para os funcionarios do Estado incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, nos termos da disposición derradeira cuarta da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.

A valoración e devengo dos trienios e das pagas extraordinarias efectuarase de acordo coa normativa aplicable a este persoal e, supletoriamente, coa normativa dos funcionarios públicos incluídos no ámbito de aplicación da referida Lei 30/1984, sendo igualmente de aplicación para o persoal en servizo activo o disposto no segundo parágrafo do artigo 24.un.a) da presente lei en relación coas citadas pagas extraordinarias, polo que se incluírá nelas a contía do complemento de destino mensual que se perciba.

B) As retribucións complementarias de carácter fixo e periódico, que experimentarán un incremento do 0,3 por cento respecto das establecidas en 2009, sen prexuízo, de ser o caso, do previsto no artigo 24.un.a) desta lei.

O complemento de produtividade e as gratificacións por servizos extraordinarios rexeranse polas normas establecidas para os funcionarios do Estado incluídos no ámbito de aplicación do artigo 28 desta lei; as súas contías serán determinadas polo Ministerio do Interior dentro dos créditos que se asignen para estas finalidades. O crédito correspondente a gratificacións extraordinarias non experimentará crecemento respecto do asignado en 2009 en termos de homoxeneidade co dito ano.

Tres. Así mesmo, ao persoal a que se refire este artigo seralle de aplicación o previsto na letra d) do artigo 24.un, de ser o caso, tendo en conta o establecido no texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións.

Artigo 31. Retribucións do persoal do Corpo Nacional de Policía.

Un. As retribucións e outras remuneracións do persoal do Corpo Nacional de Policía cuxas retribucións básicas se imputen ao artigo 10 da estrutura económica do gasto dos orzamentos xerais do Estado e dos seus organismos públicos non experimentarán variación no exercicio 2010 respecto ás establecidas para o ano 2008, sen prexuízo da retribución por antigüidade que lles puiden corresponder. Así mesmo, percibirán o complemento de produtividade que, de ser o caso, lle atribúa o titular do departamento, dentro dos créditos asignados a tal fin; estes créditos non terán incremento ningún respecto dos existentes no ano 2008, en termos homoxéneos de número e tipo de cargo.

Dous. De acordo co disposto no artigo 24.un desta lei, as retribucións que percibirán no ano 2010 os funcionarios do Corpo Nacional de Policía non incluídos no número anterior serán as seguintes:

A) As retribucións básicas que correspondan ao grupo ou subgrupo de equivalencia en que estea clasificada, para efectos económicos, a categoría correspondente, na contía establecida para os funcionarios incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, nos termos da disposición derradeira cuarta da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.

A valoración e devengo dos trienios e das pagas extraordinarias efectuarase de acordo coa normativa aplicable a este persoal e, supletoriamente, coa normativa dos funcionarios incluídos no ámbito de aplicación da referida Lei 30/1984, sendo igualmente de aplicación para o persoal en servizo activo o disposto no segundo parágrafo do artigo 24.un.a) da presente lei en relación coas citadas pagas extraordinarias, polo que se incluírá nelas a contía do complemento de destino mensual que se perciba.

B) As retribucións complementarias de carácter fixo e periódico, que experimentarán un incremento do 0,3 por cento respecto das establecidas en 2009, sen prexuízo, de ser o caso, do previsto no artigo 24.un.a) desta lei.

O complemento de produtividade e as gratificacións por servizos extraordinarios rexeranse polas normas establecidas para os funcionarios do Estado incluídos no artigo 28 desta lei; as súas contías serán determinadas polo Ministerio do Interior dentro dos créditos que se asignen para estas finalidades. O crédito correspondente a gratificacións extraordinarias non experimentará crecemento respecto do asignado en 2009 en termos de homoxeneidade co dito ano.

Tres. Así mesmo, seralles de aplicación o previsto na letra d) do artigo 24.un, de ser o caso, tendo en conta o establecido no texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións.

Artigo 32. *Retribucións dos membros das carreiras xudicial e fiscal, dos do corpo de secretarios xudiciais e do persoal ao servizo da Administración de xustiza.*

Un. De acordo co disposto no artigo 24.un desta lei, as retribucións que percibirán no ano 2010 os membros das carreiras xudicial e fiscal serán as seguintes:

1. O soldo, a que se refiren os anexos I e IV, respectivamente, da Lei 15/2003, do 26 de maio, reguladora do réxime retributivo das carreiras xudicial e fiscal, queda establecido para o ano 2010 nas contías seguintes referidas a doce mensualidades:

	Euros
Carreira xudicial:	
Presidente da Audiencia Nacional (non maxistrado do Tribunal Supremo)	26.517,36
Presidente de sala da Audiencia Nacional (non maxistrado do Tribunal Supremo)	25.121,04
Presidente do Tribunal Superior de Xustiza	25.599,60
Maxistrado	22.755,96
Xuíz	19.910,88
Carreira fiscal:	
Fiscal superior da comunidade autónoma	25.599,60
Fiscal	22.755,96
Avogado fiscal	19.910,88

2. A retribución por antigüidade ou trienios que, de ser o caso, corresponda.

3. As pagas extraordinarias, que se devengarán de acordo coa normativa aplicable aos funcionarios incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, nos termos da disposición derradeira cuarta da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, serán dúas ao ano por un importe, cada unha delas, dunha

mensualidade do soldo, antigüidade ou trienios, segundo o caso, e a contía que se sinala no anexo X desta lei.

4. As retribucións complementarias e as variables e especiais dos membros das carreiras xudicial e fiscal experimentarán un incremento do 0,3 por cento respecto das vixentes en 2009.

O crédito total destinado ás retribucións variables por obxectivos dos membros das carreiras xudicial e fiscal sinaladas no capítulo III do título I e no título II da Lei 15/2003, non poderá exceder o 5 por cento da contía global das retribucións dos membros das carreiras xudicial e fiscal, respectivamente.

5. Así mesmo, ao persoal a que se refire este punto seralle de aplicación o previsto na letra d) do artigo 24.un desta lei, conforme a titulación correspondente ás distintas carreiras.

6. Os fiscais que, en desenvolvemento da Lei 24/2007, do 9 de outubro, pola que se modifica a Lei 50/1981, do 30 de decembro, reguladora do Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal, sexan nomeados fiscais xefes dunha fiscalía de área creada onde exista unha sección da Audiencia Provincial en sede distinta da capital de provincia, percibirán o complemento de destino polo criterio de grupo de poboación correspondente aos fiscais destinados na sede da Fiscalía Provincial e o complemento de destino en concepto de representación, o complemento específico e as pagas extraordinarias que corresponden ao tenente fiscal da Fiscalía Provincial.

Os restantes fiscais xefes dunha fiscalía de área percibirán o complemento específico correspondente ao tenente fiscal da Fiscalía Provincial.

Os fiscais xefe e tenentes fiscais da Fiscalía Provincial percibirán as retribucións complementarias e paga extraordinaria que terían correspondido aos fiscais xefe e tenentes fiscais da Audiencia Provincial, respectivamente.

O tenente fiscal da Secretaría Técnica da Fiscalía Xeral do Estado percibirá as retribucións complementarias e paga extraordinaria que corresponden ao tenente fiscal inspector da Fiscalía Xeral do Estado.

Os fiscais adscritos a fiscais de sala da Fiscalía Xeral do Estado e os fiscais da Unidade de Apoio da Fiscalía Xeral do Estado percibirán en concepto de complemento específico o correspondente aos fiscais da Secretaría Técnica da Fiscalía Xeral do Estado.

Os fiscais decanos de seccións territoriais de Fiscalía Provincial percibirán, en concepto de complemento específico, o correspondente aos fiscais coordinadores.

7. O establecido neste punto enténdese sen prexuízo do previsto no artigo 9.2 da precitada Lei 15/2003.

Dous. De acordo co disposto no artigo 24.un desta lei, as retribucións que percibirán no ano 2010 os membros do corpo de secretarios xudiciais e dos corpos ao servizo da Administración de xustiza serán as seguintes:

1. O soldo, de acordo co detalle que a continuación se reflicte, e a retribución por antigüidade ou trienios que, de ser o caso, lles corresponda.

a) O soldo dos membros do corpo de secretarios xudiciais queda establecido para o ano 2010 nas contías seguintes, referidas a doce mensualidades:

	Euros
Secretarios xudiciais de primeira categoría	19.910,88
Secretarios xudiciais de segunda categoría	18.488,52
Secretarios xudiciais de terceira categoría	17.066,76

b) O soldo dos funcionarios dos corpos ao servizo da Administración de xustiza, a que se refire o libro VI da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, segundo a redacción dada pola Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, queda establecido para o ano 2010 nas contías seguintes, referidas a doce mensualidades:

	Euros
Médicos forenses e facultativos do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses	17.066,76
Xestión procesual e administrativa	14.222,04
Tramitación procesual e administrativa	11.377,80
Auxilio xudicial	9.955,68
Técnicos especialistas do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses	14.222,04
Axudantes de laboratorio do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses	11.377,80

c) Os trienios perfeccionados con anterioridade a 1 de xaneiro de 2004, nos corpos ao servizo da Administración de xustiza declarados a extinguir pola Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, quedan establecidos para o ano 2010 nas seguintes contías, referidas a doce mensualidades:

	Euros
Corpo de oficiais	569,28
Corpo de auxiliares	427,08
Corpo de axentes xudiciais	355,80
Corpo de técnicos especialistas	569,28
Corpo de auxiliares de laboratorio	427,08
Corpo de axentes de laboratorio a extinguir	355,80
Corpo de secretarios de vulgados de paz de municipios con máis de 7.000 habitantes a extinguir	640,44

Os trienios perfeccionados con anterioridade a 1 de xaneiro de 1995 polo persoal encadrado nos corpos de médicos forenses e técnicos facultativos quedan establecidos para o ano 2010 en 711,24 euros anuais, referidos a doce mensualidades.

2. As pagas extraordinarias, que se devengarán de acordo coa normativa aplicable aos funcionarios incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, nos termos da disposición derradeira cuarta da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, serán dúas ao ano por un importe, cada unha delas, dunha mensalidade do soldo, antigüidade ou trienios, segundo o caso, e a contía complementaria que se sinala no anexo XI desta lei.

3. a) O complemento xeral de posto para os postos adscritos aos funcionarios do corpo de secretarios xudiciais, cando de conformidade coa normativa vixente lles resulte de aplicación este concepto, queda establecido para o ano 2010 nas contías seguintes, referidas a doce mensualidades:

	Euros
Postos de tipo I	16.955,16
Postos de tipo II	14.482,44
Postos de tipo III	13.827,48
Postos de tipo IV	13.722,96
Postos de tipo V	9.923,28

As restantes retribucións complementarias, variables e especiais dos funcionarios do parágrafo anterior, experimentarán un incremento do 0,3 por cento respecto das vixentes en 2009, sen prexuízo do previsto no artigo 24.un.a), desta lei.

Para os restantes postos do corpo de secretarios xudiciais, as retribucións complementarias, variables e especiais establecidas no Real decreto 1130/2003, do 5

de setembro, experimentarán un incremento do 0,3 por cento respecto das vixentes en 2009.

3. b) O complemento xeral de posto para os postos adscritos aos funcionarios dos corpos ao servizo da Administración de xustiza, a que se refire o punto dous.1.b) deste mesmo artigo, de conformidade co previsto no Real decreto 1033/2007, do 20 de xullo, queda establecido para o ano 2010 nas contías seguintes, referidas a doce mensualidades:

	Tipo	Subtipo	Euros
Xestión procesual e administrativa e técnicos especialistas do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses.	I	A	4.192,44
	I	B	5.008,08
	II	A	3.860,16
	II	B	4.675,80
	III	A	3.694,08
	III	B	4.509,72
	IV	C	3.527,88
	IV	D	3.694,44
Tramitación procesual e administrativa e axudantes de laboratorio do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses.	I	A	3.638,88
	I	B	4.454,64
	II	A	3.306,72
	II	B	4.122,36
	III	A	3.140,52
	III	B	3.956,16
	IV	C	2.974,56
	Auxilio xudicial.	I	A
I		B	3.674,04
II		A	2.526,00
II		B	3.341,76
III		A	2.359,92
III		B	3.175,68
IV		C	2.193,84
Médicos forenses e facultativos do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses.		I	
	II		19.542,72
	III		19.287,24
Escala a extinguir de xestión procesual e administrativa, procedentes do corpo de secretarios de xulgados de municipios de máis de 7.000 habitantes.			5.353,56

As restantes retribucións complementarias, variables e especiais dos funcionarios a que se refire o parágrafo anterior experimentarán un incremento do 0,3 por cento respecto das aplicadas o 31 de decembro de 2009, sen prexuízo, de ser o caso, do previsto no artigo 24.un.a), desta lei.

No caso en que aos funcionarios dos citados corpos, en virtude das previsións contidas na disposición transitoria única do Real decreto 1033/2007, lles sexa de aplicación o previsto no Real decreto 1714/2004, do 23 de xullo, as súas retribucións complementarias, variables e especiais experimentarán un incremento do 0,3 por cento respecto das vixentes en 2009.

4. Nas retribucións complementarias a que se fai referencia nos puntos anteriores entenderanse incluídas as cantidades que, en cada caso, se recoñecen, en concepto de paga adicional complementaria no punto segundo do Acordo do Consello de Ministros do 8 de maio de 2009 publicado por Orde 1230/2009, do 18 de maio, do Ministerio da Presidencia (BOE do 20 de maio de 2009).

Así mesmo, ao persoal a que se refire este punto dous seralle de aplicación o previsto na letra d) do artigo 24.un desta lei, conforme a titulación correspondente aos distintos corpos.

Tres. No ano 2010 as retribucións básicas e complementarias correspondentes aos funcionarios a que se refire o artigo 145.1 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, segundo redacción dada pola Lei orgánica 19/2003, experimentarán un incremento do 0,3 por cento respecto ás vixentes en 31 de decembro de 2009, sen prexuízo, de ser o caso, e polo que se refire ás citadas retribucións complementarias, do previsto no artigo 24.un.a) desta lei.

Catro. Continúan vixentes para 2010 as retribucións dos membros do poder xudicial e do Ministerio Fiscal incluídos nos números 1 e 2 do punto catro do artigo 32 da Lei 51/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2008, en idénticos termos e contías que as fixadas para eles no citado punto, números 1, 2 e 3, sen prexuízo do que se indica a seguir en relación coa retribución por antigüidade ou trienios.

O soldo e as retribucións complementarias dos membros do poder xudicial e do Ministerio Fiscal a que se refire o parágrafo anterior serán as establecidas nel, quedando excluídos, para estes efectos, do ámbito de aplicación da Lei 15/2003, do 26 de maio, reguladora do réxime retributivo das carreiras xudicial e fiscal, sen prexuízo do dereito á percepción, en 14 mensualidades, da retribución por antigüidade ou trienios que, de ser o caso, lles corresponda, así como do devengo das retribucións especiais que, así mesmo, lles puideren corresponder.

Por outra parte, ao persoal a que se refire este número seralle de aplicación o previsto na letra d) do artigo 24.un desta lei, conforme o correspondente nivel de titulación.

Artigo 33. *Retribucións do persoal da Seguridade Social.*

Un. As retribucións que percibirá no ano 2010 o persoal funcionario da Administración da Seguridade Social, xa homologado co resto do persoal da Administración xeral do Estado, serán as establecidas no artigo 24 desta lei para os funcionarios do Estado incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, nos termos da disposición derradeira cuarta da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público. Así mesmo, seralles de aplicación o previsto na letra d) do artigo 24.un desta lei.

Dous. O persoal incluído no ámbito de aplicación do Real decreto lei 3/1987, do 11 de setembro, sobre retribucións do persoal estatutario do Instituto Nacional da Saúde, percibirá as retribucións básicas e o complemento de destino, nas contías sinaladas para os ditos conceptos retributivos no artigo 28.un.A), B) e C) desta lei, sen prexuízo do establecido na disposición transitoria segunda, dous, do dito real decreto lei e de que a contía anual do complemento de destino, fixado na letra C) do citado artigo 28.un se satisfaga en catorce mensualidades.

Para os efectos da aplicación, para o citado persoal estatutario, do disposto no artigo 28.un.B) desta lei, a contía do complemento de destino correspondente a cada unha das pagas extraordinarias farase efectiva tamén en catorce mensualidades, calculándose a dita contía nunha doceava parte dos correspondentes importes por niveis sinalados no artigo 28.un.C).

O importe das retribucións correspondentes aos complementos específico e de atención continuada que, de ser o caso, estean fixados ao referido persoal, experimentará un incremento do 0,3 por cento respecto ao aprobado para o exercicio de 2009, sen prexuízo, de ser o caso, do previsto no artigo 24.un.a) desta lei.

A contía individual do complemento de produtividade determinarase conforme os criterios sinalados no artigo 2.tres.c) e disposición transitoria terceira do Real decreto lei 3/1987, e nas demais normas ditadas no seu desenvolvemento.

Por outra parte, ao persoal a que se refire este mesmo punto seralle de aplicación o previsto na letra d) do artigo 24.un desta lei.

Tres. No ano 2010 as retribucións do restante persoal funcionario e estatutario da Seguridade Social experimentarán o incremento previsto no artigo 24.un desta lei. Así mesmo, seralles de aplicación o disposto na letra d) do artigo 24.un, de ser o caso, tendo en conta o establecido no texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións.

CAPÍTULO III

Outras disposicións en materia de réxime do persoal activo*Artigo 34. Prohibición de ingresos atípicos.*

Os empregados públicos comprendidos dentro do ámbito de aplicación desta lei, con excepción daqueles sometidos ao réxime de arancel, non poderán percibir participación ningunha dos tributos, comisións ou outros ingresos de calquera natureza, que correspondan á Administración ou a calquera poder público como contraprestación de calquera servizo ou xurisdición, nin participación ou premio en multas impostas mesmo cando estiveren normativamente atribuídas a eles, e deberán percibir unicamente as remuneracións do correspondente réxime retributivo, e sen prexuízo do que resulte da aplicación do sistema de incompatibilidades e do disposto na normativa específica sobre desfrute de vivenda por razón do traballo ou cargo desempeñado.

Artigo 35. Recompensas, cruces, medallas e pensións de mutilación.

Un. Durante o ano 2010 as contías que se perciban polos conceptos de recompensas, cruces, medallas e pensións de mutilación experimentarán un incremento do 0,3 por cento sobre as recoñecidas en 2009.

Dous. A Cruz Laureada de San Fernando e a Medalla Militar individual rexeranse pola súa lexislación especial.

Tres. A Cruz á Constancia e as diferentes categorías da Real e Militar Orde de San Hermenexildo rexeranse polo establecido no Real decreto 1189/2000, do 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Real e Militar Orde de San Hermenexildo.

Artigo 36. Outras normas comúns.

Un. O persoal contratado administrativo e os funcionarios de corpos de sanitarios locais, así como o persoal cuxas retribucións en 2009 non correspondesen coas establecidas con carácter xeral no título III da Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado, e non lles foren de aplicación as establecidas expresamente no mesmo título desta lei, continuarán percibindo, durante o ano 2010, as mesmas retribucións que en 2009 cun incremento do 0,3 por cento respecto das contías correspondentes ao dito ano, sen prexuízo da aplicación a este persoal do disposto no punto tres do artigo 22 desta lei.

Dous. Na Administración xeral do Estado, os seus organismos autónomos e axencias estatais, nos casos de adscrición durante o ano 2010 dun funcionario suxeito a un réxime retributivo distinto do correspondente ao posto de traballo ao cal sexa adscrito, o dito funcionario percibirá as retribucións que correspondan ao posto de traballo que desempeñe, logo da oportuna asimilación das retribucións básicas que autoricen conxuntamente os ministerios de Economía e Facenda e da Presidencia, por proposta dos departamentos ministeriais interesados.

Para os únicos efectos da asimilación a que se refire o parágrafo anterior, poderase autorizar que a contía da retribución por antigüidade sexa a que proceda de acordo co réxime retributivo de orixe do funcionario.

Tres. A Sociedade Estatal Correos e Telégrafos, Sociedade Anónima, e a Entidade Pública Empresarial de Lotarías e Apostas do Estado non poderán aboar ao seu persoal funcionario en situación de servizo activo, por retribucións variables en concepto de incentivos ao rendemento, cantidades superiores ás que, para esta finalidade, se consignent no seu orzamento, salvo que exista informe previo favorable do Ministerio de Economía e Facenda.

Catro. As referencias relativas a retribucións contidas nesta lei enténdense sempre feitas a retribucións íntegras.

Artigo 37. *Requisitos para a determinación ou modificación de retribucións do persoal laboral e non funcionario.*

Un. Durante o ano 2010 será preciso informe favorable conxunto dos ministerios de Economía e Facenda e da Presidencia para proceder a determinar ou modificar as condicións retributivas do persoal laboral e non funcionario ao servizo:

- a) Da Administración xeral do Estado e os seus organismos autónomos.
- b) Das entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social.
- c) Das axencias estatais, de conformidade coa súa normativa específica.
- d) Das restantes entidades públicas empresariais e o resto dos organismos e entes públicos, nas condicións e polos procedementos que para o efecto estableza a Comisión Interministerial de Retribucións, atendendo ás características específicas daquelas.

Dous. Entenderase por determinación ou modificación de condicións retributivas do persoal non funcionario as seguintes actuacións:

- a) Determinación das retribucións de postos de nova creación.
- b) Sinatura de convenios colectivos subscritos polos organismos citados no punto un anterior, así como as súas revisións e as adhesións ou extensións a eles.
- c) Aplicación do Convenio único para o persoal laboral da Administración do Estado e dos convenios colectivos de ámbito sectorial, así como as súas revisións e as adhesións ou extensións a eles.
- d) Fixación de retribucións mediante contrato individual, xa se trate de persoal fixo ou contratado por tempo determinado, cando non veñan reguladas en todo ou en parte mediante convenio colectivo, con excepción do persoal temporal suxeito á relación laboral de carácter especial regulada no artigo 2, número 1, letra e), do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores. Non obstante, deberase facilitar información das retribucións deste último persoal aos ministerios de Economía e Facenda e da Presidencia.
- e) Outorgamento de calquera clase de melloras salariais de tipo unilateral, con carácter individual ou colectivo, aínda que deriven da aplicación extensiva do réxime retributivo dos funcionarios públicos.
- f) Determinación das retribucións correspondentes ao persoal contratado no exterior.

Tres. O informe citado no punto un deste artigo afectará todos os organismos, entidades e axencias sinalados nas letras a), b), c) e, para os da letra d) nos termos en que determine a Comisión Interministerial de Retribucións, e será emitido polo procedemento e co alcance previsto nos puntos seguintes.

1. Os organismos afectados remitirán aos ministerios de Economía e Facenda e da Presidencia o correspondente proxecto, con carácter previo ao seu acordo ou sinatura no caso dos convenios colectivos ou contratos individuais, achegando a valoración de todos os seus aspectos económicos.

2. O informe, que no suposto de proxectos de convenios colectivos será evacuado no prazo máximo de quince días contados desde a data de recepción do proxecto e da súa valoración, versará sobre todos aqueles extremos dos que deriven consecuencias directas ou indirectas en materia de gasto público, tanto para o ano 2010 como para exercicios futuros e, especialmente, no que se refire á determinación da masa salarial correspondente e ao control do seu crecemento, sen prexuízo do disposto no artigo 25 desta lei.

Catro. Os ministerios de Economía e Facenda e da Presidencia determinarán e, de ser o caso, actualizarán as retribucións do persoal laboral no exterior de acordo coas circunstancias específicas de cada país.

Cinco. Serán nulos de pleno dereito os acordos adoptados nesta materia con omisión do trámite de informe ou en contra dun informe desfavorable, así como os pactos que

impliquen crecementos salariais para exercicios sucesivos contrarios aos que determinen as futuras leis de orzamentos.

Non poderán autorizarse gastos derivados da aplicación das retribucións para o ano 2010 sen o cumprimento dos requisitos establecidos neste artigo.

Artigo 38. Contratación de persoal laboral con cargo aos créditos de investimentos.

Un. Os departamentos ministeriais, organismos autónomos, axencias estatais e entidades xestoras da Seguridade Social poderán formalizar durante o ano 2010, con cargo aos respectivos créditos de investimentos, contratacións de persoal de carácter temporal para a realización de obras ou servizos, sempre que se dea a concorrencia dos seguintes requisitos:

a) Que a contratación teña por obxecto a execución de obras por administración directa e con aplicación da lexislación de contratos do Estado, ou a realización de servizos que teñan a natureza de investimentos.

b) Que tales obras ou servizos correspondan a investimentos previstos e aprobados nos orzamentos xerais do Estado.

c) Que as obras ou servizos non poidan ser executados co persoal fixo e non exista dispoñibilidade suficiente no crédito orzamentario destinado á contratación de persoal.

Dous. Os contratos deberán formalizarse seguindo as prescricións dos artigos 15 e 17 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e con respecto ao disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo da Administración pública. Nos contratos farase constar, cando proceda, a obra ou servizo para cuxa realización se formaliza o contrato e o tempo de duración, así como o resto das formalidades que impón a lexislación sobre contratos laborais, eventuais ou temporais. Os departamentos, organismos ou entidades deberán evitar o incumprimento das citadas obrigas formais, así como a asignación de persoal contratado para funcións distintas das determinadas nos contratos, dos que puideren derivar dereitos de permanencia para o persoal contratado, actuacións que, de ser o caso, poderán dar lugar á existencia de responsabilidades, de conformidade co artigo 176 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

A información aos representantes dos traballadores realizarase de conformidade co establecido no texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

Tres. A contratación poderá exceder o exercicio orzamentario cando se trate de obras ou servizos que deban exceder o dito exercicio e correspondan a proxectos de investimento de carácter plurianual que cumpran os requisitos que para estes se prevé no artigo 47 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, ou nesta propia Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2010.

Catro. Sobre os contratos deberá emitir informe, con carácter previo á súa formalización, a Avogacía do Estado no departamento, organismo ou entidade, a cal, en especial, se pronunciará sobre a modalidade de contratación utilizada e a observancia nas cláusulas do contrato dos requisitos e formalidades exixidos pola lexislación laboral.

Cinco. A realización dos contratos regulados neste artigo será obxecto de fiscalización previa nos casos en que esta resulte preceptiva, de conformidade co disposto nos artigos 152 a 156 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria. Para estes efectos, os créditos de investimentos entenderanse adecuados para a contratación de persoal eventual se non existe crédito suficiente para iso no concepto orzamentario destinado especificamente a esa finalidade.

Nos organismos autónomos do Estado, con actividades industriais, comerciais, financeiras ou análogas, e nas entidades públicas empresariais, esta contratación requirirá informe favorable do correspondente interventor delegado, que versará sobre a non dispoñibilidade de crédito no concepto orzamentario destinado á contratación de persoal eventual no capítulo correspondente. En caso de desconformidade co informe emitido, o organismo autónomo ou a entidade pública empresarial poderán elevar o expediente ao Ministerio de Economía e Facenda para a súa resolución.

Artigo 39. *Competencia do Ministerio de Economía e Facenda en materia de custos do persoal ao servizo do sector público.*

Todos os acordos, convenios, pactos ou instrumentos similares, así como as medidas que se adopten no seu cumprimento ou desenvolvemento, adoptados no ámbito dos departamentos ministeriais, organismos, axencias estatais, entidades públicas empresariais e demais entes públicos do sector público estatal dos que deriven incrementos, directa ou indirectamente, de gasto público en materia de custos de persoal requirirán, para a súa plena efectividade, o informe previo e favorable do Ministerio de Economía e Facenda, e serán nulos de pleno dereito os que se alcancen sen tal informe.

TÍTULO IV

Das pensións públicas

CAPÍTULO I

Determinación inicial das pensións do réxime de clases pasivas do Estado, especiais de guerra e non contributivas da Seguridade Social

Artigo 40. *Determinación inicial das pensións do réxime de clases pasivas do Estado.*

Un. Para a determinación inicial das pensións reguladas nos capítulos II, III, IV e VII do subtítulo segundo do título primeiro do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, aprobado polo Real decreto legislativo 670/1987, do 30 de abril, causadas polo persoal a que se refire o artigo 3, número 1, letras a), b) e e) do mesmo texto legal, teranse en conta para 2010 os haberes reguladores que a seguir se establecen, asignándose de acordo coas regras que se conteñen en cada un dos respectivos números do artigo 30 da citada norma:

a) Para o persoal incluído nos supostos do número 2 do artigo 30 do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado:

Grupo/Subgrupo Lei 7/2007	Haber regulador — Euros/ano
A1	38.769,75
A2	30.512,77
B	26.718,88
C1	23.434,34
C2	18.540,45
E (Lei 30/1984) e agrupacións profesionais	15.807,20

b) Para o persoal mencionado no número 3 do referido artigo 30 do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado:

Administración civil e militar do Estado

Índice	Haber regulador — Euros/ano
10	38.769,75
8	30.512,77
6	23.434,34
4	18.540,45
3	15.807,20

Administración de xustiza

Multiplicador	Haber regulador – Euros/ano
4,75	38.769,75
4,50	38.769,75
4,00	38.769,75
3,50	38.769,75
3,25	38.769,75
3,00	38.769,75
2,50	38.769,75
2,25	30.512,77
2,00	26.718,89
1,50	18.540,45
1,25	15.807,20

Tribunal Constitucional

Corpo	Haber regulador – Euros/ano
Secretario xeral	38.769,75
De letrados	38.769,75
Xerente	38.769,75

Cortes Xerais

Corpo	Haber regulador – Euros/ano
De letrados	38.769,75
De arquivistas-bibliotecarios	38.769,75
De asesores facultativos	38.769,75
De redactores, taquígrafos e estenotipistas	38.769,75
Técnico-administrativo	38.769,75
Administrativo	23.434,34
De uxieres	18.540,45

Dous. Para a determinación inicial das pensións causadas polo persoal a que se refire o artigo 3, número 2, letras a) e c), do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, que produzan efectos económicos a partir de 1 de xaneiro do 2010, teranse en conta as bases reguladoras que resulten da aplicación das seguintes regras:

a) Tomarase o importe que, dentro dos cadros que se recollen a seguir, corresponda ao causante polos conceptos de soldo e, de ser o caso, grao, en cómputo anual, en función do corpo ou do índice de proporcionalidade e grao de carreira administrativa ou do índice multiplicador que tiver asignado en 31 de decembro de 1984 o corpo, carreira, escala, praza, emprego ou categoría a que pertenza aquel.

Administración civil e militar do Estado

Índice	Grao	Grao especial	Importe por concepto de soldo e grao en cómputo anual – Euros
10 (5,5)	8		25.990,29
10 (5,5)	7		25.275,99
10 (5,5)	6		24.561,72
10 (5,5)	3		22.418,83

Índice	Grao	Grao especial	Importe por concepto de soldo e grao en cómputo anual – Euros
10	5		22.054,10
10	4		21.339,83
10	3		20.625,56
10	2		19.911,22
10	1		19.196,93
8	6		18.545,78
8	5		17.974,45
8	4		17.403,12
8	3		16.831,76
8	2		16.260,44
8	1		15.689,08
6	5		14.128,49
6	4		13.700,11
6	3		13.271,79
6	2		12.843,38
6	1	(12 por 100)	13.853,43
6	1		12.414,99
4	3		10.454,39
4	2	(24 por 100)	12.474,67
4	2		10.168,73
4	1	(12 por 100)	11.037,09
4	1		9.883,07
3	3		9.026,65
3	2		8.812,43
3	1		8.598,25

Administración de xustiza

Multiplicador	Importe por concepto de soldo en cómputo anual – Euros
4,75	42.442,88
4,50	40.209,03
4,00	35.741,35
3,50	31.273,68
3,25	29.039,85
3,00	26.806,01
2,50	22.338,34
2,25	20.104,50
2,00	17.870,68
1,50	13.403,00
1,25	11.169,18

Tribunal Constitucional

Corpo	Importe por concepto de soldo en cómputo anual – Euros
Secretario xeral	40.209,03
De letrados	35.741,35
Xerente	35.741,35

Cortes Xerais

Corpo	Importe por concepto de soldo en cómputo anual – Euros
De letrados	23.390,51
De arquivistas-bibliotecarios	23.390,51
De asesores facultativos	23.390,51
De redactores, taquígrafos e estenotipistas	21.479,84
Técnico-administrativo	21.479,84
Administrativo	12.935,93
De uxieres	10.232,45

b) Ao importe anual polos conceptos de soldo e, de ser o caso, grao, a que se refire o punto anterior sumarase a contía que se obtéña de multiplicar o número de trienios que teña acreditados o causante polo valor unitario en cómputo anual que corresponda a cada trienio en función do corpo ou praza en que tivese prestado servizos o causante, atendendo, de ser o caso, aos índices de proporcionalidade ou multiplicadores asignados a eles nos cadros seguintes:

Administración civil e militar do Estado

Índice	Valor unitario do trienio en cómputo anual – Euros
10	839,61
8	671,70
6	503,75
4	335,87
3	251,88

Administración de xustiza

Multiplicadores para efectos de trienios	Valor unitario do trienio en cómputo anual – Euros
3,50	1.563,66
3,25	1.452,00
3,00	1.340,30
2,50	1.116,90
2,25	1.006,60
2,00	893,55
1,50	670,15
1,25	558,47

Tribunal Constitucional

Corpo	Valor unitario do trienio en cómputo anual – Euros
Secretario xeral	1.563,66
De letrados	1.563,66
Xerente	1.563,66

Cortes Xerais

Corpo	Valor unitario do trienio en cómputo anual – Euros
De letrados	956,39
De arquiveiros-bibliotecarios	956,39
De asesores facultativos	956,39
De redactores, taquígrafos e estenotipistas	956,39
Técnico-administrativo	956,39
Administrativo	573,85
De uxieres	382,55

Tres. O importe mensual das pensións a que se refire este precepto obterase dividindo por 14 o anual calculado segundo o disposto nas regras precedentes e a lexislación correspondente.

Artigo 41. *Determinación inicial e contía das pensións especiais de guerra para o 2010.*

Un. O importe das pensións recoñecidas ao abeiro da Lei 5/1979, do 18 de setembro, en favor de familiares de falecidos como consecuencia da guerra civil, non poderá ser inferior, para o 2010, ao establecido como contía mínima no sistema da Seguridade Social para as pensións de viuvez en favor de titulares maiores de sesenta e cinco anos.

O disposto no parágrafo anterior non será de aplicación ás pensións causadas polo persoal non funcionario en favor de orfos non incapacitados con dereito a pensión, de acordo coa súa lexislación reguladora, cuxa contía será de 146,77 euros mensuais.

Dous. 1. As pensións recoñecidas ao abeiro da Lei 35/1980, do 26 de xuño, de mutilados de guerra ex combatentes da zona republicana, cuxos causantes non tiveren a condición de militar profesional das Forzas e Institutos Armados, fíxanse para o 2010 nas seguintes contías:

a) A pensión de mutilación será a que resulte de aplicar as porcentaxes establecidas para cada grao de incapacidade á cantidade de 4.790,73 euros, referida a 12 mensualidades.

b) A suma da remuneración básica, a remuneración substitutoria de trienios e as remuneracións suplementarias en compensación por retribucións non percibidas, será de 12.920,50 euros, referida a 12 mensualidades, sendo o importe de cada unha das dúas mensualidades extraordinarias da mesma contía que a da mensalidade ordinaria por estes conceptos.

c) As pensións en favor de familiares fíxanse no mesmo importe que o establecido como de contía mínima no sistema da Seguridade Social para as pensións de viuvez en favor de titulares maiores de sesenta e cinco anos, salvo as pensións en favor de orfos non incapacitados maiores de 21 anos con dereito a pensión, de acordo coa súa lexislación reguladora, cuxa contía será de 146,77 euros mensuais.

2. O importe das pensións en favor de familiares de excombatentes profesionais recoñecidas ao abeiro da Lei 35/1980, non poderá ser inferior, para o 2010, ao establecido como de contía mínima no sistema da Seguridade Social para as pensións de viuvez en favor de titulares maiores de 65 anos.

Tres. As pensións recoñecidas ao abeiro da Lei 6/1982, do 29 de marzo, sobre retribución básica a mutilados civís de guerra, fíxanse para o 2010 nas seguintes contías:

a) A retribución básica para os que teñan recoñecida unha incapacidade de segundo, terceiro ou cuarto grao, no 100 por cento da cantidade de 9.044,35 euros, referida a 12 mensualidades.

b) As pensións en favor de familiares, no mesmo importe que o establecido como de contía mínima no sistema da Seguridade Social para as pensións de viuvez en favor de titulares maiores de 65 anos.

Catro. As pensións recoñecidas ao abeiro do Decreto 670/1976, do 5 de marzo, en favor de mutilados de guerra que non puideron integrarse no corpo de Cabaleiros Mutilados, estableceranse, para o 2010, no importe que resulte de aplicar as porcentaxes establecidas para cada grao de incapacidade á contía de 5.739,90 euros, referida a 12 mensualidades.

Cinco. A contía para o 2010 das pensións causadas ao abeiro do título II da Lei 37/1984, do 22 de outubro, sobre recoñecemento de dereitos e servizos prestados aos que durante a guerra civil formaron parte das Forzas Armadas e de Orde Pública e Corpo de Carabineiros da República, fixarase tomando en consideración o importe polos conceptos de soldo e grao que proceda de entre os contidos no punto dous.a) do precedente artigo 40.

As contías destas pensións non poderán ser inferiores ás seguintes:

a) Nas pensións en favor de causantes, ao importe establecido como de contía mínima no sistema da Seguridade Social para as pensións de xubilación, con cónxuxe a cargo, en favor de titulares maiores de 65 anos.

b) Nas pensións de viuvez, ao importe establecido como de contía mínima no sistema da Seguridade Social para as pensións de viuvez en favor de titulares maiores de 65 anos.

Artigo 42. *Determinación inicial das pensións non contributivas da Seguridade Social.*

Un. Para o ano 2010, a contía das pensións de xubilación e invalidez da Seguridade Social, na súa modalidade non contributiva, fixarase en 4.755,80 euros íntegros anuais.

Dous. Para o ano 2010, establécese un complemento de pensión, fixado en 525 euros anuais, para aqueles pensionistas que acrediten, de forma que faga fe, carecer de vivenda en propiedade, e residir como residencia habitual nunha vivenda alugada ao pensionista por propietarios que non teñan con el ou ela relación de parentesco ata terceiro grao. No caso de unidades familiares en que convivan varios perceptores de pensións non contributivas, só poderá percibir o complemento o titular do contrato de aluguer ou, de seren varios, o primeiro deles.

As normas de desenvolvemento necesarias para regular o procedemento de solicitude, recoñecemento e aboamento deste complemento serán regulamentariamente determinadas polo Goberno na norma en que se establezan as contías e a revalorización a aplicar no ano 2010 ás pensións do sistema da Seguridade Social.

CAPÍTULO II

Limitacións no sinalamento inicial das pensións públicas

Artigo 43. *Limitación do sinalamento inicial das pensións públicas.*

Un. O importe que se perciba como consecuencia do sinalamento inicial das pensións públicas non poderá superar durante o ano 2010 a contía íntegra de 2.466,20 euros mensuais, sen prexuízo das pagas extraordinarias que puideren corresponder ao seu titular e cuxa contía tamén estará afectada polo citado límite.

Non obstante o anterior, se o pensionista tiver dereito a percibir menos ou máis de 14 pagas ao ano, incluídas as extraordinarias, este límite mensual deberá ser adecuado, para efectos de que a contía íntegra anual que corresponda ao interesado alcance ou non supere, durante o ano 2010, o importe de 34.526,80 euros.

Dous. Naqueles supostos en que un mesmo titular cause simultaneamente dereito a dúas ou máis pensións públicas das enumeradas no artigo 37 da Lei 4/1990, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para 1990, conforme a redacción dada pola disposición adicional décima da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais,

administrativas e da orde social, e pola disposición derradeira segunda da Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2009, o importe conxunto a percibir como consecuencia do sinalamento inicial de todas elas estará suxeito aos mesmos límites que se establecen no punto anterior.

Para tal efecto determinarase, en primeiro lugar, o importe íntegro de cada unha das pensións públicas de que se trate e, se a suma de todas elas exceder de 2.466,20 euros mensuais, reduciranse proporcionalmente ata absorber o dito exceso.

Non obstante, se algunha das pensións que se causen estiver a cargo do Fondo Especial dunha das mutualidades de funcionarios incluídas na letra c) do artigo 37 da Lei 4/1990, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para 1990, conforme a redacción dada pola disposición adicional décima da Lei 62/2003, do 30 de decembro, a minoración efectuarase preferentemente e, de resultar posible, con simultaneidade ao seu recoñecemento sobre o importe íntegro das ditas pensións, procedéndose con posterioridade, se isto for necesario, á aplicación da redución proporcional nas restantes pensións, para que a suma de todas elas non supere o indicado límite máximo.

Tres. Cando se efectúe o sinalamento inicial dunha pensión pública en favor de quen xa estiver percibindo outra ou outras pensións públicas, de a suma conxunta do importe íntegro de todas elas superar os límites establecidos no punto un deste precepto, minorarase ou suprimirase o importe íntegro a percibir como consecuencia do último sinalamento ata absorber a contía que exceda o referido límite legal.

Non obstante, se a pensión obxecto de sinalamento inicial, no presente ou en anteriores exercicios económicos, tiver a consideración de renda exenta na lexislación reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas, por solicitude do seu titular, procederá efectuar a citada minoración ou supresión sobre a pensión ou pensións públicas que o interesado causase anteriormente. En tales supostos os efectos da regularización retrotraeranse ao día 1 de xaneiro do ano en que se solicite ou á data inicial de aboamento da nova pensión, se esta for posterior.

Catro. Se no momento do sinalamento inicial a que se refiren os números anteriores, os organismos ou entidades competentes non puideren coñecer a contía e natureza das outras pensións que correspondan ao beneficiario, tal sinalamento realizarase con carácter provisional ata o momento en que se poidan practicar as oportunas comprobacións.

A regularización definitiva dos sinalamentos provisionais comportará, de ser o caso, a existencia do reintegro do indebidamente percibido polo titular da pensión. Este reintegro poderá practicarse con cargo ás sucesivas mensualidades de pensión.

Cinco. Se con posterioridade á minoración ou supresión do importe do sinalamento inicial a que se refiren os números dous e tres, se alterase, por calquera circunstancia, a contía ou composición das outras pensións públicas percibidas polo titular, revisaranse de oficio ou por instancia de parte as limitacións que se efectuasen, con efectos do primeiro día do mes seguinte a aquel en que se producise a variación.

En todo caso, os sinalamentos iniciais realizados en supostos de concorrencia de pensións públicas estarán suxeitos a revisión periódica.

Seis. A minoración ou supresión do importe dos sinalamentos iniciais de pensións públicas que puideren efectuarse por aplicación das normas limitativas non significará, de ningún xeito, mingua ou prexuízo dos dereitos anexos ao recoñecemento da pensión diferentes ao do cobro dela.

Sete. O límite máximo de percepción establecido neste artigo non se aplicará ás seguintes pensións públicas que se causen durante o ano 2010:

- a) Pensións extraordinarias do réxime de clases pasivas do Estado orixinadas por actos terroristas.
- b) Pensións do réxime de clases pasivas do Estado melloradas ao abeiro do Real decreto lei 19/1981, do 30 de outubro, sobre pensións extraordinarias a vítimas do terrorismo.
- c) Pensións extraordinarias recoñecidas pola Seguridade Social, orixinadas por actos terroristas.

d) Pensións extraordinarias recoñecidas ao abeiro da disposición adicional cuadraxésimo terceira da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

e) Pensións excepcionais derivadas de atentados terroristas, recoñecidas ao abeiro do Real decreto lei 6/2006, do 23 de xuño.

Oito. Cando no momento do sinalamento inicial das pensións públicas concorran nun mesmo titular algunha ou algunhas das pensións mencionadas no número sete deste artigo ou das establecidas no título II do Real decreto 851/1992, do 10 de xullo, polo que se regulan determinadas pensións extraordinarias causadas por actos de terrorismo, con outra ou outras pensións públicas, as normas limitativas deste artigo só se aplicarán respecto das non procedentes de actos terroristas.

Nove. Cando durante 2010 se orixinen situacións de concorrencia de pensións de velez ou invalidez do extinguido seguro obrigatorio de velez e invalidez con pensións de viuvez dalgún dos réximes do sistema da Seguridade Social, ou entre todas estas e, ademais, calquera outra pensión pública de viuvez, rexerá o límite establecido na disposición transitoria sétima do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño.

CAPÍTULO III

Revalorización e modificación dos valores das pensións públicas para o ano 2010

Artigo 44. *Revalorización e modificación dos valores das pensións públicas para o 2010.*

Un. As pensións de clases pasivas do Estado, salvo as excepcións que se conteñen nos seguintes artigos deste capítulo e que lles sexan de aplicación, experimentarán en 2010 un incremento do 1 por cento, de conformidade co previsto no artigo 27 do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado. O anterior enténdese sen prexuízo dos importes de garantía que figuran no precedente artigo 41, respecto das pensións recoñecidas ao abeiro da lexislación especial da guerra civil.

Dous. As pensións aboadas polo sistema da Seguridade Social, na súa modalidade contributiva, experimentarán no ano 2010 un incremento do 1 por cento, de conformidade co previsto no artigo 48 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, sen prexuízo das excepcións contidas nos artigos seguintes deste capítulo e que lles sexan expresamente de aplicación.

Tres. As pensións referidas no artigo 42 deste título que se viñesen percibindo en 31 de decembro de 2009, fixaranse no ano 2010 en 4.755,80 euros íntegros anuais.

Catro. De acordo co establecido na disposición adicional sexta, punto un, do texto refundido da Lei sobre seguridade social dos funcionarios civís do Estado, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2000, do 23 de xuño, as pensións das mutualidades integradas no Fondo Especial da Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado, cando fosen causadas con posterioridade a 31 de decembro de 2004, experimentarán o 1 de xaneiro do ano 2010 unha redución, respecto dos importes percibidos en 31 de decembro de 2009, do 20 por cento da diferenza entre a contía correspondente a 31 de decembro de 1978 –ou, tratándose do Montepío de Funcionarios da Organización Sindical, a 31 de decembro de 1977– e a que correspondería en 31 de decembro de 1973.

Cinco. As pensións aboadas con cargo aos réximes ou sistemas de previsión enumerados no artigo 37 da Lei 4/1990, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para 1990, conforme a redacción dada pola disposición adicional décima da Lei 62/2003, do 30 de decembro, e non referidas nos puntos anteriores deste artigo, experimentarán no ano 2010 a revalorización ou modificación que, de ser o caso, proceda segundo a súa normativa propia, que se aplicará sobre as contías percibidas en 31 de decembro de 2009, salvo as excepcións que se conteñen nos seguintes artigos deste capítulo e que lles sexan expresamente de aplicación.

Artigo 45. *Pensións non revalorizables durante o ano 2010.*

Un. No ano 2010 non experimentarán revalorización as pensións públicas seguintes:

a) As pensións aboadas con cargo a calquera dos réximes ou sistemas de previsión enumerados no artigo 37 da Lei 4/1990, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para 1990, conforme a redacción dada pola disposición adicional décima da Lei 62/2003, do 30 de decembro, e pola disposición derradeira segunda da Lei 2/2008, do 23 de decembro, cuxo importe íntegro mensual, sumado, de ser o caso, ao importe íntegro mensual das outras pensións públicas percibidas polo seu titular, exceda 2.466,20 euros íntegros en cómputo mensual, entendéndose esta cantidade nos termos expostos no precedente artigo 43.

O disposto no parágrafo anterior non será de aplicación ás pensións extraordinarias do réxime de clases pasivas do Estado e da Seguridade Social orixinadas por actos terroristas, así como ás pensións melloradas ao abeiro do Real decreto lei 19/1981, do 30 de outubro, sobre pensións extraordinarias a vítimas do terrorismo, e ás pensións recoñecidas ao abeiro da disposición adicional cuadraxésimo terceira da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social e ás pensións excepcionais derivadas de atentados terroristas, recoñecidas ao abeiro do Real decreto lei 6/2006, do 23 de xuño.

b) As pensións de clases pasivas recoñecidas a favor dos legoeiros do Estado e causadas con anterioridade a 1 de xaneiro de 1985, con excepción daquelas cuxo titular só perciba esta pensión como tal legoeiro.

c) As pensións do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez, cando entren en concorrencia con outras pensións públicas, excepto nos supostos regulados no artigo 49 desta lei.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, cando a suma de todas as pensións concorrentes e as do citado seguro obrigatorio de vellez e invalidez, unha vez revalorizadas aquelas, sexa inferior á contía fixada para a pensión de tal seguro no punto un do mencionado artigo 49 desta lei, calculadas unhas e outras en cómputo anual, a pensión do seguro obrigatorio de vellez e invalidez revalorizarase nun importe igual á diferenza resultante. Esta diferenza non ten carácter consolidable e será absorbible con calquera incremento que poidan experimentar as percepcións do interesado, xa sexa en concepto de revalorizacións ou por recoñecemento de novas prestacións de carácter periódico.

d) As pensións das mutualidades integradas no Fondo Especial da Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado que, en 31 de decembro de 2009, acadasen xa as contías correspondentes ao 31 de decembro de 1973.

Dous. No caso de que mutualidades, montepíos ou entidades de previsión social de calquera tipo que integren persoal pertencente a empresas ou sociedades con participación maioritaria do Estado, de comunidades autónomas, de corporacións locais ou de organismos autónomos e se financien con fondos procedentes dos ditos órganos ou entidades públicas, ou no caso de que estes, directamente, estean aboando ao persoal incluído na acción protectora daquelas pensións complementarias por calquera concepto sobre as que lles correspondería aboar aos réximes xerais que sexan de aplicación, as revalorizacións a que se refire o artigo 44 serán consideradas como límite máximo, podendo aplicarse coeficientes menores e incluso inferiores que a unidade ás ditas pensións complementarias, de acordo coas súas regulacións propias ou cos pactos que se produzan.

Artigo 46. *Limitación do importe da revalorización para o ano 2010 das pensións públicas.*

Un. O importe da revalorización para o ano 2010 das pensións públicas que, conforme as normas dos preceptos deste capítulo, poidan incrementarse, non poderá supor para estas, unha vez revalorizadas, un valor íntegro anual superior a 34.526,80 euros.

Dous. Naqueles supostos en que un mesmo titular perciba dúas ou máis pensións públicas, a suma do importe anual íntegro de todas elas, unha vez revalorizadas as que procedan, non poderá superar o límite máximo a que se refire o número anterior. De o superar, minorarase proporcionalmente a contía da revalorización, ata absorber o exceso sobre o dito límite.

Para tal efecto, cada entidade ou organismo competente para revalorizar determinará o seu propio límite máximo de percepción anual para as pensións ao seu cargo. Este límite consistirá nunha cifra que garde coa citada contía íntegra de 34.526,80 euros anuais a mesma proporción que a que garda a pensión ou pensións a cargo do organismo ou entidade de que se trate co conxunto total das pensións públicas que perciba o titular.

O referido límite (L) obterase mediante a aplicación da seguinte fórmula:

$$L = \frac{P}{T} \times 34.526,80 \text{ euros anuais.}$$

Sendo «P» o valor íntegro teórico anual alcanzado en 31 de decembro de 2009 pola pensión ou pensións a cargo do organismo ou entidade competente, e «T» o resultado de engadir á cifra anterior o valor íntegro anual das restantes pensións concorrentes do mesmo titular en idéntico momento.

Non obstante o anterior, se algunha das pensións que perciba o interesado estiver a cargo do fondo especial dunha das mutualidades de funcionarios incluídas na letra c) do artigo 37 da Lei 4/1990, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para 1990, conforme a redacción dada pola disposición adicional décima da Lei 62/2003, do 30 de decembro, ou se tratar das pensións non revalorizables a cargo dalgunha das entidades a que se refire o número dous do artigo 45, a aplicación das regras recollidas nos parágrafos anteriores adaptarase regulamentariamente a fin de que se poida alcanzar, de ser o caso, o límite máximo de percepción, no suposto de concorreren as ditas pensións complementarias con outra ou outras cuxo importe fose minorado ou suprimido para efectos de non superar a contía máxima fixada en cada momento.

Tres. Cando o organismo ou entidade competente para efectuar a revalorización da pensión pública, no momento de practicala, non puiden comprobar, de forma que faga fe, a realidade da contía das outras pensións públicas que perciba o titular, a citada revalorización efectuarase con carácter provisional ata o momento en que se poidan practicar as oportunas comprobacións.

A regularización definitiva comportará, de ser o caso, a exixencia do reintegro do indebidamente percibido polo titular. Este reintegro poderá practicarse con cargo ás sucesivas mensualidades de pensión.

En todo caso, as revalorizacións efectuadas en supostos de concorrencia de pensións públicas estarán suxeitas a revisión ou inspección periódica.

Catro. As normas limitativas reguladas neste precepto non se aplicarán a:

- a) Pensións extraordinarias do réxime de clases pasivas do Estado orixinadas por actos terroristas.
- b) Pensións do réxime de clases pasivas do Estado melloradas ao abeiro do Real decreto lei 19/1981, do 30 de outubro, sobre pensións extraordinarias a vítimas do terrorismo.
- c) Pensións extraordinarias recoñecidas pola Seguridade Social orixinadas por actos terroristas.
- d) Pensións extraordinarias recoñecidas ao abeiro da disposición adicional cuadraxésimo terceira da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.
- e) Pensións excepcionais derivadas de atentados terroristas, recoñecidas ao abeiro do Real decreto lei 6/2006, do 23 de xuño.

Cinco. Cando nun mesmo titular concorran algunha ou algunhas das pensións mencionadas no precedente punto tres ou das establecidas no título II do Real decreto 851/1992, do 10 de xullo, polo que se regulan determinadas pensións extraordinarias

causadas por actos terroristas, con outra ou outras pensións públicas, as normas limitativas deste precepto só se aplicarán respecto das non procedentes de actos terroristas.

Seis. Nos supostos de concorrencia de pensións de vellez ou invalidez do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez con pensións de viuvez, recollidos no número dous do artigo 49 desta lei, rexerá o límite establecido na disposición transitoria sétima do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, salvo que os interesados tiveren recoñecidos importes superiores con anterioridade a 1 de setembro de 2005, caso en que se aplicarán as normas xerais sobre revalorización, sempre que, por efecto destas normas, a suma das contías das pensións concorrentes siga sendo superior ao mencionado límite.

CAPÍTULO IV

Complementos para mínimos

Artigo 47. Recoñecemento de complementos para mínimos nas pensións de clases pasivas.

Un. Nos termos que regulamentariamente se determinen, terán dereito a percibir os complementos económicos necesarios para alcanzar a contía mínima das pensións os pensionistas de clases pasivas do Estado que non perciban durante o exercicio de 2010 ingresos de traballo ou de capital ou que, percibíndoos, non excedan os 6.923,90 euros ao ano. Para tal efecto, tamén se computarán entre tales ingresos as plusvalías ou ganancias patrimoniais.

Para acreditar as rendas e ingresos, o centro xestor poderá exixir ao pensionista unha declaración destes e, de ser o caso, a achega das declaracións tributarias presentadas.

Presumirase que concorren os requisitos indicados cando o interesado percibise durante 2009 ingresos por contía igual ou inferior a 6.923,90 euros anuais. Esta presunción poderase destruír, de ser o caso, polas probas obtidas pola Administración.

Para os únicos efectos de garantía de complementos para mínimos, equipararanse a ingresos de traballo as pensións públicas que non estean a cargo dalgún dos réximes públicos básicos de previsión social.

Nos supostos en que, de conformidade coas previsións legais, se teña recoñecida unha parte proporcional da pensión de viuvez, o complemento para mínimos que se aplicará, de ser o caso, serao na mesma proporción que se tivo en conta para o recoñecemento da pensión.

Os efectos económicos do recoñecemento dos complementos económicos retrotraeranse ao día 1 de xaneiro do ano en que se soliciten ou á data de arranque da pensión, se esta for posterior ao 1 de xaneiro.

Non obstante, se a solicitude de tal recoñecemento se efectuar con ocasión de exercitar o dereito ao cobramento da pensión, os efectos económicos poderán ser os da data de arranque desta, cunha retroactividade máxima dun ano desde que se soliciten e sempre que se reúnan os requisitos necesarios para a súa percepción.

Dous. Os recoñecementos de complementos económicos que se efectúen no 2010 con base en declaracións do interesado terán carácter provisional ata que se comprobe a realidade ou efectividade do declarado.

En todo caso, a Administración poderá revisar periodicamente, de oficio ou por instancia do interesado, as resolucións de recoñecemento de complementos económicos, que poderá comportar, de ser o caso, a exixencia do reintegro do indebidamente percibido polo titular da pensión. Este reintegro poderá practicarse con cargo ás sucesivas mensualidades de pensión.

Tres. Durante o 2010 as contías mínimas das pensións de clases pasivas quedan fixadas, en cómputo anual, nos importes seguintes:

Complementos para mínimos

Clase de pensión	Importe		
	Con cónxuxe a cargo	Sen cónxuxe: unidade económica unipersonal	Con cónxuxe non a cargo
Pensión de xubilación ou retiro.	725,20 euros/mes. 10.152,80 euros/ano.	587,80 euros/mes. 8.229,20 euros/ano.	557,50 euros/mes. 7.805,00 euros/ano.
Pensión de viuvez.	587,80 euros/mes. 8.229,20 euros/ano.		
Pensión familiar distinta da de viuvez, sendo N o número de beneficiarios da pensión ou pensións.	<u>572,8 euros/mes</u> N <u>8.019,2 euros/ano</u> N		

Catro. Os complementos económicos regulados nos puntos precedentes non se aplicarán ás pensións recoñecidas ao abeiro da lexislación especial derivada da guerra civil cuxas contías se fixan no artigo 41 desta lei, excepto ás pensións de orfandade recoñecidas ao abeiro do título II da Lei 37/1984, do 22 de outubro, así como ás recoñecidas a favor de orfos non incapacitados maiores de 21 anos, causadas por persoal non funcionario ao abeiro das leis 5/1979, do 18 de setembro, e 35/1980, do 26 de xuño.

Artigo 48. *Recoñecemento dos complementos para as pensións inferiores á mínima no sistema da Seguridade Social e importes das ditas pensións no ano 2010.*

Un. Nos termos que regulamentariamente se determinen, terán dereito a percibir os complementos necesarios para alcanzar a contía mínima de pensións os pensionistas do sistema da Seguridade Social na súa modalidade contributiva que non perciban ingresos de capital ou traballo persoal ou que, percibíndoos, non excedan 6.923,90 euros ao ano. Para tal efecto, tamén se computarán entre tales ingresos as plusvalías ou ganancias patrimoniais.

Para acreditar as rendas e ingresos, a entidade xestora poderá exixir ao pensionista unha declaración destes e, de ser o caso, a achega das declaracións tributarias presentadas.

Non obstante, os pensionistas da Seguridade Social na súa modalidade contributiva que perciban ingresos polos conceptos indicados en contía superior á cifra sinalada no parágrafo primeiro deste punto terán dereito a un complemento por mínimos cando a suma en cómputo anual de tales ingresos e dos correspondentes á pensión xa revalorizada resulte inferior á suma de 6.923,90 euros máis o importe en cómputo anual da contía mínima fixada para a clase de pensión de que se trate. Neste caso, o complemento para mínimos consistirá na diferenza entre os importes de ambas as sumas, sempre que esta diferenza non determine para o interesado unha percepción mensual conxunta de pensión e complemento por importe superior ao da contía mínima de pensión que corresponda en termos mensuais.

Para os únicos efectos de garantía de complementos para mínimos, equipararanse a ingresos de traballo as pensións públicas que non estean a cargo de calquera dos réximes públicos básicos de previsión social.

As cantidades a tanto global e os pagamentos periódicos aboados, con carácter compensatorio, aos pensionistas españois, ao abeiro do Acordo celebrado entre España e o Reino Unido, o 18 de setembro de 2006, non se computarán para ningún efecto para o recoñecemento dos complementos para alcanzar a contía mínima das pensións.

Dous. Presumirase que concorren os requisitos indicados no número anterior cando o interesado percibise durante o ano 2009 ingresos por contía igual ou inferior a 6.923,90 euros. Esta presunción poderá destruírse, de ser o caso, polas probas obtidas pola Administración.

Tres. Para efectos do previsto neste artigo, considerarase que existe cónxuxe a cargo do titular dunha pensión cando aquel estea convivindo co pensionista e dependa economicamente del.

Entenderase que existe dependencia económica cando concorran as circunstancias seguintes:

a) Que o cónxuxe do pensionista non sexa, pola súa vez, titular dunha pensión a cargo dun réxime básico público de previsión social, entendendo comprendidos no dito concepto os subsidios de garantía de ingresos mínimos e de axuda por terceira persoa, ambos da Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social dos minusválidos, e as pensións asistenciais reguladas na Lei 45/1960, do 21 de xullo.

b) Que os rendementos por calquera natureza do pensionista e do seu cónxuxe, computados na forma sinalada no punto un deste artigo, resulten inferiores a 8.076,80 euros anuais.

Cando a suma, en cómputo anual, dos rendementos referidos no parágrafo anterior e do importe, tamén en cómputo anual, da pensión que se vaia complementar resulte inferior á suma de 8.076,80 euros e da contía anual da pensión mínima con cónxuxe a cargo de que se trate, recoñecerase un complemento igual á diferenza, distribuído entre o número de mensualidades que corresponda.

Catro. Para os efectos previstos no punto un deste artigo, os pensionistas da Seguridade Social na súa modalidade contributiva que teñan recoñecido complemento por mínimos e percibisen durante o ano 2009 ingresos de capital ou traballo persoal que excedan 6.923,90 euros, estarán obrigados a presentar antes do 1 de marzo do ano 2010 declaración expresiva da contía dos ditos ingresos. O incumprimento desta obriga dará lugar ao reintegro das cantidades indebidamente percibidas polo pensionista cos efectos e na forma que regulamentariamente se determinen.

Cinco. Durante o ano 2010, as contías mínimas das pensións do sistema da Seguridade Social, na súa modalidade contributiva, quedan fixadas, en cómputo anual, clase de pensión e requisitos concorrentes no titular, nas contías seguintes:

Clase de pensión	Titulares		
	Con cónxuxe a cargo – Euros/ano	Sen cónxuxe: unidade económica unipersoal – Euros/ano	Con cónxuxe non a cargo – Euros/ano
Xubilación:			
Titular con sesenta e cinco anos	10.152,80	8.229,20	7.805,00
Titular menor de sesenta e cinco anos	9.515,80	7.697,20	7.273,00
Incapacidade permanente:			
Grande invalidez	15.229,20	12.343,80	11.708,20
Absoluta	10.152,80	8.229,20	7.805,00
Total: Titular con sesenta e cinco anos	10.152,80	8.229,20	7.805,00
Total: Titular con idade entre sesenta e sesenta e catro anos	9.515,80	7.697,20	7.273,00
Total: Derivada de enfermidade común menor de sesenta anos	5.115,60	5.115,60	55 % base mínima cotización réxime xeral.
Parcial do réxime de accidentes de traballo: titular con sesenta e cinco anos.	10.152,80	8.229,20	7.805,00
Viuvez:			
Titular con cargas familiares.....		9.515,80	
Titular con sesenta e cinco anos ou con discapacidade en grao igual ou superior ao 65%		8.229,20	
Titular con idade entre sesenta e sesenta e catro anos		7.697,20	
Titular con menos de sesenta anos		6.228,60	

Clase de pensión	Euros/ano
Orfandade:	
Por beneficiario	2.511,60
Na orfandade absoluta o mínimo incrementarase en 6.228,60 euros/ano, distribuídos, de ser o caso, entre os beneficiarios.	
Por beneficiario discapacitado menor de 18 anos cunha discapacidade en grao igual ou superior ao 65 por cento	4.944,80
En favor de familiares:	
Por beneficiario	2.511,60
Se non existe viúvo nin orfo pensionistas:	
Un só beneficiario con sesenta e cinco anos	6.074,60
Un só beneficiario menor de sesenta e cinco anos	5.720,40
Varios beneficiarios: o mínimo asignado a cada un deles incrementarase no importe que resulte de ratear 3.717,00 euros/ano entre o número de beneficiarios.	

CAPÍTULO V

Outras disposicións en materia de pensións públicas

Artigo 49. *Pensións do extinguido seguro obrigatorio de velez e invalidez.*

Un. A partir do 1 de xaneiro do ano 2010, a contía das pensións do extinguido seguro obrigatorio de velez e invalidez, non concorrentes con outras pensións públicas, queda fixada, en cómputo anual, en 5.259,80 euros.

Para estes efectos, non se considerará pensión concorrente a prestación económica recoñecida ao abeiro da Lei 3/2005, do 18 de marzo, aos cidadáns de orixe española desprazados ao estranxeiro, durante a súa minoría de idade, como consecuencia da guerra civil, nin a pensión percibida polos mutilados útiles ou incapacitados de primeiro grao por causa da pasada guerra civil española, calquera que for a lexislación reguladora, nin o subsidio por axuda de terceira persoa previsto na Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social dos minusválidos, nin as pensións extraordinarias derivadas de actos de terrorismo.

Dous. O importe das pensións de velez ou invalidez do extinguido seguro obrigatorio de velez e invalidez será o establecido no punto anterior, mesmo cando concorran con pensións de viuvez dalgún dos réximes do sistema da Seguridade Social, ou con algunha destas pensións e, ademais, con calquera outra pensión pública de viuvez, sen prexuízo da aplicación, á suma dos importes de todas elas, do límite establecido na disposición transitoria sétima do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño.

Tres. Cando, para o recoñecemento dunha pensión do extinguido seguro obrigatorio de velez e invalidez, se totalizasen períodos de seguro ou de residencia cumpridos noutros países vinculados a España por norma internacional de seguridade social que prevexa tal totalización, o importe da pensión rateada a cargo de España non poderá ser inferior ao 50 por 100 da contía da pensión do seguro obrigatorio de velez e invalidez que en cada momento corresponda.

TÍTULO V

Das operacións financeiras

CAPÍTULO I

Débeda pública

Artigo 50. *Débeda pública.*

Un. Autorízase a ministra de Economía e Facenda para que incremente a débeda do Estado, coa limitación de que o saldo vivo desta en 31 de decembro do ano 2010 non supere o correspondente saldo a 1 de xaneiro de 2010 en máis de 78.135.978,85 miles de euros.

Dous. Este límite será efectivo ao termo do exercicio, podendo ser superado no curso deste, e quedará automaticamente revisado:

- a) Polo importe das modificacións netas de créditos orzamentarios correspondentes aos capítulos I a VIII.
- b) Polas desviacións entre as previsións de ingresos contidas na presente lei e a evolución real destes.
- c) Polos anticipos de tesouraría e a variación neta das operacións non orzamentarias previstas legalmente.
- d) Pola variación neta nos dereitos e as obrigas do Estado recoñecidos e pendentes de ingreso ou pagamento.

As citadas revisións incrementarán ou reducirán o límite sinalado no número anterior segundo supoñan un aumento ou unha diminución, respectivamente, da necesidade de financiamento do Estado.

Artigo 51. *Operacións de crédito autorizadas a organismos públicos.*

Un. Autorízanse os organismos públicos que figuran no anexo III desta lei para concertaren operacións de crédito durante o ano 2010 polos importes que, para cada un, figuran no anexo citado.

Así mesmo, autorízanse as entidades públicas empresariais que figuran nese mesmo anexo III para concertaren operacións de crédito durante o ano 2010 polos importes que, para cada unha, figuran no dito anexo. A autorización refírese, neste caso, de acordo co establecido no artigo 111.4 da Lei xeral orzamentaria, ás operacións de crédito que non se concerten e cancelen dentro do ano.

Dous. Os organismos públicos de investigación dependentes do Ministerio de Ciencia e Innovación (Instituto Nacional de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaria; Consello Superior de Investigacións Científicas; Instituto Xeolóxico e Mineiro de España; Instituto de Saúde Carlos III; Instituto de Astrofísica de Canarias; Instituto Español de Oceanografía; Centro de Investigacións Enerxéticas, Medioambientais e Tecnolóxicas), o Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial Esteban Terradas, dependente do Ministerio de Defensa, e a Universidade Nacional de Educación a Distancia poderán concertar operacións de crédito en forma de anticipos reembolsables no ámbito das convocatorias de axudas do Ministerio de Ciencia e Innovación, con cargo ao capítulo VIII dos orzamentos xerais do Estado.

Esta autorización será aplicable unicamente aos anticipos que se concedan co fin de facilitar a dispoñibilidade de fondos para o pagamento de gastos que, unha vez xustificadas, se financien con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional.

Artigo 52. *Asunción de débeda do Ente Público Radiotelevisión Española en liquidación.*

Un. O Estado asumirá, na data do seu vencemento e por un importe máximo de 1.500.000,00 miles de euros, o nominal da operación de endebedamento do Ente Público Radiotelevisión Española en liquidación, que se relacionan no anexo XV.

Dous. A ministra de Economía e Facenda autorizará as operacións de tesouraría e adoptará as medidas necesarias para o cumprimento do disposto no parágrafo anterior.

Artigo 53. *Información da evolución da débeda do Estado ao Ministerio de Economía e Facenda e ao Congreso dos Deputados e ao Senado; e das contas abertas polo Tesouro no Banco de España ou noutras entidades financeiras ao Congreso dos Deputados e ao Senado.*

Os organismos públicos que teñen ao seu cargo a xestión da débeda do Estado ou asumida por este, mesmo cando o asumido sexa unicamente a carga financeira, remitirán á Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira do Ministerio de Economía e Facenda a seguinte información: trimestralmente, sobre os pagamentos efectuados e sobre a situación da débeda o día derradeiro do trimestre; e ao comezo de cada ano, sobre a previsión de gastos financeiros e amortizacións para o exercicio.

O Goberno comunicará trimestralmente ás Comisións de Orzamentos do Congreso dos Deputados e do Senado o saldo detallado das operacións financeiras concertadas polo Estado e os organismos autónomos.

Así mesmo, o Goberno comunicará trimestralmente o número de contas abertas polo Tesouro no Banco de España ou noutras entidades financeiras, así como os importes e a evolución dos saldos.

CAPÍTULO II

Avais públicos e outras garantías

Artigo 54. *Importe dos avais do Estado.*

Un. O importe máximo dos avais que outorgue o Estado durante o exercicio do ano 2010 non poderá exceder 42.000.000 miles de euros.

Dous. Dentro do total sinalado no número anterior, resérvanse os seguintes importes:

13.500.000 miles de euros para garantir, de acordo co establecido na disposición adicional vixésimo primeira, número 8, da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, segundo a redacción dada polo artigo 1 do Real decreto lei 6/2009, do 30 de abril, polo que se adoptan determinadas medidas no sector enerxético e se aproba o bono social, as obrigas económicas exixibles ao Fondo de Titulización do Déficit do Sistema Eléctrico, derivadas das emisións de instrumentos financeiros que realice este Fondo con cargo aos dereitos de cobramento que constitúan o seu activo.

27.000.000 miles de euros para garantir as obrigas económicas exixibles ao Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria, derivadas das emisións de instrumentos financeiros, da concertación de operacións de préstamo e crédito, así como da realización doutras operacións de endebedamento que realice o dito Fondo, de acordo co establecido pola disposición adicional segunda do Real decreto lei 9/2009, do 26 de xuño, sobre reestruturación bancaria e reforzamento dos recursos propios das entidades de crédito.

Tres. Dentro do importe total máximo dos avais que outorgue o Estado durante o exercicio 2010, resérvase o importe de 1.000.000 miles de euros para garantir as obrigas derivadas de operacións de financiamento concertadas por empresas fabricantes de vehículos automóbiles, validamente constituídas en España, destinadas á execución de plans industriais que prevexan investimentos produtivos en España, así como de procesos de mellora da competitividade.

A Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos determinará o procedemento de concesión de avais, os requisitos que deberán concorrer para a concesión deles e as condicións a que quedará suxeita a efectividade dos avais outorgados.

Catro. Dentro do importe de 500.000 miles de euros non reservado nos puntos anteriores, establécese un límite máximo de 40.000 miles de euros para garantir as obrigas derivadas de operacións de crédito concertadas por empresas navieiras domiciliadas en España destinadas á renovación e modernización da frota mercante española mediante a

adquisición por compra, por arrendamento con opción a compra ou por arrendamento financeiro con opción a compra, de buques mercantes novos, en construción ou usados cuxa antigüidade máxima sexa de cinco anos.

As solicitudes de aval que se presenten transcorridos seis meses desde a data de formalización da adquisición do buque non poderán ser tidas en conta.

A efectividade do aval que sexa outorgado con anterioridade á formalización da adquisición do buque quedará condicionada a que esta formalización se produza dentro dos seis meses seguintes á data de notificación do outorgamento do aval.

O importe avalado non poderá superar o 35 % do prezo total do buque financiado.

As condicións dos préstamos asegurables baixo este sistema serán, como máximo, as establecidas no Real decreto 442/1994, do 11 de marzo, sobre primas e financiamento á construción naval, ou disposicións posteriores que o modifiquen.

En todo caso, a autorización de avais basearase nunha avaliación da viabilidade económico-financieira da operación e do risco.

A Comisión Delegada para Asuntos Económicos determinará o procedemento de concesión de avais, os requisitos que deberán concorrer para a concesión deles e as condicións a que quedará suxeita a efectividade dos avais outorgados.

Cinco. Autorízase a Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira para que, na execución dos avais do Estado a que se refire o artigo 1 do Real decreto lei 7/2008, do 13 de outubro, de medidas urxentes en materia económico-financieira en relación co Plan de Acción Concertada dos Países da Zona Euro, poida efectuar os pagamentos correspondentes ás obrigas garantidas mediante operacións de tesouraría con cargo ao concepto específico establecido con tal fin.

Con posterioridade á súa realización, a Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira procederá á aplicación definitiva ao orzamento de gastos dos pagamentos realizados no exercicio, salvo os efectuados no mes de decembro de cada ano, que se aplicarán ao orzamento no primeiro trimestre do seguinte ano.

Artigo 55. *Avais das entidades públicas empresariais e sociedades mercantís estatais.*

Autorízase a Sociedade Estatal de Participacións Industriais para prestar avais no exercicio do ano 2010, en relación coas operacións de crédito que concerten e coas obrigas derivadas de concursos de adxudicación en que participen durante o citado exercicio as sociedades mercantís en cuxo capital participe directa ou indirectamente, ata un límite máximo de 1.210.000 miles de euros.

Artigo 56. *Información sobre avais públicos outorgados.*

O Goberno comunicará trimestralmente ás Comisións de Orzamentos do Congreso dos Deputados e do Senado o importe e características principais dos avais públicos outorgados.

Artigo 57. *Avais para garantir valores de renda fixa emitidos por fondos de titulización de activos.*

Un. O Estado poderá outorgar avais ata unha contía máxima, durante o exercicio de 2010, de 3.000 millóns de euros, co obxecto de garantir valores de renda fixa emitidos por fondos de titulización de activos constituídos ao abeiro dos convenios que subscriban a Administración xeral do Estado e as sociedades xestoras de fondos de titulización de activos inscritas na Comisión Nacional do Mercado de Valores, co obxecto de mellorar o financiamento da actividade produtiva empresarial.

Os activos cedidos ao fondo de titulización serán préstamos ou créditos concedidos a todo tipo de empresas non financeiras domiciliadas en España. Non obstante, o activo cedido correspondente a un mesmo sector, de acordo co nivel de división da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009, non poderá superar o 25 por cento do total do activo cedido ao fondo de titulización.

Os fondos de titulación de activos poderanse constituír con carácter aberto, no sentido do artigo 4 do Real decreto 926/1998, do 14 de maio, polo que se regulan os fondos de titulación de activos e as sociedades xestoras de fondos de titulación, por un período máximo de 2 anos desde a súa constitución, sempre e cando os activos cedidos ao fondo de titulación sexan préstamos ou créditos concedidos a partir do 1 de xaneiro de 2008.

Para a constitución dun fondo de titulación, as entidades de crédito interesadas deberán ceder préstamos e créditos concedidos a todo tipo de empresas non financeiras domiciliadas en España. Polo menos, o 50 por cento do saldo vivo dos préstamos e créditos cedidos deberán ter un prazo de amortización inicial non inferior a un ano e ter sido concedidos a pequenas e medianas empresas.

A entidade que ceda os préstamos e créditos deberá reinvestir a liquidez obtida como consecuencia do proceso de titulación, en préstamos ou créditos, cun prazo de amortización inicial non inferior a un ano, concedidos a todo tipo de empresas non financeiras domiciliadas en España e que, ao menos, o 80 por cento sexan a pequenas e medianas empresas. O reinvestimento deberá realizarse, polo menos o 50 por cento, no prazo dun ano, contado desde a efectiva disposición da liquidez, e o resto no prazo de dous anos. Para estes efectos, entenderase por liquidez obtida o importe dos activos que a entidade cede ao fondo de titulación no momento da súa constitución e, de ser o caso, nas posteriores cesións que se realicen como consecuencia do carácter aberto do fondo, durante o período de dous anos anteriormente indicado.

Dous. O importe vivo acumulado de todos os avais outorgados polo Estado a valores de renda fixa emitidos polos fondos de titulación de activos sinalados no número anterior non poderá exceder os 10.100 millóns de euros en 31 de decembro de 2010.

Tres. O outorgamento dos avais sinalados no número un deste artigo deberá ser acordado polo Ministerio de Economía e Facenda, con ocasión da constitución do fondo e logo da tramitación do preceptivo expediente.

Catro. As sociedades xestoras de fondos de titulación de activos deberán remitir á Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira a información necesaria para o control do risco asumido por parte do Estado en virtude dos avais, en particular a referente ao volume total do principal pendente de amortización dos valores de renda fixa emitidos polos fondos de titulación de activos e á taxa de activos impagados ou falidos da carteira titulizada.

Cinco. A constitución dos fondos de titulación de activos a que se refiren os números anteriores estará exenta de todo arancel notarial e, de ser o caso, rexistral.

Seis. Facúltase a ministra de Economía e Facenda para que estableza as normas e requisitos a que se axustarán os convenios a que fai mención o número un deste artigo.

CAPÍTULO III

Relacións do Estado co Instituto de Crédito Oficial

Artigo 58. Reembolsos do Estado ao Instituto de Crédito Oficial.

Un. Reembolsos do Estado ao Instituto de Crédito Oficial como consecuencia da xestión do sistema CARX. O Estado reembolsará durante o ano 2010 ao Instituto de Crédito Oficial tanto as cantidades que este satisfíxese ás institucións financeiras en pagamento das operacións de axuste de xuros previstas na Lei 11/1983, do 16 de agosto, de medidas financeiras de estímulo á exportación, como os custos de xestión de tales operacións en que aquel incorrese.

Para ese propósito, a dotación para o ano 2010 ao sistema CARX (Convenio de Axuste Recíproco de Xuros), será a que figure na partida orzamentaria 20.06.431A.444.

No caso de que existan saldos positivos do sistema a favor do Instituto de Crédito Oficial en 31 de decembro do ano 2010, unha vez deducidos os custos de xestión nos que incorrese o ICO, estes ingresaranse no Tesouro.

Dentro do conxunto de operacións de axuste de xuros aprobadas ao longo do exercicio 2010, o importe dos créditos á exportación a que se refire o artigo 4.2 do Regulamento

aprobado polo Real decreto 677/1993, do 7 de maio, que poderán ser aprobados durante o ano 2010, ascende a 480.000 miles de euros.

Coa finalidade de optimizar a xestión financeira das operacións de axuste recíproco de xuros, o Instituto de Crédito Oficial poderá concertar, por si ou a través de axentes financeiros de intermediación, operacións de intercambio financeiro que teñan por obxecto cubrir o risco que para o Tesouro poida supor a evolución dos tipos de xuro, logo de informe da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira do Ministerio de Economía e Facenda e autorización da Dirección Xeral de Comercio e Investimentos do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

Dous. Reembolsos do Estado ao Instituto de Crédito Oficial como consecuencia doutras actividades. Nos supostos de xuros subvencionados polo Estado, en operacións financeiras instrumentadas a través do Instituto de Crédito Oficial, os acordos do Consello de Ministros ou da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos incluírán información acerca da reserva de créditos nos orzamentos xerais do Estado.

Artigo 59. *Información ás Cortes Xerais.*

Un. Información ás Cortes Xerais en materia do Instituto de Crédito Oficial. O Goberno remitirá trimestralmente ás Comisións de Orzamentos do Congreso dos Deputados e do Senado información detallada de todas as compensacións do Estado, en virtude do establecido no artigo 58 desta lei. Así mesmo, a información incluírá as cantidades reembolsadas ao Instituto polo Estado a que se refire o último parágrafo do número dez da disposición adicional vixésima segunda da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

Dous. Información ás Cortes Xerais en materia de investimento e gasto público. O Goberno remitirá semestralmente ás Comisións de Orzamentos do Congreso dos Deputados e do Senado información do grao de execución da investimento, de ser o caso, co detalle da distribución territorial do Estado e dos seus organismos autónomos.

Artigo 60. *Fondo de Axuda ao Desenvolvemento.*

Un. A dotación ao Fondo de Axuda ao Desenvolvemento incrementarase no ano 2010 en 1.847.885,65 miles de euros, que se destinarán aos fins previstos no número 2 da disposición adicional vixésima da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social. Así mesmo, con cargo ao Fondo de Axuda ao Desenvolvemento poderán financiarse, por iniciativa do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, achegas de capital e contribucións financeiras a organismos e institucións internacionais, programas de desenvolvemento e fondos multilaterais de desenvolvemento cos que España teña ou subscriba o oportuno convenio ou acordo de financiamento.

Dous. O incremento na dotación ao Fondo de Axuda ao Desenvolvemento farase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e polos seguintes importes:

12.03.143A.872 «Fondo de axuda ao desenvolvemento en materia de cooperación», 1.355.230,00 miles de euros.

15.21.923P.871 «Fondo de axuda ao desenvolvemento para institucións financeiras internacionais e para a xestión da débeda externa (FIDE)», 298.630,00 miles de euros.

20.06.431A.871 «Fondo de axuda ao desenvolvemento para a internacionalización», 194.025,65 miles de euros.

Tres. O Consello de Ministros poderá aprobar operacións con cargo ao Fondo de Axuda ao Desenvolvemento por un importe de ata 2.153.860,00 miles de euros ao longo do ano 2010, sen que, en ningún caso, as dotacións que se utilicen para financiar as operacións realizadas con cargo ao Fondo de Axuda ao Desenvolvemento poidan superar os importes indicados no parágrafo anterior, consonte a seguinte distribución por departamentos:

Operacións por iniciativa do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación: ata 1.355.230,00 miles de euros. Dentro deste límite de aprobacións por Consello de Ministros, as operacións que polo seu carácter non reembolsable comporten axuste en déficit público terá un límite máximo de 800.000 miles de euros.

Operacións por iniciativa do Ministerio de Economía e Facenda: ata 298.630,00 miles de euros.

Operacións por iniciativa do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio: ata 500.000 miles de euros.

Quedan expresamente excluídas desta limitación as operacións de refinanciamento de créditos concedidos con anterioridade con cargo ao Fondo de Axuda ao Desenvolvemento que se leven a cabo en cumprimento dos oportunos acordos bilaterais ou multilaterais acordados no seo do Club de París, de renegociación da débeda exterior dos países prestameiros.

Catro. Serán recursos adicionais á dotación prevista para cada unha das aplicacións do Fondo de Axuda ao Desenvolvemento e aplicaranse a cada unha delas os retornos que teñan lugar durante o exercicio económico 2010 e que teñan a súa orixe en operacións aprobadas por iniciativa do departamento ministerial correspondente.

Cinco. A compensación anual ao ICO establecida no punto 10 da disposición adicional vixésimo segunda da Lei 62/2003 será efectuada polos tres departamentos mencionados nunha porcentaxe determinada pola proporción que supón o límite de aprobación de operacións asignado a cada departamento respecto ao límite total de aprobacións.

Seis. O Goberno informará semestralmente ao Congreso e ao Senado do importe, país de destino e condicións das operacións autorizadas polo Consello de Ministros con cargo ao dito fondo.

Artigo 61. Fondo para a concesión de microcréditos para proxectos de desenvolvemento social básico no exterior.

A dotación ao Fondo para a concesión de microcréditos a que se refire o artigo 105 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, ascenderá a 100.000,00 miles de euros e destinarase aos fins previstos no número tres dese artigo, así como aos gastos de asistencia técnica dos distintos proxectos.

O Consello de Ministros poderá autorizar operacións con cargo ao Fondo por un importe máximo de ata 100.000,00 miles de euros ao longo do ano 2010.

O Goberno informará semestralmente ao Congreso e ao Senado do importe, país de destino e condicións das operacións autorizadas por Consello de Ministros con cargo a este fondo.

Artigo 62. Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento.

A dotación ao Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento ascenderá no ano 2010 a 300.000,00 miles de euros e destinarase aos fins previstos no número 3 da disposición adicional sexaxésimo primeira da Lei 51/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2008.

O Consello de Ministros poderá autorizar operacións con cargo ao Fondo por un importe máximo de ata 300.000,00 miles de euros ao longo do ano 2010.

O Goberno informará semestralmente ao Congreso e ao Senado do importe, país de destino e condicións das operacións autorizadas por Consello de Ministros con cargo a este fondo.

CAPÍTULO IV

Capítulo 8 do orzamento

Artigo 63. Préstamos e anticipos con cargo ao capítulo 8 do orzamento.

Será preceptivo e vinculante o informe do Ministerio de Economía e Facenda para a concesión de préstamos e anticipos, con cargo ao capítulo 8 dos orzamentos xerais do Estado, ás entidades do sector público comprendidas no ámbito de aplicación do artigo 2 do texto refundido da Lei xeral de estabilidade orzamentaria, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2007, do 28 de decembro.

O citado informe terá por obxecto determinar o efecto que as condicións de concesión dos ditos préstamos e anticipos poidan ter sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria a que se refire o artigo 7 do texto refundido da Lei xeral de estabilidade orzamentaria aprobado polo Real decreto legislativo 2/2007, do 28 de decembro, e en atención ás ditas consideracións determinará a procedencia da concesión das operacións propostas.

Mediante orde da ministra de Economía e Facenda poderán ditarse as instrucións que sexan precisas para o cumprimento desta disposición.

TÍTULO VI

Normas tributarias

CAPÍTULO I

Impostos directos

Sección 1.^a Imposto sobre a renda das persoas físicas

Artigo 64. *Coefficientes de actualización do valor de adquisición.*

Un. Para efectos do previsto no número 2 do artigo 35 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio, para as transmisións de bens inmoables non afectos a actividades económicas que se efectúen durante o ano 2010, os coeficientes de actualización do valor de adquisición serán os seguintes:

Ano de adquisición	Coefficiente
1994 e anteriores	1,2780
1995	1,3502
1996	1,3040
1997	1,2780
1998	1,2532
1999	1,2307
2000	1,2070
2001	1,1833
2002	1,1601
2003	1,1374
2004	1,1150
2005	1,0932
2006	1,0718
2007	1,0508
2008	1,0302
2009	1,0100
2010	1,0000

Non obstante, cando os investimentos se tivesen efectuado o 31 de decembro de 1994, será de aplicación o coeficiente 1,3502.

A aplicación dun coeficiente distinto da unidade exixirá que o investimento fose realizado con máis dun ano de antelación á data da transmisión do ben inmoable.

Dous. Para efectos da actualización do valor de adquisición prevista no número anterior, os coeficientes aplicables aos bens inmoables afectos a actividades económicas serán os previstos para o imposto sobre sociedades no artigo 74 desta lei.

Tres. Tratándose de elementos patrimoniais actualizados de acordo co previsto no artigo 5 do Real decreto lei 7/1996, do 7 de xuño, sobre medidas urxentes de carácter fiscal e de fomento e liberalización da actividade económica, aplicaranse as seguintes regras:

1.^a Os coeficientes de actualización a que se refire o punto anterior aplicaranse sobre o prezo de adquisición e sobre as amortizacións contabilizadas correspondentes a el, sen tomar en consideración o importe do incremento neto do valor resultante das operacións de actualización.

2.^a A diferenza entre as cantidades determinadas pola aplicación do establecido no número anterior minorarase no importe do valor anterior do elemento patrimonial.

Para determinar o valor anterior do elemento patrimonial actualizado tomaranse os valores que fosen considerados para os efectos de aplicar os coeficientes de actualización.

3.^a O importe que resulte das operacións descritas no número anterior minorarase no incremento neto de valor derivado das operacións de actualización previstas no Real decreto lei 7/1996, sendo a diferenza positiva así determinada o importe da depreciación monetaria.

4.^a A ganancia ou perda patrimonial será o resultado de minorar a diferenza entre o valor de transmisión e o valor contable no importe da depreciación monetaria a que se refire o número anterior.

Artigo 65. *Exención das prestacións por desemprego na modalidade de pagamento único.*

Con efectos desde 1 de xaneiro de 2010 e vixencia indefinida, a alínea n) do artigo 7 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio, queda redactado da seguinte forma:

«n) As prestacións por desemprego recoñecidas pola respectiva entidade xestora cando se perciban na modalidade de pagamento único establecida no Real decreto 1044/1985, do 19 de xuño, polo que se regula o aboamento da prestación por desemprego na súa modalidade de pagamento único, co límite de 15.500 euros, sempre que as cantidades percibidas se destinen ás finalidades e nos casos previstos na citada norma.

O límite establecido no parágrafo anterior non se aplicará no caso de prestacións por desemprego percibidas por traballadores que sexan persoas con discapacidade que se convertan en traballadores autónomos, nos termos do artigo 31 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

A exención prevista no parágrafo primeiro estará condicionada ao mantemento da acción ou participación durante o prazo de cinco anos, no suposto de que o contribuínte se integrase en sociedades laborais ou cooperativas de traballo asociado, ou ao mantemento, durante idéntico prazo, da actividade, no caso do traballador autónomo.»

Artigo 66. *Redución por obtención de rendementos do traballo e de determinados rendementos de actividades económicas.*

Con vixencia exclusiva para o exercicio 2010, introdúcese as seguintes modificacións na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio:

Un. Modifícase o artigo 20, que quedará redactado como segue:

«Artigo 20. *Redución por obtención de rendementos do traballo.*

1. O rendimento neto do traballo minorarase nas seguintes contías:

a) Contribuíntes con rendementos netos do traballo iguais ou inferiores a 9.180 euros: 4.080 euros anuais.

b) Contribuíntes con rendementos netos do traballo comprendidos entre 9.180,01 e 13.260 euros: 4.080 euros menos o resultado de multiplicar por 0,35 a diferenza entre o rendimento do traballo e 9.180 euros anuais.

c) Contribuíntes con rendementos netos do traballo superiores a 13.260 euros ou con rendas, excluídas as exentas, distintas das do traballo superiores a 6.500 euros: 2.652 euros anuais.

2. Incrementarase nun 100 por cento o importe da redución prevista no número 1 deste artigo, nos seguintes supostos:

a) Traballadores activos maiores de 65 anos que continúen ou prolonguen a actividade laboral, nas condicións que regulamentariamente se determinen.

b) Contribuíntes desempregados inscritos na oficina de emprego que acepten un posto de traballo que exixa o traslado da súa residencia habitual a un novo municipio, nas condicións que regulamentariamente se determinen. Este incremento aplicarase no período impositivo en que se produza o cambio de residencia e no seguinte.

3. Adicionalmente, as persoas con discapacidade que obteñan rendementos do traballo como traballadores activos poderán minorar o rendimento neto do traballo en 3.264 euros anuais.

A dita redución será de 7.242 euros anuais para as persoas con discapacidade que, sendo traballadores activos, acrediten necesitar axuda de terceiras persoas ou mobilidade reducida, ou un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 por cento.

4. Como consecuencia da aplicación das reducións previstas neste artigo, o saldo resultante non poderá ser negativo.»

Dous. Modifícase o punto 1.º do número 2 do artigo 32, que quedará redactado como segue:

«1.º Cando se cumpran os requisitos previstos no punto 2.º deste número, o rendimento neto das actividades económicas minorarase nas contías seguintes:

a) Contribuíntes con rendementos netos de actividades económicas iguais ou inferiores a 9.180 euros: 4.080 euros anuais.

b) Contribuíntes con rendementos netos de actividades económicas comprendidos entre 9.180,01 e 13.260 euros: 4.080 euros menos o resultado de multiplicar por 0,35 a diferenza entre o rendimento neto de actividades económicas e 9.180 euros anuais.

c) Contribuíntes con rendementos netos de actividades económicas superiores a 13.260 euros ou con rendas, excluídas as exentas, distintas das de actividades económicas superiores a 6.500 euros: 2.652 euros anuais.

Adicionalmente, as persoas con discapacidade que obteñan rendementos netos derivados do exercicio efectivo de actividades económicas poderán minorar o rendimento neto destas en 3.264 euros anuais.

A dita redución será de 7.242 euros anuais para as persoas con discapacidade que exerzan de forma efectiva unha actividade económica e acrediten necesitar axuda de terceiras persoas ou mobilidade reducida, ou un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 por cento.»

Artigo 67. *Mínimo persoal e familiar.*

Con vixencia exclusiva para o exercicio 2010, introdúcese as seguintes modificacións na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio:

Un. Modifícase o artigo 57, que quedará redactado como segue:

«Artigo 57. *Mínimo do contribuínte.*

1. O mínimo do contribuínte será, con carácter xeral, de 5.151 euros anuais.
2. Cando o contribuínte teña unha idade superior a 65 anos, o mínimo aumentarase en 918 euros anuais. Se a idade é superior a 75 anos, o mínimo aumentarase adicionalmente en 1.122 euros anuais.»

Dous. Modifícase o artigo 58, que quedará redactado como segue:

«Artigo 58. *Mínimo por descendentes.*

1. O mínimo por descendentes será, por cada un deles menor de vinte e cinco anos ou con discapacidade, calquera que sexa a súa idade, sempre que conviva co contribuínte e non teña rendas anuais, excluídas as exentas, superiores a 8.000 euros, de:

- 1.836 euros anuais polo primeiro.
- 2.040 euros anuais polo segundo.
- 3.672 euros anuais polo terceiro.
- 4.182 euros anuais polo cuarto e seguintes.

Para estes efectos, asimílaranse aos descendentes aquelas persoas vinculadas ao contribuínte por razón de tutela e acollemento, nos termos previstos na lexislación civil aplicable.

Entre outros casos, considerarase que conviven co contribuínte os descendentes que, dependendo del, estean internados en centros especializados.

2. Cando o descendente sexa menor de tres anos, o mínimo a que se refire o número 1 anterior aumentarase en 2.244 euros anuais.

Nos supostos de adopción ou acollemento, tanto preadoptivo como permanente, este aumento producirase, con independencia da idade do menor, no período impositivo en que se inscriba no Rexistro Civil e nos dous seguintes. Cando a inscrición non sexa necesaria, o aumento poderase practicar no período impositivo en que se produza a resolución xudicial ou administrativa correspondente e nos dous seguintes.»

Tres. Modifícase o artigo 59, que quedará redactado como segue:

«Artigo 59. *Mínimo por ascendentes.*

1. O mínimo por ascendentes será de 918 euros anuais, por cada un deles maior de 65 anos ou con discapacidade, calquera que sexa a súa idade, que conviva co contribuínte e non teña rendas anuais, excluídas as exentas, superiores a 8.000 euros.

Entre outros casos, considerarase que conviven co contribuínte os ascendentes discapacitados que, dependendo del, sexan internados en centros especializados.

2. Cando o ascendente sexa maior de 75 anos, o mínimo a que se refire o número 1 anterior aumentarase en 1.122 euros anuais.»

Catro. Modifícase o artigo 60, que quedará redactado como segue:

«Artigo 60. *Mínimo por discapacidade.*

O mínimo por discapacidade será a suma do mínimo por discapacidade do contribuínte e do mínimo por discapacidade de ascendentes e descendentes.

1. O mínimo por discapacidade do contribuínte será de 2.316 euros anuais cando sexa unha persoa con discapacidade e de 7.038 euros anuais cando sexa unha persoa con discapacidade e acredite un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 por cento.

O dito mínimo aumentarase, en concepto de gastos de asistencia, en 2.316 euros anuais cando acredite necesitar axuda de terceiras persoas ou mobilidade reducida, ou un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 por cento.

2. O mínimo por discapacidade de ascendentes ou descendentes será de 2.316 euros anuais por cada un dos descendentes ou ascendentes que xeren dereito á aplicación do mínimo a que se refiren os artigos 58 e 59 desta lei, que sexan persoas con discapacidade, calquera que sexa a súa idade. O mínimo será de 7.038 euros anuais por cada un deles que acrediten un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 por cento.

O dito mínimo aumentarase, en concepto de gastos de asistencia, en 2.316 euros anuais por cada ascendente ou descendente que acredite necesitar axuda de terceiras persoas ou mobilidade reducida, ou un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 por cento.

3. Para os efectos deste imposto, terán a consideración de persoas con discapacidade os contribuíntes que acrediten, nas condicións que regulamentariamente se establezan, un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento.

En particular, considerarase acreditado un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento no caso dos pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, e, no caso dos pensionistas de clases pasivas, que teñan recoñecida unha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade. Igualmente, considerarase acreditado un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 por cento cando se trate de persoas cuxa incapacidade sexa declarada xudicialmente, aínda que non alcance o dito grao.»

Cinco. Modifícase o artigo 61.4.^a, que quedará redactado como segue:

«Artigo 61.4.^a

Non obstante o disposto no punto anterior, en caso de falecemento dun descendente que xere o dereito ao mínimo por descendentes, a contía será de 1.836 euros anuais por ese descendente.»

Artigo 68. *Escalas xeral e complementaria do imposto.*

Con vixencia exclusiva para o exercicio 2010, introdúcense as seguintes modificacións na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio:

Un. Modifícase o número 1 do artigo 63, que quedará redactado como segue:

«1. A parte da base liquidable xeral que exceda o importe do mínimo persoal e familiar a que se refire o artigo 56 desta lei será gravada da seguinte forma:

1.º Á base liquidable xeral aplicaráselle os tipos que se indican na seguinte escala:

Base liquidable – Ata euros	Cota íntegra – Euros	Resto base liquidable – Ata euros	Tipo aplicable – Porcentaxe
0,00	0,00	17.707,20	15,66
17.707,20	2.772,95	15.300,00	18,27
33.007,20	5.568,26	20.400,00	24,14
53.407,20	10.492,82	En adiante	27,13

2.º A contía resultante minorarase no importe derivado de aplicar á parte da base liquidable xeral correspondente ao mínimo persoal e familiar a escala prevista no número 1.º anterior.»

Dous. Modifícase o número 1 do artigo 74, que quedará redactado como segue:

«1. A parte da base liquidable xeral que exceda o importe do mínimo persoal e familiar a que se refire o artigo 56 desta lei será gravada da seguinte forma:

1.º Á base liquidable xeral aplicaráselle os tipos da escala autonómica do imposto que, conforme o previsto na Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía, fosen aprobadas pola comunidade autónoma.

De a comunidade autónoma non ter aprobada a escala a que se refire o parágrafo anterior será aplicable a seguinte escala complementaria:

Base liquidable – Ata euros	Cota íntegra – Euros	Resto base liquidable – Ata euros	Tipo aplicable – Porcentaxe
0	0	17.707,20	8,34
17.707,20	1.476,78	15.300,00	9,73
33.007,20	2.965,47	20.400,00	12,86
53.407,20	5.588,91	En adiante	15,87

2.º A contía resultante minorarase no importe derivado de aplicar á parte da base liquidable xeral correspondente ao mínimo persoal e familiar a escala prevista no número 1.º anterior.»

Artigo 69. Tipos de gravame do aforro.

Con efectos desde 1 de xaneiro de 2010 e vixencia indefinida, introdúcense as seguintes modificacións na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio:

Un. Modifícase o artigo 66, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 66. Tipos de gravame do aforro.

1. A base liquidable do aforro, na parte que non corresponda, de ser o caso, co mínimo persoal e familiar a que se refire o artigo 56 desta lei, gravarase aos tipos que aparecen na seguinte escala:

Parte da base liquidable – Euros	Tipo aplicable – Porcentaxe
Ata 6.000 euros	11,72
Desde 6.000,01 euros en diante	12,95

2. No caso dos contribuíntes que tiveren a súa residencia habitual no estranxeiro por concorrer algunha das circunstancias a que se refiren o número 2 do artigo 8 e o número 1 do artigo 10 desta lei, a base liquidable do aforro, na parte que non corresponda, de ser o caso, co mínimo persoal e familiar a que se refire o artigo 56 desta lei, gravarase aos tipos que aparecen na seguinte escala:

Parte da base liquidable – Euros	Tipo aplicable – Porcentaxe
Ata 6.000 euros	19
Desde 6.000,01 euros en diante	21»

Dous. Modifícase o artigo 76, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 76. *Tipo de gravame do aforro.*

A base liquidable do aforro, na parte que non corresponda, de ser o caso, co mínimo persoal e familiar a que se refire o artigo 56 desta lei, gravarase aos tipos que aparecen na seguinte escala:

Parte da base liquidable — Euros	Tipo aplicable — Porcentaxe
Ata 6.000 euros	7,28
Desde 6.000,01 euros en diante	8,05»

Tres. Introdúcese unha nova disposición adicional vixésimo oitava, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional vixésimo oitava. *Porcentaxes de repartición da escala do aforro.*

A escala do aforro aplicable para a determinación da cota íntegra estatal e autonómica será a resultante de aplicar á escala prevista no artigo 66.2 desta lei a porcentaxe de repartición entre o Estado e a comunidade autónoma que derive do modelo de financiamento existente na comunidade autónoma en que o contribuínte teña a súa residencia habitual.»

Artigo 70. *Dedución por obtención de rendementos do traballo ou de actividades económicas.*

Con efectos desde 1 de xaneiro de 2010 e vixencia indefinida, introdúcese a seguinte modificación na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio:

Modifícase o número 1 do artigo 80 bis, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. Os contribuíntes cuxa base imponible sexa inferior a 12.000 euros anuais que obteñan rendementos do traballo ou rendementos de actividades económicas deduciranse a seguinte contía:

a) cando a base imponible sexa igual ou inferior a 8.000 euros anuais: 400 euros anuais.

b) cando a base imponible estea comprendida entre 8.000,01 e 12.000 euros anuais: 400 euros menos o resultado de multiplicar por 0,1 a diferenza entre a base imponible e 8.000 euros anuais.»

Artigo 71. *Importe dos pagamentos á conta.*

Con efectos desde 1 de xaneiro de 2010 e vixencia indefinida, o artigo 101 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio, queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 101. Importe dos pagamentos á conta.

1. As retencións e ingresos á conta sobre os rendementos do traballo derivados de relacións laborais ou estatutarias e de pensións e haberes pasivos fixaranse regulamentariamente, tomando como referencia o importe que resultaría de aplicar as tarifas á base da retención ou ingreso á conta.

Para determinar a porcentaxe de retención ou ingreso á conta poderanse ter en consideración as circunstancias persoais e familiares e, de ser o caso, as rendas do

cónxuxe e as reducións e deducións, así como as retribucións variables previsibles, nos termos que regulamentariamente se establezan.

Para estes efectos, presumíranse retribucións variables previsibles, como mínimo, as obtidas no ano anterior, salvo que concorran circunstancias que permitan acreditar de maneira obxectiva un importe inferior.

Reglamentariamente poderase establecer que a porcentaxe de retención ou ingreso á conta se exprese en números enteiros, con redondeo ao máis próximo.

2. A porcentaxe de retención e ingreso á conta sobre os rendementos do traballo que se perciban pola condición de administradores e membros dos consellos de administración, das xuntas que fagan as súas veces, e demais membros doutros órganos representativos, será do 35 por cento. Esta porcentaxe de retención e ingreso á conta reducirase á metade cando se trate de rendementos obtidos en Ceuta ou Melilla que teñan dereito á dedución na cota prevista no artigo 68.4 desta lei.

3. A porcentaxe de retención e ingreso á conta sobre os rendementos do traballo derivados de impartir cursos, conferencias, coloquios, seminarios e similares, ou derivados da elaboración de obras literarias, artísticas ou científicas, sempre que se ceda o dereito á súa explotación, será do 15 por cento. Esta porcentaxe reducirase á metade cando se trate de rendementos do traballo obtidos en Ceuta e Melilla que teñan dereito á dedución na cota prevista no artigo 68.4 desta lei.

4. A porcentaxe de retención e ingreso á conta sobre os rendementos do capital mobiliario será do 19 por cento. No caso dos rendementos previstos nas alíneas a) e b) do número 1 do artigo 25 desta lei, a base de retención estará constituída pola contraprestación íntegra, sen que se teña en consideración, para estes efectos, a exención prevista na letra y) do artigo 7 desta lei.

Esta porcentaxe reducirase á metade cando se trate de rendementos que teñan dereito á dedución na cota prevista no artigo 68.4 desta lei, procedentes de sociedades que operen efectiva e materialmente en Ceuta ou Melilla e con domicilio e obxecto social exclusivo nas ditas cidades.

5. As porcentaxes das retencións e ingresos á conta sobre os rendementos derivados de actividades económicas serán:

a) O 15 por cento, no caso dos rendementos de actividades profesionais establecidos en vía regulamentaria.

Non obstante, aplicarase a porcentaxe do 7 por cento sobre os rendementos de actividades profesionais que se establezan regulamentariamente.

Estas porcentaxes reduciranse á metade cando os rendementos teñan dereito á dedución na cota prevista no artigo 68.4 desta lei.

b) O 2 por cento no caso de rendementos procedentes de actividades agrícolas ou gandeiras, salvo no caso das actividades gandeiras de engorda de porcino e avicultura, en que se aplicará o 1 por cento.

c) O 2 por cento no caso de rendementos procedentes de actividades forestais.

d) O 1 por cento para outras actividades empresariais que determinen o seu rendimento neto polo método de estimación obxectiva, nos supostos e condicións que regulamentariamente se establezan.

6. A porcentaxe de pagamentos á conta sobre as ganancias patrimoniais derivadas das transmisións ou reembolsos de accións e participacións de institucións de investimento colectivo será do 19 por cento.

Non se aplicará retención cando non proceda computar a ganancia patrimonial, de acordo co previsto no artigo 94.1.a) desta lei.

A porcentaxe de retención e ingreso á conta sobre as ganancias patrimoniais derivadas dos aproveitamentos forestais dos veciños en montes públicos que regulamentariamente se establezan será do 19 por 100.

7. A porcentaxe de retención e ingreso á conta sobre os premios que se entreguen como consecuencia da participación en xogos, concursos, rifas ou

combinacións aleatorias, estean ou non vinculadas á oferta, promoción ou venda de determinados bens, produtos ou servizos, será do 19 por cento.

8. A porcentaxe de retención e ingreso á conta sobre os rendementos procedentes do arrendamento ou subarrendamento de bens inmobles urbanos, calquera que sexa a súa cualificación, será do 19 por cento.

Esta porcentaxe reducirase á metade cando o inmovible estea situado en Ceuta ou Melilla nos termos previstos no artigo 68.4 desta lei.

9. A porcentaxe de retención e ingreso á conta sobre os rendementos procedentes da propiedade intelectual, industrial, da prestación de asistencia técnica, do arrendamento de bens mobles, negocios ou minas e do subarrendamento sobre os bens anteriores, calquera que sexa a súa cualificación, será do 19 por cento.

10. A porcentaxe de retención e ingreso á conta sobre os rendementos procedentes da cesión do dereito á explotación do dereito de imaxe, calquera que sexa a súa cualificación, será o 24 por cento. A porcentaxe de ingreso á conta no suposto previsto no artigo 92.8 desta lei será do 19 por cento.

11. As porcentaxes dos pagamentos fraccionados que deban practicar os contribuíntes que exerzan actividades económicas serán os seguintes:

a) O 20 por cento, cando se trate de actividades que determinen o rendimento neto polo método de estimación directa, en calquera das súas modalidades.

b) O 4 por cento, cando se trate de actividades que determinen o rendimento neto polo método de estimación obxectiva. A porcentaxe será o 3 por cento cando se trate de actividades que teñan só unha persoa asalariada, e o 2 por cento cando non se dispoña de persoal asalariado.

c) O 2 por cento, cando se trate de actividades agrícolas, gandeiras, forestais ou pesqueiras, calquera que for o método de determinación do rendimento neto.

Estas porcentaxes reduciranse á metade para as actividades económicas que teñan dereito á dedución na cota prevista no artigo 68.4 desta lei.»

Artigo 72. Redución do rendimento neto das actividades económicas por mantemento ou creación de emprego.

Con efectos desde 1 de xaneiro de 2009 e vixencia indefinida, engádese unha disposición adicional vixésima sétima na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional vixésima sétima. *Redución do rendimento neto das actividades económicas por mantemento ou creación de emprego.*

1. En cada un dos períodos impositivos 2009, 2010 e 2011, os contribuíntes que exerzan actividades económicas cuxo importe neto da cifra de negocios para o conxunto delas sexa inferior a 5 millóns de euros e teñan un cadro de persoal medio inferior a 25 empregados, poderán reducir nun 20 por 100 o rendimento neto positivo declarado, minorado, de ser o caso, polas reducións previstas no artigo 32 desta lei, correspondente a elas, cando manteñan ou creen emprego.

Para estes efectos, entenderase que o contribuínte mantén ou crea emprego cando en cada un dos citados períodos impositivos o cadro de persoal medio utilizado no conxunto das súas actividades económicas non sexa inferior á unidade e ao cadro de persoal medio do período impositivo 2008.

O importe da redución así calculada non poderá ser superior ao 50 por cento do importe das retribucións satisfeitas no exercicio ao conxunto dos seus traballadores.

A redución aplicarase de forma independente en cada un dos períodos impositivos en que se cumpran os requisitos.

2. Para o cálculo do cadro de persoal medio utilizado a que se refire o número 1 anterior tomaranse as persoas empregadas, nos termos que dispoña a lexislación laboral, tendo en conta a xornada contratada en relación coa xornada completa e a duración da dita relación laboral respecto do número total de días do período impositivo.

Non obstante, cando o contribuínte non viñese desenvolvendo ningunha actividade económica con anterioridade a 1 de xaneiro de 2008 e inicie o seu exercicio no período impositivo 2008, o cadro de persoal medio correspondente a este calcularase tomando en consideración o tempo transcorrido desde o inicio da actividade.

Cando o contribuínte non viñese desenvolvendo ningunha actividade económica con anterioridade a 1 de xaneiro de 2009 e inicie o seu exercicio con posterioridade á dita data, o cadro de persoal medio correspondente ao período impositivo 2008 será cero.

3. Para efectos de determinar o importe neto da cifra de negocios, terase en consideración o establecido no número 3 do artigo 108 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades.

Cando en calquera dos períodos impositivos a duración da actividade económica fose inferior ao ano, o importe neto da cifra de negocios elevarase ao ano.

4. Cando o contribuínte non viñese desenvolvendo ningunha actividade económica con anterioridade a 1 de xaneiro de 2009 e inicie o seu exercicio en 2009, 2010 ou 2011, e o cadro de persoal medio correspondente ao período impositivo en que se inicie esta sexa superior a cero e inferior á unidade, a redución establecida no número 1 desta disposición adicional aplicarase no período impositivo de inicio da actividade coa condición de que no período impositivo seguinte o cadro de persoal medio non sexa inferior á unidade.

O incumprimento do requisito a que se refire o parágrafo anterior motivará a non aplicación da redución no período impositivo de inicio da súa actividade económica, debendo presentar unha autoliquidación complementaria, cos correspondentes xuros de demora, no prazo que medie entre a data en que se incumpra o requisito e a finalización do prazo regulamentario de declaración correspondente ao período impositivo en que se produza tal incumprimento.»

Sección 2.2 Imposto sobre a renda de non-residentes

Artigo 73. Tipo de gravame das rendas do aforro.

Con efectos desde 1 de xaneiro de 2010 e vixencia indefinida, introdúcese as seguintes modificacións no texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non-residentes, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2004, do 5 de marzo:

Un. Modifícase o número 2 do artigo 19, que queda redactado da seguinte forma:

«2. Adicionalmente, cando as rendas obtidas por establecementos permanentes de entidades non-residentes se transfiran ao estranxeiro, será exixible unha imposición complementaria, ao tipo de gravame do 19 por cento, sobre as contías transferidas con cargo ás rendas do establecemento permanente, incluídos os pagamentos a que fai referencia o artigo 18.1.a), que non fosen gastos deducibles para efectos de fixación da base imponible do establecemento permanente.

A declaración e ingreso da dita imposición complementaria efectuarase na forma e prazos establecidos para as rendas obtidas sen mediación de establecemento permanente.»

Dous. Modifícase a letra f) do número 1 do artigo 25, que queda redactada da seguinte forma:

«f) O 19 por cento cando se trate de:

1.º Dividendos e outros rendementos derivados da participación nos fondos propios dunha entidade.

2.º Xuros e outros rendementos obtidos pola cesión a terceiros de capitais propios.

3.º Ganancias patrimoniais que se poñan de manifesto con ocasión de transmisións de elementos patrimoniais.»

Sección 3.ª Imposto sobre sociedades

Artigo 74. *Coefficientes de corrección monetaria.*

Un. Con efectos para os períodos impositivos que se inicien durante o ano 2010, os coeficientes previstos no artigo 15.9.a) do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo, en función do momento de adquisición do elemento patrimonial transmitido, serán os seguintes:

	Coeficiente
Con anterioridade a 1 de xaneiro de 1984 ...	2,2719
No exercicio 1984	2,0630
No exercicio 1985	1,9052
No exercicio 1986	1,7937
No exercicio 1987	1,7087
No exercicio 1988	1,6324
No exercicio 1989	1,5612
No exercicio 1990	1,5001
No exercicio 1991	1,4488
No exercicio 1992	1,4167
No exercicio 1993	1,3982
No exercicio 1994	1,3730
No exercicio 1995	1,3180
No exercicio 1996	1,2553
No exercicio 1997	1,2273
No exercicio 1998	1,2114
No exercicio 1999	1,2030
No exercicio 2000	1,1969
No exercicio 2001	1,1722
No exercicio 2002	1,1580
No exercicio 2003	1,1385
No exercicio 2004	1,1276
No exercicio 2005	1,1127
No exercicio 2006	1,0908
No exercicio 2007	1,0674
No exercicio 2008	1,0343
No exercicio 2009	1,0120
No exercicio 2010	1,0000

Dous. Os coeficientes aplicaranse da seguinte maneira:

a) Sobre o prezo de adquisición ou custo de produción, atendendo ao ano de adquisición ou produción do elemento patrimonial. O coeficiente aplicable ás melloras será o correspondente ao ano en que se realizasen.

b) Sobre as amortizacións contabilizadas, atendendo ao ano en que se realizaron.

Tres. Tratándose de elementos patrimoniais actualizados de acordo co previsto no artigo 5 do Real decreto lei 7/1996, do 7 de xuño, os coeficientes aplicaranse sobre o prezo de adquisición e sobre as amortizacións contabilizadas correspondentes a este, sen

tomar en consideración o importe do incremento neto de valor resultante das operacións de actualización.

A diferenza entre as cantidades determinadas pola aplicación do establecido no parágrafo anterior minorarase no importe do valor anterior do elemento patrimonial e ao resultado aplicaráselle, en canto proceda, o coeficiente a que se refire a letra c) do número 9 do artigo 15 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades.

O importe que resulte das operacións descritas no parágrafo anterior minorarase no incremento neto de valor derivado das operacións de actualización previstas no Real decreto lei 7/1996, sendo a diferenza positiva así determinada o importe da depreciación monetaria a que fai referencia o número 9 do artigo 15 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades.

Para determinar o valor anterior do elemento patrimonial actualizado tomaranse os valores que fosen considerados para os efectos de aplicar os coeficientes establecidos no número un.

Artigo 75. Pagamento fraccionado do imposto sobre sociedades.

Respecto dos períodos impositivos que se inicien durante o ano 2010, a porcentaxe a que se refire o número 4 do artigo 45 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo, será o 18 por cento para a modalidade de pagamento fraccionado prevista no seu número 2. As deducións e bonificacións a que se refire o dito número incluírán todas aquelas que lle foren de aplicación ao suxeito pasivo.

Para a modalidade prevista no número do 3 do artigo 45 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, o porcentaxe será o resultado de multiplicar por cinco sétimos o tipo de gravame redondeado por defecto.

Estarán obrigados a aplicar a modalidade a que se refire o parágrafo anterior os suxeitos pasivos cuxo volume de operacións, calculado conforme o disposto no artigo 121 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, superase a cantidade de 6.010.121,04 euros durante os doce meses anteriores á data en que se inicien os períodos impositivos dentro do ano 2010.

Artigo 76. Porcentaxe de retención ou ingreso á conta.

Con efectos para os períodos impositivos iniciados a partir de 1 de xaneiro de 2010 e vixencia indefinida, modifícase a letra a) do número 6 do artigo 140 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo, que queda redactada da seguinte forma:

«a) Con carácter xeral, o 19 por 100.

Cando se trate de rendas procedentes do arrendamento ou subarrendamento de inmobles urbanos situados en Ceuta, Melilla ou as súas dependencias, obtidas por entidades domiciliadas nos ditos territorios ou que operen neles mediante establecemento ou sucursal, a dita porcentaxe dividirase por dous.»

Artigo 77. Tipo de gravame reducido por mantemento ou creación de emprego.

Con efectos para os períodos impositivos iniciados a partir de 1 de xaneiro de 2009 e vixencia indefinida, engádesse unha disposición adicional décimo segunda no texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional décimo primeira. *Tipo de gravame reducido no imposto sobre sociedades por mantemento ou creación de emprego.*

1. Nos períodos impositivos iniciados dentro dos anos 2009, 2010 e 2011, as entidades cuxo importe neto da cifra de negocios habida nos ditos períodos sexa inferior a 5 millóns de euros e o cadro de persoal medio neles sexa inferior a 25

empregados, tributarán conforme a seguinte escala, excepto se, de acordo co previsto no artigo 28 desta, lei deben tributar a un tipo diferente do xeral:

- a) Pola parte de base imponible comprendida entre 0 e 120.202,41 euros, ao tipo do 20 por cento.
- b) Pola parte de base imponible restante, ao tipo do 25 por cento.

Cando o período impositivo teña unha duración inferior ao ano, aplicarase o establecido no último parágrafo do artigo 114 desta lei.

2. A aplicación da escala a que se refire o número anterior está condicionada a que durante os doce meses seguintes ao inicio de cada un deses períodos impositivos, o cadro de persoal medio da entidade non sexa inferior á unidade e, ademais, tampouco sexa inferior ao cadro de persoal medio dos doce meses anteriores ao inicio do primeiro período impositivo que comece a partir de 1 de xaneiro de 2009.

Cando a entidade se constituíse dentro dese prazo anterior de doce meses, tomarase o cadro de persoal medio que resulte dese período.

Os requisitos para a aplicación da escala computaranse de forma independente en cada un deses períodos impositivos.

En caso de incumprimento da condición establecida neste número, procederá realizar a regularización na forma establecida no número 5 desta disposición adicional.

3. Para o cálculo do cadro de persoal medio da entidade tomaranse as persoas empregadas, nos termos que dispoña a lexislación laboral, tendo en conta a xornada contratada en relación coa xornada completa.

Computarase que o cadro de persoal medio dos doce meses anteriores ao inicio do primeiro período impositivo que comece a partir de 1 de xaneiro de 2009 é cero cando a entidade se constituíse a partir desa data.

4. Para efectos de determinar o importe neto da cifra de negocios, terase en consideración o establecido no número 3 do artigo 108 desta lei.

Cando a entidade sexa de nova creación, ou algún dos períodos impositivos a que se refire o número 1 desta disposición adicional tivese unha duración inferior ao ano, ou ben a actividade se desenvolvese durante un prazo tamén inferior, o importe neto da cifra de negocios elevarase ao ano.

5. Cando a entidade se constituíse dentro dos anos 2009, 2010 ou 2011 e o cadro de persoal medio nos doce meses seguintes ao inicio do primeiro período impositivo sexa superior a cero e inferior á unidade, a escala establecida no número 1 desta disposición adicional aplicarase no período impositivo de constitución da entidade a condición de que nos doce meses posteriores á conclusión dese período impositivo o cadro de persoal medio non sexa inferior á unidade.

Cando se incumpra esta condición, o suxeito pasivo deberá ingresar xunto coa cota do período impositivo en que teña lugar o incumprimento o importe resultante de aplicar o 5 por cento á base imponible do referido primeiro período impositivo, ademais dos xuros de demora.

6. Cando ao suxeito pasivo lle sexa de aplicación a modalidade de pagamento fraccionado establecida no número 3 do artigo 45 desta lei, a escala a que se refire o número 1 anterior non será de aplicación na cuantificación dos pagamentos fraccionados.»

Sección 4.^a Impostos locais

Artigo 78. Imposto sobre bens inmobles.

Un. Con efectos do 1 de xaneiro do ano 2010, actualizaranse todos os valores catastrais dos bens inmobles mediante a aplicación do coeficiente 1,01. Este coeficiente aplicarase nos seguintes termos:

- a) Cando se trate de bens inmobles valorados conforme os datos que constan no catastro inmobiliario, aplicarase sobre o valor asignado aos ditos bens para 2009.

b) Cando se trate de valores catastrais notificados no exercicio 2009, obtidos da aplicación de relatorios de valores parciais aprobados no mencionado exercicio, aplicarase sobre os ditos valores.

c) Cando se trate de bens inmobles que sufrisen alteracións das súas características conforme os datos que constan no catastro inmobiliario, sen que as ditas variacións tivesen efectividade, o mencionado coeficiente será aplicado sobre o valor asignado a tales inmobles, en virtude das novas circunstancias, pola Dirección Xeral do Catastro, con aplicación dos módulos que servisen de base para a fixación dos valores catastrais do resto dos bens inmobles do municipio.

d) No caso de inmobles rústicos que se valoren, con efectos de 2010, conforme o disposto no número 1 da disposición transitoria primeira do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, o coeficiente unicamente se aplicará sobre o valor catastral vixente no exercicio 2009 para o solo do inmovible non ocupado polas construcións.

Dous. Quedan excluídos da actualización regulada neste artigo os valores catastrais obtidos da aplicación dos relatorios de valores totais aprobados entre o 1 de xaneiro de 2000 e o 30 de xuño de 2002, así como os valores resultantes dos relatorios de valores parciais aprobados desde a primeira das datas indicadas nos municipios en que fose de aplicación o artigo segundo da Lei 53/1997, do 27 de novembro, pola que se modifica parcialmente a Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, e se establece unha redución na base imponible do imposto sobre bens inmobles.

Tres. O incremento dos valores catastrais dos bens inmobles rústicos previsto neste artigo non terá efectos respecto ao límite de base imponible das explotacións agrarias que condiciona a inclusión no réxime especial agrario da Seguridade Social dos traballadores por conta propia, que se seguirá rexendo pola súa lexislación específica.

CAPÍTULO II

Impostos indirectos

Sección 1ª. Imposto sobre o valor engadido

Artigo 79. *Imposto sobre o valor engadido.*

Con efectos desde o 1 de xullo de 2010 e vixencia indefinida, introdúcense as seguintes modificacións na Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.

Un. Modifícase o número un do artigo 90, que queda redactado da seguinte forma:

«Un. O imposto exírbase ao tipo do 18 por cento, salvo o disposto no artigo seguinte.»

O resto do artigo queda co mesmo contido.

Dous. Modifícase o encabezado do número un do artigo 91, que queda redactado da seguinte forma:

«Un. Aplicaráselles o tipo do 8 por cento ás operacións seguintes:»

O resto do número e artigo quedan co mesmo contido.

Tres. Modifícase o número cinco do artigo 130, que queda redactado da seguinte forma:

«Cinco. A compensación a tanto global a que se refire o número tres deste artigo será a cantidade resultante de lle aplicar, ao prezo de venda dos produtos ou dos servizos indicados no dito número, a porcentaxe que proceda de entre as que se indican a seguir:

1.º O 10 por 100, nas entregas de produtos naturais obtidos en explotacións agrícolas ou forestais e nos servizos de carácter accesorio das ditas explotacións.

2.º O 8,5 por 100, nas entregas de produtos naturais obtidos en explotacións gandeiras ou pesqueiras e nos servizos de carácter accesorio das ditas explotacións.

Para a determinación dos referidos prezos, non se computarán os tributos indirectos que graven as citadas operacións, nin os gastos accesorios ou complementarios a estas cargados separadamente ao adquirente, tales como comisións, embalaxes, portes, transportes, seguros, financeiros ou outros.

Nas operacións realizadas sen contraprestación en diñeiro, as referidas porcentaxes aplicaranse sobre o valor de mercado dos produtos entregados ou dos servizos prestados.

A porcentaxe aplicable en cada operación será a vixente no momento en que naza o dereito a percibir a compensación.»

O resto do artigo queda co mesmo contido.

Sección 2.ª Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados

Artigo 80. Escala por transmisións e rehabilitacións de grandezas e títulos nobiliarios.

Con efectos desde o 1 de xaneiro do ano 2010, a escala a que fai referencia o parágrafo primeiro do artigo 43 do texto refundido da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1993, do 24 de setembro, será a seguinte:

Escala	Transmisións directas – Euros	Transmisións transversais – Euros	Rehabilitacións e recoñecemento de títulos estranxeiros – Euros
1.º Por cada título con grandeza	2.568	6.438	15.435
2.º Por cada grandeza sen título	1.836	4.603	11.019
3.º Por cada título sen grandeza	732	1.836	4.417

CAPÍTULO III

Outros tributos

Artigo 81. *Taxas.*

Un. Elévanse a partir do 1 de xaneiro de 2010 os tipos de contía fixa das taxas da Facenda estatal ata a contía que resulte da aplicación do coeficiente 1,01 ao importe exixible durante o ano 2009, tendo en conta o disposto polo artigo 74.un da Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2009.

Exceptúanse do previsto no parágrafo anterior as taxas que fosen creadas ou obxecto de actualización específica por normas ditadas no ano 2009.

Dous. A variación porcentual prevista no punto un non será aplicable ás taxas por utilización especial das instalacións portuarias nin á taxa por servizo de sinalización marítima reguladas na Lei 48/2003, do 26 de novembro, de réxime económico e de prestación de servizos dos portos de interese xeral. Tampouco será aplicable esta actualización ás taxas por ocupación privativa do dominio público portuario e por aproveitamento especial do dominio público no exercicio de actividades comerciais, industriais e de servizos, para as que a dita lei establece un réxime de actualización propio.

Tres. Considéranse tipos de contía fixa aqueles que non se determinen por unha porcentaxe da base ou cuxa base non se valore en unidades monetarias.

Catro. A partir do 1 de xaneiro de 2010, o número 4 do artigo 3 do Real decreto lei 16/1977, do 25 de febreiro, polo que se regulan os aspectos penais, administrativos e fiscais dos xogos de sorte, envite ou azar e apostas, quedará redactado como segue:

«4. A partir do 1 de xaneiro de 2010 rexerán os seguintes tipos e cotas fixas:

Tipos tributarios e cotas fixas.

Un. Tipos tributarios.

- a) O tipo tributario xeral será do 20 por 100.
- b) Nos casinos de xogo aplicarase a seguinte tarifa:

Porción da base imponible comprendida entre euros	Tipo aplicable – Porcentaxe
Entre 0 e 1.322.226,63	20
Entre 1.322.226,64 e 2.187.684,06	35
Entre 2.187.684,07 e 4.363.347,88	45
Máis de 4.363.347,88	55

Dous. Cotas fixas.

Nos casos de explotación de máquinas ou aparellos automáticos aptos para a realización dos xogos, a cota determinarase en función da clasificación das máquinas realizada polo Regulamento de máquinas recreativas e de azar, aprobado polo Real decreto 2110/1998, do 2 de outubro, segundo as normas seguintes:

A) Máquinas tipo “B” ou recreativas con premio:

- a) Cota anual: 3.531 euros.
- b) Cando se trate de máquinas ou aparellos automáticos tipo “B” en que poidan intervir dous ou máis xogadores de forma simultánea e sempre que o xogo de cada un deles sexa independente do realizado por outros xogadores, serán de aplicación as seguintes cotas:

Máquinas ou aparellos de dous xogadores: dúas cotas conforme o previsto na alínea a) anterior.

Máquinas ou aparellos de tres ou máis xogadores: a cota incrementarase nun 50% por cada xogador adicional a partir do terceiro.

B) Máquinas tipo “C” ou de azar:

- a) Cota anual: 4.020,77 euros.»

Artigo 82. *Taxa de ateraxe.*

Malia o disposto no artigo 81, mantéñense para o ano 2010 as contías da taxa de ateraxe no importe exixible durante o ano 2009 de acordo co establecido no artigo 81 da Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2009.

Artigo 83. *Taxa de aproximación.*

Con efectos do 1 de xaneiro de 2010 e vixencia indefinida, modifícanse os números cinco, seis e sete do artigo 22 da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, polo que se regula a taxa de aproximación, que pasarán a ter a seguinte redacción:

«Cinco. O importe da taxa de aproximación exixible a unha aeronave nun aeroporto será igual ao produto da tarifa unitaria establecida a ese aeroporto polas unidades de servizo de aproximación da dita aeronave.

Para estes efectos, e sen prexuízo da posibilidade de financiar parte dos custos dos servizos de navegación aérea con cargo a outras fontes de financiamento, a taxa unitaria calcularase dividindo os custos dos servizos de navegación aérea de aproximación previstos entre o número de unidades de servizo de aproximación taxables para o ano correspondente. Os custos previstos incluírán o saldo resultante da recuperación por exceso ou defecto dos anos anteriores.

As unidades de servizo de aproximación serán igual ao factor “peso” da aeronave considerada.

O factor “peso”, expresado nunha cifra de dous decimais, será igual ao cociente obtido dividindo por cincuenta a cifra correspondente ao peso máximo á engalaxe máis elevado da aeronave, expresado en toneladas métricas, aplicándose o expoñente 0,9.

O peso máximo certificado de engalaxe da aeronave, expresado en toneladas métricas, será o que figura no certificado de aeronavegabilidade ou noutro documento oficial equivalente proporcionado polo operador da aeronave. Cando non se coñeza o peso, utilizarase o peso da aeronave máis pesada que se coñeza do mesmo tipo. Se unha aeronave conta con varios pesos máximos certificados de engalaxe, escollerase o máximo. Se un operador de aeronaves traballa con dúas ou máis aeronaves que son diferentes versións do mesmo tipo, utilizarase para todas elas a media dos pesos máximos de engalaxe de todas as aeronaves do mesmo tipo. O cálculo do factor peso por tipo de aeronave e por operador efectuarase, polo menos, unha vez ao ano.

O cálculo e imputación de custos realizarase conforme establece o Regulamento da Comisión n.º 1794/2006, do 6 de decembro, polo que se establece un sistema común de tarificación dos servizos de navegación aérea.

Seis. A taxa unitaria por zona de tarificación, así como o expoñente a que fai referencia o parágrafo cuarto do número anterior, fixaraos anualmente o Ministerio de Fomento para cada aeroporto, podéndose prever outras fontes de financiamento dos custos dos servizos de aproximación. En caso de cambios importantes e inesperados do tráfico ou dos custos, as taxas unitarias poderán ser modificadas ao longo do ano.

Con carácter previo á determinación da taxa, o prestador dos servizos de aproximación levará a cabo o trámite de consulta previsto no artigo 15 do Regulamento (CE) 1794/2006, da Comisión, do 6 de decembro de 2006.

Sete. As taxas aplicables a partir do 1 de xaneiro de 2010 serán:

Os aeroportos de Alacant, Barcelona, Bilbao, Fuerteventura, Gran Canaria, Eivissa, Lanzarote, Madrid/Barajas, Málaga, Menorca, Palma de Mallorca, Sevilla, Tenerife/Norte, Tenerife/Sur e Valencia: 171,22 euros.

Os aeroportos de Santiago, Almería, Asturias, Girona, Granada, Jerez, A Coruña, La Palma, Reus e Vigo: 154,10 euros.

Os aeroportos de Santander, Zaragoza, El Hierro, La Gomera, Madrid/Cuatro Vientos, Melilla, Pamplona, San Sebastián, Vitoria, Badajoz, Murcia/San Javier, Valladolid, Salamanca, Sabadell e o resto dos aeroportos aos cales AENA preste servizos de navegación aérea de aproximación: 128,42 euros.

Esta clasificación poderá ser modificada polo Ministerio de Fomento en función do tráfico que aqueles soporten.»

Artigo 84. *Taxa por prestación de servizos e utilización do dominio público aeroportuario.*

Un. Malia o disposto no artigo 81, mantéñense para o ano 2010 as contías da taxa por prestación de servizos e utilización do dominio público aeroportuario no importe exixible durante o ano 2009 de acordo co establecido no artigo 82 da Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2009.

Dous. Con efectos do 1 de xaneiro de 2010 e vixencia indefinida, engádeselle un novo artigo 9 bis catro á Lei 25/1998, do 13 de xullo, coa seguinte redacción:

«Artigo 9 bis catro.

1. Sen prexuízo do disposto no artigo 81 desta Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2010, e do disposto nos artigos 9, 9 bis, 9 bis dous, este último na súa redacción dada polo artigo 71 dous da Lei 30/2005, do 29 de decembro, e 9 bis tres desta lei, as contías para a tarifa G.6 serán as que a seguir se expresan:

Tarifa G.6. Sistemas de enerxía a 400 hertz.

As contías que se aplicarán por cada servizo de subministración de enerxía eléctrica transformada a 400 Hz serán as seguintes:

Concepto	1.ª hora ou fracción	Euros/cuarto de hora ou fracción
Aeronaves con peso menor de 40 t	23,84	5,96
Aeronaves cuxo peso estea comprendido entre 40 t e 150 t	25,09	6,27
Aeronaves con peso maior de 150 t	40,76	10,19»

Artigo 85. Taxa de seguridade aeroportuaria.

Un. Malia o disposto no artigo 81, mantéñense para o ano 2010 as contías da taxa de seguridade no importe exixible durante o ano 2009 de acordo co establecido no artigo 83 da Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2009.

Dous. Con efectos do 1 de xaneiro de 2010 e vixencia indefinida, modifícase a porcentaxe da recadación da taxa de seguridade que se ingresará no Tesouro Público, de acordo co establecido na disposición adicional primeira da Lei 4/2004, do 29 de decembro, quedando a redacción do artigo contido na mencionada lei como segue:

«Nove. O importe íntegro do recadado por esta taxa, diminuído no importe transferido á Axencia Estatal de Seguridade Aérea, formará parte do orzamento de ingresos da entidade pública empresarial Aeroportos Españois e Navegación Aérea.»

Artigo 86. Cuantificación da taxa por reserva do dominio público radioeléctrico.

Un. A taxa por reserva de dominio público radioeléctrico establecida na Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, débese calcular mediante a expresión:

$$T = [N \times V] / 166,386 = [S \text{ (km}^2\text{)} \times B \text{ (kHz)} \times F (C_1, C_2, C_3, C_4, C_5)] / 166,386$$

Onde:

T = é a taxa anual por reserva de dominio público radioeléctrico.

N = é o número de unidades de reserva radioeléctrica (URR) que se calcula como o produto de S x B, é dicir, superficie en quilómetros cadrados da zona de servizo, por largo de banda expresado en kHz.

V = é o valor da URR, que vén determinado en función dos cinco coeficientes C_1 , establecidos na Lei xeral de telecomunicacións, e cuxa cuantificación, de conformidade coa dita lei, será a establecida na Lei de orzamentos xerais do Estado.

$F (C_1, C_2, C_3, C_4, C_5)$ = é a función que relaciona os cinco coeficientes C_i . Esta función é o produto dos cinco coeficientes indicados anteriormente.

O importe, en euros, que se satisfará en concepto desta taxa anual será o resultado de dividir entre o tipo de conversión previsto na Lei 46/1998, do 17 de decembro, de introdución

do euro, o resultado de multiplicar a cantidade de unidades de reserva radioelétrica do dominio público reservado polo valor que se lle asigne á unidade:

$$T = [N \times V] / 166,386 = [S \text{ (km}^2\text{)} \times B\text{(kHz)} \times (C_1, C_2, C_3, C_4, C_5)] / 166,386$$

Nos casos de reservas de dominio público radioelétrico que afectan todo o territorio nacional, o valor da superficie que se considerará para o cálculo da taxa é a extensión deste, a cal, segundo o Instituto Nacional de Estatística, é de 505.990 quilómetros cadrados.

Nos servizos de radiocomunicacións que procedan, a superficie que se considerará poderá incluír, de ser o caso, a correspondente ao mar territorial español.

Para fixar o valor dos parámetros C_1 a C_5 en cada servizo de radiocomunicacións, tívose en conta o significado que lles atribúe a Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, e as normas regulamentarias que a desenvolvan.

Estes cinco parámetros son os seguintes:

1.º Coeficiente C_1 : grao de utilización e conxestión das distintas bandas e nas distintas zonas xeográficas. Valóranse os seguintes conceptos:

- Número de frecuencias por concesión ou autorización.
- Zona urbana ou rural.
- Zona de servizo.

2.º Coeficiente C_2 : tipo de servizo para o que se pretende utilizar e, en particular, se este leva consigo para quen o preste as obrigas de servizo público recollidas no título III da Lei xeral de telecomunicacións. Valóranse os seguintes conceptos:

- Soporte a outras redes (infraestrutura).
- Prestación a terceiros.
- Autoprestación.
- Servizos de telefonía con dereitos exclusivos.
- Servizos de radiodifusión.

3.º Coeficiente C_3 : banda ou subbanda do espectro. Valóranse os seguintes conceptos:

- Características radioelétricas da banda (idoneidade da banda para o servizo solicitado).
- Previsións de uso da banda.
- Uso exclusivo ou compartido da subbanda.

4.º Coeficiente C_4 : equipos e tecnoloxía que se empregan. Valóranse os seguintes conceptos:

- Redes convencionais.
- Redes de asignación aleatoria.
- Modulación en radioenlaces.
- Diagrama de radiación.

5.º Coeficiente C_5 : valor económico derivado do uso ou aproveitamento do dominio público reservado. Valóranse os seguintes conceptos:

- Experiencias non comerciais.
- Rendibilidade económica do servizo.
- Interese social da banda.
- Usos derivados da demanda de mercado.
- Densidade de poboación.

Considerando os distintos factores que afectan a determinación da taxa, establecéronse diversas modalidades para cada servizo a cada unha das cales se lle asigna un código identificativo.

A continuación, indícanse cales son os factores de ponderación dos distintos coeficientes, así como a súa posible marxe de valoración respecto ao valor de referencia. O dito valor de referencia é o que se toma por defecto, o cal se aplica naqueles casos en que, pola natureza do servizo ou da reserva efectuada, o parámetro correspondente non é de aplicación.

Coeficiente C_1 : mediante este parámetro, tense en conta o grao de ocupación das distintas bandas de frecuencia para un determinado servizo. Para estes efectos, realizouse unha tabulación en marxes de frecuencia cuxos extremos inferior e superior comprenden as bandas tipicamente utilizadas nos respectivos servizos. Tamén prevé este parámetro a zona xeográfica de utilización, distinguindo xeralmente entre zonas de elevado interese e alta utilización, as cales se asimilan ás grandes concentracións urbanas, e zonas de baixo interese e escasa utilización, como poidan ser os contornos rurais. Pártese dun valor unitario ou de referencia para as bandas menos conxestionadas e nas zonas xeográficas de escasa utilización, subindo o custo relativo ata un máximo de dous por estes conceptos para as bandas de frecuencia máis demandadas e en zonas de alto interese ou utilización.

Concepto	Escala de valores	Observacións
Valor de referencia	1	De aplicación nunha ou varias modalidades en cada servizo.
Marxe de valores	1 a 2	–
Zona alta/baixa utilización	+ 25%	De aplicación segundo criterios específicos por servizos e bandas de frecuencias nas modalidades e conceptos afectados.
Demanda da banda	Ata + 20%	
Concesións e usuarios	Ata + 30%	

Coeficiente C_2 : mediante este coeficiente faise unha distinción entre as redes de autoprestación e as que teñen por finalidade a prestación a terceiros dun servizo de radiocomunicacións con contraprestación económica. Dentro destes últimos tívose en conta a consideración, de ser o caso, de servizo público, tomándose en consideración no valor deste coeficiente a bonificación por servizo público que se establece no anexo I da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, que queda incluída no valor que se establece para este parámetro.

Concepto	Escala de valores	Observacións
Valor de referencia	1	De aplicación nunha ou varias modalidades en cada servizo.
Marxe de valores	1 a 2	–
Prestación a terceiros/autoprestación	Ata + 10%	De aplicación segundo criterios específicos por servizos e bandas de frecuencias nas modalidades e conceptos afectados.

Coeficiente C_3 : co coeficiente C_3 considéranse as posibles modalidades de outorgamento da reserva de dominio público radioeléctrico dunha determinada frecuencia ou subbanda de frecuencias, con carácter exclusivo ou compartido con outros usuarios nunha determinada zona xeográfica. Estas posibilidades son de aplicación no caso do servizo móbil. Para outros servizos, a reserva de dominio público radioeléctrico debe ser con carácter exclusivo pola natureza deste. Aquelas reservas solicitadas en bandas non adecuadas ao servizo, en función das tendencias de utilización e previsións do Cadro Nacional de Atribución de Frecuencias (CNAF), penalízanse cunha taxa máis elevada, co fin de favorecer a tendencia cara á harmonización das utilizacións radioeléctricas, o cal se reflicte na valoración deste coeficiente.

Concepto	Escala de valores	Observacións
Valor de referencia	1	De aplicación nunha ou varias modalidades en cada servizo.
Marxe de valores	1 a 2	–
Frecuencia exclusiva/compartida	Ata + 75%	De aplicación segundo criterios específicos por servizos e bandas de frecuencias nas modalidades e conceptos afectados.
Idoneidade da banda de frecuencia	Ata + 60%	

Coeficiente C_4 : con este coeficiente é posible ponderar dunha maneira distinta as diferentes tecnoloxías ou sistemas empregados, favorecendo aquelas que fan un uso máis eficiente do espectro radioeléctrico respecto a outras tecnoloxías. Así, por exemplo, en redes móbiles, favorécese a utilización de sistemas de asignación aleatoria de canle fronte aos tradicionais de asignación fixa. No caso de radioenlaces, o tipo de modulación utilizado é un factor determinante á hora de valorar a capacidade de transmisión de información por unidade de largo de banda, e isto tívose en conta de maneira xeral, considerando as tecnoloxías dispoñibles segundo a banda de frecuencias. En radiodifusión consideráronse os novos sistemas de radiodifusión sonora e televisión dixital, ademais dos clásicos analóxicos.

Concepto	Escala de valores	Observacións
Valor de referencia	2	De aplicación nunha ou varias modalidades en cada servizo.
Marxe de valores	1 a 2	–
Tecnoloxía utilizada/tecnoloxía de referencia	Ata + 50%	De aplicación segundo criterios específicos por servizos e bandas de frecuencias nas modalidades e conceptos afectados.

Coeficiente C_5 : este coeficiente considera os aspectos de relevancia social dun determinado servizo fronte a outros servizos de similar natureza desde o punto de vista radioeléctrico. Tamén considera o relativo interese económico ou rendibilidade do servizo prestado, gravando máis por unidade de largo de banda aqueles servizos de alto interese e rendibilidade fronte a outros que, mesmo sendo similares desde o punto de vista radioeléctrico, ofrezan unha rendibilidade moi distinta e teñan diferente consideración desde o punto de vista de relevancia social.

En radiodifusión, dadas as peculiaridades do servizo, considerouse un factor determinante para fixar a taxa dunha determinada reserva de dominio público radioeléctrico a densidade de poboación dentro da zona de servizo da emisora considerada.

Cando a reserva de frecuencias se destine á realización de emisións de carácter experimental e sen contraprestación económica para o titular desta, nin outra finalidade que a investigación e desenvolvemento de novas tecnoloxías durante un período de tempo limitado e definido, o valor do coeficiente C_5 nestes casos será o 15% do valor xeral.

Concepto	Escala de valores	Observacións
Valor de referencia	1	De aplicación nunha ou varias modalidades en cada servizo.
Marxe de valores	> 0	–
Rendibilidade económica	Ata + 30%	De aplicación segundo criterios específicos por servizos e bandas de frecuencias nas modalidades e conceptos afectados.
Interese social servizo	Ata - 20%	
Poboación	Ata + 100%	
Experiencias non comerciais	– 85%	

Cálculo da taxa por reserva de dominio público radioeléctrico:

Servizos radioeléctricos e modalidades consideradas. Considéranse os seguintes grupos ou clasificacións:

1. Servizos móbiles.

- 1.1 Servizo móbil terrestre e outros asociados.
- 1.2 Servizo móbil terrestre con cobertura nacional.
- 1.3 Sistemas de telefonía móbil automática (TMA).
- 1.4 Servizo móbil marítimo.
- 1.5 Servizo móbil aeronáutico.
- 1.6 Servizo móbil por satélite.

2. Servizo fixo.

- 2.1 Servizo fixo punto a punto.
- 2.2 Servizo fixo punto a multipunto.
- 2.3 Servizo fixo por satélite.

3. Servizo de radiodifusión.

3.1 Radiodifusión sonora.

Radiodifusión sonora de onda longa e de onda media (OL/OM).

Radiodifusión sonora de onda curta (OC).

Radiodifusión sonora con modulación de frecuencia (FM).

Radiodifusión sonora dixital terrestre (T-DAB).

3.2 Televisión.

Televisión (analóxica).

Televisión dixital terrestre (DVB-T).

3.3 Servizos auxiliares á radiodifusión.

4. Outros servizos.

4.1 Radionavegación.

4.2 Radiodeterminación.

4.3 Radiolocalización.

4.4 Servizos por satélite, tales como de investigación espacial, de operacións espaciais e outros.

4.5 Servizos non considerados en números anteriores.

Tendo en conta estes grupos de servizos radioeléctricos, as posibles bandas de frecuencias para a prestación do servizo e os cinco coeficientes cos seus correspondentes conceptos ou factores que cómpre considerar para calcular a taxa de diferentes reservas de dominio público radioeléctrico dun servizo dado, obtéñense as modalidades que se indican a continuación.

1. SERVICIOS MÓBILES.

1.1 Servizo móbil terrestre e servizos asociados.

Inclúense nesta clasificación as reservas de dominio público radioeléctrico para redes do servizo móbil terrestre e outras modalidades, como operacións portuarias e de movemento de barcos e os enlaces monocanles de banda estreita.

Os cinco parámetros establecidos no número 3.1 do anexo I da Lei xeral de telecomunicacións obrigan a distinguir en redes do servizo móbil terrestre, polo menos, as seguintes modalidades, e a avaliar de forma diferenciada os criterios para fixar a taxa dunha determinada reserva.

En cada modalidade tabuláronse as marxes de frecuencia que cómpre distinguir co fin de calcular a taxa para ter en conta a ocupación relativa das distintas bandas de frecuencia

e outros aspectos considerados na Lei xeral de telecomunicacións, como por exemplo a idoneidade ou non dunha determinada banda de frecuencias para o servizo considerado.

Dentro destas marxes de frecuencia, unicamente se outorgarán reservas de dominio público radioeléctrico nas bandas de frecuencias reservadas no CNAF ao servizo considerado.

Con carácter xeral, para redes do servizo móbil, aplícase, para efectos de calcular a taxa, a modalidade de zona xeográfica de alta utilización, sempre que a cobertura da rede comprenda, total ou parcialmente, poboacións con máis de 50.000 habitantes. Para redes con frecuencias en diferentes bandas, o concepto de zona xeográfica aplicarase de forma independente para cada unha delas.

1.1.1 Servizo móbil asignación fixa/frecuencia compartida/zona de baixa utilización/autoprestación.

Nestes casos, a superficie que se considerará será a que figure na correspondente reserva de dominio público radioeléctrico, establecéndose unha superficie mínima de 1.000 quilómetros cadrados.

O largo de banda (kHz) que se debe ter en conta é o resultante de multiplicar o valor da canalización (12,5 kHz, 25 kHz, etc.) polo número de frecuencias utilizadas.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C ₁	C ₂	C ₃	C ₄	C ₅	
f < 100 MHz	1,2	1,25	1	1,3	0,4707	1111
100-200 MHz	1,7	1,25	1	1,3	0,5395	1112
200-400 MHz	1,6	1,25	1,1	1,3	0,4937	1113
400-1.000 MHz	1,5	1,25	1,2	1,3	0,4590	1114
1.000-3.000 MHz	1,1	1,25	1,1	1,3	0,4590	1115
> 3.000 MHz	1	1,25	1,2	1,3	0,4590	1116

1.1.2 Servizo móbil asignación fixa/frecuencia compartida/zona de alta utilización/autoprestación.

Nestes casos, a superficie que se considerará será a que figure na correspondente reserva de dominio público radioeléctrico, establecéndose unha superficie mínima de 1.000 quilómetros cadrados.

O largo de banda (kHz) que se terá en conta é o resultante de multiplicar o valor da canalización (12,5 kHz, 25 kHz, etc.) polo número de frecuencias utilizadas.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C ₁	C ₂	C ₃	C ₄	C ₅	
f < 100 MHz	1,4	1,25	1	1,3	0,4707	1121
100-200 MHz	2	1,25	1	1,3	0,5395	1122
200-400 MHz	1,8	1,25	1,1	1,3	0,4937	1123
400-1.000 MHz	1,7	1,25	1,2	1,3	0,4590	1124
1.000-3.000 MHz	1,25	1,25	1,1	1,3	0,4590	1125
> 3.000 MHz	1,15	1,25	1,2	1,3	0,4590	1126

1.1.3 Servizo móbil asignación fixa/frecuencia exclusiva/zona de baixa utilización/autoprestación.

Nestes casos, a superficie que se considerará será a que figure na correspondente reserva de dominio público radioeléctrico, establecéndose unha superficie mínima de 1.000 quilómetros cadrados.

O largo de banda (kHz) que se terá en conta é o resultante de multiplicar o valor da canalización (12,5 kHz, 25 kHz, etc.) polo número de frecuencias utilizadas.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C ₁	C ₂	C ₃	C ₄	C ₅	
f < 100 MHz	1,2	1,25	1,5	1,3	0,4707	1131
100-200 MHz	1,7	1,25	1,5	1,3	0,5395	1132
200-400 MHz	1,6	1,25	1,65	1,3	0,4937	1133
400-1.000 MHz	1,5	1,25	1,8	1,3	0,4590	1134
1.000-3.000 MHz	1,1	1,25	1,65	1,3	0,4590	1135
> 3.000 MHz	1	1,25	1,8	1,3	0,4590	1136

1.1.4 Servizo móbil asignación fixa/frecuencia exclusiva/zona de alta utilización/autoprestación.

Nestes casos, a superficie que se considerará será a que figure na correspondente reserva de dominio público radioeléctrico, establecéndose unha superficie mínima de 1.000 quilómetros cadrados.

O largo de banda (kHz) que se terá en conta é o resultante de multiplicar o valor da canalización (12,5 kHz; 25 kHz, etc.) polo número de frecuencias utilizadas.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C ₁	C ₂	C ₃	C ₄	C ₅	
f < 100 MHz	1,4	1,25	1,5	1,3	0,4707	1141
100-200 MHz	2	1,25	1,5	1,3	0,5395	1142
200-400 MHz	1,8	1,25	1,65	1,3	0,4937	1143
400-1.000 MHz	1,7	1,25	1,8	1,3	0,4590	1144
1.000-3.000 MHz	1,25	1,25	1,65	1,3	0,4590	1145
> 3.000 MHz	1,15	1,25	1,8	1,3	0,4590	1146

1.1.5 Servizo móbil asignación fixa/frecuencia exclusiva/calquera zona/prestación a terceiros.

Nestes casos a superficie que se considerará será a que figure na correspondente reserva de dominio público radioeléctrico, establecéndose unha superficie mínima de 1.000 quilómetros cadrados.

O largo de banda (kHz) que se terá en conta é o resultante de multiplicar o valor da canalización (12,5 kHz, 25 kHz, etc.) polo número de frecuencias utilizadas.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C ₁	C ₂	C ₃	C ₄	C ₅	
f < 100 MHz	1,4	1,375	1,5	1,3	0,4707	1151
100-200 MHz	2	1,375	1,5	1,3	0,5395	1152
200-400 MHz	1,8	1,375	1,65	1,3	0,4937	1153
400-1.000 MHz	1,7	1,375	1,8	1,3	0,4590	1154
1.000-3.000 MHz	1,25	1,375	1,65	1,3	0,4590	1155
> 3.000 MHz	1,15	1,375	1,8	1,3	0,4590	1156

1.1.6 Servizo móbil asignación aleatoria/frecuencia exclusiva/calquera zona/autoprestación.

Nestes casos a superficie que se considerará será a que figure na correspondente reserva de dominio público radioeléctrico, establecéndose unha superficie mínima de 1.000 quilómetros cadrados.

O largo de banda (kHz) que se terá en conta é o resultante de multiplicar o valor da canalización (12,5 kHz, 25 kHz, etc.) polo número de frecuencias utilizadas.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C ₁	C ₂	C ₃	C ₄	C ₅	
f < 100 MHz	1,1	1,25	2	1	0,1491	1161
100-200 MHz	1,6	1,25	2	1	0,1491	1162
200-400 MHz	1,7	1,25	2	1	0,1491	1163
400-1.000 MHz	1,4	1,25	2	1	0,1491	1164
1.000-3.000 MHz	1,1	1,25	2	1	0,1491	1165
> 3.000 MHz	1	1,25	2	1	0,1491	1166

1.1.7 Servizo móbil asignación aleatoria/frecuencia exclusiva/calquera zona/prestación a terceiros.

Nestes casos a superficie que se considerará será a que figure na correspondente reserva de dominio público radioeléctrico, establecéndose unha superficie mínima de 1.000 quilómetros cadrados.

O largo de banda (kHz) que se terá en conta é o resultante de multiplicar o valor da canalización (12,5 kHz, 25 kHz, etc.) polo número de frecuencias utilizadas.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C ₁	C ₂	C ₃	C ₄	C ₅	
f < 100 MHz	1,1	1,375	2	1	0,1491	1171
100-200 MHz	1,6	1,375	2	1	0,1491	1172
200-400 MHz	1,7	1,375	2	1	0,1097	1173
400-1.000 MHz	1,4	1,375	2	1	0,1491	1174
1.000-3.000 MHz	1,1	1,375	2	1	0,1491	1175
> 3.000 MHz	1	1,375	2	1	0,1491	1176

1.1.8 Radiobusca (frecuencia exclusiva/calquera zona/prestación a terceiros).

Nestes casos, a superficie que se considerará será a que figure na correspondente reserva de dominio público radioeléctrico.

En redes de ámbito nacional, aplicarase o valor de superficie correspondente a todo o territorio nacional.

O largo de banda (kHz) que se terá en conta é o resultante de multiplicar o valor da canalización (12,5 kHz ou 25 kHz) polo número de frecuencias utilizadas.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C ₁	C ₂	C ₃	C ₄	C ₅	
F < 50 MHz UN 34	1	2	1	2	19,5147	1181
50 < f < 174 MHz	1	2	1	1,5	0,3444	1182
CNAF UN 24	1	2	1,3	1	0,3444	1183

1.1.9 Dispositivos de curto alcance: telemandos, alarmas, datos, etc./calquera zona.

Inclúense nesta epígrafe as instalacións de dispositivos de curto alcance sempre que o raio de cobertura da rede non sexa maior que 3 quilómetros en calquera dirección.

Para redes de maior distancia de cobertura, aplicarase a modalidade correspondente entre o resto de servizos móbiles ou servizo fixo en función da natureza do servizo e características propias da rede.

O largo de banda (kHz) que se terá en conta é o resultante de multiplicar o valor da canalización (10, 12,5, 25 ou 200 kHz) nos casos en que sexa de aplicación polo número de frecuencias utilizadas. Se, en virtude das características técnicas da emisión, non é aplicable ningunha canalización entre as indicadas, tomarase o largo de banda da

denominación da emisión ou, no seu defecto, aplicarase a totalidade da correspondente banda de frecuencias destinada no CNAF para estas aplicacións.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C ₁	C ₂	C ₃	C ₄	C ₅	
f < 50 MHz	1,7	1,25	1,5	1	19,5147	1191
50-174 MHz	1,8	1,25	1,5	1	19,5147	1192
406-470 MHz	2	1,25	1,5	1	19,5147	1193
862-870 MHz	1,7	1,25	1,5	1	19,5147	1194
> 1.000 MHz	1,5	1,25	1,5	1	19,5147	1195

1.2 Servizo móbil terrestre de cobertura nacional.

1.2.1 Servizo móbil asignación fixa/redes de cobertura nacional.

Esta epígrafe unicamente será de aplicación aos títulos habilitantes outorgados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2007 e ata que finalice o seu prazo de vixencia. En caso de prórroga, ao finalizar a vixencia dos mencionados títulos, serán de aplicación os códigos de modalidade que en cada caso corresponda dos incluídos nas epígrafes 1.1.5 ou 1.1.6.

Nestes casos, a superficie que se considerará será a correspondente a todo o territorio nacional.

O largo de banda (kHz) que se terá en conta é o resultante de multiplicar o valor da canalización (12,5 kHz, 25 kHz, etc.) polo número de frecuencias utilizadas.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C ₁	C ₂	C ₃	C ₄	C ₅	
f < 100 MHz	1,4	1,375	2	1,25	8,800 10 ⁻³	1211
100-200 MHz	1,6	1,375	2	1,25	8,800 10 ⁻³	1212
200-400 MHz	1,44	1,375	2	1,25	8,800 10 ⁻³	1213
400-1.000 MHz	1,36	1,375	2	1,25	8,800 10 ⁻³	1214
1.000-3.000 MHz	1,25	1,375	2	1,25	8,800 10 ⁻³	1215
> 3.000 MHz	1,15	1,375	2	1,25	8,800 10 ⁻³	1216

1.2.2 Servizo móbil asignación aleatoria/redes de cobertura nacional.

Nestes casos, a superficie que se considerará será a correspondente a todo o territorio nacional.

O largo de banda (kHz) que se terá en conta é o resultante de multiplicar o valor da canalización (12,5 kHz, 25 kHz, outro) polo número de frecuencias utilizadas.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C ₁	C ₂	C ₃	C ₄	C ₅	
f < 100 MHz	1,1	1,375	2	1	9,383 10 ⁻³	1221
100-200 MHz	1,6	1,375	2	1	9,383 10 ⁻³	1222
200-400 MHz	1,7	1,375	2	1	9,383 10 ⁻³	1223
400-1.000 MHz	1,4	1,375	2	1	9,383 10 ⁻³	1224
1.000-3.000 MHz	1,1	1,375	2	1	9,383 10 ⁻³	1225
> 3.000 MHz	1	1,375	2	1	9,383 10 ⁻³	1226

1.3 Sistemas de telefonía móbil automática (TMA) e asociados.

As modalidades que se consideran neste número son as seguintes:

1.3.1 Esta epígrafe foi suprimida.

1.3.2 Sistema GSM (prestación a terceiros).

A superficie que se considerará será a correspondente a todo o territorio nacional.

O largo de banda (kHz) que se terá en conta é o resultante de multiplicar o valor da canalización (200 kHz) polo número de frecuencias utilizadas.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C ₁	C ₂	C ₃	C ₄	C ₅	
CNAF UN 41	2	2	1	1,8	3,543 10 ⁻²	1321

1.3.3 Sistema DCS-1800 (prestación a terceiros).

A superficie que se considerará será a correspondente a todo o territorio nacional.

O largo de banda (kHz) que se terá en conta é o resultado de multiplicar o valor da canalización (200 kHz) polo número de frecuencias utilizadas.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C ₁	C ₂	C ₃	C ₄	C ₅	
CNAF UN 140	2	2	1	1,6	3,190 10 ⁻²	1331

1.3.4 Esta epígrafe foi suprimida.

1.3.5 Comunicacions móbiles de terceira xeración, sistema UMTS (prestación a terceiros).

A superficie que se considerará será a correspondente a todo o territorio nacional.

O largo de banda (kHz) que se terá en conta é o resultante de multiplicar o valor da canalización (5.000 kHz) polo número de frecuencias utilizadas.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C ₁	C ₂	C ₃	C ₄	C ₅	
Nas bandas previstas no CNAF	2	2	1	1,5	4,251 10 ⁻²	1351

1.3.6 Sistema europeo de comunicacións en ferrocarrís (GSM-R).

A superficie que se considerará será a que resulte de multiplicar a suma das lonxitudes de todos os traxectos viarios, expresadas en quilómetros, por un largo de dez quilómetros.

O largo de banda que se terá en conta será o largo de banda total asignado expresado en kHz.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C ₁	C ₂	C ₃	C ₄	C ₅	
CNAF UN 40	2	2	1	1,8	0,02812	1361

1.3.7 Comunicacions móbiles a bordo de aeronaves.

A superficie que se considerará será de 1 km² por cada 200 aeronaves, ou fracción.

O largo de banda que cómpre considerar será o total reservado en función da tecnoloxía utilizada.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C ₁	C ₂	C ₃	C ₄	C ₅	
Nas bandas previstas no CNAF	1,4	2	1	1	1,20	1371

1.4 Servizo móbil marítimo.

1.4.1 Servizo móbil marítimo.

Nestes casos, a superficie que se considerará será a que figure na correspondente reserva de dominio público radioeléctrico.

O largo de banda (kHz) que se terá en conta é o resultante de multiplicar o valor da canalización (12,5 kHz, 25 kHz, etc.) polo número de frecuencias utilizadas.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C ₁	C ₂	C ₃	C ₄	C ₅	
f < 30 MHz	1	1,25	1,25	1	0,1146	1411
30-300 MHz	1,3	1,25	1,25	1	0,9730	1412

1.5 Servizo móbil aeronáutico.

1.5.1 Servizo móbil aeronáutico.

Nestes casos, a superficie que se considerará será a que figure na correspondente reserva de dominio público radioeléctrico.

O largo de banda (kHz) que se terá en conta é o resultante de multiplicar o valor da canalización (12,5 kHz, 25 kHz, etc.) polo número de frecuencias utilizadas.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C ₁	C ₂	C ₃	C ₄	C ₅	
f < 30 MHz	1	1,25	1,25	1	0,1146	1511
30-300 MHz	1,3	1,25	1,25	1	0,1146	1512

1.6 Servizo móbil por satélite.

Neste servizo a superficie que se considerará será a correspondente á área da zona de servizo autorizada do sistema ou a estación de que se trate, que, en xeral, será a correspondente a todo o territorio nacional, establecéndose unha superficie mínima de 100.000 quilómetros cadrados.

O largo de banda para cada frecuencia será o largo de banda reservado ao sistema, computándose a suma do largo de banda do enlace ascendente e do largo de banda do enlace descendente.

1.6.1 Servizo de comunicacións móbiles por satélite.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C ₁	C ₂	C ₃	C ₄	C ₅	
Nas bandas previstas no CNAF	1	1,25	1	1	1,950 10 ⁻³	1611

1.6.2 Servizo móbil aeronáutico por satélite.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C ₁	C ₂	C ₃	C ₄	C ₅	
Banda 10-15 GHz	1	1	1	1	0,865 10 ⁻⁵	1621
Banda 1.500-1.700 MHz	1	1	1	1	7,852 10 ⁻⁵	1622

1.6.3 Servizo móbil marítimo por satélite.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C ₁	C ₂	C ₃	C ₄	C ₅	
Banda 1.500-1.700 MHz	1	1	1	1	2,453 10 ⁻⁴	1631

2. Servizo fixo.

2.1 Servizo fixo punto a punto.

En cada unha das marxes de frecuencia tabuladas, o servizo considerado poderase prestar unicamente nas bandas de frecuencias destinadas a este no CNAF.

Con carácter xeral, para reservas de frecuencia do servizo fixo punto a punto, aplicarase, para efectos do cálculo da taxa, a modalidade de zona xeográfica de alta utilización naqueles vans individuais ou que forman parte dunha rede radioeléctrica extensa, nos cales algunha das estacións extremo dos vans están situadas nalgunha poboación con máis de 250.000 habitantes, ou nas súas proximidades ou o feixe principal do radioenlace a atravesese ata a súa estación receptora. Así mesmo, para aqueles vans de radioenlaces onde se reserven frecuencias con dobre polarización, considerarase, para efectos do cálculo da taxa, como se se tratase da reserva dun dobre número de frecuencias.

Para cada frecuencia utilizada, tomarase o seu valor nominal, con independencia de que os extremos da canle puidesen comprender dúas das marxes de frecuencias tabuladas, e, se este valor nominal coincide cun dos ditos extremos, tomarase a marxe para a que resulte unha menor contía da taxa.

2.1.1 Servizo fixo punto a punto/frecuencia exclusiva/zona de baixa utilización/autoprestación.

A superficie que se considerará será a que resulte de multiplicar a suma das lonxitudes de todos os vans por un largo dun quilómetro.

O largo de banda (kHz) que se terá en conta é o resultante de multiplicar o valor da canalización utilizada ou, no seu defecto, tomarase o largo de banda, segundo a denominación da emisión, polo número de frecuencias usadas en cada dirección do radioenlace.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C ₁	C ₂	C ₃	C ₄	C ₅	
f < 1.000 MHz	1,3	1	1,3	1,25	0,4286	2111
1.000-3.000 MHz	1,25	1	1,45	1,2	0,4286	2112
3.000-10.000 MHz	1,25	1	1,15	1,15	0,4019	2113
10-24 GHz	1,2	1	1,1	1,15	0,3616	2114
24-39,5 GHz	1,1	1	1,05	1,1	0,3616	2115
39,5-105 GHz	1	1	1	1	0,0821	2116

2.1.2 Servizo fixo punto a punto/frecuencia exclusiva/zona de alta utilización/autoprestación.

A superficie que se considerará será a que resulte de multiplicar a suma das lonxitudes de todos os vans por un largo dun quilómetro.

O largo de banda (kHz) que se terá en conta é o resultante de multiplicar o valor da canalización utilizada, ou, no seu defecto, tomarase o largo de banda, segundo a denominación da emisión, polo número de frecuencias usadas en cada dirección do radioenlace.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C ₁	C ₂	C ₃	C ₄	C ₅	
f < 1.000 MHz	1,6	1	1,3	1,25	0,4286	2121
1.000-3.000 MHz	1,55	1	1,45	1,2	0,4286	2122
3.000-10.000 MHz	1,55	1	1,15	1,15	0,4019	2123
10-24 GHz	1,5	1	1,1	1,15	0,3616	2124
24-39,5 GHz	1,3	1	1,05	1,1	0,3616	2125
39,5-105 GHz	1,2	1	1	1	0,0821	2126

2.1.3 Esta epígrafe foi suprimida.

2.1.4 Esta epígrafe foi suprimida.

2.1.5 Servizo fixo punto a punto/frecuencia exclusiva/prestación a terceiros.

A superficie que se considerará será a que resulte de multiplicar a suma das lonxitudes de todos os vans por un largo dun quilómetro.

O largo de banda (kHz) que se terá en conta é o resultante de multiplicar o valor da canalización utilizada ou, no seu defecto, tomarase o largo de banda, segundo a denominación da emisión, polo número de frecuencias usadas en cada dirección do radioenlace.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C ₁	C ₂	C ₃	C ₄	C ₅	
f < 1.000 MHz	1,3	1	1,3	1,25	0,1962	2151
1.000-3.000 MHz	1,25	1	1,7	1,2	0,1962	2152
3.000-10.000 MHz	1,25	1	1,15	1,15	0,1840	2153
10-24 GHz	1,2	1	1,1	1,15	0,1655	2154
24-39,5 GHz	1,1	1	1,05	1,1	0,1655	2155
39,5-105 GHz	1	1	1	1	0,0377	2156

2.1.6 Servizo fixo punto a punto/reservas de espectro en todo o territorio nacional.

Nestes casos, para efectos de calcular a correspondente taxa, considerarase o largo de banda reservado, expresado en kHz, sobre a superficie correspondente a todo o territorio nacional, con total independencia da reutilización efectuada de toda ou parte da banda asignada.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C ₁	C ₂	C ₃	C ₄	C ₅	
f < 1.000 MHz	1,3	1	1,3	1,25	2,359 10-3	2161
1.000-3.000 MHz	1,25	1	1,2	1,2	2,359 10-3	2162
3.000-10.000 MHz	1,25	1	1,15	1,15	2,359 10-3	2163
10-24 GHz	1,2	1	1,1	1,15	2,359 10-3	2164
24-39,5 GHz	1,1	1	1,05	1,05	2,359 10-3	2165
39,5-105 GHz	1	1	1	1	0,578 10-3	2166

2.1.7 Servizo fixo punto a punto, de alta densidade en calquera zona.

Para o servizo fixo punto a punto de alta densidade, en frecuencias non coordinadas con outras autorizacións de uso na mesma zona, para efectos de determinar a superficie que se considerará no cálculo da taxa, por cada van autorizado será o resultado de multiplicar unha lonxitude nominal de 1,5 quilómetros por un largo dun quilómetro.

O largo de banda (expresado en kHz) que se terá en conta para cada canle autorizada é o correspondente á canalización utilizada no enlace (50 MHz, 100 MHz, outro). No seu defecto, tomarase o largo de banda da denominación da emisión.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C ₁	C ₂	C ₃	C ₄	C ₅	
CNAF UN 126	1,12	1	1,10	2	0,1103	2171
64-66 GHz	1,12	1	1,05	2	0,1103	2172
> 66 GHz	1,12	1	1	2	0,1103	2173

2.1.8 Servizo fixo punto a punto/reservas de espectro de ámbito provincial ou multiprovincial.

Este número é de aplicación ás reservas de espectro para unha ou máis provincias cun límite máximo de zona de cobertura de 250.000 quilómetros cadrados.

Nestes casos, para efectos de calcular a correspondente taxa, considerarase o largo de banda reservado, expresado en kHz, sobre a superficie cuberta, independentemente da reutilización efectuada de toda ou parte da banda asignada.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C ₁	C ₂	C ₃	C ₄	C ₅	
f < 1.000 MHz	1,3	1	1,3	1,25	4,627 10 ⁻³	2181
1.000-3.000 MHz	1,25	1	1,2	1,2	4,627 10 ⁻³	2182
3.000-10.000 MHz	1,25	1	1,15	1,15	4,627 10 ⁻³	2183
10-24 GHz	1,2	1	1,1	1,15	4,627 10 ⁻³	2184
24-39,5 GHz	1,1	1	1,05	1,05	4,627 10 ⁻³	2185
39,5-105 GHz	1	1	1	1	1,157 10 ⁻³	2186

2.2 Servizo fixo punto a multipunto.

En cada unha das marxes de frecuencia tabuladas, o servizo considerado poderase prestar unicamente nas bandas de frecuencias destinadas a este no CNAF.

Para cada frecuencia utilizada, tomarase o seu valor nominal, con independencia de que os extremos da canle puidesen comprender dúas das marxes de frecuencias tabuladas, e, se este valor nominal coincidise cun dos ditos extremos, tomarase a marxe para a que resulte unha menor contía da taxa.

2.2.1 Servizo fixo punto a multipunto/frecuencia exclusiva/calquera zona/autoprestación.

A superficie que se considerará será a zona de servizo indicada na correspondente reserva de dominio público radioeléctrico, coa excepción indicada en 2.2.4.

O largo de banda (kHz) que se terá en conta obterase das características da emisión.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C ₁	C ₂	C ₃	C ₄	C ₅	
f < 1.000 MHz	1,5	1	1,3	1,25	0,1338	2211
1.000-3.000 MHz	1,35	1	1,25	1,2	0,1137	2212
3.000-10.000 MHz	1,25	1	1,15	1,15	0,0669	2213
10-24 GHz	1,2	1	1,1	1,15	0,1004	2214
24-39,5 GHz	1,1	1	1,05	1,1	0,1004	2215
39,5-105 GHz	1	1	1	1	0,0165	2216

2.2.2 Esta epígrafe foi suprimida.

2.2.3 Servizo fixo punto a multipunto/frecuencia exclusiva/calquera zona/prestación a terceiros.

A superficie que se considerará será a zona de servizo indicada na correspondente reserva de dominio público radioeléctrico, coa excepción indicada en 2.2.4.

O largo de banda (kHz) que se terá en conta obterase das características da emisión.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C ₁	C ₂	C ₃	C ₄	C ₅	
f < 1.000 MHz	1,5	1	1,3	1,25	0,0673	2231
1.000-3.000 MHz	1,35	1	1,25	1,2	0,0570	2232
3.000-10.000 MHz	1,25	1	1,15	1,15	0,0337	2233
10-24 GHz	1,2	1	1,1	1,15	0,0503	2234
24-39,5 GHz	1,1	1	1,05	1,1	0,0503	2235
39,5-105 GHz	1	1	1	1	0,0083	2236

2.2.4 Servizo fixo punto a multipunto/reservas de banda en todo o territorio nacional.

Nestes casos, para efectos de calcular a correspondente taxa, considerarase o largo de banda reservado, expresado en kHz, sobre a superficie correspondente a todo o territorio nacional, con total independencia da reutilización efectuada de toda ou parte da banda asignada.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C ₁	C ₂	C ₃	C ₄	C ₅	
f < 1.000 MHz	1,3	1	1,3	1,25	2,572 10 ⁻³	2241
1.000-3.000 MHz	1,35	1	1,25	1,2	2,572 10 ⁻³	2242
3.000-10.000 MHz	1,25	1	1,15	1,15	2,572 10 ⁻³	2243
10-24 GHz	1,2	1	1,1	1,15	2,572 10 ⁻³	2244
24-39,5 GHz	1,1	1	1,05	1,05	2,572 10 ⁻³	2245
39,5-105 GHz	1	1	1	1	0,630 10 ⁻³	2246

2.2.5 Servizo fixo punto a multipunto/reservas de espectro de ámbito provincial ou multiprovincial.

Este número é de aplicación ás reservas de espectro para unha ou máis provincias cun límite máximo de zona de cobertura de 250.000 quilómetros cadrados.

Nestes casos, para efectos de calcular a correspondente taxa, considerarase o largo de banda reservado, expresado en kHz, sobre a superficie cuberta independentemente da reutilización efectuada de toda ou parte da banda asignada.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C ₁	C ₂	C ₃	C ₄	C ₅	
f < 1.000 MHz	1,3	1	1,3	1,25	5,045 10 ⁻³	2251
1.000-3.000 MHz	1,35	1	1,25	1,2	5,045 10 ⁻³	2252
3.000-10.000 MHz	1,25	1	1,15	1,15	5,045 10 ⁻³	2253
10-24 GHz	1,2	1	1,1	1,15	5,045 10 ⁻³	2254
24-39,5 GHz	1,1	1	1,05	1,05	5,045 10 ⁻³	2255
39,5-105 GHz	1	1	1	1	1,261 10 ⁻³	2256

2.3 Servizo fixo por satélite.

Neste servizo a superficie que se considerará será a correspondente á área da zona de servizo, que, en xeral ou en caso de non se especificar, corresponderá coa superficie de todo o territorio nacional, cos mínimos que se especifiquen. Para os distintos tipos de enlace, en cada epígrafe detállase a área que cómpre considerar.

O largo de banda para cada frecuencia será o largo de banda da denominación da emisión, computándose tanto o largo de banda do enlace ascendente como o largo de

banda do enlace descendente, cada un coas súas superficies respectivas; exceptúanse os enlaces de conexión de radiodifusión, que, por se tratar dun enlace ascendente, só se computará o largo de banda deste.

Dentro deste servizo considéranse os seguintes números:

2.3.1 Servizo fixo por satélite punto a punto, incluíndo enlaces de conexión ao servizo móbil por satélite, e enlaces de contribución de radiodifusión vía satélite (punto a multipunto).

Nos enlaces punto a punto, tanto para o enlace ascendente como para o enlace descendente, considerarase unha superficie de 31.416 quilómetros cadrados; nesta categoría considéranse incluídos os enlaces de contribución de radiodifusión punto a punto. Nos enlaces de contribución punto a multipunto considerarase unha superficie de 31.416 quilómetros cadrados; para o enlace ascendente e para o enlace descendente considerarase a área da zona de servizo, que, en xeral, corresponderá coa superficie de todo o territorio nacional, establecéndose unha superficie mínima de 100.000 quilómetros cadrados.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C ₁	C ₂	C ₃	C ₄	C ₅	
f < 3.000 MHz	1,50	1,25	1,50	1,20	1,950 10 ⁻⁴	2311
3000-30.000 MHz	1,25	1,25	1,15	1,15	1,950 10 ⁻⁴	2312
> 30 GHz	1,0	1,25	1,0	1,20	1,950 10 ⁻⁴	2314

2.3.2 Enlaces de conexión do servizo de radiodifusión (sonora e de televisión) por satélite.

Para os enlaces de conexión (enlace ascendente) do servizo de radiodifusión (sonora e de televisión) por satélite, considerarase unha superficie de 31.416 quilómetros cadrados.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C ₁	C ₂	C ₃	C ₄	C ₅	
f < 3.000 MHz	1,50	1,25	1,50	1,20	1,7207 10 ⁻⁴	2321
3-30 GHz	1,25	1,25	1,50	1,20	1,7207 10 ⁻⁴	2322
> 30 GHz	1,0	1,25	1,0	1,20	1,7207 10 ⁻⁴	2324

2.3.3 Servizos tipo VSAT (redes de datos por satélite) e SNG (enlaces transportables de reportaxes por satélite).

Considerarase a superficie da zona de servizo, establecéndose unha superficie mínima de 10.000 quilómetros cadrados. No caso dos enlaces SNG, considerarase unha superficie de 20.000 quilómetros cadrados. En todos os casos anteriores, a superficie tomarase tanto en transmisión como en recepción, e todo isto independentemente do número de estacións transmisoras e receptoras.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C ₁	C ₂	C ₃	C ₄	C ₅	
f < 3.000 MHz	1,50	1,25	1,50	1,20	1,7207 10 ⁻⁴	2331
3-17 GHz	1,25	1,25	1,50	1,20	1,7207 10 ⁻⁴	2332
> 17 GHz	1,0	1,25	1,0	1,20	6,32 10 ⁻⁵	2334

3. Servizo de radiodifusión.

No cálculo do importe que se satisfará en concepto de taxa anual por reserva de calquera frecuencia teranse en conta as consideracións para os servizos de radiodifusión (sonora e de televisión).

En xeral, a superficie S, expresada en quilómetros cadrados, será a correspondente á zona de servizo. Polo tanto, nos servizos de radiodifusión (sonora e de televisión) que teñen por obxecto a cobertura nacional, a superficie da zona de servizo será a superficie do territorio nacional e non se avaliará a taxa individualmente por cada unha das estacións necesarias para alcanzar a dita cobertura. Igualmente, nos servizos de radiodifusión (sonora e de televisión) que teñen por obxecto a cobertura autonómica, a superficie da zona de servizo será a superficie do territorio autonómico correspondente e non se avaliará a taxa individualmente por cada unha das estacións necesarias para alcanzar a dita cobertura.

O largo de banda B que se considerará, expresado en kHz, indícase para cada tipo de servizo nos números que seguen a continuación, xa que depende das características técnicas da emisión. Nos servizos de radiodifusión (sonora e de televisión) que teñen por obxecto a cobertura nacional ou calquera das coberturas autonómicas, o largo de banda que se aplicará será o correspondente ao tipo de servizo de que se trate e igual ao que se aplicaría a unha estación de servizo considerada individualmente.

Nas modalidades de servizo para as que se cualifica a zona xeográfica, considérase que se trata dunha zona de alto interese e rendibilidade cando a zona de servizo inclúa algunha capital de provincia ou autonómica ou outras localidades con máis de 50.000 habitantes.

No servizo de radiodifusión, o parámetro C5 atópase ponderado por un factor k, función da densidade de poboación, obtida baseándose no censo de poboación en vigor, na zona de servizo, de acordo coa seguinte táboa:

Densidade de poboación	Factor k
Ata 100 habitantes/km ²	0,015
Superior a 100 hb/km ² e ata 250 hb/km ²	0,050
Superior a 250 hb/km ² e ata 500 hb/km ²	0,085
Superior a 500 hb/km ² e ata 1.000 hb/km ²	0,120
Superior a 1.000 hb/km ² e ata 2.000 hb/km ²	0,155
Superior a 2.000 hb/km ² e ata 4.000 hb/km ²	0,190
Superior a 4.000 hb/km ² e ata 6.000 hb/km ²	0,225
Superior a 6.000 hb/km ² e ata 8.000 hb/km ²	0,450
Superior a 8.000 hb/km ² e ata 10.000 hb/km ²	0,675
Superior a 10.000 hb/km ² e ata 12.000 hb/km ²	0,900
Superior a 12.000 hb/km ²	1,125

As bandas de frecuencias para prestar servizos de radiodifusión sonora e de televisión serán, en calquera caso, as especificadas no CNAF; non obstante, o secretario de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información poderá autorizar usos de carácter temporal ou experimental diferentes dos sinalados no dito cadro que non lles causen perturbacións a estacións radioeléctricas legalmente autorizadas. Os ditos usos, de carácter temporal ou experimental, estarán igualmente gravados cunha taxa por reserva de dominio público radioeléctrico, cuxo importe se avaliará seguindo os criterios xerais do servizo ao que se poida asimilar ou, de ser o caso, os criterios que correspondan á banda de frecuencias reservada.

Para o servizo de radiodifusión (sonora e de televisión) por satélite, consideraranse unicamente os enlaces ascendentes desde o territorio nacional, que están tipificados como enlaces de conexión dentro do número 2.3.2 do servizo fixo por satélite.

Os enlaces de contribución de radiodifusión (sonora e de televisión) vía satélite, están igualmente tipificados como tales dentro do número 2.3.1 do servizo fixo por satélite.

3.1 Radiodifusión sonora.

Distínguense as seguintes modalidades para efectos de calcular a taxa por reserva de dominio público radioeléctrico:

3.1.1 Radiodifusión sonora de onda longa e de onda media:

A superficie S, expresada en quilómetros cadrados, será a correspondente á zona de servizo.

O largo de banda B que se considerará será de 9 kHz nos sistemas de modulación con dobre banda lateral e de 4,5 kHz nos sistemas de modulación con banda lateral única.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C ₁	C ₂	C ₃	C ₄	C ₅	
148,5 a 283,5 kHz	1	1	1	1,25	650,912 k	3111
526,5 a 1.606,5 kHz	1	1	1,5	1,25	650,912 k	3112

3.1.2 Radiodifusión sonora de onda curta.

No caso da radiodifusión sonora de onda curta, considerarase que a superficie S, expresada en quilómetros cadrados, corresponde á superficie do territorio nacional e que a densidade de poboación corresponde á densidade de poboación nacional.

O largo de banda B que se considerará será de 9 kHz nos sistemas de modulación con dobre banda lateral e de 4,5 kHz nos sistemas de modulación con banda lateral única.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C ₁	C ₂	C ₃	C ₄	C ₅	
3 a 30 MHz segundo CNAF.	1	1	1	1,25	325,453 k	3121

3.1.3 Radiodifusión sonora con modulación de frecuencias en zonas de alto interese e rendibilidade.

A superficie S, expresada en quilómetros cadrados, será a correspondente á zona de servizo.

O largo de banda B que se considerará será de 180 kHz nos sistemas monofónicos, de 256 kHz nos sistemas estereofónicos e 300 kHz nos sistemas con subportadoras suplementarias.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C ₁	C ₂	C ₃	C ₄	C ₅	
87,5 a 108 MHz	1,25	1	1,5	1,25	13,066 k	3131

3.1.4 Radiodifusión sonora con modulación de frecuencia noutras zonas.

A superficie S, expresada en quilómetros cadrados, será a correspondente á zona de servizo.

O largo de banda B que se considerará será de 180 kHz nos sistemas monofónicos, de 256 kHz nos sistemas estereofónicos e de 300 kHz nos sistemas con subportadoras suplementarias.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C ₁	C ₂	C ₃	C ₄	C ₅	
87,5 a 108 MHz	1	1	1,5	1,25	13,066 k	3141

3.1.5 Radiodifusión sonora dixital terrestre en zonas de alto interese e rendibilidade.

A superficie S, expresada en quilómetros cadrados, será a correspondente á zona de servizo.

O largo de banda B que se considerará será de 1.536 kHz nos sistemas con norma UNE ETS 300 401.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C ₁	C ₂	C ₃	C ₄	C ₅	
195 a 223 MHz	1,25	1	1,5	1	0,3756 k	3151
1.452 a 1.492 MHz	1,25	1	1	1	0,3756 k	3152

3.1.6 Radiodifusión sonora dixital terrestre noutras zonas.

A superficie S, expresada en quilómetros cadrados, será a correspondente á zona de servizo.

O largo de banda B que se considerará será de 1.536 kHz nos sistemas con norma UNE ETS 300 401.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C ₁	C ₂	C ₃	C ₄	C ₅	
195 a 223 MHz	1	1	1,5	1	0,3756 k	3161
1.452 a 1.492 MHz	1	1	1	1	0,3756 k	3162

3.2 Televisión.

Distínguense as seguintes modalidades, para efectos de calcular a taxa por reserva de dominio público radioeléctrico:

3.2.1 Televisión analóxica en zonas de alto interese e rendibilidade.

A superficie S, expresada en quilómetros cadrados, será a correspondente á zona de servizo.

O largo de banda B que se considerará será de 8.000 kHz nos sistemas coa norma G/PAL.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C ₁	C ₂	C ₃	C ₄	C ₅	
470 a 830 MHz	1,25	1	1,3	1,25	0,3798 k	3212

3.2.2 Televisión analóxica noutras zonas.

A superficie S, expresada en quilómetros cadrados, será a correspondente á zona de servizo.

O largo de banda B que se considerará será de 8.000 kHz nos sistemas coa norma G/PAL.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C ₁	C ₂	C ₃	C ₄	C ₅	
470 a 830 MHz	1	1	1,3	1,25	0,3798 k	3222

3.2.3 Televisión dixital terrestre en zonas de alto interese e rendibilidade.

Este número é de aplicación ás reservas de espectro de ámbito nacional e autonómico.

A superficie S, expresada en quilómetros cadrados, será a correspondente á zona de servizo.

O largo de banda B que se considerará será de 8.000 kHz nos sistemas coa norma UNE ETS 300 744.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C ₁	C ₂	C ₃	C ₄	C ₅	
470 a 862 MHz	1,25	1	1,3	1	0,7023	3231

3.2.4 Televisión dixital terrestre noutras zonas.

Este número é de aplicación ás reservas de espectro de ámbito nacional e autonómico.

A superficie S, expresada en quilómetros cadrados, será a correspondente á zona de servizo.

O largo de banda B que se considerará será de 8.000 kHz nos sistemas coa norma UNE ETS 300 744.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C ₁	C ₂	C ₃	C ₄	C ₅	
470 a 862 MHz	1	1	1,3	1	0,7023	3241

3.2.5 Televisión dixital terrestre de ámbito local en zonas de alto interese e rendibilidade.

Este número é de aplicación ás reservas de espectro de ámbito local.

A superficie S, expresada en quilómetros cadrados, será a correspondente á zona de servizo.

O largo de banda B que se considerará será de 8.000 kHz nos sistemas coa norma UNE ETS 300 744.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C ₁	C ₂	C ₃	C ₄	C ₅	
470 a 862 MHz	1,25	1	1,3	1	0,3512	3251

3.2.6 Televisión dixital terrestre de ámbito local noutras zonas.

Este número é de aplicación ás reservas de espectro de ámbito local.

A superficie S, expresada en quilómetros cadrados, será a correspondente á zona de servizo.

O largo de banda B que se considerará será de 8.000 kHz nos sistemas coa norma UNE ETS 300 744.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C ₁	C ₂	C ₃	C ₄	C ₅	
470 a 862 MHz	1	1	1,3	1	0,3512	3261

3.3 Servizos auxiliares á radiodifusión.

As modalidades destes servizos son as seguintes:

3.3.1 Enlaces móbiles de fonía para reportaxes e transmisión de eventos radiofónicos.

Nestes casos a superficie que se considerará será a que figure na correspondente reserva de dominio público radioeléctrico, establecéndose unha superficie mínima de 100 quilómetros cadrados.

Este servizo préstase nas bandas de frecuencia por debaixo de 195 MHz destinadas para o efecto no CNAF.

O largo de banda computable para o cálculo da taxa é o correspondente á canle utilizada (300 kHz, 400 kHz, outro).

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C ₁	C ₂	C ₃	C ₄	C ₅	
Nas bandas previstas no CNAF	1	1	1	2	0,8017	3311

3.3.2 Enlaces de transporte de programas de radiodifusión sonora entre estudos e emisoras.

Este servizo préstase nas bandas de frecuencia destinadas a el segundo o CNAF.

Nestes casos a superficie que se considerará será a que resulte de multiplicar a suma das lonxitudes de todos os vans por un largo dun quilómetro, establecéndose unha superficie mínima de 10 quilómetros cadrados.

O largo de banda computable para o cálculo da taxa é o correspondente á canle utilizada (300 kHz, 400 kHz, outro).

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C ₁	C ₂	C ₃	C ₄	C ₅	
CNAF UN 111	1,25	1	1,25	2	5,72	3321
CNAF UN 47	1,15	1	1,10	1,90	5,72	3322
CNAF UN 88	1,05	1	0,75	1,60	5,72	3323
CNAF UNs 105 e 106	1,5	1	1,3	2	5,72	3324

3.3.3 Enlaces móbiles de televisión (ENG).

Este servizo préstase nas bandas de frecuencia por encima de 2.000 MHz destinadas a el segundo o CNAF.

Nestes casos, establécese unha superficie mínima de 10 quilómetros cadrados, independentemente do número de equipos que funcionen na mesma frecuencia para o seu uso en todo o territorio nacional.

O largo de banda computable para o cálculo da taxa é o correspondente á canle utilizada.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C ₁	C ₂	C ₃	C ₄	C ₅	
Nas bandas previstas no CNAF	1,25	1	1,25	2	0,7177	3331

4. Outros servizos.

Servizos incluídos neste capítulo:

4.1 Servizo de radionavegación.

A superficie que se considerará neste servizo será a do círculo que ten como raio o de servizo autorizado.

O largo de banda obtense directamente da denominación da emisión.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C ₁	C ₂	C ₃	C ₄	C ₅	
Nas bandas previstas no CNAF	1	1	1	1	0,0100	4111

4.2 Servizo de radiodeterminación.

A superficie que se considerará neste servizo será a do círculo que ten como raio o de servizo autorizado.

O largo de banda obtense directamente da denominación da emisión.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C ₁	C ₂	C ₃	C ₄	C ₅	
Nas bandas previstas no CNAF	1	1	1	1	0,0602	4211

4.3 Servizo de radiolocalización.

A superficie que se considerará neste servizo será a do círculo que ten como raio o de servizo autorizado.

O largo de banda obtense directamente da denominación da emisión.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C ₁	C ₂	C ₃	C ₄	C ₅	
Nas bandas previstas no CNAF	1	1	1	1	0,03090	4311

4.4 Servizos por satélite, tales como operacións espaciais, exploración da terra por satélite e outros.

A superficie que se considerará nestes servizos será a correspondente á zona de servizo, establecéndose unha superficie mínima de 31.416 quilómetros cadrados, tanto en transmisión como en recepción.

O largo de banda que se considerará, tanto en transmisión como en recepción, será o exixido polo sistema solicitado en cada caso.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C ₁	C ₂	C ₃	C ₄	C ₅	
Operacións espaciais (telemando, telemedida e seguimento)	1	1	1	1	$1,977 \cdot 10^{-4}$	4412
Exploración da Terra por satélite	1	1	1	1	$0,7973 \cdot 10^{-4}$	4413
Outros servizos espaciais	1	1	1	1	$3,904 \cdot 10^{-3}$	4411

4.5 Servizos non considerados en números anteriores.

Para os servizos e sistemas que se poidan presentar e non sexan previstos nos números anteriores ou aos que, razoablemente, non se lles poidan aplicar as regras anteriores fixarase a taxa en cada caso en función dos seguintes criterios:

Comparación con algún dos servizos citados anteriormente con características técnicas parecidas.

Cantidade de dominio radioeléctrico tecnicamente necesaria.

Superficie cuberta pola reserva efectuada.

Importe da taxa devengada por sistemas que, baixo tecnoloxías diferentes, resulten similares en canto aos servizos que prestan.

Dous. As disposicións regulamentarias reguladoras da taxa por reserva de dominio público radioeléctrico conservarán a súa vixencia en todo o que non se opoña ao previsto neste artigo.

Tres. O importe da taxa anual que, conforme o número 1 do anexo I da Lei xeral de telecomunicacións, os operadores deben satisfacer pola prestación de servizos a terceiros

será o resultado de lle aplicar o tipo do 1,25 por mil á cifra dos ingresos brutos de explotación que obteñan aqueles.

Artigo 87. *Taxas da propiedade industrial: marcas.*

Con efectos do 1 de xaneiro de 2010 e vixencia indefinida, modifícase o anexo da Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas, que queda redactado da seguinte maneira:

«TARIFA PRIMEIRA. Adquisición, defensa e mantemento de dereitos.

1.1 Taxa de solicitude de rexistro:

- a. Dunha marca ou nome comercial. Pola primeira clase solicitada: 154,38 euros. Pola segunda clase e cada unha das sucesivas: 100,00 euros.
- b. Dunha marca de garantía ou colectiva. Pola primeira clase solicitada: 308,72 euros. Pola segunda clase e cada unha as sucesivas: 200,00 euros.
- c. Dun rexistro internacional (taxa nacional): 41,43 euros.
- d. Dunha marca comunitaria (taxa de recepción e transmisión): 27,61 euros.

1.2 Taxa de división. Por cada solicitude ou rexistro divisional resultante: 58,68 euros.

1.3 Taxa de restablecemento de dereitos: 102,26.

1.4 Taxa de solicitude de resolución urxente: 51,11 euros.

1.5 Por cada prioridade estranxeira ou de exposición reivindicada: 21,20.

1.6 Modificacións: pola modificación da modalidade, distintivo, lista de produtos ou servizos, do regulamento de uso ou, en xeral, por calquera modificación do expediente autorizada pola lei, xa sexa da solicitude ou do rexistro da marca, cando a efectúe de modo espontáneo o solicitante ou titular e non como consecuencia dun suspenso decretado de oficio: 22,50 euros.

1.7 Oposicións: por formulación de oposición: 42,00.

1.8 Taxas da renovación do rexistro:

a. Dunha marca ou nome comercial. Pola primeira clase renovada: 178,73 euros. Pola segunda clase renovada e cada unha das sucesivas: 120 euros.

b. Dunha marca de garantía ou colectiva. Pola primeira clase renovada: 359 euros. Pola segunda clase renovada e cada unha das sucesivas: 240 euros.

1.9 Demoras: por demoras nos pagamentos das taxas de renovación e quinquenios sucesivos (réxime transitorio), as recargas serán do 25%, dentro dos tres primeiros meses, e do 50%, dentro dos tres seguintes, ata o máximo de seis meses de demora.

1.10 Recursos e revisión de actos administrativos: pola presentación dun recurso ou solicitude de revisión: 95 euros.

1.11 Quinquenios sucesivos (réxime transitorio): 79,90 euros.

TARIFA SEGUNDA. Inscripción de cesión de dereitos e outras modificacións.

2.1 Pola inscrición ou cancelación de cambios na titularidade, licenzas, dereitos reais, opcións de compra ou outras trabas ou medidas cautelares ou de execución. Por cada rexistro afectado: 32,44 [ata un máximo de 6.768,37 euros].

2.2 Pola inscrición do cambio de nome do titular: por cada rexistro afectado 15,90 euros, ata un máximo de 2.654,25 euros.

TARIFA TERCEIRA. Outros servizos.

3.1 Certificacións: 16,40 euros.

3.2 Consulta e vista dun expediente: 3,46 euros.

3.3 Copia dos documentos que constan no expediente: 11,05 euros e mais un suplemento por cada páxina que exceda de 10 de 1,10 euros.

TARIFA CUARTA. Publicacións.

4.1 Pola publicación no Boletín Oficial de la Propiedad Industrial, por solicitude do recorrente, do anuncio da interposición dun recurso contencioso-administrativo en materia de signos distintivos: 138,06 euros.

4.2 Pola publicación no Boletín Oficial de la Propiedad Industrial, por instancia de parte, da sentenza do recurso contencioso-administrativo sobre signos distintivos: 138,06 euros.»

Artigo 88. *Taxas da propiedade industrial: patentes.*

Con efectos do 1 de xaneiro de 2010 e vixencia indefinida, modifícanse as taxas contidas no anexo da Lei 11/1986, do 20 de marzo, de patentes, e créase unha nova tarifa cuarta, así como as epígrafes 1.9 e 1.10 da tarifa primeira. Este anexo queda redactado como segue:

«TARIFA PRIMEIRA. Adquisición e defensa de dereitos.

1.1 Solicitudes:

Pola solicitude dunha demanda de depósito de patente de invención, certificado de adición ou modelo de utilidade, xa sexa directamente ou como consecuencia da división dunha solicitude, así como pola solicitude de rehabilitación prevista no artigo 117, inclusive en ambos os casos a inserción da solicitude no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial»: 80,00 euros.

Por solicitude de cambio de modalidade de protección: 10,00 euros.

Por solicitude de informe sobre o estado da técnica: 664,51 euros.

Por solicitude de exame previo: 378,31 euros.

Pola presentación dun recurso ou solicitude de revisión: 95,00 euros.

Por solicitude de resolución urxente dun expediente: 51,11 euros.

1.2. Taxa de restablecemento de dereitos: 102,26 euros.

1.3 Prioridade estranxeira:

Por cada prioridade estranxeira reivindicada en materia de patentes e modelos de utilidade: 21,20 euros.

1.4 Modificacións:

Por calquera modificación do expediente presentado, xa sexan modificacións na memoria ou reivindicacións, xa sexan achegas posteriores de documentos ou rectificacións de erros materiais, aritméticos ou de feito, e en xeral por calquera modificación en supostos autorizados pola lei: 22,50 euros.

1.5 Contestación a suspensos:

Por contestación a suspensións provocadas por defectos formais do expediente presentado en demanda de rexistro de patentes e modelos de utilidade: 45,35 euros.

1.6 Oposicións:

Por formulación de oposicións á concesión de expedientes de patentes e modelos de utilidade: 42,00 euros.

1.7 Dereitos de concesión de patentes e modelos de utilidade: 28,25 euros.

1.8. Taxa de solicitude para a tramitación dos expedientes de certificados complementarios de protección de medicamentos-productos fitosanitarios (CCP): 458,42 euros.

TARIFA SEGUNDA. Mantemento e transmisión de dereitos.

2.1 Anualidades:

3ª anualidade: 22,64 euros.

4ª anualidade: 28,25 euros.

5ª anualidade: 54,05 euros.

6ª anualidade: 79,77 euros.

7ª anualidade: 105,36 euros.

8ª anualidade: 131,15 euros.

9ª anualidade: 156,85 euros.

10ª anualidade: 182,59 euros.

11ª anualidade: 221,23 euros.

12ª anualidade: 259,76 euros.

13ª anualidade: 298,22 euros.

14ª anualidade: 337,03 euros.

15ª anualidade: 375,57 euros.

16ª anualidade: 428,11 euros.

17ª anualidade: 478,47 euros.

18ª anualidade: 529,97 euros.

19ª anualidade: 581,37 euros.

20ª anualidade: 632,85 euros.

2.1.1 Taxas de mantemento de:

CCP de duración igual ou inferior a un ano: 656,74 euros.

CCP de duración igual ou inferior a dous anos: 1379,15 euros.

CCP de duración igual ou inferior a tres anos: 2173,84 euros.

CCP de duración igual ou inferior a catro anos: 3047,95 euros.

CCP de duración igual ou inferior a cinco anos: 4009,50 euros.

Por demoras nos pagamentos de taxa de mantemento de CCP e taxa de mantemento de prórroga de CCP de medicamentos, recargas do 25 por 100 dentro dos tres primeiros meses e do 50 por 100 dentro dos tres seguintes, ata un máximo de seis meses de demora.

2.2 Demoras:

Por demoras nos pagamentos de anualidade, recargas do 25 por 100, dentro dos tres primeiros meses, e do 50 por 100, dentro dos tres seguintes, ata un máximo de seis meses de demora. Non obstante, nos seguintes seis meses e ata un máximo de tempo que coincida coa data aniversario da seguinte anualidade, o interesado poderá regularizar o pagamento da anualidade non pagada aboando unha taxa equivalente ao importe da vixésima anualidade.

2.3 Explotación e licenzas:

Pola tramitación de expedientes de posta en explotación de patentes e modelos de utilidade: 21,23 euros.

Pola tramitación de cada un dos ofrecementos de licenzas de pleno dereito ou de solicitude, mediación ou de obtención dalgunha licenza de pleno dereito ou licenza obrigatoria nos casos previstos na lei: 21,23 euros.

Por mediación aceptada polo organismo para a obtención dunha licenza contractual: 141,42 euros.

2.4 Transferencias:

Por tramitación de expedientes de inscrición de transmisións ou de cesións ou modificacións. Por cada rexistro efectuado: 12,85 euros.

2.5 Pola inscrición de cambio de nome do titular: 15,90 euros.

TARIFA TERCEIRA. Outros servizos.

3.1 Por cada certificación de datos rexistrados relativos a patentes ou modelos de utilidade, así como pola expedición de copia autorizada de cada un dos documentos permitidos pola lei: 20,00 euros.»

Artigo 89. *Taxas da propiedade industrial: deseño industrial.*

Con efectos do 1 de xaneiro de 2010 e vixencia indefinida, modifícanse as taxas contidas no anexo previsto na disposición adicional terceira da Lei 20/2003, do 7 de xuño, de protección xurídica do deseño industrial. Este anexo queda redactado como segue:

«Tarifa primeira. Adquisición, defensa e mantemento de dereitos.

1.1 Taxa de solicitude de rexistro: 80,00 euros.

Polos deseños adicionais incluídos na mesma solicitude de rexistro a partir do décimo:

De 11 a 20 deseños: 70,00 euros.

De 21 a 30 deseños: 58,14 euros.

De 31 a 40 deseños: 46,52 euros.

De 41 a 50 deseños: 37,23 euros.

1.2 Taxa de división de rexistro:

Por cada solicitude ou rexistro divisional resultante: 58,68 euros.

1.3 Taxa de restablecemento de dereitos: 102,26 euros.

1.4 Por solicitude dun deseño comunitario ou dun rexistro internacional por mediación da Oficina Española de Patentes e Marcas: 27,07 euros.

1.5 Por cada prioridade estranxeira ou de exposición reivindicada: 8,11 euros.

1.6 Modificacións da solicitude ou do deseño autorizadas pola lei: 22,50 euros.

1.7 Oposicións: por formulación de oposición: 42,00 euros.

1.8 Taxa de renovación do rexistro: 103,24 euros.

Polos deseños adicionais incluídos na mesma solicitude de renovación a partir do décimo:

De 11 a 20 deseños: 82,62 euros.

De 21 a 30 deseños: 66,08 euros.

De 31 a 40 deseños: 52,87 euros.

De 41 a 50 deseños: 42,29 euros.

1.9 Demoras: por demoras nos pagamentos das taxas de renovación e quinquenios sucesivos (réxime transitorio), as recargas serán do 25% dentro dos tres primeiros meses e do 50% dentro dos tres seguintes, ata o máximo de seis meses de demora.

1.10 Recursos e revisión de actos administrativos: pola presentación dun recurso ou solicitude de revisión: 95,00 euros.

1.11 Taxas de mantemento e renovación de modelos e debuxos industriais e modelos e debuxos artísticos concedidos baixo a vixencia do Estatuto da propiedade industrial:

Taxa de título e título de renovación: 18,99 euros.

Primeiro quinquenio: 20,75 euros.

Taxa de solicitude de renovación: 51,11 euros.

Quinquenios sucesivos: 79,90 euros.

Tarifa segunda. Cesión de dereitos, licenzas e outras modificacións.

2.1 Pola inscrición ou cancelación de cambios de titularidade, licenzas, dereitos reais, opcións de compra ou outras trabas ou medidas cautelares ou de execución: por cada rexistro afectado: 32,44 euros (ata un máximo de 6.768,37 euros).

2.2 Pola inscrición do cambio de nome do titular: por cada rexistro afectado: 15,90 euros ata un máximo de 2.654,25 euros.

Tarifa terceira. Outros servizos.

3.1 Certificacións: 16,40 euros.

3.2 Consulta e vista dun expediente: 3,46 euros.

3.3 Copia dos documentos que constan nun expediente: 11,05 euros (e mais un suplemento por cada páxina que exceda de 10 de 1,10 euros).

Tarifa cuarta. Publicacións.

4.1 Pola publicación no Boletín Oficial de la Propiedad Industrial, por solicitude do recorrente, do anuncio da interposición dun recurso contencioso-administrativo en materia de deseño: 138,06 euros.

4.2 Pola publicación no Boletín Oficial de la Propiedad Industrial, por instancia de parte, da sentenza dun recurso contencioso-administrativo en materia de deseño: 138,06 euros.»

Artigo 90. *Taxas da propiedade industrial: patentes europeas.*

Con efectos do 1 de xaneiro de 2010 e vixencia indefinida, modifícase o artigo 1 da Lei 20/1987, do 7 de outubro, sobre taxas que deben satisfacer os solicitantes e concesionarios de patentes europeas por determinadas actividades a realizar na Oficina Española de Patentes e Marcas, que queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 1.

1. As taxas previstas nos artigos 6, 9, 12 e 18 do Real decreto 2424/1986, do 10 de outubro, relativo á aplicación en España do Convenio de Múnic, do 5 de outubro de 1973, sobre concesión de patentes europeas, que entrou en vigor en España o 1 de outubro de 1986, serán as seguintes:

a) Taxa por publicación das reivindicacións e, de ser o caso, debuxos dunha solicitude de patente europea traducida ao español ou da revisión da tradución da xa publicada: 103,58 euros.

b) Taxa polos conceptos sinalados na alínea a) cando a tradución se presente en soporte magnético ou por medios telemáticos: redución dun 15% sobre o importe da taxa fixada na alínea a).

c) Taxa por publicación dun fascículo de patente europea tal e como fose concedida, ou modificada e concedida tras un procedemento de oposición, ou limitada tras un procedemento de limitación, traducido ao español, ou da súa revisión: ata 22 páxinas: 308,41 euros. Por cada páxina adicional: 12,39 euros.

d) Taxa polos conceptos sinalados na alínea c), cando a tradución se achegue en soporte magnético ou por medios telemáticos, nas condicións xerais, requisitos e características técnicas fixadas por resolución do director da Oficina Española de Patentes e Marcas: redución dun 15% sobre o importe da taxa fixada na alínea c).

e) Taxa por solicitude dun informe de busca complementaria: 111,34 euros.

2. A falta de pagamento da taxa correspondente producirá a nulidade en España da patente europea, a falta de protección provisoria da solicitude de patente europea ou a non emisión do informe de busca complementaria.»

TÍTULO VII

Dos entes territoriais

CAPÍTULO I

Entidades locais

Sección 1.ª Liquidación definitiva da participación en tributos do Estado correspondente ao ano 2008

Artigo 91. Réxime xurídico e saldos debedores.

Un. Unha vez coñecido o incremento dos ingresos tributarios do Estado do ano 2008 respecto de 2004, e os demais datos necesarios, procederáse ao cálculo da liquidación definitiva da participación en tributos do Estado, correspondente ao exercicio 2008, nos termos dos artigos 111 a 124 e 135 a 146 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, tendo en conta ademais as normas recollidas nos artigos 87 a 90, 92 e 93, 95 a 98 e 100 a 102 da Lei 51/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2008.

Dous. Os saldos debedores que puideren derivar da liquidación a que se refire o número anterior, no compoñente de financiamento que non corresponda a cesión de rendementos recadatorios en impostos estatais, serán reembolsados polas entidades locais afectadas mediante compensación con cargo ás entregas á conta que, por calquera concepto do sistema de financiamento, se perciban a partir de xaneiro de 2011, en 48 mensualidades, tendo en conta, de ser o caso, o disposto nos seguintes números.

Tres. As liquidacións a favor de cada entidade local correspondentes a tributos cedidos aplicaranse a compensar as liquidacións a favor do Estado correspondentes aos impostos especiais sobre a cervexa, produtos intermedios, alcohol e bebidas derivadas, hidrocarburos e elaborados de tabaco, ao imposto sobre o valor engadido e ao imposto sobre a renda das persoas físicas, nesta mesma orde de prelación. Se, unha vez practicada esta compensación, existir aínda remanente de saldo a favor das entidades locais, destinarase a cancelar o importe da liquidación a favor do Estado por Fondo Complementario de Financiamento.

Catro. As liquidacións a favor de cada entidade local correspondentes ao Fondo Complementario de Financiamento aplicaranse a cancelar as liquidacións a favor do Estado por impostos especiais, imposto sobre o valor engadido e imposto sobre a renda das persoas físicas, existentes tras a compensación indicada no número anterior.

Cinco. Os saldos debedores restantes despois de aplicar as compensacións anteriormente citadas serán reembolsados polas entidades locais a partir de xaneiro de 2011, en 60 mensualidades, mediante desconto nos pagamentos que realice o Estado polas entregas á conta de calquera recurso do sistema de financiamento.

Seis. Cando as retencións citadas neste artigo concorran coas reguladas no artigo 117, terán carácter preferente fronte a aquelas e non computarán para o cálculo das porcentaxes establecidas no número dous do citado artigo.

Sete. Se o importe das liquidacións definitivas a que se refire o número dous deste artigo for a favor do Estado, reflectirase como dereito no capítulo IV do orzamento de ingresos do Estado.

Sección 2.ª Cesión a favor dos municipios da recadación de impostos estatais no ano 2010

Artigo 92. Cesión de rendementos recadatorios do imposto sobre a renda das persoas físicas: determinación das entregas á conta e da liquidación definitiva.

Un. Os municipios incluídos no ámbito subxectivo do artigo 111 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, participarán na recadación líquida que se obteña en 2010 mediante doce entregas mensuais á conta da liquidación definitiva. O importe total destas entregas á conta efectuarase mediante a seguinte operación:

$$ECIRPF_m = 0,016875 \times CL_{2007}^m \times IA_{2010/2007} \times 0,95$$

Sendo:

$ECIRPF_m$: importe anual de entregas á conta por cesión de rendementos recadatorios do imposto sobre a renda das persoas físicas do municipio m.

CL_{2007}^m : cota líquida do imposto sobre a renda das persoas físicas no municipio m no ano 2007, último coñecido.

$IA_{2010/2007}$: índice de actualización da cota líquida entre o ano 2007, último coñecido, e o ano 2010. Este índice é o resultado de dividir o importe da previsión orzamentaria, para 2010, por retencións, pagamentos á conta e pagamentos fraccionados, entre o importe dos dereitos liquidados por estes conceptos, correspondentes ao ano 2007, último do que se coñecen as cotas líquidas dos municipios. O importe que se obteña en concepto de entregas á conta, segundo a fórmula anterior, farase efectivo a cada municipio, tramitándose como devolucións de ingresos no concepto do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Dous. A liquidación definitiva determinarase pola diferenza entre as entregas á conta percibidas e o valor definitivo da cesión da cota líquida correspondente a cada municipio, determinada nos termos do artigo 115 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Artigo 93. *Cesión da recadación líquida do imposto sobre o valor engadido: determinación das entregas á conta e da liquidación definitiva.*

Un. Os municipios a que se refire o artigo precedente participarán na recadación líquida que se obteña, polo imposto sobre o valor engadido, mediante a determinación de doce entregas mensuais á conta da liquidación definitiva.

A determinación para cada municipio do importe total destas entregas á conta efectuarase mediante a seguinte operación:

$$ECIVEm = 0,017897 \times RPIVE \times ICPi \times (Pm/Pi) \times 0,95$$

Sendo:

$ECIVEm$: importe anual das entregas á conta do municipio m, en concepto de cesión da recadación do imposto sobre o valor engadido prevista para o ano 2010.

$RPIVE$: importe da previsión orzamentaria da recadación líquida do imposto sobre o valor engadido para o ano 2010.

$ICPi$: índice provisorio de consumo da comunidade autónoma i para o ano 2010. Para estes efectos, terase en conta o último dato dispoñible, que corresponde ao utilizado para o cálculo da liquidación definitiva do ano 2007.

Pm e Pi : poboacións do municipio m e da comunidade autónoma i respectiva. Para estes efectos, considerarase a poboación de dereito segundo o padrón da poboación municipal vixente en 1 de xaneiro de 2010 e aprobado oficialmente polo Goberno.

O importe que se obteña en concepto de entregas á conta, segundo a fórmula anterior, farase efectivo a cada municipio, tramitándose como devolucións de ingresos no concepto do imposto sobre o valor engadido.

Dous. A liquidación definitiva determinarase pola diferenza entre as entregas á conta percibidas e o valor definitivo da cesión da recadación líquida por IVE que resulte da aplicación do disposto no artigo 116 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Artigo 94. *Cesión da recadación líquida por impostos especiais sobre o alcohol e bebidas alcohólicas: determinación das entregas á conta e da liquidación definitiva.*

Un. Os municipios a que se refire o artigo 92 participarán na recadación líquida que se obteña polos impostos sobre a cervexa, sobre o viño e bebidas fermentadas, sobre

produtos intermedios e sobre o alcohol e bebidas derivadas, mediante a determinación de doce entregas mensuais á conta da liquidación definitiva.

A determinación para cada municipio do importe total destas entregas á conta efectuarase mediante a seguinte operación:

$$ECIIIEE(h)_m = 0,020454 \times RPIIEE(h) \times ICPi(h) \times (P_m / P_i) \times 0,95$$

Sendo:

ECIIIEE(h)_m: importe anual das entregas á conta do municipio m, en concepto de cesión da recadación do imposto especial h dos sinalados no primeiro parágrafo deste número prevista no ano 2010.

RPIIEE(h): importe da previsión orzamentaria da recadación líquida do imposto especial h dos sinalados no primeiro parágrafo deste número para o ano 2010.

ICPi(h): índice provisorio de consumo da comunidade autónoma i a que pertence o municipio m, elaborado, para o ano 2010, para efectos da asignación do imposto especial h dos sinalados no primeiro parágrafo deste número. Para estes efectos, teranse en conta os últimos datos dispoñibles, que corresponden aos utilizados para o cálculo da liquidación definitiva do ano 2007.

P_m e P_i: poboacións do municipio m e da comunidade autónoma i respectiva. Para estes efectos, considerarase a poboación de dereito segundo o padrón da poboación municipal vixente en 1 de xaneiro de 2010 e aprobado oficialmente polo Goberno.

O importe que se obteña en concepto de entregas á conta, segundo a fórmula anterior, farase efectivo a cada municipio, tramitándose como devolucións de ingresos no concepto relativo a cada un dos impostos especiais sinalados no primeiro parágrafo deste número.

Dous. A liquidación definitiva determinarase pola diferenza entre as entregas á conta percibidas e o valor definitivo da cesión da recadación líquida polos impostos especiais sinalados no primeiro parágrafo do número anterior que resulte da aplicación do disposto nos números 1 e 2 do artigo 117 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Artigo 95. Cesión da recadación líquida por impostos especiais sobre hidrocarburos e sobre os elaborados do tabaco: determinación das entregas á conta e da liquidación definitiva.

Un. Os municipios aos que se refire o artigo 92 participarán na recadación líquida que se obteña, polos impostos sobre hidrocarburos e sobre os elaborados do tabaco, mediante a determinación de doce entregas mensuais á conta da liquidación definitiva.

O cálculo para cada municipio do importe total destas entregas á conta efectuarase mediante a seguinte operación:

$$ECIIIEE(k)_m = 0,020454 \times RPIIEE(k) \times IPm(k) \times 0,95$$

Sendo:

ECIIIEE(k)_m: importe anual das entregas á conta do municipio m, en concepto de cesión da recadación do imposto especial k dos sinalados no primeiro parágrafo deste número prevista no ano 2010.

RPIIEE(k): importe da previsión orzamentaria da recadación líquida do imposto especial k dos sinalados no primeiro parágrafo deste número para o ano 2010.

IP_m(k): índice provisorio, para o ano 2010, referido ao municipio m, de entregas de gasolinas, gasóleos e fuel óleos, e o de vendas a expendedorías de tabaco, ponderadas ambas polos correspondentes tipos impositivos. Para estes efectos, considerarase índice provisorio o que corresponda ao último ano dispoñible.

O importe que se obteña en concepto de entregas á conta, segundo a fórmula anterior, farase efectivo a cada municipio, tramitándose como devolucións de ingresos no concepto relativo a cada un dos impostos especiais sinalados no primeiro parágrafo deste número.

Dous. A liquidación definitiva determinarase pola diferenza entre as entregas á conta percibidas e o valor definitivo da cesión da recadación líquida polos impostos especiais sinalados no primeiro parágrafo do número anterior que resulte da aplicación do disposto no artigo 117 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Sección 3.^a Participación dos municipios nos tributos do Estado

Subsección 1.^a Participación dos municipios no Fondo Complementario de Financiamento

Artigo 96. Determinación das entregas á conta.

Un. O importe total das entregas á conta da participación de cada municipio incluído no ámbito subxectivo do artigo 111 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, no Fondo Complementario de Financiamento correspondente a 2010, recoñecerase con cargo ao crédito específico consignado na sección 32, servizo 23, Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Comunidades Autónomas e coas Entidades Locais, programa 942 M.

Dous. O citado importe será o 95 por cento do Fondo Complementario de Financiamento do ano base 2004 multiplicado polo índice de evolución correspondente segundo o artigo 121 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Tres. Á contía calculada segundo o número anterior para cada municipio engadiráselle o 95 por cento das compensacións por minguas de ingresos derivadas da reforma do imposto sobre actividades económicas seguintes:

a) Definitiva, da disposición adicional décima da Lei 51/2002, do 27 de decembro, de reforma da lei reguladora das facendas locais, incrementada nos mesmos termos que os ingresos tributarios do Estado en 2010 respecto a 2004.

b) Adicional, regulada na disposición adicional segunda da Lei 22/2005, do 18 de novembro, incrementada nos mesmos termos que os ingresos tributarios do Estado en 2010 respecto a 2006.

Catro. As entregas á conta da participación no Fondo Complementario de Financiamento para o exercicio 2010 serán aboadas mediante pagamentos mensuais equivalentes á doceava parte do importe total que resulte da aplicación das normas recollidas nos números anteriores.

Artigo 97. Liquidación definitiva.

Un. A práctica da liquidación definitiva do Fondo Complementario de Financiamento do ano 2010 a favor dos municipios realizarase con cargo ao crédito que se dote na sección 32, servizo 23, Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Comunidades Autónomas e coas Entidades Locais, programa 942M, concepto 468, relativo á liquidación definitiva de anos anteriores e compensacións derivadas do novo sistema de financiamento, conforme as regras contidas nos artigos 119 e 121 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Dous. Á contía calculada para cada municipio nos termos do número anterior engadiránselles as compensacións por minguas de ingresos derivadas da reforma do imposto sobre actividades económicas seguintes:

a) Definitiva, da disposición adicional décima da Lei 51/2002, do 27 de decembro, de reforma da lei reguladora das facendas locais, incrementada nos mesmos termos que os ingresos tributarios do Estado en 2010 respecto a 2004.

b) Adicional, regulada na disposición adicional segunda da Lei 22/2005, do 18 de novembro, incrementada nos mesmos termos que os ingresos tributarios do Estado en 2010 respecto a 2006.

Tres. A liquidación definitiva determinarase pola diferenza entre os importes das entregas á conta calculadas conforme o disposto no artigo anterior e da participación definitiva calculada nos termos dos números anteriores.

Subsección 2.^a Participación do resto de municipios

Artigo 98. *Participación dos municipios nos tributos do Estado para o exercicio 2010.*

Un. O importe total destinado a pagar as entregas á conta aos municipios incluídos no ámbito subxectivo do artigo 122 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, será o equivalente ao 95 por cento da súa participación total nos tributos do Estado para o ano base 2004, multiplicado polo índice de evolución correspondente segundo o artigo 123 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e recoñecerase con cargo ao crédito específico consignado na sección 32, servizo 23, Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Comunidades Autónomas e coas Entidades Locais, programa 942M.

Dous. A práctica da liquidación definitiva correspondente ao ano 2010 a favor dos municipios antes citados realizarase conforme as regras contidas nos artigos 123 e 124 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e con cargo ao crédito que se dote no concepto 468, relativo á liquidación definitiva de anos anteriores e compensacións derivadas do novo sistema de financiamento, incluído na sección, servizo e programa citados no número anterior.

Tres. O importe total que resulte da aplicación das regras contidas nos números anteriores distribuirase de acordo cos seguintes criterios:

a) Como regra xeral, cada concello percibirá unha cantidade igual á resultante da liquidación definitiva da participación nos tributos do Estado do ano 2003, calculada conforme o disposto nos números dous, tres, catro e cinco do artigo 65 da Lei 52/2002, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2003.

b) O resto distribuirase proporcionalmente ás diferenzas positivas entre a cantidade que cada concello obtería dunha repartición en función das variables e porcentaxes que a continuación se mencionan e as cantidades previstas no parágrafo anterior. Para estes efectos, as variables e porcentaxes que se aplicarán serán as seguintes:

1. O 75 por cento en función do número de habitantes de dereito de cada municipio, segundo o padrón da poboación municipal vixente en 31 de decembro de 2010 e aprobado oficialmente polo Goberno, ponderado polos seguintes coeficientes, segundo estratos de poboación:

Estrato	Número de habitantes	Coefficientes
1	De máis de 50.000.	1,40
2	De 20.001 a 50.000.	1,30
3	De 5.001 a 20.000.	1,17
4	Ata 5.000.	1,00

2. O 12,5 por cento, en función do esforzo fiscal medio de cada municipio no exercicio 2008 ponderado polo número de habitantes de dereito de cada municipio, segundo o padrón municipal vixente en 31 de decembro de 2010 e oficialmente aprobado polo Goberno.

Para estes efectos, considerarase esforzo fiscal municipal no ano 2008 o resultante da aplicación da fórmula seguinte:

$$E_{fm} = [\sum a(RcO/RPm)] \times P_i$$

No desenvolvemento desta fórmula teranse en conta os seguintes criterios:

A. O factor a representa o peso medio relativo de cada tributo en relación coa recadación líquida total obtida no exercicio económico de 2008, durante o período voluntario, polo imposto sobre bens inmobles, polo imposto sobre actividades económicas, excluídas as cantidades percibidas como consecuencia da distribución das cotas nacionais e provinciais do imposto sobre actividades económicas e a recarga provincial atribuíble ás respectivas deputacións provinciais, e polo imposto sobre vehículos de tracción mecánica, para todos os municipios integrados nesta forma de financiamento.

B. A relación RcO/RP_m calcularase, para cada un dos tributos citados no parágrafo precedente e en relación con cada municipio, da seguinte maneira:

i. No imposto sobre bens inmobles urbanos ou rústicos, multiplicando o factor a polo tipo impositivo real fixado polo pleno da corporación para o período de referencia, dividido por 0,4 ou 0,3, respectivamente, que representan os tipos mínimos exixibles en cada caso e dividíndoo, pola súa vez, polo tipo máximo potencialmente exixible en cada municipio. Para estes efectos, aplicaranse os tipos de gravame real e máximo, segundo o disposto nos números 1 e 3 do artigo 72 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

O resultado así obtido no imposto sobre bens inmobles urbanos ponderarase pola razón entre a base imponible media por habitante de cada concello e a base imponible media por habitante do estrato en que se encadre, incluíndo, de ser o caso, a que corresponda aos bens inmobles de características especiais. Para estes efectos, os tramos de poboación identificaranse cos utilizados para a distribución do 75 por cento asignado á variable poboación.

ii. No imposto sobre actividades económicas, multiplicando o factor a polo importe do padrón municipal do imposto, incluída a incidencia da aplicación do coeficiente de situación a que se refire o artigo 87 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, vixente no período impositivo de 2008, e dividíndoo pola suma das cotas mínimas fixadas nas tarifas do imposto, en relación con cada suposto de suxeición a este, e ponderadas polos coeficientes recollidos no artigo 86 da mesma norma.

iii. No imposto sobre vehículos de tracción mecánica, multiplicando o factor a por 1.

iv. A suma $\sum a(RcO/RP_m)$ multiplicarase polo factor P_j , sendo este a súa poboación de dereito deducida do padrón municipal vixente en 31 de decembro de 2010 e aprobado oficialmente polo Goberno.

C. O coeficiente de esforzo fiscal medio por habitante, para cada municipio, en ningún caso poderá ser superior ao quíntuplo do menor valor calculado do coeficiente de esforzo fiscal medio por habitante dos concellos incluídos no estrato de poboación superior a 50.000 habitantes.

3. O 12,5 por cento en función do inverso da capacidade tributaria. Entenderase como capacidade tributaria a resultante da relación existente entre as bases imponderables medias do imposto sobre bens inmobles urbanos por habitante de cada concello e a do estrato en que este se encadre, ponderada pola relación entre a poboación de dereito de cada municipio e a poboación total dos incluídos nesta modalidade de participación, deducidas do padrón municipal vixente en 31 de decembro de 2010 e aprobado oficialmente polo Goberno. Para estes efectos, os tramos de poboación identificaranse cos utilizados para a distribución do 75 por cento asignado á variable poboación.

Para o cálculo desta variable, teranse en conta os datos relativos ás bases imponderables do imposto sobre bens inmobles de natureza urbana e de características especiais, das entidades locais, correspondentes ao exercicio 2008.

Catro. Na contía que resulte da aplicación das normas do número anterior, engadiránselle as compensacións por minguas de ingresos derivadas da reforma do imposto sobre actividades económicas seguintes:

a) Definitiva, da disposición adicional décima da Lei 51/2002, do 27 de decembro, de reforma da lei reguladora das facendas locais, incrementada nos mesmos termos que os ingresos tributarios do Estado en 2010 respecto a 2004.

b) Adicional, regulada na disposición adicional segunda da Lei 22/2005, do 18 de novembro, incrementada nos mesmos termos que os ingresos tributarios do Estado en 2010 respecto a 2006.

Cinco. A participación dos municipios turísticos determinarase conforme o número 4 do artigo 125 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e o disposto nos números tres e catro anteriores. O importe da cesión así calculada non poderá supor, en ningún caso, minoración da participación que resulte da aplicación dos números tres e catro deste artigo. Consideraranse municipios turísticos os que cumpran as condicións recollidas no número 1 do mencionado artigo 125, referidas ao 1 de xaneiro de 2008.

Seis. Para os novos municipios turísticos resultantes da revisión efectuada en 1 de xaneiro de 2008, a cesión da recadación dos impostos sobre hidrocarburos e sobre os elaborados do tabaco calculada no ano base 2004, a que fai referencia o artigo 125.4 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, será o resultado de dividir a cesión da recadación líquida dos impostos sobre hidrocarburos e sobre os elaborados do tabaco correspondente a cada municipio no exercicio 2008 pola evolución dos ingresos tributarios do Estado neste último respecto de 2004.

Artigo 99. *Entregas á conta.*

Un. As entregas á conta da participación nos tributos do Estado para o exercicio de 2010 a que se refire o artigo anterior seranlles aboadas aos concellos mediante pagamentos mensuais equivalentes á doceava parte do respectivo crédito.

Dous. A participación individual de cada municipio determinarase de acordo cos criterios establecidos para a distribución da liquidación definitiva, coas seguintes variacións:

a) Empregarase a poboación do padrón municipal vixente e oficialmente aprobado polo Goberno en 1 de xaneiro do ano 2010. As variables esforzo fiscal e inverso da capacidade tributaria referiranse aos datos da última liquidación definitiva practicada. En todo caso, considerarase como entrega mínima á conta da participación nos tributos do Estado para cada municipio unha cantidade igual ao 95 por cento da participación total definitiva correspondente ao ano 2003, calculada conforme o disposto nos números dous, tres, catro e cinco do artigo 65 da Lei 52/2002, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2003.

b) Á contía calculada segundo o parágrafo anterior para cada municipio engadiráselle o 95 por cento das compensacións por minguas de ingresos derivadas da reforma do imposto sobre actividades económicas seguintes:

1. Definitiva, da disposición adicional décima da Lei 51/2002, do 27 de decembro, de reforma da lei reguladora das facendas locais, incrementada nos mesmos termos que os ingresos tributarios do Estado en 2010 respecto a 2004.

2. Adicional, regulada na disposición adicional segunda da Lei 22/2005, do 18 de novembro, incrementada nos mesmos termos que os ingresos tributarios do Estado en 2010 respecto a 2006.

Tres. A participación individual de cada municipio turístico determinarase de acordo co número anterior. O importe resultante reducirase na contía da cesión da recadación dos impostos sobre hidrocarburos e sobre os elaborados do tabaco calculada no ano base 2004, incrementada nos mesmos termos que a previsión de crecemento dos ingresos tributarios do Estado en 2010 respecto de 2004, sumándose ao resultado anterior a cesión que, por aqueles impostos, lles correspondese, en concepto de entregas á conta en 2010,

aplicando as normas do punto un do artigo 95 desta lei, sen que, en ningún caso, a contía que se transfira sexa inferior á calculada conforme o disposto no número anterior.

Sección 4.^a Cesión a favor das provincias, comunidades autónomas uniprovinciais, cabidos e consellos insulares da recadación de impostos estatais

Artigo 100. *Cesión de rendementos recadatorios do imposto sobre a renda das persoas físicas: determinación das entregas á conta e da liquidación definitiva.*

Un. As provincias e entes asimilados incluídos no ámbito subxectivo do artigo 135 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, participarán na recadación líquida que se obteña en 2010, mediante o pagamento de doce entregas mensuais á conta da liquidación definitiva.

O cálculo global da contía destas entregas á conta efectuarase mediante a seguinte operación:

$$ECIRPFp = 0,009936 \times CL2007p \times IA2010/2007 \times 0,95$$

Sendo:

ECIRPFp: importe anual de entregas á conta por cesión de rendementos recadatorios do imposto sobre a renda das persoas físicas da entidade provincial ou asimilada p.

CL2007p: cota líquida do imposto sobre a renda das persoas físicas no ámbito da entidade provincial ou asimilada p no ano 2007, último coñecido.

IA2010/2007: índice de actualización da cota líquida entre o ano 2007, último coñecido, e o ano 2010. Este índice é o resultado de dividir o importe da previsión orzamentaria, para 2010, por retencións, pagamentos á conta e pagamentos fraccionados, entre o importe dos dereitos liquidados por estes conceptos, correspondentes ao ano 2007, último do que se coñecen as cotas líquidas no ámbito da entidade provincial ou asimilada.

O importe que se obteña en concepto de entregas á conta, segundo a fórmula anterior, farase efectivo a cada provincia ou entidade asimilada mediante transferencia por doceavas partes mensuais, tramitándose como devolucións de ingresos no concepto do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Dous. A liquidación definitiva determinarase pola diferenza entre as entregas á conta percibidas e o valor definitivo da cesión da cota líquida correspondente a cada provincia ou ente asimilado, determinada nos termos do artigo 137 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Artigo 101. *Cesión da recadación líquida do imposto sobre o valor engadido: determinación das entregas á conta e da liquidación definitiva.*

Un. As provincias e entes asimilados a que se refire o artigo precedente participarán na recadación líquida que se obteña, polo imposto sobre o valor engadido, mediante a determinación de doce entregas mensuais á conta da liquidación definitiva.

A determinación, para cada unha daquelas entidades, da contía global destas entregas á conta efectuarase mediante a seguinte operación:

$$ECIVEp = 0,010538 \times RPIVE \times ICPi \times (Pp / Pi) \times 0,95$$

Sendo:

ECIVEp: importe anual das entregas á conta da provincia ou entidade asimilada p, en concepto de cesión da recadación de imposto sobre o valor engadido prevista no ano 2010.

RPIVE: importe da previsión orzamentaria da recadación líquida do imposto sobre o valor engadido para o ano 2010.

ICPi: índice provisorio de consumo da comunidade autónoma i para o ano 2010. Para estes efectos teranse en conta os últimos datos dispoñibles, que corresponden aos utilizados para o cálculo da liquidación definitiva do ano 2007.

Pp e Pi: poboacións da provincia ou ente asimilado p e da comunidade autónoma i respectiva. Para estes efectos, considerarase a poboación de dereito segundo o padrón da poboación municipal vixente en 1 de xaneiro de 2010 e aprobado oficialmente polo Goberno.

O importe que se obteña en concepto de entregas á conta, segundo a fórmula anterior, farase efectivo a cada provincia ou entidade asimilada, tramitándose como devolucións de ingresos no concepto de imposto sobre o valor engadido.

Dous. A liquidación definitiva determinarase pola diferenza entre as entregas á conta percibidas e o valor definitivo da cesión da recadación líquida do imposto sobre o valor engadido que resulte da aplicación do disposto no artigo 138 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Artigo 102. Cesión da recadación líquida por impostos especiais sobre o alcohol e bebidas alcohólicas: determinación das entregas á conta e da liquidación definitiva.

Un. As entidades incluídas no ámbito subxectivo do artigo 135 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, participarán na recadación líquida que se obteña, polos impostos sobre a cervexa, sobre o viño e bebidas fermentadas, sobre produtos intermedios e sobre o alcohol e bebidas derivadas, mediante a determinación de doce entregas mensuais á conta da liquidación definitiva.

O cálculo, para cada provincia ou ente asimilado, da contía global destas entregas á conta efectuarase mediante a seguinte operación:

$$ECIIEE(h)p = 0,012044 \times RPIIEE(h) \times ICPI(h) \times (Pp / Pi) \times 0,95$$

Sendo:

ECIIEE(h)p: importe anual das entregas á conta da provincia ou ente asimilado p, en concepto de cesión da recadación do imposto especial h dos sinalados no primeiro parágrafo deste número prevista no ano 2010.

RPIIEE(h): importe da previsión orzamentaria da recadación líquida do imposto especial h dos sinalados no primeiro parágrafo deste número para o ano 2010.

ICPI(h): índice provisorio de consumo da Comunidade Autónoma i a que pertence a provincia ou entidade asimilada p, elaborado, para o ano 2010, para efectos da asignación do imposto especial h dos sinalados no primeiro parágrafo deste número. Para estes efectos, teranse en conta os últimos datos dispoñibles, que corresponden aos utilizados para o cálculo da liquidación definitiva do ano 2007.

Pp e Pi: poboacións da provincia ou entidade asimilada p e da comunidade autónoma i respectiva. Para estes efectos, considerarase a poboación de dereito segundo o padrón da poboación municipal vixente en 1 de xaneiro de 2010 e aprobado oficialmente polo Goberno.

O importe que se obteña en concepto de entregas á conta, segundo a fórmula anterior, farase efectivo a cada provincia ou entidade asimilada, tramitándose como devolucións de ingresos no concepto relativo a cada un dos impostos especiais sinalados no primeiro parágrafo deste número.

Dous. A liquidación definitiva determinarase pola diferenza entre as entregas á conta percibidas e o valor definitivo da cesión da recadación líquida polos impostos especiais sinalados no primeiro parágrafo do número anterior que resulte da aplicación do artigo 139 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Artigo 103. Cesión da recadación líquida por impostos especiais sobre hidrocarburos e sobre os elaborados do tabaco: determinación das entregas á conta e da liquidación definitiva.

Un. As provincias e entes asimilados incluídos no ámbito subxectivo do artigo 135 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto

lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, participarán na recadación líquida que se obteña, polos impostos sobre hidrocarburos e sobre os elaborados do tabaco, mediante a determinación de doce entregas mensuais á conta da liquidación definitiva.

O cálculo, para cada provincia ou entidade asimilada, do importe total destas entregas á conta efectuarase mediante a seguinte operación:

$$ECIIEE(k)_p = 0,012044 \times RPIIEE(k) \times IPp(k) \times 0,95$$

Sendo:

ECIIEE(k)_p: importe anual das entregas á conta da provincia ou ente asimilado p, en concepto de cesión da recadación do imposto especial k dos sinalados no primeiro parágrafo deste número prevista no ano 2010.

RPIIEE(k): importe da previsión orzamentaria da recadación líquida do imposto especial k dos sinalados no primeiro parágrafo deste número para o ano 2010.

IPp(k): índice provisorio, para o ano 2010, referido á provincia ou ente asimilado p, de entregas de gasolinas, gasóleos e fuel óleos, e o de vendas a expendedorías de tabaco, ponderadas ambas polos correspondentes tipos impositivos. Para estes efectos, teranse en conta datos correspondentes ao último ano dispoñible.

O importe que se obteña en concepto de entregas á conta, segundo a fórmula anterior, farase efectivo a cada entidade, tramitándose como devolucións de ingresos no concepto relativo a cada un dos impostos especiais sinalados no primeiro parágrafo deste número.

Dous. A liquidación definitiva determinarase pola diferenza entre as entregas á conta percibidas e o valor definitivo da cesión da recadación líquida polos impostos especiais sinalados no artigo anterior, que resulte da aplicación do artigo 139 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Sección 5.^a Participación das provincias, comunidades autónomas uniprovinciais e consellos e cabidos insulares nos tributos do Estado

Subsección 1.^a Participación no Fondo Complementario de Financiamento

Artigo 104. Determinación das entregas á conta.

Un. O importe total das entregas á conta da participación de cada provincia e entidade asimilada incluída no ámbito subxectivo do vixente artigo 135 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, no Fondo Complementario de Financiamento correspondente a 2010, recoñecerase con cargo ao crédito Transferencias ás Deputacións e Cabidos Insulares. Entregas á conta ás deputacións e cabidos insulares pola súa participación nos ingresos dos capítulos I e II do orzamento do Estado por recursos non susceptibles de cesión ás comunidades autónomas, consignado na sección 32, servizo 23, Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Comunidades Autónomas e coas Entidades Locais, programa 942 M.

Dous. O citado importe será o 95 por cento do Fondo Complementario de Financiamento do ano 2004 aplicando o índice de evolución correspondente segundo o artigo 121 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Tres. Á contía calculada segundo o número anterior engadiráselle o 95 por cento das compensacións por minguas de ingresos derivadas da reforma do imposto sobre actividades económicas seguintes:

a) Definitiva, da disposición adicional décima da Lei 51/2002, do 27 de decembro, de reforma da lei reguladora das facendas locais, incrementada nos mesmos termos que os ingresos tributarios do Estado en 2010 respecto a 2004.

b) Adicional, regulada na disposición adicional segunda da Lei 22/2005, do 18 de novembro, incrementada nos mesmos termos que os ingresos tributarios do Estado en 2010 respecto a 2006.

Catro. As entregas á conta da participación no Fondo Complementario de Financiamento para o exercicio 2010 serán aboadas ás entidades locais a que se refire este artigo, mediante pagamentos mensuais equivalentes á doceava parte do importe total que resulte da aplicación das normas recollidas nos números anteriores.

Artigo 105. *Liquidación definitiva.*

Un. A práctica da liquidación definitiva do Fondo Complementario de Financiamento do ano 2010 a favor das provincias e entidades asimiladas realizarase con cargo ao crédito que se dote na sección 32, servizo 23, Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Comunidades Autónomas e coas Entidades Locais, programa 942M, concepto 468, relativo á liquidación definitiva de anos anteriores e compensacións derivadas do novo sistema de financiamento, conforme as regras contidas nos artigos 141 e 143 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Dous. A contía anterior incrementarase, de ser o caso, no importe das compensacións por minguas de ingresos derivadas da reforma do imposto sobre actividades económicas seguintes:

- a) Definitiva, da disposición adicional décima da Lei 51/2002, do 27 de decembro, de reforma da lei reguladora das facendas locais, incrementada nos mesmos termos que os ingresos tributarios do Estado en 2010 respecto a 2004.
- b) Adicional, regulada na disposición adicional segunda da Lei 22/2005, do 18 de novembro, incrementada nos mesmos termos que os ingresos tributarios do Estado en 2010 respecto a 2006.

Tres. A liquidación definitiva determinarase pola diferenza entre a suma dos importes das entregas á conta calculadas conforme o disposto no artigo anterior e da participación definitiva calculada nos termos dos números anteriores.

Subsección 2.^a Participación no fondo de achega á asistencia sanitaria

Artigo 106. *Determinación das entregas á conta.*

Un. Para o mantemento dos centros sanitarios de carácter non psiquiátrico das deputacións, comunidades autónomas uniprovinciais non insulares e consellos e cabidos insulares asígnase, con cargo ao crédito Transferencias ás Deputacións e Cabidos Insulares. Entregas á conta ás deputacións e cabidos insulares pola súa participación nos ingresos dos capítulos I e II do orzamento do Estado por recursos non susceptibles de cesión ás comunidades autónomas consignado na sección 32, servizo 23, programa 942M, Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Comunidades Autónomas e coas Entidades Locais, transferencias a entidades locais por participación en ingresos do Estado, a cantidade de 517,94 millóns de euros en concepto de entregas á conta. As entregas á conta da participación neste fondo para o ano 2010 serán aboadas ás deputacións provinciais, comunidades autónomas uniprovinciais non insulares, cabidos e consellos insulares mediante pagamentos mensuais equivalentes á doceava parte do crédito. A asignación para o mantemento dos centros sanitarios realizarase en proporción ás contías percibidas por este concepto na liquidación definitiva da participación en tributos do Estado do ano 2004, e librarase simultaneamente coas entregas á conta da participación no Fondo Complementario de Financiamento regulado na subsección anterior.

Dous. Cando a xestión económica e financeira dos centros hospitalarios, nos termos previstos na Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, se transfira ás correspondentes comunidades autónomas, asignaráselles a esas entidades as entregas á conta da participación do ente transferidor do servizo, podendo ser obxecto de integración na súa participación nos tributos do Estado por acordo da respectiva comisión mixta, logo de informe da Subcomisión de Réxime Económico, Financeiro e Fiscal da Comisión Nacional

de Administración Local, mediante as modificacións e axustes que procedan nos respectivos créditos orzamentarios.

Artigo 107. *Liquidación definitiva.*

Un. A práctica da liquidación definitiva da asignación do fondo de achega á asistencia sanitaria do ano 2010, correspondente ás provincias, comunidades autónomas uniprovinciais non insulares e illas, realizarase con cargo ao crédito que se dote na sección 32, servizo 23, Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Comunidades Autónomas e coas Entidades Locais, programa 942M, concepto 468, relativo á liquidación definitiva de anos anteriores e compensacións derivadas do novo sistema de financiamento, conforme as regras contidas nos artigos 143 e 144 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, tomando como base de cálculo as contías que, por este concepto, resultaron da liquidación definitiva da participación en tributos do Estado do ano 2004.

Dous. Cando a xestión económica e financeira dos centros hospitalarios, nos termos previstos na Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, se transfira ás correspondentes comunidades autónomas, procederáse na mesma medida a asignar a esas entidades a participación do ente transferidor do servizo no citado fondo.

Sección 6.ª Réximes especiais

Artigo 108. *Participación dos territorios históricos do País Vasco e Navarra nos tributos do Estado.*

Un. A participación dos municipios do País Vasco e de Navarra nos tributos do Estado fíxase conforme as normas contidas na subsección 2.ª da sección 3.ª deste capítulo, no marco do Concerto e Convenio Económico, respectivamente.

Dous. A participación das deputacións forais do País Vasco e da Comunidade Foral de Navarra nos tributos do Estado determinarase segundo o establecido no artigo 146 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, no marco do Concerto e Convenio Económico, respectivamente.

Artigo 109. *Participación das entidades locais das Illas Canarias nos tributos do Estado.*

Un. A cesión de rendementos recadatorios en impostos estatais a favor dos municipios das Illas Canarias incluídos no ámbito subxectivo de aplicación do artigo 111 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, así como dos cabidos insulares, axustarase ao disposto no artigo 158 desta última norma.

Dous. A participación no Fondo Complementario de Financiamento das entidades locais citadas no número anterior determinarase conforme o disposto na subsección 1.ª, da sección 3.ª, e na subsección 1.ª, da sección 5.ª, deste capítulo, tendo en consideración o disposto no mencionado artigo 158 daquela norma.

Tres. A participación do resto de municipios das Illas Canarias nos tributos do Estado determinarase mediante a aplicación das normas contidas na subsección 2.ª, da sección 3.ª, deste capítulo e conforme a mesma proporción que os municipios de réxime común.

Artigo 110. *Participación das cidades de Ceuta e de Melilla nos tributos do Estado.*

Un. As cidades de Ceuta e de Melilla, en canto entidades asimiladas aos municipios, participarán nos tributos do Estado conforme as normas xerais contidas neste capítulo.

Dous. As cidades de Ceuta e de Melilla, en canto entidades asimiladas ás provincias, participarán nos tributos do Estado segundo o establecido no artigo 146 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Sección 7.ª Compensacións, subvencións e axudas

Artigo 111. *Subvencións ás entidades locais por servizos de transporte colectivo urbano.*

Un. Para dar cumprimento ao previsto na disposición adicional quinta do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, fíxase en 69,0 millóns de euros o crédito destinado a subvencionar o servizo de transporte colectivo urbano prestado polas entidades locais que reúnan os requisitos que se especifican no seguinte número.

Dous. Na distribución do crédito poderán participar as entidades locais que dispoñan dun servizo de transporte público colectivo urbano interior, calquera que sexa a forma de xestión, que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Ter máis de 50.000 habitantes de dereito, segundo o padrón municipal vixente en 1 de xaneiro de 2009 e aprobado oficialmente polo Goberno.
- b) Ter máis de 20.000 habitantes de dereito, segundo as cifras de poboación do padrón municipal vixente en 1 de xaneiro de 2009 e aprobado oficialmente polo Goberno, nos que concorran simultaneamente que o número de unidades urbanas censadas no catastro inmobiliario urbano sexa superior a 36.000 na data sinalada.
- c) Os municipios que, mesmo non reunindo algunha das condicións anteriores, sexan capitais de provincia.
- d) Exceptúanse os municipios que, cumprindo os requisitos anteriores, participen nun sistema de financiamento alternativo do servizo de transporte público urbano interior, no que achegue financiamento a Administración xeral do Estado. Esta excepción será, en todo caso, de aplicación ao convenio de colaboración instrumentado no ámbito territorial das Illas Canarias e os contratos programas concertados co Consorcio Rexional de Transportes de Madrid e a Autoridade do Transporte Metropolitano de Barcelona.

Tres. A dotación orzamentaria, unha vez satisfeitas as obrigas de pagamento correspondentes a sentenzas xudiciais firmes do mesmo concepto, distribuirase conforme os seguintes criterios, que se aplicarán conforme os datos de xestión económica e financeira que se deduzan do modelo a que se refire o número seis deste artigo:

A. O 5 por cento do crédito en función da lonxitude da rede municipal en traxecto de ida e expresada en quilómetros. As liñas circulares que non teñan traxecto de ida e volta computaranse pola metade.

B. O 5 por cento do crédito en función da relación viaxeiros/habitantes de dereito de cada municipio ponderada pola razón do número de habitantes citado dividido por 50.000. A cifra de habitantes de dereito será a de poboación do padrón municipal vixente en 1 de xaneiro de 2009 e oficialmente aprobado polo Goberno.

C. O 90 por cento do crédito en función do déficit medio por título de transporte emitido, conforme o seguinte procedemento:

a) O importe que se lle subvencionará a cada municipio virá dado polo resultado de multiplicar o número de títulos de transporte pola subvención correspondente a cada un deses títulos.

b) A subvención correspondente a cada título obterase aplicándolle ao seu déficit medio as contías e porcentaxes definidas na escala seguinte:

1.º tramo: o importe do déficit medio por título de transporte, de cada municipio, que non supere o 12,5 por cento do déficit medio global subvencionarase ao 100 por cento.

2.º tramo: o importe do déficit medio por título de transporte, de cada municipio, que exceda o tramo anterior e non supere o 25 por cento do déficit medio global subvencionarase ao 55 por cento.

3.º tramo: o importe do déficit medio por título de transporte, de cada municipio, que exceda o tramo anterior e non supere o 50 por cento do déficit medio global subvencionarase ao 27 por cento.

4.º tramo: o importe do déficit medio por título de transporte, de cada municipio, que exceda o tramo anterior e non supere o 100 por cento do déficit medio global subvencionarase coa porcentaxe de financiamento que resulte de dividir o resto do crédito non atribuído aos tramos anteriores entre o total do déficit incluído neste tramo, considerando todos os municipios que teñan dereito a subvención.

5.º tramo: o importe do déficit medio por título de transporte, de cada municipio, que exceda o déficit medio global non será obxecto de subvención.

A porcentaxe de financiamento do 4.º tramo da escala non poderá exceder o 27 por cento. O exceso de crédito que poida resultar da aplicación desta restrición distribuirase proporcionalmente ao financiamento obtido por cada municipio, correspondente aos tramos 2.º e 3.º

En ningún caso da aplicación destas normas se poderá recoñecer unha subvención que, en termos globais, exceda o 90 por cento do crédito dispoñible. De se producir esta circunstancia, axustarase de forma sucesiva, na proporción necesaria, a porcentaxe correspondente aos tramos 3.º, 2.º e, de ser o caso, 1.º, na forma disposta no tramo 4.º, ata esgotar o citado crédito.

c) O déficit medio de cada municipio será o resultado de dividir o déficit de explotación entre o número de títulos de transporte. O déficit medio global será o resultado de dividir a suma dos déficits de todos os municipios que teñan dereito á subvención entre o total de títulos de transporte dos ditos municipios.

d) O importe da subvención por título virá dada pola suma da contía que se subvencionará en cada tramo, que se obterá multiplicando a parte do déficit medio incluída en cada tramo pola porcentaxe de financiamento aplicable nese tramo.

O déficit de explotación estará determinado polo importe das perdas de explotación que se deduza das contas de perdas e ganancias das empresas ou entidades que presten o servizo de transporte público, elaboradas conforme o plan de contabilidade e as normas e principios contables xeralmente aceptados que, en cada caso, resulten de aplicación, cos seguintes axustes:

a') En canto aos gastos de explotación, excluíranse aqueles que se refiran a tributos, con independencia do suxeito activo da relación xurídico-tributaria.

b') En canto aos gastos e ingresos de explotación, excluíranse aqueles que teñan a súa orixe na prestación de servizos ou realización de actividades alleas á do transporte público urbano pola que se solicita a subvención. Así mesmo, excluírase calquera subvención e achega que recoñeza, a favor da empresa ou entidade que preste o servizo de transporte público urbano, o concello no termo municipal do cal se realice a prestación.

c') En todo caso, deduciranse do déficit para o cálculo do financiamento correspondente a este número os importes atribuídos como subvención polos criterios de lonxitude da rede e relación viaxeiros/habitantes de dereito.

Catro. As subvencións deberanse destinar a financiar a prestación deste servizo.

Cinco. Para os concellos do País Vasco e Navarra, a subvención que lles corresponda corrixirase na mesma proporción aplicable á súa participación en tributos do Estado.

Seis. Antes do 1 de xullo do ano 2010, co fin de distribuír o crédito destinado a subvencionar a prestación dos servizos de transporte público colectivo urbano, as respectivas entidades locais deberán facilitar, na forma que determinen os órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda, a seguinte documentación:

1. En todos os casos, o número de quilómetros de calzada da rede en traxecto de ida, o número de viaxeiros ao ano, o número de prazas ofertadas ao ano, recadación e prezos medios referidos ao exercicio 2009, segundo o modelo definido pola Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Comunidades Autónomas e coas Entidades Locais.

2. Tratándose de servizos realizados pola propia entidade ou organismo autónomo dependente en réxime de xestión directa, documento detallado das partidas de ingresos e gastos imputables ao servizo de transporte e do déficit ou resultado real producido no

exercicio 2009, segundo o modelo definido pola Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Comunidades Autónomas e coas Entidades Locais.

3. Tratándose de servizos realizados en réxime de xestión directa por unha sociedade mercantil municipal ou de empresas ou particulares que presten o servizo en réxime de concesión ou calquera outra modalidade de xestión indirecta, xuntaranse as contas anuais co seu correspondente informe de auditoría.

Así mesmo, os administradores deberán elaborar un documento en que se detallen as partidas de ingresos e gastos do servizo de transporte e do déficit ou resultado real producido no exercicio 2009, e os criterios de imputación dos referidos ingresos e gastos, segundo o modelo definido pola Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Comunidades Autónomas e coas Entidades Locais.

Deberá ser obxecto de revisión por un auditor o documento coas partidas de ingresos e gastos imputables ao servizo e do déficit ou resultado real producido no exercicio 2009 e os criterios de imputación dos ingresos e gastos, entendendo que está auditado cando esa información estea incluída na memoria das contas anuais e estas fosen auditadas.

4. En calquera caso, o documento oficial en que se recollan, actualizados, os acordos reguladores das condicións financeiras en que a actividade se realiza.

5. En todos os casos, xustificación de estaren o concello solicitante da subvención e a empresa, organismo ou entidade que preste o servizo, ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

6. Certificación do interventor da aplicación do importe recibido como subvención ao transporte colectivo urbano no exercicio inmediato anterior á finalidade prevista no número catro do artigo 104 da Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2009.

Aos concellos que non cumpriren co envío da documentación na forma prevista neste artigo non se lles recoñecerá o dereito a percibir a axuda destinada a financiar o servizo de transporte público colectivo de viaxeiros por causa de interese xeral e co fin de evitar prexuízos financeiros aos demais perceptores.

Artigo 112. Compensación aos concellos dos beneficios fiscais concedidos ás persoas físicas ou xurídicas nos tributos locais.

Para dar cumprimento ao previsto no artigo 9 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, dótese na sección 32 do vixente orzamento de gastos do Estado un crédito coa finalidade de compensar os beneficios fiscais en tributos locais de exacción obrigatoria que poida conceder o Estado mediante lei e nos termos previstos no número dous do citado artigo 9.

As solicitudes de compensación serán obxecto de comprobación previa ao seu pagamento, no caso do imposto sobre actividades económicas coa información existente nas bases de datos da matrícula dese imposto e, no caso do imposto sobre bens inmobles, nas bases de datos do catastro inmobiliario.

Para eses efectos, a Axencia Estatal de Administración Tributaria do Estado e a Dirección Xeral do Catastro do Ministerio de Economía e Facenda facilitarán a intercomunicación informática coa Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Comunidades Autónomas e coas Entidades Locais.

Autorízase o Ministerio de Economía e Facenda para ditar as normas necesarias para o establecemento do procedemento que se seguirá en cada caso, co fin de proceder á compensación, en favor dos municipios, das débedas tributarias efectivamente condonadas e das exencións legalmente concedidas.

Artigo 113. Outras subvencións ás entidades locais.

Un. Con cargo aos créditos consignados na sección 32, servizo 23, Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Comunidades Autónomas e coas Entidades Locais, programa 942N, farase efectiva unha compensación equivalente ao importe das cotas do actual imposto sobre vehículos de tracción mecánica obxecto de condonación no ano 2010, como

consecuencia da aplicación dos beneficios fiscais establecidos no vixente Convenio de cooperación para a defensa cos Estados Unidos, do 1 de decembro de 1988.

O cálculo da cantidade que se compensará realizarase conforme os convenios subscritos cos concellos afectados.

Dous. Con cargo aos créditos da sección 32, servizo 23, Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Comunidades Autónomas e coas Entidades Locais, programa 942 N, concédeselles unha axuda de 8 millóns de euros para a súa asignación ás cidades de Ceuta e de Melilla, destinada a compensar os custos de funcionamento das plantas desalinizadoras instaladas para o abastecemento de auga, así como outras actuacións para a mellora da xestión da auga.

As axudas a que se refire o parágrafo anterior faranse efectivas na forma establecida nos correspondentes convenios subscritos entre o Ministerio de Economía e Facenda e cada unha das cidades mencionadas, no marco dos principios xerais do artigo 111 bis do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, e da normativa comunitaria.

Da anterior contía, un terzo repartirase entre as cidades de Ceuta e Melilla en función do número de habitantes de dereito de cada municipio, segundo o padrón da poboación municipal vixente en 1 de xaneiro do exercicio inmediatamente anterior, que se destinará a compensar parcialmente os custos de funcionamento das plantas desalinizadoras. Á cidade de Ceuta correspóndenlle 1,39 millóns de euros e á cidade de Melilla, 1,28 millóns de euros.

Os dous terzos restantes destinaranse a financiamento de actuacións para a mellora da xestión da auga, coa mesma repartición entre ambas as cidades sinalada no parágrafo anterior. Á cidade de Ceuta correspóndenlle 2,77 millóns de euros e á de Melilla, 2,56 millóns de euros.

Artigo 114. Anticipos a favor dos concellos por desfases na xestión recadatoria dos tributos locais.

Un. Cando por circunstancias relativas á emisión dos padróns non se poida liquidar o imposto sobre bens inmobles antes do 1 de agosto do ano 2010, os concellos afectados poderán percibir do Tesouro Público anticipos á conta do mencionado imposto, co fin de salvaguardar as súas necesidades mínimas de tesouraría, logo de autorización do pleno da respectiva corporación.

Tales anticipos serán concedidos por solicitude dos respectivos municipios, tras informe previo da Dirección Xeral do Catastro, e serán tramitados e resoltos pola Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Comunidades Autónomas e coas Entidades Locais.

Na tramitación dos expedientes teranse en conta os seguintes condicionamentos:

a) Os anticipos non poderán exceder o 75 por cento do importe da recadación previsible como imputable a cada padrón.

b) O importe anual que se lle anticipará a cada corporación mediante esta fórmula non excederá do dobre da última anualidade percibida por esta en concepto de participación nos tributos do Estado.

c) En ningún caso se poderán solicitar anticipos correspondentes a máis de dous períodos impositivos sucesivos con referencia a un mesmo tributo.

d) As deputacións provinciais, cabidos e consellos insulares e comunidades autónomas uniprovinciais e outros organismos públicos recadadores que, pola súa vez, lles realizasen anticipos aos concellos de referencia, na forma prevista no artigo 149.2 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, poderán ser perceptores da contía que corresponda do anticipo, ata o importe do efectivamente anticipado e co fin de poder cancelar en todo ou en parte as correspondentes operacións de tesouraría, logo da oportuna xustificación.

e) Unha vez ditada a correspondente resolución definitiva, os anticipos libraranse polo seu importe neto a favor dos concellos ou entidades a que se refire a alínea d) anterior por cuartas partes mensuais, a partir do día 1 de setembro de cada ano, e suspenderanse

as correlativas entregas no mes seguinte a aquel en que se emenden as deficiencias sinaladas no parágrafo primeiro deste número.

Os anticipos concedidos conforme o disposto neste número estarán sometidos, de ser o caso, ás mesmas retencións previstas na disposición adicional cuarta do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e serán reintegrados polas respectivas entidades locais unha vez recibido informe da Dirección Xeral do Catastro que comunique a rectificación dos mencionados padróns.

Dous. Mediante resolución da Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Comunidades Autónomas e coas Entidades Locais, poderánselles conceder aos concellos, en caso de urxente e extraordinaria necesidade de tesouraría, anticipos a reintegrar dentro do exercicio corrente con cargo á súa participación nos tributos do Estado. Para a concesión destes anticipos, deberánse cumprir os seguintes requisitos:

- a) Acordo do pleno da corporación polo que lle autorice ao seu presidente a solicitude do anticipo e fixe os termos de tal solicitude.
- b) Informe da intervención municipal en que se concrete a situación económico-financiera da entidade local que xustifique con precisión a causa extraordinaria que fai necesario o anticipo.
- c) Informe da tesouraría municipal da previsión de ingresos e os gastos do exercicio correspondente.

Sección 8.^a Normas instrumentais en relación coas disposicións incluídas neste capítulo

Artigo 115. Normas de xestión orzamentaria de determinados créditos a favor das entidades locais.

Un. Autorízase o Ministerio de Economía e Facenda a comprometer gastos con cargo ao exercicio de 2011, ata un importe máximo equivalente á doceava parte dos créditos consignados no orzamento para 2010, destinados a satisfacer as entregas á conta da participación en tributos do Estado a favor dos concellos e deputacións provinciais ou entes asimilados, do mes de xaneiro de 2011. As diferenzas que puideren xurdir en relación coa determinación das entregas á conta definitivas imputables ao mencionado exercicio serán obxecto de axuste nas entregas á conta do mes de febreiro do exercicio citado.

Dous. Os expedientes de gasto e as ordes de pagamento conxuntas que se expidan para efectos de cumprir os compromisos que se establecen nos artigos precedentes deste capítulo tramitaranse, simultaneamente, a favor das corporacións locais afectadas, e o seu cumprimento, en canto á disposición efectiva de fondos, poderase realizar con cargo ás contas de acredores non orzamentarios que, para estes fins, están habilitadas na Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira, de forma que se produza o pagamento conxunto e simultáneo das respectivas obrigas a todos os perceptores en razón da data das correspondentes resolucións e en igualdade de condicións.

Decláranse de urxente tramitación:

Os expedientes de modificación de crédito con relación aos compromisos sinalados.

Os expedientes de gasto, vinculados aos compromisos de referencia, a que se refire a Orde do 27 de decembro de 1995.

Para estes efectos, deberán ser obxecto de acumulación as distintas fases do procedemento de xestión orzamentaria, adoptándose en igual medida procedementos especiais de rexistro contable das respectivas operacións.

Tres. Nos supostos previstos no número anterior, cando proceda a tramitación de expedientes de ampliación de crédito e para os efectos previstos no artigo 54 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, as solicitudes de incrementos de crédito xustificaranse, en todo caso, de acordo coas peticións adicionais formuladas polas entidades locais afectadas.

Catro. Os créditos incluídos no orzamento de gastos para os fins sinalados no punto un anterior poderanse transferir coa periodicidade necesaria á conta extraorzamentaria

correspondente, habilitada para estes efectos na Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira. Este procedemento poderase aplicar co obxecto de materializar o pagamento simultáneo das obrigas que deriven da participación das entidades locais nos tributos do Estado, tanto en concepto de entregas á conta como de liquidación definitiva, así como para proceder ao pagamento simultáneo das obrigas que traian causa das solicitudes presentadas polas corporacións locais, unha vez que se diten as resolucións pertinentes que dean orixe ao recoñecemento desas obrigas por parte do Estado.

Artigo 116. *Información que deberán subministrarse as corporacións locais.*

Un. Co fin de proceder á liquidación definitiva da participación dos concellos nos tributos do Estado, correspondente a 2010, as respectivas corporacións locais deberán facilitar, antes do 30 de xuño do ano 2010, na forma que determinen os órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda, a seguinte documentación:

1. Unha certificación comprensiva da recadación líquida obtida en 2008 polo imposto sobre bens inmobles, polo imposto sobre actividades económicas e polo imposto sobre vehículos de tracción mecánica. No imposto sobre bens inmobles especificarase a recadación correspondente aos bens inmobles de características especiais.

2. Unha certificación comprensiva das bases impositivas deducidas dos padróns do ano 2008, así como das altas producidas nestes, correspondentes ao imposto sobre bens inmobles, urbanos, e dos tipos exixibles no municipio nos tributos que se citan no parágrafo precedente. En relación co imposto sobre bens inmobles, especificarase a información tributaria correspondente aos bens inmobles de características especiais.

3. Unha certificación das cotas exixibles no imposto sobre actividades económicas en 2008, incluída a incidencia da aplicación do coeficiente a que se refire o artigo 86 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, vixentes naquel período impositivo.

Dous. O procedemento de remisión da documentación en papel poderase substituír pola transmisión electrónica da información nos modelos habilitados para tal fin, sempre que o soporte utilizado para o envío incorpore a sinatura electrónica do interventor ou, de ser o caso, do titular do órgano da corporación local que teña atribuída a función de contabilidade.

A sinatura electrónica recoñecida, entendida nos termos previstos pola Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, terá respecto dos datos transmitidos pola entidade local o mesmo valor que a sinatura manuscrita en relación cos consignados en papel, polo que a súa aplicación na transmisión electrónica da información eximirá da obriga de remitir a citada documentación en soporte papel.

Tres. A Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Comunidades Autónomas e coas Entidades Locais procederá a ditar a correspondente resolución en que estableza os modelos que conteñan o detalle da información necesaria, así como a regulación do procedemento para a presentación telemática da documentación e a sinatura electrónica desta.

Catro. Aos municipios que, estando no ámbito de aplicación da subsección 2.^a da sección 3.^a deste capítulo, non achegaren a documentación que se determina nas condicións sinaladas anteriormente aplicaráselles, de ser o caso, un módulo de ponderación equivalente ao 60 por cento do esforzo fiscal medio aplicable ao municipio con menor coeficiente por este concepto, dentro do tramo de poboación en que se encadre, para efectos de practicar a liquidación definitiva da súa participación nos tributos do Estado para o ano 2009.

Artigo 117. *Retencións que se lles practicarán ás entidades locais en aplicación da disposición adicional cuarta do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.*

Un. Logo de solicitude do órgano competente que teña atribuída legalmente a xestión recadatoria, de acordo coa normativa específica aplicable, a Dirección Xeral de Coordinación

Financeira coas Comunidades Autónomas e coas Entidades Locais aplicará as retencións que se deban practicar na participación dos municipios e provincias nos tributos do Estado.

De concorreren na retención débedas derivadas de tributos do Estado e débedas por cotas da Seguridade Social e conceptos de recadación conxunta con elas, e a contía de todas elas superar a cantidade retida, aquela ratearase en función dos importes destas.

Dous. O importe da retención será o 50 por cento da contía asignada á respectiva entidade local, tanto en cada entrega á conta como na liquidación definitiva anual correspondente á participación nos tributos do Estado, excepto cando a contía da débeda sexa inferior a esa cantidade.

Cando se trate de débedas derivadas de tributos do Estado que fosen legalmente repercutidos, de ingresos á conta correspondentes a retribucións en especie, de cantidades retidas ou que se debesen refer á conta de calquera imposto, ou de cotizacións sociais que fosen ou debesen ser obxecto de retención, a retención que se practicará será do 100 por cento da contía asignada á respectiva entidade local, tanto en cada entrega á conta como na liquidación definitiva anual correspondente á participación nos tributos do Estado, agás cando a contía da débeda sexa inferior a esa cantidade.

Tres. A contía que se deberá refer no conxunto do exercicio poderase reducir cando se xustifique a existencia de graves desfases de tesouraría xerados pola prestación daquelas obrigas relativas:

- a) ao cumprimento regular das obrigas de persoal;
- b) á prestación dos servizos públicos obrigatorios en función do número de habitantes do municipio;
- c) á prestación de servizos sociais, protección civil e extinción de incendios, para a realización dos cales non se exixa contraprestación ningunha en forma de prezo público ou taxa equivalente ao custo do servizo realizado.

En ningún caso se poderá establecer unha porcentaxe de retención inferior ao 25 por cento da entrega á conta.

Non lles será aplicable a redución de retencións a aquelas entidades locais que se integrasen en consorcios de saneamento financeiro de que formen parte institucións doutras administracións públicas.

Nos procedementos de redución da porcentaxe de retención, a Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Comunidades Autónomas e coas Entidades Locais ditará a resolución correspondente, tendo en conta a situación financeira da entidade e a necesidade de garantir a prestación dos servizos públicos obrigatorios. Para iso, a entidade local deberá achegar, con carácter imprescindible e non exclusivo:

Certificado expedido polos órganos de recadación das entidades acreedoras polo que se acredite ter atendido o pagamento das obrigas correntes nos doce meses precedentes ao mes inmediato anterior á data de solicitude da certificación;

Informe da situación financeira actual suscrito polo interventor local que inclúa o cálculo do remanente de tesouraría na data de solicitude da redución da porcentaxe de retención e poña de manifesto os termos en que esa situación afecta o cumprimento das obrigas recollidas no parágrafo primeiro deste número;

Plan de saneamento, aprobado polo pleno, que inclúa o exercicio en curso.

Na resolución fixarase o período de tempo en que a porcentaxe de retención deberá ser reducida, sen que caiba a extensión deste máis alá da finalización do exercicio económico. En todo caso, tal redución estará condicionada á aprobación pola entidade local dun plan de saneamento, ou á verificación do cumprimento doutro en curso.

Catro. Cando a débeda naza como consecuencia do reintegro de anticipos de financiamento a cargo do Tesouro Público, a retención deberase adecuar ás condicións fixadas na resolución de concesión do correspondente anticipo, xa sexa mediante a cancelación total do débito en forma singular, ou en retencións sucesivas ata a definitiva extinción deste.

Cinco. As resolucións que declaren a extinción das débedas con cargo ás cantidades que se retivesen corresponderanlle, en cada caso, ao órgano legalmente competente que teña atribuída a xestión recadatoria, de acordo coa normativa específica aplicable, producindo os seus efectos, na parte concorrente da débeda, desde o momento en que se efectuou a retención.

Seis. As normas contidas neste artigo serán de aplicación nos supostos de débedas firmes contraídas polas entidades locais co Instituto de Crédito Oficial, polas liñas de crédito ou aval instruídas por este último a que se refire o título II do Real decreto lei 5/2009, do 24 de abril, de medidas extraordinarias e urxentes para lles facilitar ás entidades locais o saneamento de débedas pendentes de pagamento con empresas e autónomos.

Artigo 118. *Financiamento de institucións do municipio de Barcelona.*

Un. No marco da Lei 1/2006, do 13 de marzo, pola que se regula o réxime especial do municipio de Barcelona, con cargo ao concepto 461, Ao Concello de Barcelona para o financiamento de actividades culturais, de acordo co convenio que se subscriba no ámbito da Comisión de Colaboración Interadministrativa, do programa 334A, Promoción e cooperación cultural, do servizo 02, Secretaría Xeral Técnica, da sección 24, Ministerio de Cultura, dos orzamentos xerais do Estado para o ano 2010, poderanse recoñecer obrigas ata un importe global de 10,75 millóns de euros para o financiamento de institucións con ampla proxección e relevancia do municipio de Barcelona.

Para a materialización das transferencias destinadas a financiar as institucións citadas no número anterior, deberase subscribir previamente o correspondente convenio no ámbito da Comisión de Colaboración Interadministrativa creada conforme o disposto no artigo 5 da Lei 1/2006, do 13 de marzo, pola que se regula o réxime especial do municipio de Barcelona.

Dous. No mesmo marco legal antes citado, poderanse recoñecer obrigas ata un importe de 4,30 millóns de euros, con cargo ao programa 942N, do servizo 23, da sección 32, Entes territoriais, dos orzamentos xerais do Estado para o ano 2010 para o financiamento dos servizos específicos da Área Metropolitana de Barcelona.

A contribución anterior deberase axustar ao disposto na alínea b) do número 1 do artigo 153 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e só se poderá facer efectiva unha vez creada pola correspondente Lei da comunidade autónoma, conforme o establecido na disposición adicional segunda da Lei 1/2006, do 13 de marzo, pola que se regula o réxime especial do municipio de Barcelona.

Tres. No suposto de non existir en 1 de novembro de 2010 posibilidade material de aprobación, dentro do mesmo ano, da lei mencionada no número anterior, poderanse recoñecer obrigas ata a contía citada neste para complementar o financiamento de institucións con ampla proxección e relevancia do municipio de Barcelona que se especifiquen no convenio a que se refire o punto un deste artigo.

Artigo 119. *Fondo especial de financiamento a favor dos municipios de poboación non superior a 20.000 habitantes.*

Un. Como mecanismo especial de financiamento dos municipios con poboación non superior a 20.000 habitantes, dótase para o ano 2010, na sección 22, Ministerio de Política Territorial, programa 942 A, Cooperación económica local do Estado, un fondo para atender transferencias correntes a favor dos municipios que pertencen a aquel grupo de poboación, que asignará a Dirección Xeral de Cooperación Local, do Ministerio de Política Territorial, conforme os criterios contidos no número seguinte.

Dous. O fondo distribuirase entre os municipios citados no número anterior que non alcancen unha participación en tributos do Estado de 150 euros por habitante en concepto de entregas á conta correspondentes a 2010, e cuxo coeficiente de esforzo fiscal medio por habitante, segundo datos da última liquidación definitiva practicada, sexa superior a 1. A contía asignada por este crédito, sumada ao importe que lles corresponda pola aplicación

do modelo descrito nos artigos 98 e 99, non superará a contía de 150 euros por habitante.

Para os efectos anteriores, a Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Comunidades Autónomas e coas Entidades Locais, do Ministerio de Economía e Facenda, certificará a participación en tributos do Estado por habitante correspondente ás entregas á conta do dito exercicio dos municipios con poboación non superior a 20.000 habitantes, así como os coeficientes de esforzo fiscal medio por habitante citados no parágrafo anterior.

O pagamento das contías resultantes da distribución anterior será realizado pola Dirección Xeral de Cooperación Local, do Ministerio de Política Territorial, no primeiro semestre do exercicio, sen que teña carácter de entrega á conta, polo que, en ningún caso, estará suxeito a liquidación posterior.

Artigo 120. *Compensacións ao Instituto de Crédito Oficial derivadas da «Liña de avais para garantir as faltas de pagamento de facturas endosadas polas empresas e autónomos, correspondentes a obras e servizos prestados a entidades locais».*

Un. Con cargo ao concepto 358 «Comisión de xestión a favor do ICO, en cumprimento do Real decreto lei 5/2009», do programa 942 N, do servizo 23, «Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Comunidades Autónomas e coas Entidades Locais», da sección 32, «Entes Territoriais», aboaráselle ao Instituto de Crédito Oficial unha comisión de xestión do 0,25% flat que se liquidará sobre os importes de aval que sexan executados polo ICO, no marco da «Liña de avais para garantir as faltas de pagamento de facturas endosadas polas empresas e autónomos, correspondentes a obras e servizos prestados a entidades locais: liña ICO – anticipos empresas e autónomos con entidades locais», que dá cumprimento ao Acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos do 23 de abril de 2009.

Dous. Con cargo ao concepto 440 «Compensación de custos financeiros a abonar ao ICO, derivados do tempo transcorrido desde a execución de avais ata a cancelación das débedas das entidades locais, en cumprimento do Real decreto lei 5/2009» do programa, sección e servizo citados no número anterior, aboaráselle ao Instituto de Crédito Oficial os posibles custos financeiros que se lle xeren por aprazamentos causados pola imposibilidade de reter nunha soa operación a totalidade da débeda vencida e non liquidada polas entidades locais.

CAPÍTULO II

Comunidades autónomas

Artigo 121. *Entregas á conta do Fondo de Suficiencia.*

Os créditos orzamentarios destinados ao financiamento do Fondo de Suficiencia, correspondentes ás entregas á conta establecidas no artigo 15.1 da Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía, son, para cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, os que se inclúen na sección 32, Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Comunidades Autónomas e coas Entidades Locais - Entregas á conta por Fondo de Suficiencia - Programa 941M.

Artigo 122. *Liquidación definitiva dos recursos do sistema de financiamento do ano 2008 das comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía.*

Un. De conformidade co que establece o punto 2 do artigo 7 da Lei 21/2001, do 27 de decembro, cando se coñezan os valores definitivos no ano 2010 dos recursos correspondentes ao ano 2008 regulados na citada lei, practicarase a liquidación dese exercicio. Nese momento efectuarase igualmente a liquidación da garantía de financiamento

dos servizos de asistencia sanitaria correspondente ao ano 2008, a que se refire o artigo 123 seguinte.

Dous. No suposto de que o saldo global das liquidacións anteriores for a favor da comunidade, realizaranse os pagamentos das liquidacións positivas, descontando neles, mediante compensación, o importe das liquidacións a favor do Estado.

Tres. Se das liquidacións a que se refire o número un resultar un saldo global a favor do Estado, realizaranse os pagamentos das liquidacións a favor da comunidade, descontando neles e ata o importe deses pagamentos as liquidacións a favor do Estado.

Unha vez practicadas as compensacións anteriores, os saldos a favor do Estado pendentes de compensar serán ingresados por cada comunidade en 60 mensualidades a partir de xaneiro de 2011, mediante desconto nos pagamentos que realice o Estado polas entregas á conta de calquera recurso do sistema de financiamento.

Catro. Para efectos do previsto no primeiro parágrafo do número anterior, na práctica das compensacións observaranse as seguintes regras:

Os saldos a favor de cada comunidade correspondentes á garantía de asistencia sanitaria aplicaranse a compensar os saldos a favor do Estado correspondentes á liquidación do Fondo de Suficiencia. Se unha vez practicada esta compensación existir remanente de saldo de garantía, ou ben non existir saldo a favor do Estado de liquidación de Fondo de Suficiencia, aplicarase a compensar saldos a favor do Estado correspondentes á liquidación de IVE.

As liquidacións a favor de cada comunidade correspondentes a tributos cedidos aplicaranse a compensar as liquidacións a favor do Estado correspondentes aos impostos especiais sobre a cervexa, produtos intermedios, alcohol e bebidas derivadas, hidrocarburos, elaborados de tabaco e electricidade, ao IVE e ao IRPF, nesta mesma orde de prelación. Se unha vez practicada esta compensación existir aínda remanente de saldo a favor das CC.AA., destinarase a cancelar o importe da liquidación a favor do Estado por Fondo de Suficiencia.

As liquidacións a favor de cada comunidade correspondentes a Fondo de Suficiencia aplicaranse a cancelar as liquidacións a favor do Estado por impostos especiais, IVE e IRPF existentes tras as compensacións indicadas nos números anteriores deste punto.

Cinco. O disposto nos números tres e catro anteriores só será de aplicación a aquelas comunidades ou cidades con estatuto de autonomía cuxas respectivas comisións mixtas adoptasen o sistema de financiamento aprobado polo Acordo 6/2009 do Consello de Política Fiscal e Financeira, do 15 de xullo de 2009, no prazo dos seis meses seguintes á aprobación das correspondentes leis que o regulen.

Para aquelas comunidades ou cidades con estatuto de autonomía cuxas respectivas comisións mixtas non adopten o indicado sistema de financiamento, o pagamento da liquidación realizarase de conformidade co previsto no artigo 7 da Lei 21/2001, do 27 de decembro.

Seis. O importe das liquidacións definitivas do ano 2008 do Fondo de Suficiencia, regulado nas alíneas a) e b) do punto 1 do artigo 15.1 da Lei 21/2001, do 27 de decembro, que resulten a favor das comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía, aplicarase ao crédito dotado na sección 32, servizo 18 –Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Comunidades Autónomas e coas Entidades Locais. Varias, -Liquidación definitiva do financiamento das Comunidades Autónomas e cidades con estatuto de autonomía de exercicios anteriores-Fondo de Suficiencia-Programa 941M.

Se o importe das liquidacións definitivas a que se refire o parágrafo anterior for a favor do Estado, reflectirase como dereito no capítulo IV do orzamento de ingresos do Estado.

Artigo 123. *Garantía de financiamento dos servizos de asistencia sanitaria no ano 2008.*

Un. Na sección 32 dos orzamentos xerais do Estado, servizo 18 –Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Comunidades Autónomas e coas Entidades Locais–. Varias, Liquidación definitiva do financiamento das comunidades autónomas e cidades con

estatuto de autonomía de exercicios anteriores- Garantía de asistencia sanitaria- Programa 941M, inclúese unha dotación orzamentaria, por importe de 500 millóns de euros, destinada a apoiar as comunidades autónomas cuxos ingresos asignados á sanidade no ano 2008 evolucionen por debaixo do crecemento do produto interior bruto estatal nominal a prezos de mercado.

Dous. De conformidade co previsto nos acordos adoptados na sesión plenaria do Consello de Política Fiscal e Financeira do 13 de setembro de 2005, o cálculo do importe da garantía de asistencia sanitaria para cada comunidade autónoma realizarase segundo as regras contidas no número tres seguinte.

Non obstante, no suposto de que a suma dos importes así determinados resultar superior a 500 millóns de euros, este será o importe que se lles distribuirá ás comunidades autónomas en concepto de garantía sanitaria. En tal caso, os 500 millóns de euros ratearanse en proporción ao importe que, por aplicación das regras do número tres seguinte, lle corresponda a cada comunidade autónoma.

Tres. A garantía indicada calcularase conforme as seguintes regras:

1.^a Determinarase o índice de crecemento entre os anos 1999 e 2008 do financiamento asignado aos servizos de asistencia sanitaria para cada comunidade autónoma como o cociente entre o importe do financiamento dos servizos de asistencia sanitaria no ano 2008 e as necesidades de financiamento dos servizos de asistencia sanitaria no ano base 1999.

2.^a As necesidades de financiamento dos servizos de asistencia sanitaria no ano base 1999 para cada comunidade son as que resultan de incrementar as consideradas na liquidación definitiva do sistema de financiamento de 2007, de acordo co recollido na regra 2.^a do punto número tres do artigo 115 da Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2009, no importe das revisións relativas ao financiamento dos servizos de asistencia sanitaria, que se aplicasen ao Fondo de Suficiencia da comunidade autónoma correspondente con efectos do 1 de xaneiro de 2008, conforme o establecido no artigo 16.1 da Lei 21/2001.

3.^a O importe do financiamento dos servizos de asistencia sanitaria no ano 2008 para cada comunidade autónoma determinarase multiplicando a porcentaxe que representan as necesidades de financiamento dos servizos de asistencia sanitaria no ano base 1999 sobre as necesidades totais de financiamento da comunidade autónoma neste ano base 1999 polo volume de recursos que lle proporciona a cada comunidade no ano 2008 o sistema de financiamento das comunidades autónomas regulado na Lei 21/2001, do 27 de decembro. Para estes efectos:

a) As necesidades de financiamento dos servizos de asistencia sanitaria no ano base 1999 para cada comunidade autónoma son as definidas na regra 2.^a anterior.

b) As necesidades totais de financiamento no ano base 1999 para cada comunidade autónoma son as que resultan de incrementar as consideradas na liquidación definitiva do sistema de financiamento de 2007, de acordo co recollido no artigo 115 da Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2009, no importe das revisións que se aplicasen ao Fondo de Suficiencia da Comunidade Autónoma correspondente con efectos do 1 de xaneiro de 2008, conforme o establecido no artigo 16.1 da Lei 21/2001.

c) O volume de recursos que lle proporciona a cada comunidade no ano 2008 o sistema de financiamento das comunidades autónomas regulado na Lei 21/2001, do 27 de decembro, resulta de engadir os seguintes importes:

A recadación polos tributos cedidos sobre patrimonio, transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, sucesións e doazóns e sobre o xogo e taxas afectas aos servizos transferidos, polos seus valores normativos do ano 2008. Para estes efectos, considéranse valores normativos do ano 2008 destes tributos o seu valor no ano base 1999 actualizado ao ano 2008, aplicando a porcentaxe de crecemento entre os anos 1999 e 2008 do ITE utilizado para actualizar o Fondo de Suficiencia de cada comunidade, conforme o artigo 15 desa lei.

O rendemento definitivo da tarifa autonómica do imposto sobre a renda das persoas físicas no ano 2008. No caso de que algunha comunidade autónoma exercese a potestade normativa en relación co imposto sobre a renda das persoas físicas, en lugar do importe ofrecido polo rendemento da tarifa autonómica do imposto sobre a renda das persoas físicas, computarase o que resultase de non se ter exercido esa potestade.

O rendemento definitivo no ano 2008 da cesión do imposto sobre o valor engadido e dos impostos sobre a cervexa, sobre produtos intermedios, sobre o alcohol e bebidas derivadas, sobre hidrocarburos, sobre elaborados do tabaco e sobre a electricidade.

O rendemento definitivo no ano 2008 do imposto sobre determinados medios de transporte. Para estes efectos, entenderase como rendemento definitivo de 2008 por este imposto o importe da recadación real líquida imputada a cada comunidade desde o 1 de xaneiro de 2008 ata o 31 de decembro de 2008. No suposto de que algunha comunidade autónoma exercese a competencia normativa neste tributo, computarase como rendemento definitivo o que resultase de non se ter exercido esa potestade.

O rendemento definitivo no ano 2008 do imposto sobre vendas polo miúdo de determinados hidrocarburos. Para estes efectos, entenderase como rendemento definitivo de 2008 por este imposto o importe da recadación real líquida imputada a cada comunidade desde o 1 de abril de 2008 ata o 31 de marzo de 2009. No suposto de que algunha comunidade autónoma exercese a competencia normativa neste tributo, computarase como rendemento definitivo o que resultase de non se ter exercido esa potestade.

O importe definitivo do Fondo de Suficiencia da comunidade autónoma no ano 2008.

4.^a No caso de que para algunha comunidade autónoma o índice que resulte da regra 1.^a anterior sexa inferior ao índice de incremento entre 1999 e 2008 do produto interior bruto estatal nominal a prezos de mercado, a comunidade percibirá a cantidade que resulte de aplicar ás necesidades de financiamento dos servizos de asistencia sanitaria no ano base 1999, definidas na regra 2.^a anterior, a diferenza entre o índice que resulte da regra 1.^a anterior e o índice de incremento entre 1999 e 2008 do produto interior bruto estatal nominal a prezos de mercado.

Artigo 124. *Transferencias a comunidades autónomas correspondentes ao custo dos novos servizos traspasados.*

Se a partir do 1 de xaneiro do ano 2010 se efectúan novas transferencias de servizos ás comunidades autónomas, os créditos correspondentes ao seu custo efectivo dotaranse na sección 32 «Transferencias a comunidades autónomas por custo dos servizos asumidos» en conceptos específicos que serán determinados, no seu momento, pola Dirección Xeral de Orzamentos.

Para estes efectos, os reais decretos que aproben as novas transferencias de servizos conterán como mínimo os seguintes extremos:

- a) Data en que a comunidade autónoma debe asumir efectivamente a xestión do servizo transferido.
- b) O financiamento anual, en euros do exercicio 2010, desagregado nos diferentes capítulos de gasto que comprenda.
- c) A valoración referida ao ano base do sistema de financiamento aplicable, correspondente ao custo efectivo anual deste, para efectos da revisión do valor do Fondo de Suficiencia da comunidade autónoma que corresponda.

Artigo 125. *Fondos de compensación interterritorial.*

Un. Na sección 33 dos orzamentos xerais do Estado dótanse dous fondos de compensación interterritorial, cuxa suma acende a 1.225.770,00 miles de euros, en cumprimento do disposto na Lei 22/2001, do 27 de decembro, reguladora dos fondos de compensación interterritorial.

Dous. O Fondo de Compensación, dotado con 919.350,50 miles de euros, destinarase a financiar gastos de investimento de acordo co previsto no artigo 2 da Lei 22/2001.

Tres. O Fondo Complementario, dotado con 306.419,50 miles de euros, poderá ser aplicado polas comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía propio ao financiamento dos gastos de posta en marcha ou funcionamento dos investimentos realizados con cargo á sección 33 dos orzamentos xerais do Estado nos termos previstos no artigo 6.2 da Lei 22/2001.

Catro. A porcentaxe que representa o fondo de compensación destinado ás comunidades autónomas sobre a base de cálculo constituída polo investimento público é do 27,08 por 100, de acordo ao artigo 2.1.a) da dita lei. Ademais, en cumprimento da disposición adicional única da Lei 22/2001, a porcentaxe que representan os fondos de compensación interterritorial destinados ás comunidades autónomas é do 36,11 por cento, elevándose ao 36,67 por cento se se inclúen as cidades con estatuto de autonomía de Ceuta e Melilla.

Cinco. Os proxectos de investimento que se poden financiar con cargo aos fondos anteriores son os que se detallan no anexo á sección 33.

Seis. No exercicio 2010 serán beneficiarias destes fondos as comunidades autónomas de: Galicia, Andalucía, Principado de Asturias, Cantabria, Región de Murcia, Comunitat Valenciana, Castilla-La Mancha, Canarias, Extremadura, Castilla y León e as cidades de Ceuta e Melilla de acordo coa disposición adicional única da Lei 22/2001, do 27 de decembro.

Sete. Os remanentes de crédito dos fondos de compensación interterritorial de exercicios anteriores incorporaranse automaticamente ao orzamento do ano 2010 á disposición da mesma Administración á cal lle correspondía a execución dos proxectos en 31 de decembro de 2009.

Oito. Mentres os remanentes de créditos orzamentarios de exercicios anteriores se incorporan ao vixente, o Tesouro Público poderalles efectuar anticipos de tesouraría ás comunidades autónomas por igual importe ás peticións de fondos efectuadas por estas «á conta» dos recursos que deban percibir unha vez que se efectúe a antedita incorporación.

Os anticipos deberán quedar reembolsados antes de finalizar o exercicio económico.

Artigo 126. *Dotación complementaria para o financiamento da asistencia sanitaria.*

Un. Na sección 32 dos orzamentos xerais do Estado, programa 941O «Outras transferencias a comunidades autónomas», inclúese unha dotación complementaria para o financiamento da asistencia sanitaria, por importe total de 600.000 miles de euros, distribuído entre as comunidades autónomas de conformidade co criterio de repartición adoptado na sesión plenaria do Consello de Política Fiscal e Financeira celebrada o día 13 de setembro de 2005.

Dous. O importe destes créditos farase efectivo por doceavas partes mensuais.

Artigo 127. *Dotación de compensación de insularidade.*

Un. Na sección 32 dos orzamentos xerais do Estado, programa 941O «Outras transferencias a comunidades autónomas», servizos 12 «Canarias» e 15 «Illes Balears», inclúese unha dotación para compensar as circunstancias derivadas do feito insular, por importe total de 55.000 miles de euros, distribuída entre ambas as comunidades autónomas de conformidade coas contías acordadas na sesión plenaria do Consello de Política Fiscal e Financeira celebrada o día 13 de setembro de 2005.

Dous. O importe destes créditos farase efectivo por doceavas partes mensuais.

Artigo 128. *Anticipo á conta dos recursos previstos no sistema de financiamento aprobado polo Acordo 6/2009 do Consello de Política Fiscal e Financeira.*

Un. Na sección 32 dos orzamentos xerais do Estado, Servizo 18 –Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Comunidades Autónomas e coas Entidades Locais. Varias– Programa 941O «Outras transferencias a comunidades autónomas», inclúese unha dotación para facer efectiva a aplicación ás comunidades autónomas de réxime común e

ciudades con estatuto de autonomía do sistema de financiamento aprobado polo Acordo 6/2009 do Consello de Política Fiscal e Financeira, do 15 de xullo de 2009.

Dous. A repartición do citado importe entre as comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía realizarase en función dos criterios de distribución dos recursos e fondos adicionais recollidos na lei que aprobe o citado sistema de financiamento.

Tres. O importe resultante para cada comunidade ou cidade faráselle efectivo por doceavas partes mensuais tras aceptación previa en comisión mixta do indicado sistema de financiamento.

TÍTULO VIII

Cotizacións sociais

Artigo 129. *Bases e tipos de cotización á Seguridade Social, desemprego, Fondo de Garantía Salarial e formación profesional durante o ano 2010.*

As bases e tipos de cotización á Seguridade Social, desemprego, Fondo de Garantía Salarial e formación profesional, a partir do 1 de xaneiro de 2010, serán as seguintes:

Un. Topes máximo e mínimo das bases de cotización á Seguridade Social.–1. O tope máximo da base de cotización en cada un dos réximes da Seguridade Social que o teñan establecido queda fixado, a partir do 1 de xaneiro de 2010, na contía de 3.198,00 euros mensuais.

2. De acordo co establecido no número 2 do artigo 16 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, durante o ano 2010, as bases de cotización nos réximes da Seguridade Social e respecto das continxencias que se determinan neste artigo terán como tope mínimo as contías do salario mínimo interprofesional vixente en cada momento, incrementadas nun sexto, salvo disposición expresa en contrario.

Dous. Bases e tipos de cotización no réxime xeral da Seguridade Social.–1. As bases mensuais de cotización para todas as continxencias e situacións protexidas polo réxime xeral da Seguridade Social, exceptuadas as de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, estarán limitadas, para cada grupo de categorías profesionais, polas bases mínimas e máximas seguintes:

a) As bases mínimas de cotización, segundo categorías profesionais e grupos de cotización, incrementaranse, desde o 1 de xaneiro de 2010 e respecto das vixentes en 31 de decembro de 2009, na mesma porcentaxe en que aumente o salario mínimo interprofesional.

Malia o anterior, as bases mínimas de cotización aplicables aos traballadores con contrato a tempo parcial adecuaranse para que a cotización nesta modalidade de contratación sexa equivalente á cotización a tempo completo pola mesma unidade de tempo e similares retribucións.

b) As bases máximas, calquera que sexa a categoría profesional e grupo de cotización, durante o ano 2010, serán de 3.198,00 euros mensuais ou de 106,60 euros diarios.

2. Os tipos de cotización no réxime xeral da Seguridade Social serán, durante o ano 2010, os seguintes:

a) Para as continxencias comúns, o 28,30 por cento, sendo o 23,60 por cento a cargo da empresa e o 4,70 por cento a cargo do traballador.

b) Para as continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais aplicaranse as porcentaxes da tarifa de primas incluída na disposición adicional cuarta da Lei 42/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2007, modificada pola disposición derradeira décimo terceira da Lei 2/2008, do 23 de decembro,

de orzamentos xerais do Estado para 2009, na redacción dada pola disposición derradeira oitava desta lei, sendo as primas resultantes a cargo exclusivo da empresa.

3. Durante o ano 2010, para a cotización adicional por horas extraordinarias establecida no artigo 111 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aplicaranse os seguintes tipos de cotización:

a) Cando se trate das horas extraordinarias motivadas por forza maior, o 14,00 por cento, do que o 12,00 por cento será a cargo da empresa e o 2,00 por cento a cargo do traballador.

b) Cando se trate das horas extraordinarias non comprendidas no parágrafo anterior, o 28,30 por cento, do que o 23,60 por cento será a cargo da empresa e o 4,70 por cento a cargo do traballador.

4. A partir do 1 de xaneiro de 2010, a base máxima de cotización por contingencias comúns aplicable aos representantes de comercio será a prevista con carácter xeral no número Dous.1.b) deste artigo.

5. Para efectos de determinar, durante o ano 2010, a base máxima de cotización por contingencias comúns dos artistas, aplicarase o seguinte:

a) A base máxima de cotización para todos os grupos correspondentes ás distintas categorías profesionais será de 3.198,00 euros mensuais.

Non obstante, o límite máximo das bases de cotización en razón das actividades realizadas por un artista, para unha ou varias empresas, terá carácter anual e determinarase pola elevación a cómputo anual da base mensual máxima sinalada.

b) O Ministerio de Traballo e Inmigración, tendo en conta a base e o límite máximos establecidos no número anterior, fixará as bases de cotización para determinar as liquidacións provisionais dos artistas a que se refire o artigo 32.5.b) do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 2064/1995, do 22 de decembro.

6. Para efectos de determinar, durante o ano 2010, a base máxima de cotización por contingencias comúns dos profesionais taurinos, aplicarase o seguinte:

a) A base máxima de cotización para todos os grupos correspondentes ás distintas categorías profesionais será de 3.198,00 euros mensuais. Non obstante, o límite máximo das bases de cotización para os profesionais taurinos terá carácter anual e determinarase pola elevación a cómputo anual da base mensual máxima sinalada.

b) O Ministerio de Traballo e Inmigración, tendo en conta a base e o límite máximos establecidos no número anterior, fixará as bases de cotización para determinar as liquidacións provisionais dos profesionais taurinos a que se refire o artigo 33.5.b) do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social.

Tres. Cotización no réxime especial agrario da Seguridade Social.-1. Durante o ano 2010, os importes das bases mensuais de cotización dos traballadores por conta allea incluídos no réxime especial agrario da Seguridade Social, que presten servizos durante todo o mes, serán os seguintes:

Para o grupo de cotización 1, o importe fixado como base mínima para os traballadores do mesmo grupo no réxime xeral da Seguridade Social.

Para os grupos de cotización 2 a 11,897 euros.

Cando os traballadores inicien ou finalicen a súa actividade sen coincidir co principio ou fin dun mes natural, sempre que esa actividade teña unha duración de polo menos 30 días naturais consecutivos, esta modalidade de cotización realizarase con carácter proporcional aos días en que figuren en alta neste réxime especial durante o mes.

2. Durante o ano 2010, os importes das bases diarias de cotización por xornadas reais dos traballadores por conta allea incluídos neste réxime especial serán os resultantes de dividir entre 23 a contía das bases mensuais de cotización sinaladas no número anterior.

3. Durante o ano 2010, os importes das bases mensuais de cotización dos traballadores agrarios por conta allea incluídos no censo deste réxime especial serán, durante os períodos de inactividade dentro do mes natural e para cada grupo profesional, os fixados como bases mínimas para os traballadores dos mesmos grupos no réxime xeral da Seguridade Social.

Para estes efectos, entenderase que existen períodos de inactividade dentro dun mes natural cando o número de xornadas reais realizadas durante este sexa inferior ao 76,67 por cento dos días naturais en que o traballador figure inscrito no censo agrario nese mes.

A cotización respecto a estes períodos de inactividade determinarase aplicando a seguinte fórmula:

$$C = [(n/N) - (xr \times 1,304/N)] bc \times tc$$

Onde:

C = contía da cotización.

n = número de días no censo agrario sen cotización por bases mensuais de cotización.

N = número de días de alta no censo agrario no mes natural.

xr = número de xornadas reais realizadas no mes natural.

bc = base de cotización mensual.

tc = tipo de cotización aplicable, conforme o indicado no número 4.b).

En ningún caso a aplicación da fórmula anterior poderá dar lugar a que C alcance un valor inferior a cero.

Para efectos da aplicación desta fórmula, cando os traballadores non figuren en alta no censo agrario durante un mes natural completo, a cotización respecto dos períodos de inactividade realizarase con carácter proporcional aos días en alta nese mes.

O disposto neste número non resultará de aplicación aos traballadores que coticen conforme o establecido no número 1.

4. Os tipos aplicables á cotización dos traballadores por conta allea incluídos neste réxime especial serán os seguintes:

a) Durante os períodos de actividade:

Para a cotización por contingencias comúns e respecto dos traballadores incluídos no censo agrario, o 20,20 por cento, sendo o 15,50 por cento a cargo da empresa e o 4,70 por cento a cargo do traballador.

Para a cotización por contingencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, aplicaranse os tipos de cotización da tarifa de primas aprobada pola disposición adicional cuarta da Lei 42/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2007, modificada pola disposición derradeira décimo terceira da Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2009, na redacción dada pola disposición derradeira oitava desta lei, sendo as primas resultantes a cargo exclusivo da empresa.

b) Durante os períodos de inactividade, o tipo de cotización será o 11,5 por cento, sendo a cotización resultante a cargo exclusivo do traballador.

5. Establécense as seguintes reducións nas achegas empresariais á cotización a este réxime especial:

a) Na cotización respecto aos traballadores incluídos no censo agrario a que se refire o número 1, encadrados nos grupos de cotización 2 ao 11, ambos inclusive, a achega mensual que debe satisfacer a empresa reducirase en 38,70 euros, en cómputo mensual. Do importe que cómpre reducir, o 90 por cento aplicarase á cotización por contingencias comúns e o 10 por cento á cotización polas contingencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais.

b) Na cotización por xornadas reais respecto dos traballadores con contrato temporal e fixo discontinuo, encadrados nos grupos de cotización 2 ao 11, ambos inclusive, e incluídos no censo agrario, a redución será de 1,68 euros por cada xornada, dos que 1,50 euros se aplicarán á cotización por continxencias comúns e 0,18 euros á cotización polas continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais.

6. Autorízase o Ministerio de Traballo e Inmigración para regular os procedementos e adaptacións normativas necesarios para articular a harmonización da cotización en situación de actividade e inactividade, así como a comprobación dos requisitos necesarios para a aplicación das reducións previstas e a regularización da cotización resultante delas.

Catro. Cotización no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos.–No réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos, as bases mínima e máxima e os tipos de cotización serán, desde o 1 de xaneiro de 2010, os seguintes:

1. A base máxima de cotización será de 3.198 euros mensuais. A base mínima de cotización será de 841,80 euros mensuais.

2. A base de cotización dos traballadores autónomos que, en 1 de xaneiro de 2010, teñan unha idade inferior a 50 anos, será a elixida por eles dentro das bases máxima e mínima fixadas no número anterior.

3. A base de cotización dos traballadores autónomos que, en primeiro de xaneiro de 2010, teñan 50 ou máis anos cumpridos, estará comprendida entre as contías de 907,50 e 1.665,90 euros mensuais, agás que se trate do cónxuxe supérstite do titular do negocio que, como consecuencia do falecemento deste, se tivese que pór á fronte del e darse de alta neste réxime especial con 45 ou máis anos de idade, caso en que a elección de bases estará comprendida entre as contías de 841,80 e 1.665,90 euros mensuais.

Non obstante, os traballadores autónomos que con anterioridade aos 50 anos cotizasen en calquera dos réximes do sistema da Seguridade Social por espazo de cinco ou máis anos rexeranse polas seguintes regras:

a) Se a última base de cotización acreditada foi igual ou inferior a 1.649,40 euros mensuais, deberán cotizar por unha base comprendida entre 841,80 euros mensuais e 1.665,90 euros mensuais.

b) Se a última base de cotización acreditada foi superior a 1.649,40 euros mensuais, deberán cotizar por unha base comprendida entre 841,80 euros mensuais e o importe daquela, incrementado nunha porcentaxe igual á do aumento que experimentase a base máxima de cotización a este réxime.

4. Os traballadores autónomos dedicados á venda ambulante ou a domicilio (CNAE 4781 Comercio polo miúdo en mercados e feiras de alimentos, bebidas e tabaco; 4782 Comercio polo miúdo en mercados e feiras de téxtiles, pezas de roupa de vestir e calzado; 4789 Outro comercio polo miúdo en mercados e feiras non mencionado anteriormente e 4799 Comercio polo miúdo por medio de máquinas expendedoras ou vendedores ambulantes) poderán elixir como base mínima de cotización durante o ano 2010 a establecida con carácter xeral no punto 1, ou a base mínima de cotización vixente para o réxime xeral.

Os traballadores autónomos dedicados á venda a domicilio (CNAE 4799 Comercio polo miúdo a domicilio) poderán elixir como base mínima de cotización durante o ano 2010 a establecida con carácter xeral no punto 1, ou unha base equivalente ao 55% desta última.

5. O tipo de cotización neste réxime especial da Seguridade Social será o 29,80 por cento. Cando o interesado non teña cuberta a protección por incapacidade temporal, o tipo de cotización será o 26,50 por cento.

Os traballadores incluídos neste réxime especial que non teñan cuberta a protección dispensada ás continxencias derivadas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, efectuarán unha cotización adicional equivalente ao 0,1 por cento, aplicado sobre a base de cotización elixida, para o financiamento das prestacións previstas nos capítulos IV quáter e IV quinquies, do título II, da Lei xeral da Seguridade Social.

6. Para as continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais aplicaranse as porcentaxes da tarifa de primas incluída na disposición adicional cuarta da Lei 42/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2007, modificada pola disposición derradeira décimo terceira da Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2009, na redacción dada pola disposición derradeira oitava desta lei.

7. Os traballadores autónomos que, en razón do seu traballo por conta allea desenvolvido simultaneamente, coticen, respecto das continxencias comúns, en réxime de pluriactividade e o fixesen no ano 2010, tendo en conta tanto as achegas empresariais como as correspondentes ao traballador no réxime xeral, así como as efectuadas no réxime especial, por unha contía igual ou superior a 10.752 euros, terán dereito a unha devolución do 50 por cento do exceso en que as súas cotizacións superen a mencionada contía, co tope do 50 por cento das cotas ingresadas no citado réxime especial, en razón da súa cotización polas continxencias comúns de cobertura obrigatoria.

A devolución efectuarase por instancia do interesado, que a deberá formular nos catro primeiros meses do exercicio seguinte.

8. Os socios traballadores das cooperativas de traballo asociado dedicados á venda ambulante, que perciban ingresos directamente dos compradores, quedarán incluídos, para efectos da Seguridade Social, no réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos, séndolles de aplicación, para efectos da cotización, o previsto no punto 4, parágrafo primeiro, deste número.

Nos supostos en que se acredite que a venda ambulante se leva a cabo durante un máximo de tres días á semana en mercados tradicionais ou «feiras», con horario de venda inferior a oito horas ao día, poderase elixir entre cotizar pola base mínima establecida no punto 1 ou unha base equivalente ao 55 por 100 desta última. En calquera caso, deberase cotizar obrigatoriamente polas continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, aplicando, sobre a base de cotización elixida, a tarifa de primas contida na disposición adicional cuarta da Lei 42/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2007, modificada pola disposición derradeira décimo terceira da Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2009, na redacción dada pola disposición derradeira oitava desta lei.

9. Os socios traballadores de cooperativas de traballo asociado dedicados á venda ambulante que, con anterioridade ao 31 de decembro de 2008, viñesen encadrados no réxime xeral e que, en razón do establecido no punto 8, número catro do artigo 120 da Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2009, quedasen incluídos, para efectos da Seguridade Social, no réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos, terán dereito, durante 2010, a unha redución do 50 por 100 da cota a ingresar.

A redución aplicarase sobre a cota que resulte de aplicar sobre a base mínima elixida, de conformidade co previsto no punto 8 deste número, o tipo de cotización vixente no réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos.

10. O disposto no segundo parágrafo do punto 8 anterior será de aplicación ás persoas que se dediquen, de forma individual, á venda ambulante, durante un máximo de tres días á semana, en mercados tradicionais ou «feiras» con horario de venda inferior de oito horas ao día, sempre que non dispoñan de establecemento fixo propio, nin produzan os artigos ou produtos que vendan.

Cinco. Cotización no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios, establecido no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos.–1. Desde o 1 de xaneiro de 2010, os tipos de cotización dos traballadores incluídos no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios, establecido no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos, serán os seguintes:

a) Respecto das continxencias de cobertura obrigatoria, cando o traballador optase por elixir como base de cotización a base mínima a que se refire o número catro.1 deste artigo, o tipo de cotización aplicable será do 18,75 por cento.

Se o traballador optou por unha base de cotización superior a esa base mínima, á contía que exceda desta última seralle de aplicación o tipo de cotización do 28,30 por cento.

b) Respecto á mellora voluntaria da incapacidade temporal por continxencias comúns, o tipo de cotización que se lle aplicará á contía completa da base de cotización do interesado será do 3,30 por cento.

2. Para as continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, observarase o disposto no número catro.6 deste artigo. No suposto de que os interesados non optasen pola cobertura da totalidade das continxencias profesionais, seguirase aboando, en concepto de cobertura das continxencias de «invalidez, morte e supervivencia», unha cota resultante de lle aplicar á base de cotización indicada no número 1.a) o tipo do 1 por cento.

3. Os traballadores incluídos neste sistema especial que non optasen por dar cobertura, no ámbito de protección dispensada, á totalidade das continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, efectuarán unha cotización adicional equivalente ao 0,1 por cento, aplicado sobre a base de cotización elixida, para o financiamento das prestacións previstas nos capítulos IV quáter e IV quinquies, do título II, da Lei xeral da Seguridade Social.

Seis. Cotización no réxime especial de empregados de fogar.—No réxime especial da Seguridade Social de empregados de fogar, a base e tipo de cotización serán, a partir do 1 de xaneiro de 2010, os seguintes:

1. A base de cotización será equivalente á base mínima vixente no réxime xeral.
2. O tipo de cotización neste réxime será o 22,00 por cento, sendo o 18,30 por cento a cargo do empregador e o 3,70 por cento a cargo do traballador. Cando o empregado de fogar preste servizos con carácter parcial ou discontinuo a un ou máis empregadores, será do seu exclusivo cargo o pagamento da cota correspondente.

3. Para o financiamento das prestacións establecidas nos capítulos IV quáter e IV quinquies, título II, da Lei xeral da Seguridade Social, efectuarase unha cotización adicional equivalente ao 0,1 por cento, aplicado sobre a base única de cotización.

A cotización adicional, no caso de traballadores a tempo completo, será por conta exclusiva do empregador.

Sete. Cotización no réxime especial dos traballadores do mar.—1. O establecido nos números un e dous deste artigo será de aplicación no réxime especial dos traballadores do mar, sen prexuízo, de ser o caso, e para a cotización por continxencias comúns, do disposto no artigo 19.6 do texto refundido das leis 116/1969, do 30 de decembro, e 24/1972, do 21 de xuño, aprobado polo Decreto 2864/1974, do 30 de agosto, do que se establece no número 2 seguinte, e con excepción do tipo de cotización por continxencias comúns dos traballadores por conta propia, que será do 29,80 por cento.

2. A cotización para todas as continxencias e situacións protexidas neste réxime especial dos traballadores incluídos nos grupos segundo e terceiro a que se refire o artigo 19.5 do texto refundido aprobado polo Decreto 2864/1974, do 30 de agosto, efectuarase sobre as remuneracións que se determinen anualmente mediante orde do Ministerio de Traballo e Inmigración, por proposta do Instituto Social da Mariña, oídas as organizacións representativas do sector. Tal determinación efectuarase por provincias, modalidades de pesca e categorías profesionais, sobre a base dos valores medios de remuneración percibida no ano precedente.

As bases que se determinen serán únicas, sen que poidan ser inferiores nin superiores ás que se establezan para as distintas categorías profesionais, de conformidade co disposto no parágrafo 1 do número dous deste artigo.

Oito. Cotización no réxime especial da minaría do carbón.—1. A partir do 1 de xaneiro de 2010 a cotización no réxime especial da Seguridade Social para a minaría do carbón determinarase mediante a aplicación do previsto no número dous, sen prexuízo de que, para efectos da cotización por continxencias comúns, as bases de cotización se normalicen de acordo coas seguintes regras:

Primeira. Terase en conta o importe das remuneracións percibidas ou que tivesen dereito a percibir os traballadores, computables para efectos de cotización por accidentes de traballo e enfermidades profesionais, durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2009, ambos inclusive.

Segunda. As ditas remuneracións totalizaranse agrupándoas por categorías, grupos profesionais e especialidades profesionais e zonas mineiras, tendo en conta o disposto no artigo 57 do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social. Os importes obtidos, así totalizados, dividiranse pola suma dos días a que correspondan.

Terceira. Este resultado constituirá a base normalizada diaria de cotización por continxencias comúns, cuxo importe non poderá ser inferior ao fixado para o exercicio inmediatamente anterior para esa categoría profesional, incrementado na mesma porcentaxe experimentada neste exercicio polo tope máximo de cotización a que se refire o número un.1 deste artigo, nin superior á cantidade resultante de elevar a contía anual o citado tope máximo e dividilo polos días naturais do ano 2009.

2. O Ministerio de Traballo e Inmigración fixará a contía das bases normalizadas, mediante a aplicación das regras previstas no número anterior.

Nove. Base de cotización á Seguridade Social durante a percepción da prestación por desemprego de nivel contributivo.-1. Durante a percepción da prestación por desemprego por extinción da relación laboral, a base de cotización á Seguridade Social daqueles traballadores polos que exista obriga legal de cotizar será a base reguladora da prestación por desemprego, determinada segundo o establecido no número 1 do artigo 211 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, con respecto, en todo caso, do importe da base mínima por continxencias comúns prevista para cada categoría profesional, e para efectos das prestacións de Seguridade Social, a dita base terá consideración de base de continxencias comúns.

Durante a percepción da prestación por desemprego por suspensión da relación laboral, en virtude de expediente de regulación de emprego ou de resolución xudicial adoptada no seo dun procedemento concursal, ou por redución de xornada, a base de cotización á Seguridade Social daqueles traballadores polos que exista obriga legal de cotizar será equivalente á media das bases dos últimos seis meses de ocupación cotizada, por continxencias comúns e por continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, anteriores á situación legal de desemprego ou ao momento en que cesou a obriga legal de cotizar.

A continuación da prestación por desemprego, nos supostos de suspensión do dereito, suporá a continuación da obriga de cotizar pola base de cotización indicada nos parágrafos anteriores correspondente ao momento do nacemento do dereito.

Cando se extingue o dereito á prestación por desemprego e, en aplicación do número 3 do artigo 210 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, o traballador opte por reabrir o dereito inicial, a base de cotización á Seguridade Social será a base reguladora da prestación por desemprego correspondente ao momento do nacemento do dereito inicial polo que se opta.

Durante a percepción da prestación só se actualizará a base de cotización indicada nos parágrafos anteriores, cando resulte inferior á base mínima de cotización á Seguridade Social vixente en cada momento que corresponde ao grupo de cotización do traballador no momento de se producir a situación legal de desemprego e ata o dito tope.

2. Durante a percepción da prestación por desemprego, se corresponde cotizar no réxime especial agrario da Seguridade Social, a base de cotización será a base mínima do réxime xeral da Seguridade Social que corresponda ao grupo de cotización do traballador no momento de producirse a situación legal de desemprego, a que se refire o número tres.3 deste artigo.

3. Durante a percepción da prestación por desemprego, se corresponde cotizar no réxime especial da minaría do carbón, a base de cotización será a normalizada vixente que corresponda á categoría ou especialidade profesional do traballador no momento de se producir a situación legal de desemprego.

4. A base de cotización regulada nos números 2 e 3 actualizarase conforme a base vixente en cada momento que corresponda ao grupo de cotización ou categoría ou especialidade profesional do traballador no momento de se producir a situación legal de desemprego.

Dez. Cotización por desemprego, Fondo de Garantía Salarial e formación profesional.—A cotización polas contingencias de desemprego, Fondo de Garantía Salarial e formación profesional levarase a cabo, a partir do 1 de xaneiro de 2010, de acordo co que a continuación se sinala:

1. A base de cotización polas contingencias citadas, e en todos os réximes da Seguridade Social que teñan cubertas estas, será a correspondente ás contingencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais.

As bases de cotización para desemprego no réxime especial dos traballadores do mar seralles tamén de aplicación o disposto no artigo 19.6 do texto refundido aprobado polo Decreto 2864/1974, do 30 de agosto, e nas normas de desenvolvemento dese precepto, sen prexuízo do sinalado no número sete deste artigo.

As bases de cotización por desemprego e ao Fondo de Garantía Salarial polos traballadores por conta allea incluídos no réxime especial agrario da Seguridade Social serán as establecidas no número tres.1 e 2 deste artigo, segundo a modalidade de cotización por contingencias comúns que lle corresponda a cada traballador.

2. A partir do 1 de xaneiro de 2010 os tipos de cotización serán os seguintes:

A) Para a contingencia de desemprego:

a) Contratación indefinida, incluídos os contratos indefinidos a tempo parcial e fixos discontinuos, así como a contratación de duración determinada nas modalidades de contratos formativos en prácticas, de relevo, interinidade e contratos, calquera que sexa a modalidade utilizada, realizados con traballadores discapacitados: o 7,05 por cento, do que o 5,50 por cento será a cargo do empresario e o 1,55 por cento a cargo do traballador.

b) Contratación de duración determinada:

1.º Contratación de duración determinada a tempo completo: o 8,30 por cento, do que o 6,70 por cento será a cargo do empresario e o 1,60 por cento a cargo do traballador.

2.º Contratación de duración determinada a tempo parcial: o 9,30 por cento, do que o 7,70 por cento será a cargo do empresario e o 1,60 por cento a cargo do traballador.

O tipo de cotización para os traballadores por conta allea de carácter eventual, incluídos no réxime especial agrario da Seguridade Social, será o fixado no número 1.º do parágrafo b) anterior, para a contratación de duración determinada a tempo completo, salvo cando sexa de aplicación o tipo de cotización previsto no parágrafo a) anterior, para contratos concretos de duración determinada ou para traballadores discapacitados.

B) Para a cotización ao Fondo de Garantía Salarial, o 0,20 por cento a cargo exclusivo da empresa.

C) Para a cotización por formación profesional, o 0,70 por cento, sendo o 0,60 por cento a cargo da empresa e o 0,10 por cento a cargo do traballador.

Once. Cotización nos contratos para a formación.—As cotas por contingencias comúns a cargo do empresario e a cargo do traballador, por contingencias profesionais, ao Fondo de Garantía Salarial e por formación profesional dos contratos para a formación incrementaranse, desde o 1 de xaneiro de 2010 e respecto das contías vixentes en 31 de decembro de 2009, na mesma porcentaxe en que aumente a base mínima do réxime xeral.

Doce. Cotización de bolseiros e investigadores.—A cotización dos bolseiros e investigadores, incluídos no campo de aplicación do Real decreto 63/2006, do 27 de xaneiro, durante os dous primeiros anos levarase a cabo, aplicando as regras contidas no número anterior, respecto da cotización nos contratos para a formación, no que se refire á cotización por contingencias comúns e profesionais.

O sistema de cotización previsto neste número non afectará a determinación da contía das prestacións económicas a que se teñan dereito, respecto da cal se seguirá aplicando o importe da base mínima correspondente ao grupo primeiro de cotización do réxime xeral.

Trece. Especialidades en materia de cotización en relación co anticipo da idade de xubilación dos bombeiros.—En relación cos bombeiros a que se refire o Real decreto 383/2008, do 14 de marzo, polo que se establece o coeficiente redutor da idade de xubilación en favor dos bombeiros ao servizo das administracións e organismos públicos, procederá aplicar un tipo de cotización adicional sobre a base de cotización por contingencias comúns, tanto para a empresa como para o traballador.

Durante o ano 2010, o tipo de cotización adicional a que se refire o parágrafo anterior será do 6,50 por cento, do que o 5,42 por cento será a cargo da empresa e o 1,08 por cento a cargo do traballador.

Catorce. Malia o establecido nos números anteriores deste artigo, en ningún caso e por aplicación do artigo 16 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social as bases mínimas ou únicas de calquera dos réximes que integran o sistema da Seguridade Social poderán ser inferiores á base mínima do réxime xeral.

Quince. Facúltase o ministro de Traballo e Inmigración para ditar as normas necesarias para a aplicación e desenvolvemento do previsto neste artigo.

Artigo 130. *Cotización ás mutualidades xerais de funcionarios para o ano 2010.*

Un. Os tipos de cotización e de achega do Estado ao réxime especial da Seguridade Social dos funcionarios civís do Estado, xestionado pola Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado (MUFACE) a que se refire o Real decreto legislativo 4/2000, do 23 de xuño, para o financiamento das prestacións a que se refire o artigo 12, salvo a indicada no parágrafo h), da citada disposición, serán as seguintes:

1. A porcentaxe de cotización dos funcionarios en activo e asimilados integrados en MUFACE fíxase no 1,69 por cento sobre os haberes reguladores para efectos de cotización de dereitos pasivos.

2. A contía da achega do Estado, regulada no artigo 35 do texto refundido da Lei sobre Seguridade Social dos funcionarios civís do Estado, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2000, representará o 5,03 por cento dos haberes reguladores para efectos de cotización de dereitos pasivos. Do dito tipo de 5,03, o 4,85 corresponde á achega do Estado por activo e o 0,18 á achega por pensionista exento de cotización.

Dous. Os tipos de cotización e de achega do Estado ao réxime especial da Seguridade Social das Forzas Armadas, xestionado polo Instituto Social das Forzas Armadas (ISFAS), a que se refire o Real decreto legislativo 1/2000, do 9 de xuño, para o financiamento das prestacións a que se refire o artigo 9, salvo a indicada no parágrafo f), da citada disposición, serán os seguintes:

1. A porcentaxe de cotización e de achega do persoal militar en activo e asimilado integrado en ISFAS fíxase no 1,69 por cento sobre os haberes reguladores para efectos de cotización de dereitos pasivos.

2. A contía da achega do Estado regulada no artigo 30 do Real decreto legislativo 1/2000, representará o 10,04 por cento dos haberes reguladores para efectos de cotización de dereitos pasivos. Do dito tipo do 10,04, o 4,85 corresponde á achega do Estado por activo e o 5,19 á achega por pensionista exento de cotización.

Tres. Os tipos de cotización e de achega do Estado ao réxime especial da Seguridade Social dos funcionarios da Administración de xustiza, xestionado pola Mutualidade Xeral Xudicial (MUXEXU), a que se refire o Real decreto legislativo 3/2000, do 23 de xuño, para o financiamento das prestacións a que se refire o artigo 12, salvo a indicada no parágrafo f), da citada disposición, serán os seguintes:

1. A porcentaxe de cotización do persoal da Administración de xustiza en activo e asimilado, integrado en MUXEXU, fíxase no 1,69 por cento sobre os haberes reguladores para efectos de cotización de dereitos pasivos.

2. A contía da achega do Estado, regulada no artigo 23 do texto refundido da Lei sobre Seguridade Social dos funcionarios civís do Estado, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2000, representará o 4,86 por cento dos haberes reguladores para efectos de cotización de dereitos pasivos. Do dito tipo do 4,86, o 4,85 corresponde á achega do Estado por activo e o 0,01 á achega por pensionista exento de cotización.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

Primeira. *Prestacións familiares da Seguridade Social.*

A partir do 1 de xaneiro de 2010, a contía das prestacións familiares da Seguridade Social, na súa modalidade non contributiva, así como o importe do límite de ingresos para o acceso a estas, regulados na sección segunda do capítulo IX do título II do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, serán os seguintes:

Un. A contía da asignación económica establecida no artigo 182 bis.1 será en cómputo anual de 500 euros cando o fillo ou menor acollido a cargo teña unha idade inferior a 5 anos, e de 291 euros cando o fillo ou menor acollido a cargo teña unha idade comprendida entre os 5 e os 18 anos de idade.

Dous. As contías da asignación establecidas no artigo 182 bis.2 para os casos en que o fillo ou menor acollido a cargo teña a condición de discapacitado, serán:

a) 1.000 euros cando o fillo ou menor acollido a cargo teña un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento.

b) 4.076,40 euros cando o fillo a cargo sexa maior de 18 anos e estea afectado por unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 65 por cento.

c) 6.115,20 euros cando o fillo a cargo sexa maior de 18 anos, estea afectado por unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 75 por cento e, como consecuencia de perdas anatómicas ou funcionais, necesite o concurso doutra persoa para realizar os actos máis esenciais da vida, tales como vestirse, desprazarse, comer ou análogos.

Tres. A contía da prestación por nacemento ou adopción de fillo establecida no artigo 186.1 será de 1.000 euros.

Catro. A contía da prestación por nacemento ou adopción de fillo establecida no artigo 188 ter será de 2.500 euros.

Cinco. O límite de ingresos a que se refire o primeiro parágrafo do artigo 182.1.c) queda fixado en 11.264,01 euros anuais.

O límite de ingresos a que se refire o segundo parágrafo do artigo 182.1.c) queda fixado en 16.953,05 euros anuais, incrementándose en 2.745,93 euros por cada fillo a cargo a partir do cuarto, este incluído.

Segunda. *Subsidios económicos da Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social dos minusválidos, e pensións asistenciais.*

Un. A partir do 1 de xaneiro do ano 2010, os subsidios económicos a que se refire a Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social dos minusválidos, fixaranse, segundo a clase de subsidio, nas seguintes contías:

	Euros/mes
Subsidio de garantía de ingresos mínimos	149,86
Subsidio por axuda de terceira persoa	58,45
Subsidio de mobilidade e compensación para gastos de transporte	58,10

A contía do subsidio de mobilidade e compensación para os gastos de transporte a que se refire o número anterior leva incorporados os efectos da desviación de inflación do exercicio 2009 e a posible revalorización para 2010.

Dous. A partir do 1 de xaneiro do ano 2010, as pensións asistenciais recoñecidas en virtude do disposto na Lei do 21 de xullo de 1960 e no Real decreto 2620/1981, do 24 de

xullo, fixaranse na contía de 149,86 euros íntegros mensuais, aboándose dúas pagas extraordinarias do mesmo importe que se devengarán nos meses de xuño e decembro.

As pensións asistenciais serán obxecto de revisión periódica, co fin de comprobar que os beneficiarios manteñen os requisitos exixidos para o seu recoñecemento e, en caso contrario, declarar a extinción do dereito e exixir o reintegro das cantidades indebidamente percibidas. O Ministerio de Traballo e Inmigración poderá instar a incoación dos procedementos de revisión, para efectos de practicar o axuste económico e orzamentario do gasto xerado. Os resultados que ofrezan aqueles procedementos seranlle comunicados ao citado departamento ministerial.

Terceira. Pagamento de débedas coa Seguridade Social de institucións sanitarias cuxa titularidade posúan as administracións públicas ou institucións sen ánimo de lucro.

As institucións sanitarias cuxa titularidade posúan as administracións públicas ou institucións públicas ou privadas sen ánimo de lucro, acollidas á moratoria prevista na disposición adicional trixésima da Lei 41/1994, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1995, poderanlle solicitar á Tesouraría Xeral da Seguridade Social a ampliación da carencia concedida a dezaseis anos, xunto coa ampliación da moratoria concedida ata un máximo de dez anos con amortizacións anuais.

Cuarta. Redución de cotas para o mantemento do emprego.

Un. Os contratos de traballo de carácter indefinido dos traballadores de cincuenta e nove ou máis anos, cunha antigüidade na empresa de catro ou máis anos, darán dereito á redución, a cargo do orzamento da Seguridade Social, do 40 por cento da achega empresarial na cotización á Seguridade Social por continxencias comúns, salvo por incapacidade temporal derivada destas, sobre as cotas devengadas desde a data de cumprimento dos requisitos anteriormente sinalados.

Se, ao cumprir cincuenta e nove anos, o traballador non tiver a antigüidade na empresa de catro anos, a redución será aplicable a partir da data en que alcance a citada antigüidade.

Dous. Poderán ser beneficiarios da redución as empresas, incluídos os traballadores autónomos, e sociedades laborais ou cooperativas ás cales se incorporen traballadores como socios traballadores ou de traballo, sempre que estas últimas optasen por un réxime de Seguridade Social propio de traballadores por conta allea.

Quedarán excluídos da aplicación da redución a Administración xeral do Estado e os organismos regulados no título III e na disposición adicional décima da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, así como as administracións autonómicas e as entidades locais e os seus organismos públicos.

Tres. A duración da redución da achega empresarial será dun ano, salvo que, nunha data anterior, os interesados cumpran os requisitos para ser beneficiarios das bonificacións reguladas no artigo 4 da Lei 43/2006, do 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego, caso en que se aplicarán desde esa data estas últimas.

Catro. Respecto aos requisitos que deben cumprir os beneficiarios, as exclusións na aplicación da redución, contía máxima, incompatibilidades ou reintegro de beneficios aplicaranse as previsións contidas na Lei 43/2006.

Quinta. Redución na cotización á Seguridade Social nos supostos de cambio de posto de traballo por risco durante o embarazo ou durante a lactación natural, así como nos supostos de enfermidade profesional.

Nos supostos en que, por razón de risco durante o embarazo ou risco durante a lactación natural, a traballadora, en virtude do previsto no artigo 26 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, sexa destinada a un posto de traballo ou función diferente e compatible co seu estado, aplicarase, con respecto ás cotas devengadas durante o período de permanencia no novo posto de traballo ou función, unha redución, a cargo do orzamento da Seguridade Social, do 50 por cento da achega empresarial na cotización á Seguridade Social por continxencias comúns.

Esta mesma redución será aplicable, nos termos e condicións que regulamentariamente se determinen, naqueles casos en que, por razón de enfermidade profesional, se produza un cambio de posto de traballo na mesma empresa ou o desempeño, noutra distinta, dun posto de traballo compatible co estado do traballador.

Sexta. Extensión do disposto no artigo 21 da Lei sobre Seguridade Social dos funcionarios civís do Estado ao resto de funcionarios.

Sen prexuízo da integración no réxime xeral da Seguridade Social do réxime especial dos funcionarios da Administración local e da integración nese réxime dos funcionarios da Administración xeral do Estado e das administracións autonómicas nos casos en que así proceda, todos os funcionarios integrados no réxime xeral da Seguridade Social, sexa cal sexa a Administración na que prestan os seus servizos, cando se encontren na situación de incapacidade temporal, durante os tres primeiros meses, terán a mesma protección nesa situación que a prevista para os funcionarios civís do Estado no artigo 21.1.a) do texto refundido da Lei sobre Seguridade Social dos funcionarios civís do Estado, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2000, do 23 de xuño.

O disposto no parágrafo anterior terá vixencia indefinida e retrotraerá os seus efectos á data de entrada en vigor da disposición derogatoria primeira da Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2009.

Sétima. Retribucións dos cargos directivos e persoal das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social e outras limitacións nos orzamentos das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social.

Un. As retribucións que perciban as persoas que no momento da entrada en vigor desta lei posúan cargos directivos nas mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, que sexan aboadas con cargo ao concepto 130 «Laboral fixo», subconceptos 0 «Altos cargos» e 1 «Outros directivos» do orzamento de gastos da correspondente entidade, non poderán exceder o importe máis alto dos que lles corresponda aos altos cargos do Goberno da Nación, dos seus órganos consultivos, da Administración xeral do Estado, dos membros do Consello Xeral do poder xudicial, do Tribunal Constitucional e do Tribunal de Contas.

Malia a limitación fixada no parágrafo anterior, os citados cargos directivos poderán percibir retribucións complementarias por encima da cantidade que resulte de aplicar esta, caso en que quedará determinada a súa exclusiva dedicación e, por conseguinte, a incompatibilidade para o desempeño de calquera outra actividade retribuída. O importe destas retribucións complementarias terá a natureza de absorbible polas retribucións básicas.

En ningún suposto as retribucións que, por calquera concepto, perciban as persoas a que se refire este número poderán experimentar incremento ningún no exercicio 2010, respecto ás contías percibidas no exercicio 2009.

Dous. As retribucións que, por calquera concepto, perciban as persoas que posúan cargos directivos nas mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, que sexan aboadas con cargo ao concepto 130 «Laboral fixo», subconceptos 0 «Altos cargos» e 1 «Outros directivos», do orzamento de gastos da correspondente entidade, e que inicien a prestación dos seus servizos durante o ano 2010, non poderán exceder as contías establecidas para ese ano no réxime retributivo dos directores xerais das entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social.

Tres. As retribucións do resto do persoal ao servizo das mutuas quedan sometidas ás limitacións establecidas no artigo 25 desta lei.

Catro. Con vixencia exclusiva para o exercicio 2010, establécese o carácter vinculante, ao nivel que corresponde á súa concreta clasificación económica, das dotacións autorizadas nos orzamentos de gastos das mutuas contidas en cada unha das aplicacións

orzamentarias que se detallan a continuación, e as modificacións que as afecten deberán ser autorizadas polo ministro de Traballo e Inmigración:

- 226.2.1 Información e divulgación. De comunicación.
- 226.5 Cotas de asociación.
- 226.6.0 Reunións, conferencias e celebración de actos.
- 227.0 Informes, ditames e outras actuacións profesionais.
- 227.1 Estudos, proxectos de investigación e actividades científicas xerais.
- 227.6 Servizos contratados administrativos.
- 227.8 Colaboración na xestión para a prestación de servizos, con excepción das dotacións consignadas na partida 2 e destinadas a servizos de carácter informático.
- 227.9 Outros traballos realizados por empresas e profesionais.

Cinco. Para efectos da aplicación das limitacións previstas nos números un e dous, serán computables igualmente as retribucións que proveñan do patrimonio histórico das mutuas ou das entidades vinculadas ao dito patrimonio.

Oitava. *Axudas sociais aos afectados polo virus de inmunodeficiencia humana (VIH).*

Durante o ano 2010 as contías mensuais das axudas sociais recoñecidas en favor das persoas contaminadas polo virus de inmunodeficiencia humana (VIH), establecidas nas alíneas b), c) e d) do artigo 2.1 do Real decreto lei 9/1993, do 28 de maio, determinaranse mediante a aplicación das proporcións reguladas nas alíneas citadas sobre o importe de 587,61 euros.

Novena. *Revalorización para o ano 2010 das prestacións de grande invalidez do réxime especial da Seguridade Social das Forzas Armadas.*

As prestacións de grande invalidez destinadas a remunerar a persoa encargada da asistencia ao gran inválido, causadas ata o 31 de decembro de 2009 no réxime especial da Seguridade Social das Forzas Armadas, experimentarán con efectos do 1 de xaneiro de 2010 un incremento do 1 por cento.

Décima. *Militares de tropa e mariñeiría.*

Os cadros de persoal máximos de militares de tropa e mariñeiría que se acaden en 31 de decembro do ano 2010 non poderán superar os 86.000 efectivos.

Autorízase o Ministerio de Defensa a iniciar os procesos de selección e recrutamento a partir da aprobación desta lei.

Décimo primeira. *Actualización da contía da prestación económica establecida pola Lei 3/2005, do 18 de marzo.*

A partir do 1 de xaneiro de 2010, a contía das prestacións económicas recoñecidas ao abeiro da Lei 3/2005, do 18 de marzo, aos cidadáns de orixe española desprazados ao estranxeiro, durante a súa minoría de idade, como consecuencia da Guerra Civil, e que desenvolveron a maior parte da súa vida fóra do territorio nacional ascenderá, en cómputo anual, á diferenza entre 6.989,20 euros e o importe anual que perciba cada beneficiario polas pensións a que se refiren as alíneas a), b) e c) do artigo 2 da Lei 3/2005, ou á diferenza entre 6.989,20 euros e as rendas ou ingresos anuais que perciban os beneficiarios a que se refire a alínea d) do artigo 2 da Lei 3/2005.

Décimo segunda. *Xestión dos programas establecidos na alínea e) do artigo 13 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego.*

O Servizo Público de Emprego Estatal, de conformidade co establecido no artigo 13.e) da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, realizará a xestión dos programas financiados con cargo á reserva de crédito do seu orzamento de gastos, que comprenderá as aplicacións 19.101.000-X.400, 19.101.000-X.401, 19.101.000-X.402, 19.101.000-

X.410, 19.101.000-X.411, 19.101.000-X.412, 19.101.000-X.431 e 19.101.241-A.482, desagregadas a través de varios subconceptos, segundo os diferentes ámbitos funcionais das políticas activas de emprego, para financiar as seguintes actuacións:

a) Programas cuxa execución afecte un ámbito xeográfico superior ao dunha comunidade autónoma, cando estes exixan a mobilidade xeográfica dos desempregados ou traballadores participantes nestes a outra comunidade autónoma distinta á súa e precisen dunha coordinación unificada.

b) Programas para a mellora da ocupación dos demandantes de emprego mediante a colaboración do Servizo Público de Emprego Estatal con órganos da Administración xeral do Estado ou os seus organismos autónomos para a realización de accións formativas e execución de obras e servizos de interese xeral e social, relativas a competencias exclusivas do Estado.

c) Programas de intermediación e políticas activas de emprego cuxo obxectivo sexa a integración laboral de traballadores inmigrantes, realizados nos seus países de orixe, facilitando a ordenación dos fluxos migratorios.

A dita reserva orzamentaria opera como reserva de xestión de políticas activas de emprego nos supostos anteriormente sinalados en favor do Servizo Público de Emprego Estatal, malia as competencias asumidas polas comunidades autónomas no ámbito do traballo, o emprego e a formación.

De acordo co previsto no artigo 14.3 da precitada Lei 56/2003, do 16 de decembro, o financiamento da reserva de xestión é independente da destinada a programas de fomento de emprego, cuxa distribución territorial, en aplicación do procedemento establecido no artigo 86 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, se efectuará entre as comunidades autónomas con competencias de xestión asumidas.

Décimo terceira. Acheга financeira do Servizo Público de Emprego Estatal ao financiamento dos plans integrais de emprego das comunidades autónomas de Canarias, Castilla-La Mancha e Extremadura.

Un. Durante o ano 2010, o Servizo Público de Emprego Estatal achegará ao financiamento dos plans integrais de emprego das comunidades autónomas de Canarias, Castilla-La Mancha e Extremadura as seguintes cantidades: á Comunidade Autónoma de Canarias, 42.070.850 euros; á Comunidade Autónoma de Castilla-La Mancha, 15.000.000 de euros, e á Comunidade Autónoma de Extremadura, 20.000.000 de euros.

As mencionadas achegas financeiras teñen o carácter de subvencións nominativas, tendo en conta a súa consignación no estado de gastos do orzamento do Servizo Público de Emprego Estatal coa correspondente identificación desagregada para cada unha das tres comunidades autónomas expresada a nivel de subconcepto da clasificación económica do gasto público estatal.

Dous. As mencionadas cantidades destinaranse, conxuntamente coa achega financeira que realicen a respectivas comunidades autónomas, a financiar as accións e as medidas de fomento de emprego que se describen nos convenios de colaboración que lles son de aplicación, subscritos entre a Administración xeral do Estado e a Administración das comunidades autónomas, nas datas que se citan a continuación: Canarias, o 23 de outubro de 2007; Castilla-La Mancha, o 24 de abril de 2007, e Extremadura, o 2 de novembro de 2009.

A articulación das achegas financeiras, que se farán efectivas na forma indicada no número tres seguinte, instrumentarase mediante a subscripción da pertinente addenda entre o Servizo Público de Emprego Estatal e as respectivas comunidades autónomas.

Tres. A citada achega librarase no segundo mes de cada cuadrimestre natural do ano 2010, tras solicitude previa documentada da comunidade autónoma respectiva ao Servizo Público de Emprego Estatal da aplicación dos fondos. Malia o anterior, o Servizo Público de Emprego Estatal non dará curso á tramitación dos libramentos mentres non fose xustificada ante o dito organismo, coa correspondente achega documental, a execución dos fondos librados no exercicio anterior.

Catro. A aplicación pola comunidade autónoma correspondente da achega financeira, así como o seu seguimento e avaliación, rexeranse polo estipulado, para o efecto, nos citados convenios de colaboración.

Cinco. Finalizado o exercicio 2010 e con anterioridade ao 1 de abril de 2011, as comunidades autónomas remitiranlle á Dirección Xeral do Servizo Público de Emprego Estatal información dos colectivos de desempregados atendidos coas achegas feitas efectivas, as accións realizadas, así como a documentación necesaria para efectos do cofinanciamento do Fondo Social Europeo.

Seis. Malia o indicado no número cinco anterior, o remanente da achega financeira non comprometido pola respectiva comunidade autónoma no exercicio 2010 seralle reintegrado ao Servizo Público de Emprego Estatal na forma que se determine na resolución de concesión que adopte ese organismo para a efectividade dos libramentos a que se refire o número tres, con suxeición ás prescricións que, en materia de subvencións, establece a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Décimo cuarta. *Financiamento da formación profesional para o emprego.*

Un. Sen prexuízo doutras fontes de financiamento, os fondos provenientes da cota de formación profesional destinaranse a financiar o subsistema de formación profesional para o emprego regulado polo Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, co obxecto de impulsar e estender entre as empresas e os traballadores ocupados e desempregados unha formación que responda ás súas necesidades e contribúa ao desenvolvemento dunha economía baseada no coñecemento.

No exercicio inmediato a aquel en se peche o orzamento, efectuarase unha liquidación en razón das cotas de formación profesional efectivamente percibidas, cuxo importe se incorporará ao orzamento do exercicio seguinte, co signo que corresponda.

Dous. O 60 por cento, como mínimo, dos fondos previstos no número anterior afectarase ao financiamento das seguintes iniciativas e conceptos:

- Formación de demanda, que abarca as accións formativas das empresas e os permisos individuais de formación.
- Formación de oferta dirixida prioritariamente a traballadores ocupados.
- Accións de apoio e acompañamento á formación.
- Formación nas administracións públicas.
- Gastos de funcionamento e investimento da Fundación Tripartita para a Formación no Emprego.

Ao financiamento da formación nas administracións públicas destinarase un 10,75 por 100 da contía indicada no parágrafo primeiro deste número. Esta contía virá consignada no orzamento do Servizo Público de Emprego Estatal como dotación diferenciada para a súa achega en diñeiro ao Instituto Nacional de Administración Pública, adscrito ao Ministerio da Presidencia, en tres libramentos nos meses de febreiro, abril e xuño. No orzamento do Instituto Nacional de Administración Pública figurarán territorializados os fondos correspondentes ás comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla para o financiamento da formación continua dos seus empregados públicos. O aboamento deses fondos realizarase desde o Instituto Nacional de Administración Pública mediante transferencia nominativa a cada comunidade e cidade autónoma.

O Servizo Público de Emprego Estatal libraralle á Fundación Tripartita para a Formación no Emprego os fondos para o financiamento dos seus gastos de funcionamento e investimento. O citado libramento efectuarase por cuartas partes, na segunda quincena natural de cada trimestre. A fundación deberá presentar anualmente, e antes do 30 de abril do exercicio seguinte ante o Servizo Público de Emprego Estatal, a xustificación contable dos gastos realizados con cargo aos fondos asignados para o seu funcionamento.

Tres. As comunidades autónomas con competencias estatutariamente asumidas en materia de políticas activas de emprego recibirán do Servizo Público de Emprego Estatal as transferencias de fondos para o financiamento das subvencións no ámbito da formación

profesional para o emprego xestionadas polas ditas comunidades, na contía que resulte segundo os criterios de distribución territorial de fondos que se aproben na Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais.

A comunidade autónoma que non recibise aínda o correspondente traspaso de funcións e servizos en materia de políticas activas de emprego e, en concreto, en materia de formación profesional para o emprego, durante o exercicio 2010 poderá recibir do Servizo Público de Emprego Estatal, tras acordo previo da Comisión Estatal de Formación para o Emprego, unha transferencia de fondos pola contía que lle corresponda para a formación de oferta dirixida prioritariamente a traballadores ocupados e as accións de apoio e acompañamento á formación, segundo os criterios de distribución territorial de fondos aprobados na Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais. A transferencia de fondos efectuarase con cargo aos créditos autorizados por esta lei no estado de gastos do orzamento do Servizo Público de Emprego Estatal para o financiamento das citadas iniciativas, sen que supoña incremento ningún respecto dos especificamente consignados para esa finalidade.

Catro. As empresas que cotizan pola continxencia de formación profesional disporán dun crédito para a formación dos seus traballadores de acordo co establecido no capítulo II do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, que resultará de lle aplicar á contía ingresada pola empresa en concepto de formación profesional durante o ano 2009 a porcentaxe de bonificación que, en función do tamaño das empresas, se establece a continuación:

- a) Empresas de 6 a 9 traballadores: 100 por cento
- b) De 10 a 49 traballadores: 75 por cento
- c) De 50 a 249 traballadores: 60 por cento
- d) De 250 ou máis traballadores: 50 por cento

As empresas de 1 a 5 traballadores disporán dun crédito de bonificación por empresa de 420 euros, en lugar dunha porcentaxe. Así mesmo, poderanse beneficiar dun crédito de formación, nos termos establecidos na citada normativa, as empresas que durante o ano 2010 abran novos centros de traballo, así como as empresas de nova creación, cando incorporen ao seu cadro de persoal novos traballadores. Nestes supostos, as empresas disporán dun crédito de bonificacións cuxo importe resultará de lle aplicar ao número de traballadores de nova incorporación a contía de 65 euros.

As empresas que durante o ano 2010 lles concedan permisos individuais de formación aos seus traballadores disporán dun crédito de bonificacións para formación adicional ao crédito anual que lles correspondería de conformidade co establecido no parágrafo primeiro deste número, polo importe que resulte de aplicar os criterios determinados pola Orde do Ministerio de Traballo e Inmigración. O crédito adicional asignado ao conxunto das empresas que concedan os citados permisos non poderá superar o 5 por cento do crédito establecido no orzamento do Servizo Público de Emprego Estatal para o financiamento das bonificacións nas cotizacións da Seguridade Social por formación profesional para o emprego.

Décimo quinta. *Convenios coa Comunidade Autónoma de Canarias.*

Un. Convenios en materia de investimentos coa Comunidade Autónoma de Canarias.

O crédito 32.18.9410.751 dotado na sección 32 «Entes Territoriais» destinarase a actuacións investidoras na Comunidade Autónoma de Canarias, en cumprimento do disposto na Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias.

As indicadas actuacións poderán ser realizadas directamente pola Administración xeral do Estado ou, de ser o caso, a través de convenios coa citada comunidade.

O crédito poderase pór á disposición das comunidades autónomas desde a propia sección 32 «Entes territoriais», ou ben ser transferido, para a súa execución, aos departamentos ministeriais.

Dous. Convenio entre o Ministerio de Educación e a Comunidade Autónoma de Canarias en desenvolvemento do Plan Integral de Emprego de Canarias.

Autorízase o Goberno para que durante o ano 2010, á vista dos resultados dos sucesivos acordos singulares anuais subscritos entre o Ministerio de Educación e a Consellería de Educación, Universidades, Cultura e Deportes do Goberno de Canarias para o desenvolvemento do Plan Integral de Emprego de Canarias, poida continuar con esta liña de actuación mediante a subscrición, de ser o caso, dun novo convenio que poderá supor unha achega máxima por parte do Ministerio de Educación de 40.000,00 miles de euros.

Décimo sexta. *Convenios en materia de investimentos coas comunidades autónomas de Cataluña, Illes Balears e Castilla y León.*

O crédito 32.18.9410.750 dotado na sección 32 «Entes territoriais» destinarase a actuacións investidoras nas comunidades autónomas de Cataluña, Illes Balears e Castilla y León, en cumprimento do disposto nos respectivos estatutos de autonomía.

As indicadas actuacións poderanse realizar directamente pola Administración xeral do Estado ou, de ser o caso, a través de convenios coas comunidades autónomas.

O crédito poderase pór á disposición das comunidades autónomas desde a propia sección 32 «Entes territoriais», ou ben ser transferido, para a súa execución, aos departamentos ministeriais.

Décimo sétima. *Garantía do Estado para obras de interese cultural.*

Un. De acordo co establecido no número 3 da disposición adicional novena da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español, durante o exercicio 2010, o importe total acumulado, en todo momento, dos compromisos outorgados polo Estado respecto a todas as obras ou conxuntos de obras cedidas temporalmente para a súa exhibición en institucións de competencia exclusiva do Ministerio de Cultura e os seus organismos públicos adscritos, así como do Consello de Administración do Patrimonio Nacional, non poderá exceder de 1.848.000 miles de euros.

O límite máximo dos compromisos específicos que se outorguen por primeira vez no ano 2010 para obras ou conxuntos de obras destinadas á súa exhibición nunha mesma exposición será de 231.000 miles de euros. Unha vez devoltas as obras aos cedentes e acreditado polos responsables das exposicións o termo da garantía outorgada sen incidencia ningunha, as cantidades comprometidas deixarán de estalo e poderán ser de novo outorgadas a unha nova exposición.

Excepcionalmente, este límite máximo poderase elevar por encima dos 231.000 miles de euros por acordo do Consello de Ministros por proposta da ministra de Economía e Facenda, por iniciativa do Ministerio de Cultura, caso en que o importe total acumulado, durante o período de vixencia desa exposición, non poderá exceder os 2.750.000 miles de euros.

O límite máximo dos compromisos específicos que se lle outorguen á Fundación Colección Thyssen-Bornemisza respecto ás obras destinadas á súa exhibición nas sedes da fundación situadas en España en relación co «Contrato de préstamo de obras de arte entre dunha parte a Fundación Colección Thyssen-Bornemisza e doutra Omicron Collections Limited, Nautilus Trustees Limited, Coraldale Navigation Incorporated, Imiberia Anstalt, e a Baronesa Carmen Thyssen-Bornemisza», para o ano 2010 será de 540.910 miles de euros.

Dous. No ano 2010 será de aplicación o disposto no número anterior ás exposicións organizadas pola «Sociedade Estatal para a Acción Cultural Exterior» e pola «Sociedade Estatal de Conmemoracións Culturais» que se celebren en institucións dependentes da Administración xeral do Estado.

Décimo oitava. *Xuro legal do diñeiro.*

Un. De conformidade co disposto no artigo 1 da Lei 24/1984, do 29 de xuño, sobre modificación do tipo de xuro legal do diñeiro, este queda establecido no 4 por cento ata o 31 de decembro do ano 2010.

Dous. Durante o mesmo período, o xuro de demora a que se refire ao artigo 26.6 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, será do 5 por cento.

Décimo novena. *Determinación do indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) para 2010.*

De conformidade co establecido no artigo 2.2 do Real decreto lei 3/2004, do 25 de xuño, para a racionalización da regulación do salario mínimo interprofesional e para o incremento da súa contía, o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) terá as seguintes contías durante 2010:

- a) O IPREM diario, 17,75 euros.
- b) O IPREM mensual, 532,51 euros.
- c) O IPREM anual, 6.390,13 euros.

d) Nos supostos en que a referencia ao salario mínimo interprofesional foi substituída pola referencia ao IPREM en aplicación do establecido no Real decreto lei 3/2004, do 25 de xuño, a contía anual do IPREM será de 7.455,14 euros cando as correspondentes normas se refiran ao salario mínimo interprofesional en cómputo anual, salvo que expresamente exclúsen as pagas extraordinarias; neste caso, a contía será de 6.390,13 euros.

Vixésima. *Proxectos concertados de investigación dos programas nacionais científico-tecnolóxicos.*

En relación cos proxectos concertados de investigación dos programas nacionais científico-tecnolóxicos, financiados mediante créditos privilexiados sen xuros con cargo ao Fondo Nacional para o Desenvolvemento da Investigación Científica e Técnica, cuxa xestión ten atribuídas o Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial (CDTI), autorízase ese centro para a concesión de moratorias ou aprazamentos de ata un máximo de cinco anos e ao xuro de demora a que se refire o artigo 26.6 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, sempre que se presten garantías suficientes por parte do debedor, mediante avais bancarios, hipotecas e, mesmo, garantías persoais, nos casos en que as anteriores non se puidesen obter, para a devolución das cantidades debidas por empresas que resultasen beneficiarias de tales créditos no período de 1987 a 1993, e cuxa situación financeira, xustifique a imposibilidade de atender os pagamentos nas súas datas, sempre e cando se acredite documentalmente esa situación, e logo de informe favorable da Dirección Xeral de Investigación e Xestión do Plan Nacional de I+D+I, do Ministerio de Ciencia e Innovación.

Vixésimo primeira. *Dotación dos fondos de fomento ao investimento español ou con interese español no exterior.*

Un. A dotación do Fondo para Investimentos no Exterior establécese en 1.000 miles de euros no ano 2010. O Comité Executivo do Fondo para Investimentos no Exterior poderá aprobar durante o ano 2010 operacións por un importe total máximo de 250.000 miles de euros.

Dous. O Comité Executivo do Fondo de Operacións de Investimento no Exterior da Pequena e Mediana Empresa poderá aprobar durante o ano 2010 operacións por un importe total máximo de 15.000 miles de euros.

Vixésimo segunda. *Seguro de crédito á exportación.*

O límite máximo de cobertura para nova contratación, excluídas a Póliza Aberta de Xestión de Exportacións (PAXEX), a Póliza 100 e a Póliza Master, que poderá asegurar e distribuír a Compañía Española de Seguros de Crédito á Exportación, Sociedade Anónima (CESCE) será, para o exercicio do ano 2010, de 9.000.000 miles de euros.

Vixésimo terceira. *Axudas reembolsables.*

As axudas públicas que, de acordo co establecido no artigo 5 da Lei 13/1986, de fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica, se lles conceden a empresas para o financiamento de actuacións das previstas nos números 1 e 2 do citado artigo poderanse configurar como axudas reembolsables total ou parcialmente –con cesión á Administración xeral do Estado, neste último caso, dos dereitos sobre os resultados– en función do conseguido na execución desas actuacións, e nos termos que establezan as respectivas bases reguladoras. Os ingresos derivados dos reembolsos das axudas públicas con fins de investigación científica e desenvolvemento tecnolóxico a que se refire este precepto poderán xerar crédito nas aplicacións 21.04.463B.740, 21.04.463B.750, 21.04.463B.760, 21.04.463B.770 e 21.04.463B.780 do estado de gastos.

Vixésimo cuarta. *Apoio financeiro a empresas de base tecnolóxica.*

O importe total máximo que se poderá aprobar durante o ano 2010 para as operacións a que se refire o número 1 da disposición adicional segunda da Lei 6/2000, do 13 de decembro, pola que se aproban medidas fiscais urxentes de estímulo ao aforro familiar e á pequena e mediana empresa será de 18.579,76 miles de euros, cantidade que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 21.07.467C.831.15.

O importe total máximo que se poderá aprobar durante o ano 2010 para as operacións a que se refire o número 2 da disposición adicional segunda da Lei 6/2000, do 13 de decembro, pola que se aproban medidas fiscais urxentes de estímulo ao aforro familiar e á pequena e mediana empresa, será de 13.921,00 miles de euros, cantidade que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 20.17.433M.821.11.

Vixésimo quinta. *Apoio financeiro ás pequenas e medianas empresas.*

O importe da achega do Estado á liña de financiamento a que se refire a disposición adicional vixésimo quinta da Lei 2/2004, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2005, será de 70.000,00 miles de euros, cantidade que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 20.17.433M.821.10.

Vixésimo sexta. Pagamentos correspondentes ao financiamento de actuacións de medio ambiente nos programas de desenvolvemento rural cofinanciados por fondos europeos.

En relación coas axudas reguladas polo artigo 86 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, os pagamentos correspondentes ao financiamento dos programas de desenvolvemento rural cofinanciados por FEADER para actuacións de medio ambiente, así como aqueles pagamentos correspondentes ao financiamento de actuacións recollidas no Fondo para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade regulados no artigo 74 da Lei 42/2007, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, así como as transferencias ás comunidades autónomas para axuda para plans de recuperación de especies en perigo de extinción e corrección de infraestruturas perigosas, poderanse librar na súa totalidade unha vez que fosen acordados en conferencia sectorial os criterios obxectivos de distribución e a distribución resultante, así como o referendo mediante acordo do Consello de Ministros.

Vixésimo sétima. *Declaración de interese xeral de determinadas obras de infraestruturas hidráulicas con destino a rega e outras infraestruturas.*

1. Decláranse de interese xeral as seguintes obras de mellora de infraestruturas rurais en:

Castilla y León:

- Adecuación do Camiño de Santiago e áreas lindeiras en Camponaraya (León).
- Restauración ambiental do val do río Tejadilla (Segovia).
- Dotación complementaria no recinto feiral de Cacabelos (León).

- Camiño Rural entre Villanueva del Campo-Castroverde de Campos (Zamora).
- Camiño Rural entre Castroverde de Campos-Barcial de la Loma (Zamora).
- Adecuación de infraestruturas rurais na comarca de Garoña.
- Adecuación de camiños naturais na provincia de Soria. Termos municipais: Abejar, Agreda, Almazán, Alcubilla de las Peñas, Aldealafuente, Aldehuela de Periañez, Adradas, Bayubas de Abajo, Borjabade, Buberos, Cabrejas del Pinar, Calatañazor, Cihuela, Coscurita, Cubo de la Solana, Cueva de Ágreda, Escobosa de Almazán, Fuentelsanz de Soria, Gormaz, Maján, Matamala de Almazán, Miño de San Esteban, Nepas, Nolay, Noviercas, Quintanas de Gormaz, Rioseco de Soria, San Leonardo de Yagüe, Serón de Nágima, Soliedra, Sotillo del Rincón, Taroda, Tejado, Valdegeña, Valderrodilla, Viana de Duero, Velamazán, Villar del Campo, Villasayas, Vinuesa, Yanguas.
- Centro de Interpretación Xeolóxica de Juzbado (Salamanca).
- Mellora camiño rural Sesnández-Escobar (Zamora).
- Mellora camiño rural Sejas-Tola (Zamora).
- Mellora camiño rural Malva-Abezames-Vezdembán (Zamora).
- Mellora camiño rural Mellanes-Ceadea (Zamora).
- Mellora camiño rural Moraleja-Estrada Ledesma (Zamora).
- Mellora camiño rural Villalazán-Madridanos-Bamba (Zamora).
- Rehabilitación de infraestruturas e recuperación ambiental nas canles dos arrosos de Fradellos, Mellanes, Ufones e termo municipal de Rabanales (Zamora).

Canarias:

- Recuperación de paisaxes rurais na illa de La Gomera.

Asturias:

- Melloras en accesos e dotacións infraestruturais en diversos municipios situados en zonas rurais delimitadas de acordo co artigo 10 da Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sustentable do medio rural (Valdés, Tapia de Casariego, Castropol, Allande, Grandas de Salime, Boal, Cangas del Narcea, Ibias, Degaña, Tineo, Teberga, Grado, Lena, Aller, Laviana, Caso, Cangas de Onís, Piloña, Villaviciosa, Ribadesella).

Cataluña:

- Rede rural de camiños e outras infraestruturas rurais básicas asociadas ás grandes zonas de regadíos seguintes:
 - Infraestruturas rurais da zona da canle Segarra Garrigues (Lleida).
 - Infraestruturas rurais da zona das canles de Urgell (Lleida).
 - Infraestruturas rurais da zona da canle de Aragón e Catalunya (Lleida).
 - Infraestruturas rurais da zona da canle de Piñana (Lleida).
 - Infraestruturas rurais da zona da canle do regadío de apoio do Garrigues Sud (Lleida).
 - Infraestruturas rurais da zona do regadío de apoio do Segrià Sud (Lleida).
 - Infraestruturas rurais da zona da canle da dereita do delta do Ebro (Tarragona).
 - Infraestruturas rurais da zona da canle da esquerda do delta do Ebro (Tarragona).
 - Infraestruturas rurais da zona dos regadíos do Baix Ter, marxe esquerda e marxe dereita (Girona).

Aragón:

- Adecuación de infraestruturas rurais en Egea de los Caballeros.

Extremadura:

- Acondicionamento dos camiños rurais de La Mancha de la Raña e desde a Serilla ata a Ermida da Concepción no t.m. de Alía.
- Acondicionamento dos camiños rurais de El Pozo de la Dehesilla, do cemiterio, de Las Viñas e de La Vascona no t.m. de Miajadas.
- Acondicionamento dos camiños rurais de Belén e da Cañada Real Puerto de Miravete e Cordel de Aldea del Obispo no t.m. de Trujillo.

– Acondicionamento dos camiños rurais de Montetrigo, de Buenavista, de El Cortinal, pista do pantano, de Las Vegas e de Garciatroje no t.m. de Valencia de Alcántara.

2. As obras incluídas nesta disposición adicional levarán implícitas as declaracións seguintes:

a) A de utilidade pública para os efectos previstos nos artigos 9, 10 e 11 da Lei do 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa.

b) A de urxencia para os efectos da ocupación dos bens afectados a que se refire o artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

3. Esta declaración de interese xeral permitirá as expropiacións forzosas requiridas para esas obras e a urxente ocupación dos bens afectados.

Vixésimo oitava. *Declaración de interese xeral de determinadas obras de infraestruturas hidráulicas con destino á recuperación e xestión ambiental dos recursos hídricos, mellora da garantía dos usos e xestión dos riscos fronte a secas e inundacións.*

1. Decláranse de interese xeral as seguintes obras:

a) Obras de mellora de calidade das augas superficiais:

Balears:

- Nova EDAR, colectores e emisario de Eivissa.
- Vertedoiro de emerxencia terrestre e submarino Palma I.
- Nova EDAR, colectores e emisario en Ca'n Picafort.
- EDAR de Santa Eulalia.
- EDAR de Addaia.

Castilla y León:

- Ampliación, mellora e adecuación da EDAR. Miranda de Ebro, Burgos.
- Incorporación de tratamento terciario á EDAR de Salamanca.
- Ampliación e mellora ou nova EDAR, con terciario de Soria.
- Emisario de Golmayo. Soria.
- EDAR mancomunada Valle del Órbigo (Zamora).
- EDAR mancomunada Valle del Tera, trama Sitrama-desembocadura (Zamora).
- EDAR mancomunada Valle del Eria (Zamora).

Castilla-La Mancha:

- EDAR de Albacete, ampliación e mellora do tratamento de depuración e clausura de verteduras directas ao dominio público hidráulico.
- EDAR de Almansa, ampliación e mellora do tratamento de depuración.

Comunitat Valenciana:

- Tanques de tormenta e colectores asociados á EDAR de La Safor (Gandia).
- Adecuación das instalacións de tratamento e colectores do val do Vinalopó (Elda, Petrer, Aspe).
- EDAR de Benicassim (Castelló), ampliación e mellora das instalacións de depuración.
- Prolongación de canalización de rambla en Pilar de la Horadada.

Extremadura:

- EDAR de Cáceres.
- Saneamento e depuración en Don Benito.
- Saneamento e depuración en Montijo.
- Saneamento e depuración en Plasencia.
- Saneamento e depuración en Villafranca de los Barros.

Galicia:

- Interceptor xeral do río Sarela en Santiago.

La Rioja:

- Tanque de tormentas na EDAR de Logroño.
- Colector do baixo Iregua na EDAR de Logroño.

Madrid:

- Aglomeración Sur de Madrid.
- Aglomeración La China Butarque.

Navarra:

- Colector Tiebas-Muruarte de Reta (Sistema Arazuri).
- Colector Berrioplano (Sistema Arazuri).
- b) Obras de restauración do patrimonio medio ambiental:

Andalucía:

- Proxecto de restauración do río Chico. Tt.mm. Vélez Blanco e Vélez Rubio (Almería).

Aragón:

- Restauración do río Ara (t.m. Fiscal. Huesca).
- Restauración da marxe dereita do Ebro no termo municipal de Fayón (Zaragoza).
- Restauración do río Segre na confluencia co Ebro (t.m. Mequinenza, Zaragoza).
- Plan desenvolvemento sustentable do contorno do encoro de Mularroya.

Asturias:

- Actuacións de mellora ambiental e dinámica fluvial no Baixo Sella.
- Restauración do río Narcea entre Cornellana e a confluencia co río Nalón.

Cantabria:

- Recuperación morfolóxica e ambiental da canle do río Saja desde Mazcuerras-Cabezón de la Sal ata La Vega de Sopeña.
- Recuperación de marxes fluviaes e mellora da conectividade lateral e lonxitudinal na confluencia dos ríos Saja e Besaya en Torrelavega.
- Recuperación ambiental e protección do ámbito fluvial no tramo Entrambasaguas-Hoznayo (cunca do Miera).
- Recuperación e posta en valor do espazo fluvial e protección fronte a inundacións do río Pas en Piélagos.
- Recuperación morfodinámica da canle do Pas e do ecosistema fluvial asociado no Val de Toranzo.

Castilla-La Mancha:

- Restauración fluvial do río Guadiana. Tramo: Presa del Vicario-Puente Nuevo de Alarcos (Ciudad Real).
- Restauración fluvial e protección do dominio público hidráulico en diversos afluentes do río Bullaque (Ciudad Real).
- Proxecto de recuperación da morfoloxía fluvial e mellora da cobertura vexetal no tramo baixo do río Valdemembra (Albacete).
- Proxecto de restauración no tramo medio do río Ojos de Moya (Cuenca).

Castilla y León:

- Proxecto de mellora do estado ecolóxico do río Órbigo, tramo I (León).
- Proxecto de mellora do estado ecolóxico do río Órbigo, tramo II (León).

- Proxecto de mellora do estado ecolóxico do río Órbigo, tramo III (León e Zamora).
- Mellora do estado ecolóxico do río Pisuerga entre a Presa de Aguilar de Campoo e Alar del Rey (Palencia) 2.^a fase.
- Recuperación integral do contorno ecolóxico e aproveitamento de recursos ambientais do val do Tera entre Sitrama e desembocadura (Zamora).

Comunitat Valenciana:

- Restauración do río Verde nos tt.mm. de Benimodo, Massalaves, Alberique e Alzira (Valencia).
- Restauración do río Serpis nos tt.mm. de Lorcha (Alacant) e Villalonga (Valencia).
- Restauración do río Turia nos tt.mm. de Gestalgar, Bugarra e Pedralba (Valencia).
- Proxecto de Restauración dos ríos Júcar, Cabriel e Magro nos tt.mm. de Huélam, Cuenca, Salvacañete, Requena e Yátova (Cuenca e Valencia).
- Proxecto de mellora da conectividade lonxitudinal e restauración do tramo alto do río Vinalopó.
- Recuperación ambiental do contorno do pantano de Elx (Alacant).

Extremadura:

- Restauración fluvial do río Guadiana nun tramo da conca media ao seu paso polo contorno de Villagonzalo (Badajoz).
- Rehabilitación ambiental do río Limonetes na zona regable de Talavera la Real (Badajoz).
- Proxecto de restauración do río Viejas desde a toma da piscifactoría ata a desembocadura. Tt.mm. Varios (Cáceres).

Galicia:

- Protección e restauración de hábitats fluviais e ecosistemas asociados no Alto Miño.
- Mellora da conectividade lonxitudinal no Alto Miño e afluentes.

La Rioja:

- Plan de restitución territorial polas obras da presa de Soto Terroba.
- Proxecto de actuacións ambientais na cidade de Logroño.

Madrid e Castilla-La Mancha:

- Proxecto de rehabilitación dos ríos Tajo e Jarama na Junta de Ríos. Tt.mm. Aranjuez (Madrid) e Seseña (Toledo).

Murcia:

- Proxecto de mellora ambiental da rambla da Carrasquilla. T.m. Cartagena (Murcia).
- Proxecto de mellora ambiental do río Mula e a rambla de Perea. Tt.mm. Mula e Albudeite (Murcia).
- Recollida e eliminación das salmoiras procedentes da rede de desalobradoras do Campo de Cartagena e a súa vertedura ao mar Mediterráneo.

Navarra:

- Proxecto de conexión hidrolóxica e mellora de hábitats nos meandros do tramo baixo do río Arga (tt.mm. Funes e Peralta. Navarra).
- Plan de sustentabilidade dos municipios do contorno do encoro de Itoiz.

c) Obras de mellora da garantía dos usos:

Andalucía:

- Abastecemento de auga para rega aos sectores baldíos de La Puebla e Tharsis, da zona do Andévalo Occidental Fronteirizo (Huelva).

– Abastecemento de auga para rega aos sectores de campos baldíos de La Puebla de Guzmán, Tharsis e El Cerro de Andévalo, da zona regable do Andévalo (Huelva).

Cantabria:

– Autovía da Auga. Cantabria.

Castilla-La Mancha:

– Modernización dos regadíos de Azután.
– Abastecemento á mancomunidade de La Muela (Guadalajara).

Cataluña:

– Construción de elevacións para garantir o regadío no tramo final do río Ebro.

Comunitat Valenciana:

– Adecuación das infraestruturas do ferrocarril e da estrada que condicionan a enchedura do encoro de Bellús (Valencia).
– Rehabilitación dos azudes de Cullera, Sueca e Antella no río Júcar (Valencia).
– Actuacións de regulación de augas rexeneradas para a súa adaptación á demanda no ámbito territorial da Confederación Hidrográfica do Júcar.
– Desalobración de augas con tratamento terciario no ámbito territorial da Confederación Hidrográfica do Júcar.
– Actuacións de modernización da Real Acequia de Moncada (Valencia).
– Infraestruturas de conexión entre EDAR na provincia de Alacant e colectores a EDAR (Elx).

Murcia:

– Condución das augas depuradas da EDAR de Jumilla a encoros da Comunidade de Regantes de Miraflores (Murcia).
– Reposición da tubaxe xeral de rega da Comunidade de Regantes de Mula (Murcia).

País Vasco:

– Renovación e mellora do tratamento primario da estación depuradora de augas residuais (EDAR) de Galindo.
– Condución alternativa á canle baixa do Añarbe. Mancomunidade do Añarbe (Gipuzkoa).

d) Obras de xestión dos riscos fronte ás secas e inundacións:

Aragón:

– Formación de canles de alivio en varios termos municipais da canle media do río Ebro.
– Proxecto de construción de dique de cola no encoro de Joaquín Costa.
– Actuacións de canalización e defensa fronte ás inundacións no río Alfambra na provincia de Teruel.
– Actuacións de canalización e defensa fronte ás inundacións no río Guadalaviar na provincia de Teruel.

Castilla-La Mancha:

– Adecuación da drenaxe do río Valdemembra e afluentes nos termos municipais de Quintanar del Rei e Motilla del Palancar (Cuenca).

Murcia:

– Actuacións necesarias para interceptar e canalizar as escorreduras provenientes de Sierra Espuña no t.m. de Alhama (Murcia).

– Obras de prolongación da canalización da rambla de El Pilar de la Horadada (Murcia).

Comunitat Valenciana:

– Actuacións necesarias para interceptar e canalizar as escorreduras provenientes da serra de Orihuela.

– Drenaxe integral da rambla de Alcalá (Castelló).

2. As obras incluídas nesta disposición adicional levarán implícitas as declaracións seguintes:

a) A de utilidade pública para os efectos previstos nos artigos 9, 10 e 11 da Lei do 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa.

b) A de urxencia para os efectos da ocupación dos bens afectados a que se refire o artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

3. Esta declaración de interese xeral permitirá as expropiacións forzosas requiridas para esas obras e a urxente ocupación dos bens afectados.

Vixésimo novena. *Declaración de interese xeral de determinadas obras de parques nacionais.*

1. Decláranse de interese xeral as seguintes obras:

Andalucía:

– Construción dun centro de visitantes do Parque Nacional de Sierra Nevada en Hoya de la Mora.

Castilla y León:

– Construción do centro de visitantes do Parque Nacional de Picos de Europa en Posada de Valdeón.

– Construción do punto de información do Parque Nacional de Picos de Europa en Oseja de Sajambre.

Canarias:

– Contido interpretativo do centro de visitantes do Parque Nacional do Teide en La Orotava.

Cataluña:

– Construción do centro de visitantes do Parque Nacional de Aigüestortes e Estany de Sant Maurici en Espot.

Castilla-La Mancha:

– Contido interpretativo do centro de visitantes do Parque Nacional de Cabañeros en Horcajo de los Montes.

Extremadura:

– Construción do centro de visitantes do Parque Nacional de Monfragüe en Malpartida de Plasencia.

Galicia:

– Construción do centro de visitantes do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia no Cambón.

Aragón:

– Construción do centro de visitantes do Parque Nacional de Ordesa e Monte Perdido en Escalona.

2. As obras incluídas nesta disposición adicional levarán implícitas as declaracións seguintes:

a) A de utilidade pública para os efectos previstos nos artigos 9, 10 e 11 da Lei do 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa.

b) A de urxencia para os efectos da ocupación dos bens afectados a que se refire o artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

3. Esta declaración de interese xeral permitirá as expropiacións forzosas requiridas para as ditas obras e a urxente ocupación dos bens afectados.

Trixésima. Subvencións ao transporte aéreo e marítimo para residentes en Canarias, Balears, Ceuta e Melilla.

Autorízase o Goberno da Nación para que, durante o ano 2010, modifique ou, de ser o caso, substitúa o actual réxime das subvencións ao transporte aéreo e marítimo para residentes nas Illas Canarias, Balears, Ceuta e Melilla por outro sistema de compensación. Esa modificación nunca poderá supor unha diminución da axuda prestada ou unha deterioración na calidade do servizo, nin incremento dos créditos asignados a esta finalidade.

En todo caso, para as comunidades de Canarias e de Illes Balears observarase o regulado no artigo 6 da Lei 19/1994, do 6 de xuño, de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias, así como o artigo 5 da Lei 30/1998, do 29 de xullo, do réxime especial das Illes Balears, respectivamente.

Trixésimo primeira. Creación de axencias estatais.

Un. Autorízase o Goberno para que, no prazo dun ano desde a entrada en vigor desta lei, mediante real decreto do Consello de Ministros por iniciativa do ministro de adscrición do respectivo organismo público e por proposta conxunta das ministras da Presidencia e de Economía e Facenda, proceda a transformar os actuais organismos públicos cuxos obxectivos e actividades se axusten á natureza das axencias estatais nos termos previstos no artigo 2 da Lei 28/2006, do 18 de xullo, de axencias estatais para a mellora dos servizos públicos.

Exceptúanse do indicado no número anterior aqueles organismos previstos nas disposicións adicionais 9.^a e 10.^a da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, que por lei dispoñan dunha especial autonomía ou independencia funcional respecto da Administración xeral do Estado.

A dita transformación axustarase aos seguintes requisitos:

a) O réxime xurídico do persoal das entidades públicas empresariais que se transformen en axencia poderá seguir sendo laboral cando a súa lei de creación lle outorgase este carácter.

b) Os organismos públicos que non se transformen en axencias estatais manterán a súa actual regulación.

c) Aos organismos de investigación científica e técnica que se transformen en axencias estatais seralles de aplicación o disposto na Lei 13/1986, do 14 de abril, de fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica, no que non se opoña á Lei 28/2006, do 18 de xullo.

d) Os organismos públicos a que se refire o artigo 4.1.g da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, que se transformen en axencias estatais seguirán mantendo o réxime previsto nesta.

Dous. As axencias estatais que se creen en total durante o exercicio 2010 non poderán exceder, en ningún caso, de catro.

A creación de novas axencias prevista no punto un desta disposición, na disposición adicional terceira da Lei 28/2006, do 18 de xullo, de axencias estatais para a mellora dos servizos públicos, e as previstas ou que se prevexan noutras normas, deberá ir precedida dun informe conxunto dos ministerios da Presidencia e de Economía e Facenda, de carácter preceptivo e vinculante, que determine a oportunidade da súa creación, así como os efectos desa creación sobre o gasto público tendo en conta a política do Goberno e a necesidade de contención do gasto público.

Trixésimo segunda. Fondo de reserva da entidade pública empresarial Lotarías e Apostas do Estado.

En execución do contrato programa previsto na disposición adicional cuadraxésimo sétima da Lei 42/2006, do 28 de decembro, Lotarías e Apostas do Estado, durante os exercicios cuxas contas se aproben a partir da entrada en vigor desta lei, destinará unha porcentaxe do 2 por cento do beneficio neto anual a dotar do seu fondo de reserva de forma que, no desenvolvemento da súa actividade empresarial, garanta a súa capitalización e fondo de manobra, o seu plan xeral, a adquisición de inmovilizado, a adaptación tecnolóxica precisa e o investimento en novos mercados ou produtos, así como a posta en práctica de calquera outra medida derivada do contrato programa.

Trixésimo terceira. Acordos de colaboración de Lotarías e Apostas do Estado coa Cruz Vermella Española, a Asociación Española de Loita contra o Cáncer e outras entidades.

Durante o ano 2010 e os tres seguintes, a entidade pública Lotarías e Apostas do Estado, con cargo ao seu fondo de reserva, poderá subscribir acordos de colaboración e patrocinio, en réxime de dereito privado, coa Cruz Vermella Española e a Asociación Española de Loita contra o Cáncer, nas condicións que nestas se establezan, garantindo, para cada unha das anteriores, unha achega económica non inferior á media dos ingresos percibidos, de forma individual, como resultado dos sorteos finalistas de Lotería Nacional en beneficio das respectivas institucións efectuados nos últimos catro exercicios.

Adicionalmente, poderá subscribir acordos con outras entidades para o fomento de actividades, entre outras, de carácter social, cultural e deportivo.

As achegas recollidas nos dous parágrafos anteriores non poderán superar no seu conxunto o 2 por cento do beneficio neto de Lotarías e Apostas do Estado no exercicio anterior.

Trixésimo cuarta. Comercialización dos xogos que xestiona Lotarías e Apostas do Estado.

Un. Con efectos do 1 de xaneiro de 2010 e vixencia indefinida, dispónse:

1. A entidade pública empresarial Lotarías e Apostas do Estado comercializa os seus produtos directamente ou mediante os puntos de venda e delegacións comerciais que conforman a súa rede comercial externa, os cales, a partir da entrada en vigor desta lei, con respecto aos principios de publicidade e concorrencia, estarán sometidos na súa selección, contratación, extinción e réxime xurídico, así como na súa vinculación coa mencionada entidade, ao dereito privado, de conformidade coa Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público e a instrución de contratación da entidade.

As modificacións recollidas no parágrafo anterior deberán asegurar o respecto aos dereitos adquiridos dos titulares de puntos de venda e delegacións.

2. Os actuais titulares dos puntos de venda e delegacións comerciais de Lotarías e Apostas do Estado que formen parte da rede comercial externa poderán optar, no prazo de dous anos, polo novo réxime previsto no punto 1 deste número ou por manter, respecto á súa vinculación coa entidade pública empresarial, a natureza e réxime xurídico actual ata o falecemento, xubilación, renuncia ou cesamento do titular.

3. Os xogos e apostas que xestiona a entidade pública empresarial Lotarías e Apostas do Estado comercializaranse, nas condicións que esta estableza con suxeición ás normas de dereito privado. Para o dito efecto, establecerá, segundo proceda, mediante resolución ou contrato, calquera aspecto de carácter material ou formal, técnico ou procedemental, relativo á organización, explotación, deseño, soporte, tecnoloxía e comercialización dos xogos.

Dous. Derrógase expresamente o número cinco do artigo 70 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

Trixésimo quinta. Incorporación de remanentes de tesouraría do organismo autónomo Instituto Nacional de Administración Pública.

Autorízase o organismo autónomo Instituto Nacional de Administración Pública, dependente do Ministerio da Presidencia, a incorporar ao remanente de tesouraría propio do organismo os importes non utilizados a final do exercicio 2009, ata un límite máximo de 832.000,00 euros, dos fondos destinados a execución dos plans de formación continua asignados ao INAP como promotor, e dos destinados ás actividades complementarias que teñan relación co programa de formación continua nas administracións públicas.

Trixésimo sexta. Aplicación das transferencias de fondos do Instituto para a Vivenda das Forzas Armadas.

Con vixencia exclusiva para o ano 2010, os ingresos que se produzan no Estado como consecuencia das transferencias de fondos que realice o Instituto para a Vivenda das Forzas Armadas, en aplicación do disposto no artigo 16.2 da Lei 26/1999, do 9 de xullo, de medidas de apoio á mobilidade xeográfica dos membros das Forzas Armadas, destinaranse a financiar gastos operativos e de investimento derivados do proceso de profesionalización e modernización das Forzas Armadas.

Trixésimo sétima. Xeración de crédito a favor da Xerencia de Infraestruturas e Equipamento da Seguridade do Estado (XIESE).

Os recursos obtidos como consecuencia do proceso de liquidación do Padroado de Vivendas da Garda Civil que, de conformidade co establecido no número 5 da disposición derradeira primeira do Real decreto 1885/1996 (modificado polo Real decreto 341/1997), se ingresen no Tesouro Público, poderán xerar crédito no orzamento do Ministerio do Interior con destino á Xerencia de Infraestruturas e Equipamento da Seguridade do Estado (XIESE), para financiar a construción e reforma de infraestruturas para as forzas e corpos de seguridade do Estado.

Trixésimo oitava. Asignación de cantidades a fins sociais.

Un. O Estado destinará a subvencionar actividades de interese social, na forma que regulamentariamente se estableza, o 0,7 por cento da cota íntegra do imposto sobre a renda das persoas físicas do exercicio 2010 correspondente aos contribuíntes que manifesten expresamente a súa vontade en tal sentido.

Para estes efectos, entenderase por cota íntegra do imposto a formada pola suma da cota íntegra estatal e da cota íntegra autonómica ou complementaria nos termos previstos na Lei reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas.

A liquidación definitiva da asignación correspondente ao exercicio de 2010 levarase a cabo antes do 30 de abril de 2012, efectuándose unha liquidación provisoria o 30 de novembro de 2011 que posibilite a iniciación anticipada do procedemento para a concesión das subvencións.

Dous. O resultado da aplicación deste sistema non poderá ser inferior a 135.517,09 miles de euros; cando non se alcance esta cifra, o Estado achegará a diferenza.

Trixésimo novena. Actividades prioritarias de mecenado.

Un. De acordo co establecido no artigo 22 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, durante o ano 2010 consideraranse actividades prioritarias de mecenado as seguintes:

1.^a As levadas a cabo polo Instituto Cervantes para a promoción e a difusión da lingua española e da cultura mediante redes telemáticas, novas tecnoloxías e outros medios audiovisuais.

2.^a A promoción e a difusión das linguas oficiais dos diferentes territorios do Estado español levadas a cabo polas correspondentes institucións das comunidades autónomas con lingua oficial propia.

3.^a A conservación, restauración ou rehabilitación dos bens do Patrimonio Histórico Español que se relacionan no anexo VIII desta lei, así como as actividades e bens que se inclúan, tras acordo previo entre o Ministerio de Cultura e o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, no programa de dixitalización, conservación, catalogación, difusión e explotación dos elementos do Patrimonio Histórico Español «patrimonio.es» a que se refire o artigo 75 da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

4.^a Os programas de formación do voluntariado que fosen obxecto de subvención por parte das administracións públicas.

5.^a Os proxectos e actuacións das administracións públicas dedicadas á promoción da sociedade da información e, en particular, aqueles que teñan por obxecto a prestación dos servizos públicos por medio dos servizos informáticos e telemáticos a través da Internet.

6.^a A investigación nas instalacións científicas que, para este efecto, se relacionan no anexo XIV desta lei.

7.^a A investigación nos ámbitos de microtecnoloxías e nanotecnoloxías, xenómica e proteómica e enerxías renovables referidas a biomasa e biocombustibles, realizadas polas entidades que, para estes efectos, sexan recoñecidas polo Ministerio de Economía e Facenda, por proposta do Ministerio de Ciencia e Innovación e oídas previamente as comunidades autónomas competentes en materia de investigación científica e tecnolóxica, no prazo de dous meses desde a entrada en vigor desta lei.

8.^a Os programas dirixidos á loita contra a violencia de xénero que fosen obxecto de subvención por parte das administracións públicas ou se realicen en colaboración con estas.

9.^a As levadas a cabo pola Fundación Spanish & Portuguese Bide Committee en actuacións de promoción da candidatura de España á organización dos campionatos do mundo de Fútbol de 2018.

Dous. As porcentaxes e os límites das deducións establecidas nos artigos 19, 20 e 21 da citada Lei 49/2002 elevaranse en cinco puntos porcentuais en relación coas actividades incluídas no número anterior.

Cuadraxésima. Fondo de apoio para a promoción e desenvolvemento de infraestruturas e servizos do sistema de autonomía e atención á dependencia.

Un. O Fondo de apoio para a promoción e desenvolvemento de infraestruturas e servizos do sistema de autonomía e atención á dependencia, creado na disposición adicional sexaxésima primeira da Lei 2/2008 de orzamentos xerais do Estado para 2009, e que ten por obxecto prestarlles apoio financeiro ás empresas que leven a cabo esa actividade, terá unha dotación para o exercicio 2010 de 17.000 miles de euros, achegados polo Ministerio de Sanidade e Política Social. A dita dotación será desembolsada e transferida á Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI) con cargo aos orzamentos xerais do Estado de 2010.

Dous. O procedemento e condicións aplicables á xestión do fondo, así como os criterios e procedementos de selección, concesión e control do financiamento que este

deberá outorgar serán os establecidos no convenio asinado para o exercicio 2009 entre os ministerios de Economía e Facenda e de Sanidade e Política Social e a Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI), salvo que as institucións asinantes consideren necesario efectuar algunha modificación para o seu mellor funcionamento.

Tres. O fondo poderá dedicar parte dos seus recursos á constitución de fondos que terían o mesmo fin pero limitarían o seu ámbito de actuación a unha comunidade autónoma, tras decisión previa por unanimidade da Comisión de Investimentos e Seguimento prevista no citado convenio. Estes novos fondos, constituídos a través dun convenio das partes, contarían cos recursos achegados polo Fondo do Ministerio de Sanidade e Política Social, a Comunidade Autónoma correspondente e as entidades económico-financieiras que puidesen estar interesadas.

Catro. No momento da liquidación do fondo, a SEPI ingresará no Tesouro Público a dotación percibida con cargo aos orzamentos xerais do Estado, menos o importe correspondente ás operacións de financiamento falidas, se as houberse, e os gastos derivados da xestión do fondo desde a súa creación e mais os rendementos financeiros que poidan xerar as cantidades achegadas a esta.

Cinco. Este fondo carece de personalidade xurídica. As responsabilidades do fondo limitaranse exclusivamente a aquelas que a entidade xestora contraese por conta deste. Igualmente, os posibles acredores do fondo non poderán facer efectivos os seus créditos contra o patrimonio da entidade xestora.

Cuadraxésimo primeira. *Reequilibrio económico-financieiro das concesións de autoestradas de peaxe.*

Un. Obxecto e ámbito de aplicación.

Con efectos do 1 de xaneiro de 2010, respecto das concesións administrativas que a continuación se relacionan e con vixencia idéntica á do prazo inicial ou prorrogado destas, como consecuencia do que a continuación se dispón, establécense as seguintes medidas para as sociedades concesionarias de autoestradas de peaxe competencia da Administración xeral do Estado:

Autoestrada de peaxe Alacant-Cartagena: Tramo, desde a autovía AP-7 (Alacant-Murcia) ata Cartagena. Adxudicada polo Real decreto 1808/1998, do 31 de xullo.

Tramos: M-40-Arganda del Rey, da autoestrada de peaxe R-3, de Madrid a Arganda del Rey; M-40-Navalcarnero, da autoestrada de peaxe R-5, de Madrid a Navalcarnero, e da M-50 entre a autoestrada A-6 e a estrada M-409. Adxudicada polo Real decreto 1515/1999, do 24 de setembro.

Tramos de autoestrada de peaxe: autoestrada AP-6, conexión con Segovia e autoestrada AP-6, conexión con Ávila e para a conservación e explotación da autoestrada de peaxe AP-6, tramo Villalba-Adanero. Adxudicada polo Real decreto 1724/1999, do 5 de novembro.

Autoestrada de peaxe R-2, de Madrid a Guadalajara, e da circunvalación a Madrid M-50, subtramo desde a estrada N-II ata a estrada N-I. Adxudicada polo Real decreto 1834/2000, do 3 de novembro.

Autoestrada de peaxe R-4, de Madrid a Ocaña, tramo M-50-Ocaña; a circunvalación a Madrid M-50, subtramo desde a estrada N-IV ata a estrada N-II; do eixe sueste, tramo M-40-M-50, e da prolongación da conexión da estrada N-II co distribuidor leste, e actuacións de mellora na M-50, tramo M-409-N-IV. Adxudicada polo Real decreto 3540/2000, do 29 de decembro.

Autoestrada de peaxe eixe aeroporto, desde a estrada M-110 ata a A-10; da autoestrada de peaxe eixe aeroporto, desde a A-10 ata a M-40; e construción da prolongación e melloras do acceso sur a Barajas; da ampliación a tres carrís da autovía A-10, entre a conexión co eixe aeroporto e o nó de Hortaleza, e da conexión aeroporto-variante N-II e vías de servizo sur de Barajas. Adxudicada polo Real decreto 1197/2002, do 8 de novembro.

Autoestrada de peaxe Cartagena-Vera. Adxudicada polo Real decreto 245/2004, do 6 de febreiro.

Autoestrada de peaxe Madrid-Toledo e autovía libre de peaxe A-40 de Castilla-La Mancha, tramo: circunvalación norte de Toledo. Adxudicada polo Real decreto 281/2004, do 13 de febreiro.

Autoestrada de peaxe circunvalación de Alacant, a variante libre de peaxe de El Campello e outras actuacións. Adxudicada polo Real decreto 282/2004, do 13 de febreiro.

Autoestrada de peaxe «Santiago de Compostela-Ourense, tramo: Santiago de Compostela-Alto de Santo Domingo». Adxudicada polo Real decreto 1702/1999, do 29 de outubro.

Dous. Préstamo participativo por sobrecostos de expropiacións.

a) Concesión e requisitos para acceder ao préstamo.

Dentro dos límites das dotacións asignadas cada ano no orzamento do Ministerio de Fomento, o Estado outorgaralles un préstamo participativo ás sociedades concesionarias nas que concorran os seguintes requisitos:

1.º Que o prezo xusto xa pagado ou legalmente consignado polas expropiacións dos terreos necesarios para a concesión alcanzase a cantidade prevista para o aboamento das expropiacións conforme a cláusula 8.r) do Decreto 215/1973, do 25 de xaneiro.

2.º Que o importe total das expropiacións quede determinado en máis do 50 por 100 mediante acordos do Xurado Provincial de Expropiación Forzosa ou sentenzas dos tribunais que considerasen para a fixación do prezo xusto o valor urbanístico dos terreos ou das súas expectativas urbanísticas, sen que esa circunstancia se previse no momento de formalizar o contrato de concesión.

3.º Que o importe total das expropiacións exceda o 175 por 100 das cantidades previstas pola concesionaria na súa oferta.

Entenderase por importe total das expropiacións a suma do prezo xusto de todos os predios expropiados para a concesión. O prezo xusto dos predios que, no momento da entrada en vigor desta lei, non estea fixado por acordo firme do xurado ou sentenza firme, estimarase con carácter provisorio por comparación co de predios análogos.

Para a determinación dese importe total das expropiacións, cada sociedade concesionaria deberá presentar unha relación completa e individualizada dos predios e dereitos expropiados, precisando o seu prezo xusto, xa sexa certo ou estimado. Esta relación deberá ser aprobada pola Delegación do Goberno nas Sociedades Concesionarias de Autoestradas Nacionais de Peaxe, logo das comprobacións e correccións que estime oportunas.

Se, unha vez fixado por acordo firme do xurado ou sentenza firme o prezo xusto de todos os predios expropiados, resulta que algunha concesionaria non reúne os requisitos establecidos neste número dous.a), quedará obrigada a devolver o préstamo no prazo dun ano e nas condicións que estableza a Delegación do Goberno nas Sociedades Concesionarias de Autoestradas Nacionais de Peaxe.

b) Condicións do préstamo.

O préstamo outorgarase, por solicitude da concesionaria, para o aboamento do prezo xusto fixado por acordos firmes do Xurado Provincial de Expropiación Forzosa ou sentenzas firmes e só pola suma do prezo xusto pagado ou pendente de pagamento que exceda o 175 por 100 das cantidades previstas pola concesionaria na súa oferta para o aboamento das expropiacións.

Poderá igualmente solicitarse o préstamo polos xuros aboados ou debidos por atraso no pagamento do prezo xusto, sempre que ese atraso non sexa imputable á concesionaria. Para tal fin, deberase achegar a correspondente resolución xudicial ou administrativa firme en que se determine o seu importe.

As solicitudes de préstamo presentaranse ante a Delegación do Goberno nas Sociedades Concesionarias de Autoestradas Nacionais de Peaxe nos 15 primeiros días naturais de cada trimestre, con referencia ás cantidades fixadas no trimestre inmediatamente anterior. Na primeira solicitude que se presente tras a entrada en vigor desta lei poderanse incluír todas as cantidades fixadas en calquera data anterior.

As solicitudes acompañaranse dos documentos que acrediten o dereito ao préstamo. Coa primeira solicitude achegárase ademais a listaxe de expropiacións regulada no número dous.a) anterior.

As solicitudes resolveranse antes de que expire o trimestre en que se presentaron. O vencemento deste prazo máximo sen que se teña notificado resolución expresa determinará que a correspondente solicitude se entenda desestimada por silencio administrativo, sen prexuízo da resolución que se deba ditar.

O préstamo farase efectivo nos 15 días naturais seguintes á expiración do prazo sinalado para resolver a correspondente solicitude.

As condicións do préstamo serán as seguintes:

1.^a O prazo será o que quede da vixencia, inicial ou prorrogada, da concesión ou 50 anos, se o primeiro é maior.

2.^a O Estado percibirá como remuneración do préstamo, anualmente, a maior das cantidades seguintes:

a) A cantidade resultante de aplicar, sobre o saldo do préstamo participativo vivo en 31 de decembro, un tipo de xuro fixo de 175 puntos básicos.

b) A cantidade resultante de lle aplicar a porcentaxe que supoña o saldo do préstamo participativo vivo en 31 de decembro respecto ao valor do investimento total, incluído o importe total das expropiacións definido no número dous.a), á diferenza obtida de detraer do 75 por 100 dos ingresos netos de peaxe, a contía anual de amortización lineal do investimento total, conforme a seguinte expresión:

$$R = C \times (0,75 \text{ INP} - A)$$

Sendo:

$$C = \frac{\text{PPV}}{\text{IT}} \quad A = \frac{\text{IT}}{\text{N}}$$

R = remuneración.

PPV = saldo do préstamo participativo vivo.

IT = investimento total en autoestrada incluídos o importe total das expropiacións e os adicionais por obra.

INP = ingresos netos de peaxe que figuran nas contas da sociedade concesionaria.

N = número de anos de concesión, inicial ou prorrogada, de ser o caso.

3.^a Establécese un período de carencia de tres anos, que alcanzará tanto a amortización do capital como o pagamento da remuneración do préstamo. Os xuros devengados neste período capitalizaranse xunto co principal do préstamo, considerándose como tal para todos os efectos.

4.^a O préstamo liquidarase, por anos naturais vencidos, conforme as seguintes regras:

1. Antes do 31 de xaneiro a Administración notificará a amortización que proceda e a liquidación provisoria dos xuros exixibles segundo o número dous.b).2.^a.a). Estes importes ingresaraos o concesionario no Tesouro como moi tarde o 15 de febreiro seguinte.

2. Nos primeiros 10 días naturais do mes de xullo, e verificada por un auditor de contas, o concesionario presentará ante a Administración a liquidación definitiva dos xuros,

por comparación das cantidades sinaladas no número dous.b).2.^a, alíneas a) e b). O saldo resultante deberá ser aprobado pola Administración antes do 31 de xullo e aboaro o obrigado ao pagamento no mes seguinte á dita aprobación.

3. O importe da amortización anual realizarase na forma que se determine na resolución que outorgue o préstamo, e será o correspondente aos ingresos adicionais a que se refire este número dous alínea c).

4. O pagamento dos xuros do préstamo participativo e a amortización do principal deste faranse por esta orde, cos ingresos anuais xerados como consecuencia das medidas de reequilibrio que se adopten. De ser o caso, os xuros devengados e non pagados capitalizaranse xunto co principal do préstamo, considerándose como tal para todos os efectos.

O Ministerio de Fomento poderá autorizar, por instancia do concesionario e logo de informe do Ministerio de Economía e Facenda, a amortización, total ou parcial, do préstamo de forma anticipada.

5.^a Sen prexuízo do anterior, o vencemento do préstamo producirase ao seu termo.

6.^a Cada préstamo que se faga efectivo figurará separadamente como préstamo de xuro variable no pasivo a longo prazo do balance social. Non computará o investimento en expropiacións asociado ao préstamo para os efectos da determinación das ratios de solvencia que figuran nos decretos de adjudicación.

7.^a A débeda co Estado terá o carácter de subordinada, salvo respecto de calquera crédito non privilexiado que corresponda aos accionistas.

c) Ampliación do prazo das concesións, elevación de tarifas e liquidación de ingresos adicionais.

Co fin de compensar os sobrecostos por expropiacións, o Ministerio de Fomento, logo do informe do Ministerio de Economía e Facenda, proporalle ao Goberno modificar as concesións a que se refire esta disposición, acordando, conxunta ou illadamente, unha elevación de tarifas ou unha ampliación do prazo de concesión, para os únicos efectos de xerar ingresos adicionais directa e exclusivamente destinados a amortizar o principal e os xuros a que se refire o número dous.b).2.^a.a) do préstamo participativo outorgado ao abeiro desta disposición.

A elevación das tarifas será graduada.

En caso de declaración de concurso de acredores da sociedade concesionaria, eses ingresos adicionais non formarán parte da masa do concurso e ingresaranse directamente no Tesouro para a amortización do préstamo.

Se con estes ingresos adicionais se amortizase totalmente o préstamo antes do seu vencemento, procederase á súa cancelación anticipada e ao reequilibrio económico-financieiro da concesión.

Tres. Obras adicionais.

Con carácter excepcional, poderanse compensar as obras adicionais xa executadas no momento da entrada en vigor desta lei e non previstas nos proxectos iniciais, e que se atopen integradas no dominio público estatal por ser de interese para a Administración concedente.

O Ministerio de Fomento, logo de informe do Ministerio de Economía e Facenda, poderalle propor ao Goberno, nos tres meses seguintes á entrada en vigor desta lei, a finalización convencional dos procedementos derivados das reclamacións xa presentadas polo dito concepto.

O acordo de finalización determinará as medidas necesarias para restablecer o equilibrio económico-financieiro da concesión, que consistirán preferentemente nun aumento de tarifas ou do prazo concesional.

Catro. Reclamacións e recursos.

O acollemento polas sociedades concesionarias a unha calquera das medidas reguladas nos anteriores números dous e tres implica a renuncia a emprender accións

contra o Estado, ou o compromiso de desistir das xa iniciadas, por razón do reequilibrio económico da concesión, baseadas tanto no sobrecusto das expropiacións como na execución de obras adicionais.

Outras fórmulas de financiamento

Cando se poña de manifesto que estas medidas non posibiliten o reequilibrio da concesión, poderase acordar, logo de informe do Ministerio de Economía e Facenda, a adopción doutras fórmulas de financiamento que permitan reequilibrar a concesión, salvaguardando os elementos fundamentais do contrato en canto a risco do concesionario.

Cuadraxésimo segunda. Reequilibrio económico-financeiro das concesións de obras públicas para a conservación e explotación das autovías de primeira xeración.

Con efectos do 1 de xaneiro de 2010, respecto dos contratos incluídos no Programa de Adecuación das Autovías de Primeira Xeración, adxudicados no momento de entrada en vigor desta lei, e con vixencia idéntica á duración dos ditos contratos, establécense as medidas seguintes en relación coas sociedades concesionarias:

Un. Obras adicionais non previstas nos anteproxectos de adecuación, reforma e conservación.

O órgano de contratación, de acordo coas normas aplicables ao contrato e cando o interese público o exixa, poderá acordar que as obras adicionais non previstas nos anteproxectos de adecuación, reforma e conservación sexan executadas polas sociedades concesionarias e se consideren comprendidas, para todos os efectos, no ámbito da respectiva concesión, sempre que non sexan susceptibles de explotación independente, caso en que serán obxecto de nova licitación conforme a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

Dous. Alternativas e melloras en relación coas obras de primeiro establecemento descritas nos anteproxectos de adecuación, reforma e conservación.

O órgano de contratación, de acordo coas normas aplicables ao contrato, poderá admitir alternativas ou melloras en relación coas obras de primeiro establecemento descritas nos anteproxectos de adecuación, reforma e conservación, sempre que esas alternativas ou melloras teñan unha funcionalidade análoga á establecida nos anteproxectos.

Tres. Préstamo participativo.

a) O Estado outorgará un préstamo participativo, dentro dos límites das dotacións asignadas cada ano no orzamento do Ministerio de Fomento, para financiar tanto as obras adicionais non recollidas nos anteproxectos como as alternativas ou melloras correspondentes ás obras de primeiro establecemento incluídas na área 1, cando representen un incremento económico respecto ao anteproxecto. O préstamo outorgarase só polo importe correspondente a ese incremento económico, de conformidade cos proxectos aprobados polo Ministerio de Fomento.

b) A partir da entrada en vigor desta lei, cada sociedade concesionaria poderá presentar en 2010 unha única solicitude de préstamo, no prazo dun mes desde a aprobación de todos os proxectos de reforma, a aprobación provisoria de todos os proxectos de trazado e, cando se aprobasen, polo menos, os proxectos de construción de obras de primeiro establecemento que, sumados aos proxectos de reforma, superen o 65 por cento do investimento das obras da área 1.

En todo caso, o importe total das solicitudes axustarase ao recollido na alínea a).

A solicitude será resolta polo Ministerio de Fomento no prazo dun mes desde a súa presentación. O vencemento deste prazo máximo sen que se teña notificado resolución expresa determinará que a dita solicitude se entenda desestimada por silencio administrativo, sen prexuízo da resolución que se deba ditar.

- c) As condicións do préstamo serán as seguintes:
- 1.^a O préstamo farase efectivo nos quince días naturais seguintes á data da resolución do seu outorgamento.
 - 2.^a O prazo será o que reste da vixencia da concesión.
 - 3.^a O reembolso do principal realizarase, mediante un único pagamento, seis meses antes da finalización do período concesional, salvo que o Ministerio de Fomento, logo de informe do Ministerio de Economía e Facenda, autorice a amortización anticipada.
 - 4.^a O Estado percibirá como remuneración do préstamo, con devengo en 31 de decembro de cada ano, desde a data do seu desembolso, a maior das cantidades seguintes:
 - a) A cantidade resultante de aplicar sobre o saldo do préstamo participativo un tipo de xuro fixo de 175 puntos básicos.
 - b) A cantidade resultante de aplicar a seguinte fórmula:

$$R = 0,5 \times T \times \frac{\text{CaR}}{\text{CaM}} \times \text{PP}$$

Sendo:

- R = remuneración anual.
T = TIR proxecto antes de impostos.
CaR = canon anual real.
CaM = canon anual máximo.
PP = saldo do préstamo participativo outorgado.

5.^a Establécese un período de carencia de tres anos para o pagamento da remuneración do préstamo. Os xuros devengados neste período capitalizaranse xunto co principal do préstamo, considerándose como tal para todos os efectos.

6.^a Cada préstamo recibido figurará separadamente como préstamo de xuro variable no pasivo a longo prazo do balance social.

7.^a A débeda co Estado terá o carácter de subordinada, salvo respecto de calquera crédito non privilexiado que lle corresponda aos accionistas.

Catro. Niveis de tráfico.

Durante un período de cinco anos desde a entrada en vigor desta lei, unifícanse nun só nivel máximo os niveis máximos ofertados polas concesionarias para o tráfico lixeiro e pesado, a razón de 1,4 vehículos lixeiros por vehículo pesado.

Os excesos ou defectos que se produzan anualmente en relación co nivel máximo unificado poderán ser compensados entre si, sen que superen nunca o nivel máximo unificado acumulado ata ese momento. Para estes efectos, comparárase o número real de vehículos, en 31 de decembro, co previsto no nivel máximo unificado.

O aboamento das cantidades correspondentes á compensación calculada no parágrafo anterior realizarase en xaneiro do ano seguinte, xunto co canon correspondente a ese mes, de acordo cos termos iniciais da concesión.

Cinco. Tarifa.

Para o aboamento das obras a que se refiren os números un e dous, procederase ao reequilibrio económico-financieiro da concesión.

O recoñecemento do investimento efectuado en obras da área 1 postas en servizo realizarase de forma trimestral.

A actualización da tarifa realizarase anualmente, co índice de prezos de consumo publicado polo Instituto Nacional de Estatística, unha vez executado o 20 por cento das citadas obras.

Seis. Recursos propios da sociedade concesionaria.

O capital social da sociedade concesionaria deberá quedar integramente desembolsado no prazo máximo de tres anos desde a súa constitución.

Cuadraxésimo terceira. *Plan de Acción 2008-2012 da Estratexia de aforro e eficiencia enerxética en España 2004-2012.*

Un. Para o ano 2010, as cantidades previstas no Plan de Acción 2008-2012 da Estratexia de aforro e eficiencia enerxética en España 2004-2012, aprobado polo Acordo do Consello de Ministros do día 8 de xullo de 2005, que teñen a consideración de reinvestimentos sectoriais, serán financiadas con cargo ás tarifas de acceso de gas natural e electricidade.

Dous. O ministro de Industria, Turismo e Comercio establecerá as contías máximas e a súa distribución con carácter obxectivo de acordo co citado plan, así como o procedemento de liquidación, tras comprobación previa da consecución dos obxectivos previstos.

Cuadraxésimo cuarta. *Financiamento á Igrexa Católica.*

Durante o ano 2010 o Estado entregarálle, mensualmente, á Igrexa Católica 13.266.216,12 euros, á conta da cantidade que lle deba asignar á Igrexa por aplicación do disposto nos números un e dous da disposición adicional décimo oitava da Lei 42/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2007.

Antes do 30 de novembro de 2011, efectuarase unha liquidación provisoria da asignación correspondente a 2010, practicándose a liquidación definitiva antes do 30 de abril de 2012. En ambas as liquidacións, unha vez efectuadas, as dúas partes procederán a regularizar, nun sentido ou noutro, o saldo existente.

Cuadraxésimo quinta. *Dedución por vivenda habitual en 2010.*

Durante o período impositivo 2010, os contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas poderán practicar a dedución por investimento en vivenda habitual nos termos establecidos na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio.

Cuadraxésimo sexta. *Operacións de crédito a longo prazo das entidades locais.*

Con carácter excepcional e exclusivamente para o ano 2010, e ata que se aprobe a reforma da Lei reguladora das facendas locais, elévase do 110 ao 125 por cento a porcentaxe establecida no artigo 53.2 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, para efectos de determinar os supostos en que, polo seu nivel de endebedamento, as entidades locais lles deberán solicitar autorización para concertar operacións de crédito a longo prazo aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda ou da comunidade autónoma respectiva en caso de que teña atribuída no seu estatuto de autonomía competencia nesta materia.

Cuadraxésimo sétima. *Cumprimento de determinadas disposicións adicionais dos estatutos de autonomía de Andalucía e Aragón.*

Un. Unha vez fixada pola Comisión Mixta de Asuntos Económicos e Fiscais Estado-Comunidade Autónoma de Andalucía a contía definitiva das asignacións complementarias a que se refire a disposición adicional segunda da Lei 2/2007, do 19 de marzo, de reforma do Estatuto de Autonomía de Andalucía, a cancelación dos compromisos pendentes da Administración xeral do Estado derivados do dito acordo poderase realizar mediante a transmisión da propiedade dos bens e dereitos de titularidade estatal que se acorde entre ambas as administracións na citada comisión mixta.

Dous. Efectuarase un seguimento da execución orzamentaria dos investimentos do Estado en Andalucía, a través da comisión prevista na disposición adicional terceira do

seu estatuto de autonomía, de forma que se determine o volume real de investimento executado en Andalucía durante o período dos 7 anos previstos nesta.

Tres. Así mesmo, efectuarase un seguimento da execución orzamentaria dos investimentos en infraestruturas do Estado en Aragón, en cumprimento da disposición adicional sexta do seu estatuto de autonomía, de forma que se determine o volume real de investimentos en infraestruturas executadas en Aragón.

Cuadraxésimo oitava. *Seguimento de obxectivos.*

Os programas e actuacións aos cales lles será de especial aplicación durante o ano 2010 o sistema previsto na disposición adicional décimo sexta da Lei 37/1988, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1989, serán, calquera que sexa o axente do sector público estatal que os execute ou xestione, os seguintes:

- Seguridade viaria.
- Acción do Estado no exterior.
- Promoción, administración e axudas para rehabilitación e acceso a vivenda.
- Xestión de recursos hídricos para o regadío.
- Creación de infraestruturas de estradas.
- Infraestruturas do transporte ferroviario.
- Protección e mellora do medio natural.
- Actuación na costa.
- Investigación científica.
- Investigación enerxética, ambiental e tecnolóxica.

Tamén será de aplicación o sistema de seguimento especial, previsto nesta disposición, aos obxectivos establecidos nos plans de actuacións dos entes públicos Portos do Estado, Autoridades Portuarias e Aeroportos Españois e Navegación Aérea.

Cuadraxésimo novena. *Complexo Policial de Zapadores en Valencia.*

Durante o ano 2010 realizaranse as actuacións necesarias para a remodelación xeral do Complexo Policial de Zapadores para a Xefatura Superior de Policía de Valencia, habilitándose para tal efecto os créditos orzamentarios necesarios ata un importe de 4.000 miles de €.

Quincuaxésima. *Pensión excepcional do réxime de clases pasivas do Estado.*

Un. En atención ás circunstancias especiais que concorren no falecemento de don Juan Andrés Suárez García, que faleceu en acto de servizo como consecuencia de atentado terrorista, recoñéceselle pensión excepcional á súa beneficiaria dona María Consuelo Muiño Cobas (DNI: 52430694-D), na contía anual de 59.236,52 euros e con data de efectos do 1 de decembro de 2008.

Dous. A pensión mencionada no número anterior percibirase en doce mensualidades ordinarias e dúas extraordinarias, que se devengarán o primeiro día dos meses de xuño e decembro.

Tres. Esta pensión rexerese, respecto da súa revalorización, concorrencia, incompatibilidades e limitacións, polas normas xerais que regulan as pensións do réxime de clases pasivas do Estado.

Catro. A percepción desta pensión será incompatible coa das pensións ordinarias ou extraordinarias que poida recoñecer calquera réxime público de protección social básica, sempre que deriven dos mesmos feitos e suxeito causante.

Cinco. A pensión regulada nesta disposición non será transmisible e extinguirase nos supostos de perda de aptitude legal do beneficiario previstos na lexislación de clases pasivas do Estado.

Seis. A Dirección Xeral de Persoal do Ministerio de Defensa procederá de oficio ao recoñecemento da pensión establecida nesta disposición adicional.

Quincuaxésimo primeira. *Refundición dos organismos autónomos Instituto para a Vivenda das Forzas Armadas e Xerencia de Infraestrutura e Equipamento da Defensa.*

Un. Apróbase a refundición dos organismos autónomos Instituto para a Vivenda das Forzas Armadas e Xerencia de Infraestrutura e Equipamento da Defensa, que se fará efectiva, por iniciativa do Ministerio de Defensa, no prazo de seis meses a partir da publicación desta lei.

Dous. O organismo autónomo resultante da fusión pasará a se denominar Instituto de Vivenda, Infraestrutura e Equipamento da Defensa, terá personalidade xurídica pública diferenciada, patrimonio e tesouraría propios, así como autonomía de xestión e plena capacidade de obrar, dentro da súa esfera de competencia, para o exercicio das potestades administrativas precisas para o cumprimento dos fins que a Lei 26/1999, do 9 de xullo, de medidas de apoio á mobilidade xeográfica dos membros das Forzas Armadas e as súas normas de desenvolvemento; o artigo 71 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social; o Real decreto 1687/2000, do 6 de outubro, polo que se aproba o Estatuto da Xerencia de Infraestrutura e Equipamento da Defensa, e demais normativas de desenvolvemento lle atribúen na actualidade ao Instituto para a Vivenda das Forzas Armadas e á Xerencia de Infraestrutura e Equipamento da Defensa, e asumirá as funcións, os dereitos e as obrigas que na actualidade desenvolven os citados organismos autónomos e as demais que se establecen nesta disposición adicional.

Tres. No prazo de seis meses a partir da publicación desta lei, o organismo asumirá a xestión, explotación, utilización e mesmo o alleamento, tanto no ámbito interno como no estranxeiro, dos bens mobles pertencentes ao patrimonio de Defensa que se poñan á súa disposición para o cumprimento dos seus fins.

O alleamento dos citados bens será acordado por resolución do seu director xeral xerente cos requisitos e procedementos que estableza a lexislación especial do organismo e supletoriamente pola Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas e as súas normas de desenvolvemento.

Catro. O Ministerio de Defensa poderalle encomendar ao organismo a utilización e explotación económica e comercial dos bens afectados ao dominio público cuxas características, situación e réxime de utilización fagan posible este tipo de utilización adicional.

Cinco. Os ingresos procedentes da actividade deste organismo poderán ser aplicados por este aos fins de profesionalización e modernización da Defensa e do persoal ao servizo dela e a programas específicos de investigación, desenvolvemento e innovación neste mesmo ámbito.

Seis. Durante o prazo de tres anos a partir da entrada en vigor desta lei, e sen prexuízo do exposto no número un deste artigo, o organismo autónomo Instituto de Vivenda, Infraestrutura e Equipamento da Defensa poderá allear as vivendas militares e os demais bens inmobles que estivesen inscritos nos diferentes rexistros da propiedade a favor do Instituto para a Vivenda das Forzas Armadas ou dos extintos padroados de casas militares do Exército de Terra, de casas da Armada e de casas do Exército do Aire, e da Xerencia de Infraestrutura e Equipamento da Defensa, sen necesidade de actualizar as titularidades rexistradas dos ditos bens ou dos que se puxesen á súa disposición, así como, de ser o caso, dos bens mobles de que sexa titular.

Sete. No prazo de seis meses a partir da publicación desta lei, procederase a adaptar a súa estrutura e a normativa reitora da súa actividade para a plena asunción e execución das súas competencias.

Oito. No citado prazo procederase a modificar o Real decreto 1126/2008, do 4 de xullo, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Defensa para acoller a nova organización.

Quincuaxésimo segunda. *Beneficios fiscais aplicables ao «Misteri de Elx».*

Un. A celebración do Misteri de Elx en 2010 terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio a este acontecemento alcanzará desde o 1 de xaneiro de 2010 ata o 31 de decembro de 2010.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos e investimentos realizados aos obxectivos e plans do programa será competencia dun consorcio que se creará conforme o disposto no artigo 27.2.b) da citada Lei 49/2002, do 23 de decembro.

Catro. As actuacións que se realicen serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e concreción en plans e programas de actividades específicas será efectuado polo consorcio a que se fixo referencia no número tres deste artigo.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002, do 23 de decembro.

Quincuaxésimo terceira. *Beneficios fiscais aplicables á celebración do «Ano Xubilar Guadalupense».*

Un. A celebración dos actos do «Ano Xubilar Guadalupense 2010» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio a este acontecemento alcanzará desde o 1 de xaneiro de 2010 ata o 31 de decembro de 2010.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa será competencia dun consorcio que se creará conforme o disposto no artigo 27.2.b) da citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realicen serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e concreción en plans e programas de actividades específicas será efectuado polo consorcio a que se fixo referencia no número tres.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002.

Quincuaxésimo cuarta. *Beneficios fiscais aplicables ás Xornadas Mundiais da Xuventude 2011.*

Un. A celebración das Xornadas Mundiais da Xuventude 2011 terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio a este acontecemento abarcará desde o 1 de xaneiro de 2010 ata o 31 de agosto de 2011.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans de programa será competencia do Comité de Apoio ás Xornadas Mundiais da Xuventude 2011.

Catro. As actuacións que se realicen serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e concreción en plans e programas de actividades específicas será efectuado polo consorcio a que se fixo referencia no número tres.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002.

Quincuaxésimo quinta. *Restitución ou compensación aos partidos políticos de bens e dereitos incautados en aplicación da normativa sobre responsabilidades políticas.*

O recoñecemento dos dereitos previstos na Lei 50/2007, do 26 de decembro, de modificación da Lei 43/1998, do 15 de decembro, de restitución ou compensación aos partidos políticos de bens e dereitos incautados en aplicación da normativa sobre responsabilidades políticas do período 1936-1939, así como a tramitación e resolución dos procedementos iniciados ao abeiro da dita lei, quedarán suspendidos ata que se verifiquen as condicións que permitan atender as prestacións que a lei recoñece, sen menoscabo do financiamento doutras actuacións públicas prioritarias.

O Goberno, en todo caso, antes do 31 de decembro de 2010, aprobará o regulamento de desenvolvemento da lei, o cal fixará un novo prazo para a presentación das solicitudes de restitución ou compensación.

Quincuaxésimo sexta. *Modificación do número 2 da disposición adicional décimo sexta da Lei 42/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2007, pola que se declara a «Barcelona World Race» como acontecemento de excepcional interese público.*

Introdúcense as seguintes modificacións no número 2 da disposición adicional décimo sexta da Lei 42/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2007, pola que se declara a «Barcelona World Race» como acontecemento de excepcional interese público, que quedará redactado da seguinte maneira:

«Dous. A duración do programa de apoio a este acontecemento alcanzará desde o 1 de xullo de 2007 ata o 30 de maio de 2011.»

Quincuaxésimo sétima. *Indemnización ás persoas afectadas pola talidomida en España durante o período 1960-1965.*

Un. Concederáselles unha indemnización por unha soa vez ás persoas que durante o período 1960-1965 sufriron malformacións corporais durante o proceso de xestación como consecuencia da inxestión de talidomida pola nai xestante. Estas indemnizacións serán compatibles con calquera pensión pública a que o beneficiario tivese dereito.

Dous. As contías serán as seguintes:

Aos afectados cun grao de discapacidade do 33% ao 44%, 30.000 euros.

Aos afectados cun grao de discapacidade do 45% ao 64%, 60.000 euros.

Aos afectados cun grao de discapacidade do 65% ao 74%, 80.000 euros.

Aos afectados cun grao de discapacidade do 75% ou superior, 100.000 euros.

Tres. Autorízase o Goberno para que dite as disposicións necesarias para o desenvolvemento do previsto nesta disposición adicional.

Quincuaxésimo oitava. *Adeguar as datas para os beneficios fiscais aplicables á Fundación Nao Victoria na que se desenvolve o programa «Guadalquivir río de Historia» en 2010, 2011 e 2012.*

Un. A celebración de «Guadalquivir río de Historia» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio a este acontecemento alcanzará desde o 1 de xaneiro de 2008 ata o 31 de decembro de 2012.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos e investimentos realizados aos obxectivos e plans do programa será competencia dun consorcio que se creará conforme o disposto no artigo 27.2.b) da citada Lei 49/2002, do 23 de decembro.

Catro. As actuacións que se realicen serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e concreción en plans e

programas de actividades específicas será efectuado polo consorcio a que se fixo referencia no número tres deste artigo.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002, do 23 de decembro.

Quincuaxésimo novena. *Beneficios fiscais aplicables á Conmemoración do Milenio da Fundación do Reino de Granada.*

Un. A celebración da «Conmemoración do Milenio da Fundación do Reino de Granada» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio a este acontecemento será desde o 1 de xullo de 2010 ao 1 de xullo de 2013.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos e investimentos realizados aos obxectivos e plans do programa será competencia dun consorcio creado conforme o disposto no artigo 27.2b) da citada Lei 49/2002, do 23 de decembro.

Catro. As actuacións que se realicen serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e concreción en plans e programas de actividades específicas será efectuado polo consorcio a que se fixo referencia no número tres.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002, do 23 de decembro.

Sexaxésima. *Modificación da Lei 52/2007, do 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas a favor dos que padeceron persecución ou violencia durante a Guerra Civil e a Ditadura.*

Un. O artigo 10.2, segundo parágrafo, da Lei 52/2007, do 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas a favor dos que padeceron persecución ou violencia durante a Guerra Civil e a Ditadura, queda redactado nos seguintes termos:

«Subsidiariamente, de non existiren os anteriores, serán beneficiarios, por orde sucesiva e excluín-te, os pais, os netos, os irmáns da persoa falecida e os fillos da persoa convivente.»

Dous. A Comisión de Avaliación a que se refire o artigo 10.5 da Lei 52/2007, do 26 de decembro, revisará de oficio os expedientes incoados conforme o disposto no artigo 10 da indicada lei sobre os que recaesen resolucións denegatorias baseadas na non concorrencia do requisito de dependencia económica dos solicitantes respecto dos falecidos, co fin de dar cumprimento ao disposto nesta lei.

Tres. Os beneficiarios das indemnizacións incluídos no ámbito de aplicación do artigo 10.2, segundo parágrafo, da Lei 52/2007, do 26 de decembro, nos termos establecidos no punto un desta disposición adicional, disporán dun novo prazo de 1 ano desde a entrada en vigor desta lei para a presentación das solicitudes pertinentes.

Sexaxésimo primeira. *Medidas para o fomento do transporte aéreo en Canarias.*

Un. Durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 25 de marzo de 2010, e respecto ao tráfico de pasaxeiros operado no conxunto dos aeroportos das Illas Canarias, manterase a subvención extraordinaria para o fomento do transporte aéreo aos suxeitos pasivos da tarifa B.1 no importe que se prevé no número segundo da disposición adicional primeira da Lei 5/2009, do 29 de xuño, por cada pasaxeiro adicional que transportasen respecto a idéntico período do ano 2009.

A subvención deberase solicitar dentro do mes de abril de 2010, e será satisfeita por AENA compensando o seu importe con calquera cantidade que lle deban os beneficiarios

e, de non ser posible en todo ou en parte, mediante o seu aboamento en diñeiro antes do 25 de agosto de 2010.

Dous. Así mesmo, desde o 25 de outubro de 2009 ao 25 de marzo de 2010, os suxeitos pasivos da taxa de aterraxe e da tarifa B.1, regulada no artigo 4 da Lei 25/1998, do 13 de xullo, terán dereito a unha subvención do 50% do importe xerado por tales taxas polos voos realizados nos aeroportos das Illas Canarias –con excepción dos voos interinsulares– os días da semana que se reflicten no seguinte cadro, sempre e cando o beneficiario da subvención manteña o número de operacións xa programadas para os restantes días da semana, na data límite establecida pola industria para a devolución de slots da tempada de inverno 2009-2010 (31 de agosto de 2009):

Aeroporto	Día da semana
Gran Canaria	Martes
Tenerife Sur	Xoves
Lanzarote	Mércores
Fuerteventura	Xoves Venres
Tenerife Norte	Sábado
La Palma	Todos os días

O desfrute desta subvención excluírá a aplicación da bonificación establecida para as citadas taxas no artigo 103 da Lei 66/1997, do 30 de decembro, durante o período que abarca a aplicación desta medida extraordinaria.

A subvención deberase solicitar durante o mes de abril de 2010 e será satisfeita por AENA compensando o seu importe con calquera cantidade que lle deban os beneficiarios e, se iso non é posible en todo ou en parte, mediante o seu aboamento en diñeiro antes do 25 de agosto de 2010.

Non procederá aplicar a subvención regulada neste número polo número de pasaxeiros adicionais que fosen obxecto da subvención extraordinaria á tarifa B.1, prevista no número primeiro deste artigo e na disposición adicional primeira da Lei 5/2009, do 29 de xuño.

Tres. Así mesmo, con efectos durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 25 de marzo de 2010, mantense a bonificación do 30 por 100 das taxas de aterraxe de aeronaves e taxas aplicables aos pasaxeiros nos termos establecidos no número primeiro da disposición adicional primeira da Lei 5/2009, do 29 de xuño.

Sexaxésimo segunda. *Modificación da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar.*

Con efectos do 1 de xaneiro de 2010 e vixencia indefinida, modifícanse as disposicións da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, que se sinalan a continuación:

Un. Engádeselle ao parágrafo segundo do número 1 do artigo 57 o seguinte: «Para tal efecto, o Ministerio de Defensa adoptará as medidas para facilitar o acceso dos suboficiais e os militares profesionais de tropa e mariñeiría ás titulacións requiridas para o dito ingreso, potenciando a promoción interna.»

Dous. Modifícase o número 5, segundo parágrafo, da disposición transitoria quinta, que queda redactado nos seguintes termos:

«O militar de complemento cun compromiso de longa duración que, con 45 anos de idade, non cumprise os 18 de servizos e teña posibilidade de os acadar antes de cumprir os 50 anos de idade poderá ampliar o seu compromiso ata que adquira o tempo de servizos mencionados. Se adquiriu a condición de militar de complemento con máis de 31 anos de idade, poderá prorrogar o seu compromiso ata alcanzar o tempo de servizo mencionado se ten posibilidade de o facer antes de cumprir os 52 anos de idade.»

Tres. Dáselle nova redacción á disposición transitoria sexta. Ascensos en reserva, que queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición transitoria sexta. Ascensos en reserva.

Os tenentes coroneis, os comandantes e os capitáns que pasen á situación de reserva a partir da entrada en vigor desta lei, pertencen a unha escala en que exista o emprego de coronel, non teñan limitación legal para ascender e cumpran dez anos no seu emprego computando o tempo en reserva poderán obter, se reúnen esas condicións antes do 30 de xuño do ano 2019 e o solicitan, o emprego de coronel, tenente coronel ou comandante, respectivamente. Concederáselles con efectos do 1 de xullo seguinte á data en que reúnan as condicións.»

Catro. Modifícase o número 1 da disposición transitoria sétima. Ascenso de suboficiais ao emprego de tenente, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. Todos os suboficiais que obtivesen o emprego de sarxento a partir do 1 de xaneiro de 1977 e con anterioridade ao 20 de maio de 1999, data de entrada en vigor da Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das Forzas Armadas, e que non teñan limitación legal para acadar o emprego de subtenente, poderán obter, tras solicitude previa, o emprego de tenente das escalas de oficiais da Lei 17/1999, do 18 de maio, que se lles concederá cando estean na situación de reserva e con 56 anos cumpridos ata o 31 de xullo de 2013 e con 58 anos cumpridos desde o 1 de agosto de 2013, con antigüidade, tempo de servizos e efectos económicos desde a data de ascenso.»

Sexaxésimo terceira. *Beneficios fiscais aplicables ao acontecemento Solar Decathlon Europe 2010 e 2012.*

Un. A celebración de Solar Decathlon Europe en España, con sede en Madrid nos anos 2010 e 2012, terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio a este acontecemento alcanzará desde o 1 de xaneiro de 2010 ata o 31 de decembro de 2012.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa será competencia dun consorcio que se creará conforme o disposto no artigo 27.2.b) da citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realicen serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e concreción en plans e programas de actividades específicas será efectuado polo consorcio a que se fixo referencia no número tres.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002, do 23 de decembro.

Sexaxésimo cuarta. *Beneficios fiscais aplicables ao evento de saída da volta ao mundo a vela «Alacant 2011».*

Un. O evento da saída desde a cidade de Alacant da volta ao mundo a vela «Alacant 2011» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración deste programa de apoio será desde o 1 de xaneiro de 2010 ata o 31 de decembro de 2012.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa será competencia dun consorcio que se creará conforme o disposto no artigo 27.2.b) da citada Lei 49/2002, do 23 de decembro.

Catro. As actuacións que se realicen serán as que aseguren unha adecuada preparación e desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e concreción en plans e programas de actividades específicas será efectuado polo consorcio a que se fixo referencia no número tres desta disposición adicional.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002.

Non obstante, as cantidades satisfeitas, en concepto de patrocinio polos sponsors ou patrocinadores á entidade organizadora de «Alacant 2011» ou aos equipos participantes, que teñan a consideración de comunicación e publicidade de proxección plurianual, teranse en conta para efectos do cálculo do límite previsto no segundo parágrafo do número primeiro do artigo 27.3 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Sexaxésimo quinta. *Convenio para o Protocolo Xeral para a Construción e Financiamento do Tren de Alta Velocidade en Navarra.*

A Administración xeral do Estado, a través do Ministerio de Economía e Facenda e do Ministerio de Fomento, e a Comunidade Foral de Navarra deberán subscribir, con anterioridade ao 31 de marzo de 2010, o convenio que desenvolva o Protocolo Xeral para a Construción e Financiamento do Tren de Alta Velocidade en Navarra asinado o 16 de maio de 2009. No dito convenio, e segundo o previsto no protocolo xeral, as dúas administracións establecerán os prazos de construción da dita liña de alta velocidade, e os procedementos definitivos e compromisos de financiamento da parte de obra que construírá Navarra.

Sexaxésimo sexta. *Taxas no heliporto de Ceuta.*

Un. Modifícanse o título e o primeiro parágrafo do artigo 103 da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, que quedan redactados da seguinte maneira:

«Artigo 103. Taxas aeroportuarias nos aeroportos das Illas Canarias, Balears e Melilla e no heliporto de Ceuta, e obrigas de servizo público no tráfico aéreo interinsular.

A tarifa de aterraxe de aeronaves nos aeroportos das Illas Canarias, Balears e Melilla e no heliporto de Ceuta e as taxas aplicables aos pasaxeiros nos ditos aeroportos e heliporto reduciranse nun 15 por 100 respecto das contías establecidas con carácter xeral nos supostos de servizos regulares co territorio peninsular. Ambas as tarifas reduciranse nun 70 por 100 cando se trate de servizos regulares interinsulares.»

O resto do artigo mantén a mesma redacción.

Dous. A bonificación das citadas taxas no heliporto de Ceuta producirase cos mesmos efectos retroactivos que se prevén na disposición adicional primeira da Lei 5/2009, do 29 de xuño.

Sexaxésimo sétima. *Beneficios fiscais aplicables á competición tecnolóxica internacional «Google Lunar X Prize».*

Un. A celebración da competición tecnolóxica internacional Google Lunar X Prize terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio a este acontecemento abarcará desde o 1 de xaneiro de 2010 ata o 31 de decembro de 2012.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa será competencia dun consorcio que se creará conforme o disposto no artigo 27.2.b da citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realicen serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento, de acordo coas condicións da dita competición internacional.

O desenvolvemento e concreción en plans e programas de actividades específicas será efectuado polo consorcio a que se fixo referencia no número tres.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002.

Sexaxésimo oitava. *Consideración de familia numerosa ás familias monoparentais con dous fillos a cargo.*

O Goberno, no prazo dun mes desde a entrada en vigor desta lei, dará cumprimento á disposición adicional septuaxésima da Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2008 e á disposición adicional sexaxésimo cuarta da Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2009, levando a cabo as oportunas modificacións legais para que as familias monoparentais con dous fillos a cargo, así como as familias cun cónxuxe discapacitado e dous fillos a cargo, teñan a consideración de familia numerosa.

Sexaxésimo novena.

Engádeselle o seguinte parágrafo ao número 4 do artigo 29 da Lei do catastro inmobiliario, texto refundido aprobado polo Real decreto legislativo 1/2004, do 5 de marzo:

«Os concellos, como destinatarios do imposto de bens inmobles e suxeitos activos deste, serán notificados polo catastro da presentación de reclamacións que interpoñan os suxeitos pasivos contra a notificación de valores.»

Septuaxésima. *Compensación ao transporte marítimo de mercadorías e produtos industrializados orixinarios das Illas Canarias ou transformados nestas.*

As subvencións concedidas en aplicación do réxime vixente ata o 31 de decembro de 2006, para a compensación dos custos do transporte marítimo de mercadorías e de produtos industriais orixinarios das Illas Canarias ou transformados nestas, non incluídas no anexo 1 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea, poderán cubrir ata o 50% do custo do fretamento e das tarifas portuarias correspondentes, sempre que se xustifiquese, de forma que faga fe, o gasto realizado nos prazos e condicións previstos no dito réxime.

En ningún caso se poderán percibir, como consecuencia desta disposición, importes superiores aos xa obtidos.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

Primeira. *Plans de pensións de emprego ou seguros colectivos.*

Os plans de pensións de emprego ou seguros colectivos en que as administracións, entidades ou sociedades a que se refire o artigo 22. Un desta lei actúen como promotores, que estivesen en vigor e autorizados con anterioridade ao 1 de outubro de 2003, e cuxas achegas por conta dos citados promotores superasen a porcentaxe do 0,3 por cento da masa salarial prevista no artigo 22. Tres desta lei poderán manter a contía e estrutura da dita achega, sendo o exceso absorbido do incremento previsto no número dous do artigo 22 desta lei.

Aos ditos plans poderanse incorporar novos promotores, de acordo co disposto no parágrafo anterior e no artigo 22. Tres desta lei.

Segunda. *Indemnización por residencia do persoal ao servizo do sector público estatal.*

Durante o ano 2010, a indemnización por residencia do persoal en activo do sector público estatal continuarase devengando nas áreas do territorio nacional que a teñen recoñecida, cun incremento do 0,3 por cento sobre as contías vixentes en 31 de decembro de 2009.

Malia o disposto no parágrafo anterior, os que viñesen percibindo a indemnización por residencia en contías superiores ás establecidas para o persoal do sector público estatal continuarana devengando sen ningún incremento no ano 2010 ou co que proceda para acadar estas últimas.

Terceira. Complementos persoais e transitorios.

Un. Os complementos persoais e transitorios recoñecidos en cumprimento do disposto no artigo 13 da Lei 50/1984, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1985, ao persoal incluído no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, serán absorbidos por calquera mellora retributiva que se produza no ano 2010, incluídas as derivadas do cambio de posto de traballo.

Mesmo no caso de que o cambio de posto de traballo determine unha diminución de retribucións, manterase o complemento persoal transitorio fixado ao se producir a aplicación do novo sistema, a cuxa absorción se imputará calquera mellora retributiva ulterior, incluso as que poidan derivar do cambio de posto de traballo.

Para efectos da absorción prevista nos parágrafos anteriores, o incremento de retribucións de carácter xeral que se establece nesta lei só se computará no 50 por 100 do seu importe, entendendo que teñen este carácter o soldo, referido a catorce mensualidades, o complemento de destino e o específico. En ningún caso se considerarán os trienios, o complemento de produtividade, nin as gratificacións por servizos extraordinarios.

Dous. Os complementos persoais e transitorios recoñecidos ao persoal das Forzas Armadas e dos corpos da Garda Civil e Nacional de Policía, así como ao persoal funcionario da Administración da Seguridade Social e ao estatutario do Instituto Nacional de Xestión Sanitaria, e restante persoal con dereito a percibir os ditos complementos, rexeranse polas mesmas normas establecidas no punto un anterior para os funcionarios incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto.

Tres. Os complementos persoais e transitorios recoñecidos ao persoal destinado no estranxeiro absorberanse aplicando as mesmas normas establecidas para o que preste servizos en territorio nacional, sen prexuízo da súa supresión cando o funcionario afectado cambie de país de destino.

Cuarta. Prazo de publicación da orde de desenvolvemento do método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e do réxime especial simplificado do imposto sobre o valor engadido para o ano 2010.

A orde ministerial pola que se desenvolven para o ano 2010 o método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e o réxime especial simplificado do imposto sobre o valor engadido terá en conta os novos tipos impositivos establecidos por esta lei para o imposto sobre o valor engadido e deberase publicar no «Boletín Oficial del Estado» no prazo dun mes desde a entrada en vigor desta lei.

Así mesmo, a citada orde ministerial, para os efectos de desenvolver os módulos de estimación obxectiva para o ano 2010, terá en consideración a situación económica do sector gandeiro.

Quinta. Compensación fiscal por dedución en adquisición de vivenda habitual en 2009.

Un. Terán dereito á dedución regulada nesta disposición os contribuíntes que adquirisen a súa vivenda habitual con anterioridade ao 20 de xaneiro de 2006 utilizando financiamento alleo e poidan aplicar en 2009 a dedución por investimento en vivenda habitual prevista no artigo 68.1 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio, ao constituír a súa residencia habitual.

Dous. A contía desta dedución será a suma das deducións correspondentes á parte estatal e ao tramo autonómico da dedución por investimento en vivenda habitual, calculadas conforme o disposto nos números seguintes.

Tres. A dedución correspondente á parte estatal da dedución por investimento en vivenda habitual será a diferenza positiva entre o importe do incentivo teórico que lle tería

correspondido ao contribuínte de se manter a normativa vixente en 31 de decembro de 2006 e a dedución por investimento en vivenda habitual prevista no artigo 68.1 da Lei do imposto que proceda para 2009.

O importe do incentivo teórico será o resultado de lles aplicar ás cantidades investidas en 2009 na adquisición da vivenda habitual as porcentaxes de dedución previstas no artigo 69.1.1º.b) do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2004, do 5 de marzo, na súa normativa vixente en 31 de decembro de 2006.

Catro. A dedución correspondente ao tramo autonómico da dedución por investimento en vivenda habitual será a diferenza positiva entre o importe do incentivo teórico que lle tería correspondido ao contribuínte de se manter a normativa vixente en 31 de decembro de 2006 e o tramo autonómico de dedución por investimento en vivenda que proceda para 2009.

O importe do incentivo teórico será o resultado de lles aplicar ás cantidades investidas en 2009 na adquisición da vivenda habitual as porcentaxes de dedución previstas no artigo 79 do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas para a correspondente comunidade autónoma, na súa normativa vixente en 31 de decembro de 2006.

Para estes efectos, o tramo autonómico da dedución por investimento en vivenda non poderá ser inferior ao que resultaría de aplicar a porcentaxe de dedución prevista no artigo 79 do texto refundido da lei do imposto para os supostos de non utilización de financiamento alleo nesa comunidade autónoma, na súa normativa vixente en 31 de decembro de 2006.

Cinco. Entenderase que o contribuínte adquiriu a súa vivenda habitual utilizando financiamento alleo cando cumpra os requisitos establecidos no artigo 55 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 1775/2004, do 30 de xullo, segundo a redacción vixente en 31 de decembro de 2006.

Seis. A contía da dedución así calculada restarase da cota líquida total, despois da dedución por obtención de rendementos do traballo ou de actividades económicas a que se refire o artigo 80 bis da Lei 35/2006.

Sexta. Compensación fiscal por percepción de determinados rendementos do capital mobiliario con período de xeración superior a dous anos en 2009.

Un. Terán dereito á dedución regulada nesta disposición os contribuíntes que no período impositivo 2009 integren na base impositiva do aforro calquera dos seguintes rendementos do capital mobiliario:

a) Rendementos obtidos pola cesión a terceiros de capitais propios a que se refire o artigo 25.2 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio, procedentes de instrumentos financeiros contratados con anterioridade ao 20 de xaneiro de 2006 e aos que lles resultaría de aplicación a porcentaxe de redución do 40 por cento previsto no artigo 24.2.a) do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2004, do 5 de marzo, por ter un período de xeración superior a dous anos.

b) Rendementos derivados de percepcións en forma de capital diferido a que se refire o artigo 25.3.a) 1º da Lei 35/2006 procedentes de seguros de vida ou invalidez contratados con anterioridade ao 20 de xaneiro de 2006 e aos que lles resultarían de aplicación as porcentaxes de redución do 40 ao 75 por cento previstas nos artigos 24.2.b) e 94 do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Dous. A contía desta dedución será a diferenza positiva entre a cantidade resultante de lle aplicar o tipo de gravame do 18 por cento ao saldo positivo resultante de integrar e compensar entre si o importe total dos rendementos netos previstos no número anterior e o importe teórico da cota íntegra que resultaría de ter integrado os ditos rendementos na base liquidable xeral con aplicación das porcentaxes indicadas no número anterior.

Tres. O importe teórico da cota íntegra a que se refire o número anterior será o seguinte:

a) Cando o saldo resultante de integrar e compensar entre si os rendementos a que se refire o número un anterior, aplicando as porcentaxes de redución previstas nos artigos 24.2, 94 e disposición transitoria sexta do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas na súa redacción vixente en 31 de decembro de 2006, sexa cero ou negativo, o importe teórico da cota íntegra será cero.

b) Cando o saldo resultante de integrar e compensar entre si os rendementos previstos no número un anterior, aplicando as porcentaxes de redución previstas nos artigos 24.2, 94 e disposición transitoria sexta do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas na súa redacción vixente en 31 de decembro de 2006, sexa positivo, o importe teórico da cota íntegra será a diferenza positiva entre a cota resultante de lle aplicar á suma da base liquidable xeral e do saldo positivo anteriormente sinalado o disposto nos artigos 63.1.1.º e 74.1.1.º da Lei 35/2006, e a cota correspondente de lle aplicar o sinalado nos ditos artigos á base liquidable xeral.

Catro. Para a determinación do saldo a que se refire o número tres anterior, soamente se aplicarán as reducións previstas nos artigos 24.2.b) e 94 do texto refundido da lei do imposto á parte do rendimento neto que corresponda a primas satisfeitas ata o 19 de xaneiro de 2006, e as posteriores cando se trate de primas ordinarias previstas na póliza orixinal do contrato de seguro.

Para efectos de determinar a parte do rendimento total obtido que lle corresponde a cada prima do contrato de seguro de capital diferido, multiplicarase o dito rendimento total polo coeficiente de ponderación que resulte do seguinte cociente:

No numerador, o resultado de multiplicar a prima correspondente polo número de anos transcorridos desde que foi satisfeita ata o cobramento da percepción.

No denominador, a suma dos produtos resultantes de multiplicar cada prima polo número de anos transcorridos desde que foi satisfeita ata o cobramento da percepción.

Cinco. A entidade aseguradora comunicarlle ao contribuínte o importe dos rendementos netos derivados de percepcións en forma de capital diferido procedentes de seguros de vida e invalidez correspondentes a cada prima, calculados segundo o disposto no número anterior e coa aplicación das porcentaxes de redución previstas nos artigos 24.2, 94 e disposición transitoria sexta do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Seis. A contía da dedución así calculada restarase da cota líquida total, despois da dedución por obtención de rendementos do traballo ou de actividades económicas a que se refire o artigo 80 bis da Lei 35/2006.

DISPOSICIÓN DERROGATORIAS

Primeira. *Derrogación de precepto do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño.*

Derrógase o artigo 190 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño.

Segunda. *Derrogación normativa.*

Quedan derrogadas cantas disposicións se opoñan ao previsto nesta lei.

DISPOSICIÓN DERRADEIRAS

Primeira. *Modificación da Lei 31/1990, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1991.*

Con efectos do 1 de xaneiro e vixencia indefinida, modifícase o número 6 do artigo 103 da Lei 31/1990, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1991, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 103. *Número seis. Réxime orzamentario.*

1. A Axencia elaborará anualmente un anteproxecto de orzamento que reflita os custos necesarios para a consecución dos seus obxectivos, coa estrutura que sinala o Ministerio de Facenda, e remitírallo a este para a súa elevación ao acordo do Goberno e posterior remisión ás Cortes Xerais, formando parte dos orzamentos xerais do Estado e consolidándose cos das administracións centrais.

Este orzamento terá carácter limitativo polo seu importe global e carácter estimativo para a distribución dos créditos en categorías económicas, con excepción dos correspondentes a gastos de persoal, que, en todo caso, teñen carácter limitativo e vinculante pola súa contía total, e das subvencións nominativas e as atencións protocolarias e representativas, que terán carácter limitativo e vinculante calquera que sexa o nivel da clasificación económica a que se establezan.

2. As variacións na contía global do orzamento e as que afecten os gastos de persoal a nivel de capítulo serán autorizadas polo ministro de Facenda. As restantes variacións internas serán acordadas polo presidente da Axencia.»

O resto de números e artigo mantéñense coa mesma redacción.

Segunda. *Modificación da Lei 13/1994, do 1 de xuño, de autonomía do Banco de España.*

Con efectos do 1 de xaneiro de 2010 e vixencia indefinida, modifícase o número 2, alínea b), da disposición adicional sexta da Lei 13/1994, do 1 de xuño, de autonomía do Banco de España, que pasa a ter a seguinte redacción:

«b) Para a súa execución, bastará coa certificación expedida polo Banco de España, o Banco Central Europeo ou o Banco Central Nacional da Unión Europea que corresponda, acreditativa da contía dos importes vencidos, líquidos e exixibles que se executan, xunto coa orde de alleamento ou de traspaso libre de pagamento dos activos constitutivos da garantía, segundo corresponda de conformidade co previsto neste número.

Nesta certificación deberase facer constar que a liquidación se practicou de conformidade co acordo, pacto ou norma de que deriva a obriga de que se trate.

Cando o obxecto da garantía estea constituído por activos negociables nun mercado organizado, a súa execución farase a través do organismo reitor correspondente. Nos demais casos, realizarase mediante poxa organizada polo Banco de España.

Sen prexuízo do establecido no parágrafo precedente, a execución poderase realizar mediante a apropiación polo Banco de España, o Banco Central Europeo ou o Banco Central Nacional da Unión Europea que corresponda do obxecto sobre o cal se constituíu a garantía e compensación do seu valor ou aplicación do seu valor ao cumprimento das obrigas garantidas, sempre e cando: (i) así se pactase entre a entidade que achega os activos de garantía e o Banco de España, o Banco Central Europeo ou o Banco Central Nacional da Unión Europea que corresponda e (ii) se previsen entre as partes as modalidades de valoración dos activos de garantía.

En todo caso, o sobranse que resulte unha vez satisfeita a débeda correspondente reintegraráselle á entidade que achegase os citados activos de garantía.

Nas operacións simultáneas ou de compravenda con pacto de recompra, en caso de incumprimento de calquera das partes da operación, aplicarase o establecido no Real decreto lei 5/2005, do 11 de marzo, de reformas urxentes para o impulso á produtividade e para a mellora da contratación pública.»

O resto da disposición mantense coa mesma redacción.

Terceira. *Modificación do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño.*

Con efectos do 1 de xaneiro de 2010 e vixencia indefinida, modifícase o texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, nos seguintes termos:

Un. Modifícase o artigo 31 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 31. *Actas de liquidación de cotas.*

1. Procederá a formulación de actas de liquidación nas débedas por cotas orixinadas por:

a) Falta de afiliación ou de alta de traballadores en calquera dos réximes do sistema da Seguridade Social.

b) Diferenzas de cotización por traballadores dados de alta, cando as ditas diferenzas non resulten directamente dos documentos de cotización presentados dentro ou fóra do prazo regulamentario.

c) Por derivación da responsabilidade do suxeito obrigado ao pagamento, calquera que sexa a súa causa e réxime da Seguridade Social aplicable, e baseándose en calquera norma con rango de lei que non exclúa a responsabilidade por débedas de Seguridade Social. Nos casos de responsabilidade solidaria legalmente previstos, a inspección poderá elaborar acta a todos os suxeitos responsables ou a algún deles, caso en que a acta de liquidación comprenderá o principal da débeda a que se estenda a responsabilidade solidaria, as recargas, xuros e custas devengados ata a data en que se estenda a acta.

d) Aplicación indebida das bonificacións nas cotizacións da Seguridade Social, previstas regulamentariamente para o financiamento das accións formativas do subsistema de formación profesional para o emprego.

Nos casos a que se refiren os parágrafos anteriores a), b) e c), a Inspección de Traballo e Seguridade Social poderalles formular requirimentos aos suxeitos obrigados ao pagamento de cotas debidas por calquera causa, tras recoñecemento previo da débeda por aqueles ante o funcionario actuante. Neste caso, o ingreso da débeda por cotas contida no requirimento será feito efectivo no prazo que determine a Inspección de Traballo e Seguridade Social, que non será inferior a un mes nin superior a catro meses. En caso de incumprimento do requirimento, procederase a elaborar acta de liquidación e de infracción por falta de pagamento de cotas.

As actas de liquidación de cotas serán elaboradas pola Inspección de Traballo e Seguridade Social e notificaranse en todos os casos a través dos órganos da dita inspección, que, así mesmo, notificarán as actas de infracción practicadas polos mesmos feitos, na forma que regulamentariamente se estableza.

2. As actas de liquidación elaboradas cos requisitos regulamentariamente establecidos, unha vez notificadas aos interesados, terán o carácter de liquidacións provisórias e elevaranse a definitivas mediante acto administrativo da Dirección Xeral ou da respectiva dirección provincial da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, por proposta do órgano competente da Inspección de Traballo e Seguridade Social, preceptiva e non vinculante, tras o trámite de audiencia ao interesado. Contra os ditos actos liquidatorios definitivos caberá recurso de alzada ante o órgano superior xerárquico a aquel que os ditou. As actas de liquidación trasladaráselles aos traballadores, e os que resulten

afectados poderán interpor reclamación respecto do período de tempo ou a base de cotización a que a liquidación se contrae.

3. Os importes das débedas que figuren nas actas de liquidación serán feitos efectivos ata o último día do mes seguinte ao da súa notificación, unha vez ditado o correspondente acto administrativo definitivo de liquidación; noutro caso, iniciárase o procedemento de dedución ou o procedemento de constrinximento nos termos establecidos nesta lei e nas normas de desenvolvemento.

4. As actas de liquidación e as de infracción que se refiran aos mesmos feitos serán practicadas simultaneamente pola Inspección de Traballo e Seguridade Social. A competencia e procedemento para a súa resolución son os sinalados no número 2 deste artigo.

As sancións por infraccións propostas nas ditas actas de infracción reduciranse automaticamente ao 50 por cento da súa contía se o infractor der a súa conformidade á liquidación practicada, ingresando o seu importe no prazo sinalado no número 3.»

Dous. Engádesse un novo artigo, 66 bis, no texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, co seguinte teor literal:

«Artigo 66. bis. *Subministración de información ás entidades xestoras das prestacións económicas da Seguridade Social.*

1. Os organismos competentes dependentes do Ministerio de Economía e Facenda ou, de ser o caso, das comunidades autónomas ou das deputacións forais facilitaránlles, dentro de cada exercicio anual, ás entidades xestoras da Seguridade Social responsables da xestión das prestacións económicas, e, por pedimento destas, os datos relativos aos niveis de renda e demais ingresos dos titulares de prestacións, en canto determinen o dereito a elas, así como dos beneficiarios cónxuxes e outros membros das unidades familiares, sempre que se deban ter en conta para o recoñecemento, mantemento ou contía das ditas prestacións co fin de verificar se aqueles cumpren en todo momento as condicións necesarias para a percepción das prestacións e na contía legalmente establecida.

Os mesmos organismos tamén facilitarán, por pedimento das entidades xestoras da Seguridade Social, un número de conta corrente do interesado para proceder, cando se recoñeza a prestación, ao seu aboamento.

2. O organismo que designe o Ministerio de Xustiza facilitarálles ás entidades xestoras da Seguridade Social a información que estas soliciten acerca das inscricións e datos existentes neste e que poidan gardar relación co nacemento, modificación, conservación ou extinción do dereito ás prestacións económicas da Seguridade Social.

3. Os empresarios facilitaránlles ás entidades xestoras da Seguridade Social, os datos que estas lles soliciten para poder efectuar as comunicacións a través de sistemas informáticos, electrónicos e/ou telemáticos que garantan un procedemento de comunicación áxil no recoñecemento e control das prestacións da Seguridade Social relativas aos seus traballadores.

Os datos que se faciliten en relación cos traballadores deberán identificar, en todo caso, nome e apelidos, documento nacional de identidade ou número de identificación de estranxeiro e domicilio.

Todos os datos relativos aos solicitantes de prestacións económicas do Sistema de Seguridade Social que consten en poder das entidades xestoras e que fosen remitidos por outros organismos públicos ou por empresas mediante transmisión telemática, ou cando aqueles se consoliden nas bases de datos corporativas do Sistema da Seguridade Social como consecuencia do acceso informático directo ás bases de datos corporativas doutros organismos ou empresas, producirán plenos efectos e terán a mesma validez que se fosen notificados polos ditos organismos ou empresas mediante certificación en soporte papel.»

Tres. Modifícase o artigo 73 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 73. *Excedentes.*

1. Os excedentes anuais obtidos polas mutuas na súa xestión deberanse afectar, en primeiro lugar, á constitución das reservas que regulamentariamente se determinen. Así mesmo, establecerase regulamentariamente o destino que se lle deba dar ao exceso de excedentes que resulte unha vez cubertas as indicadas reservas.

2. En todo caso, o 80 por 100 do exceso de excedentes deberase adscribir aos fins xerais de prevención e rehabilitación, entre os cales se encontra o fomento das actuacións extraordinarias das empresas na prevención dos accidentes de traballo e as enfermidades profesionais. A dita adscripción efectuarase mediante o seu ingreso na conta especial do Fondo de Prevención e Rehabilitación aberta no Banco de España á disposición do Ministerio de Traballo e Inmigración e cuxa titularidade lle corresponde á Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

A Tesouraría Xeral da Seguridade Social poderá materializar os fondos depositados na conta do Fondo de Prevención e Rehabilitación, ata o seu uso definitivo, en activos financeiros emitidos por persoas xurídicas públicas, nas cantidades, prazos e demais condicións que determine o Ministerio de Traballo e Inmigración.

Os rendementos e gastos que xeren os activos financeiros en que se materializase o fondo, así como os da propia conta, aboaranse e cargaranse respectivamente nesta, salvo que o Ministerio de Traballo e Inmigración dispoña outra cousa.

3. As mutuas poderán dedicar unha porcentaxe das dotacións constituídas por cada unha delas no Fondo de Prevención e Rehabilitación a incentivar a adopción de medidas e procesos que contribúan eficazmente e de maneira contrastable á redución da sinistralidade laboral, mediante un sistema de «bonus-malus», todo isto nos termos e condicións que se determinen regulamentariamente.

Tendo en conta a efectividade dos resultados obtidos, o Ministerio de Traballo e Inmigración determinará anualmente a porcentaxe dedicada a esta finalidade.»

Catro. Modifícanse os dous primeiros parágrafos da alínea a) do número 1 do artigo 128 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, que quedan redactados da seguinte forma:

«a) As debidas a enfermidade común ou profesional e accidente, sexa ou non de traballo, mentres o traballador reciba asistencia sanitaria da Seguridade Social e estea impedido para o traballo, cunha duración máxima de trescentos sesenta e cinco días, prorrogables por outros cento oitenta días cando se presuma que durante eles o traballador pode ser dado de alta médica por curación.

Esgotado o prazo de duración de trescentos sesenta e cinco días previsto no parágrafo anterior, o Instituto Nacional da Seguridade Social, a través dos órganos competentes para avaliar, cualificar e revisar a incapacidade permanente do traballador, será o único competente para recoñecer a situación de prórroga expresa cun límite de cento oitenta días máis, ou ben para determinar a iniciación dun expediente de incapacidade permanente, ou ben para emitir a alta médica, por curación ou por incomparecencia inxustificada aos recoñecementos médicos convocados polo Instituto Nacional da Seguridade Social. De igual modo, o Instituto Nacional da Seguridade Social será o único competente para emitir unha nova baixa médica na situación de incapacidade temporal cando aquela se produza nun prazo de cento oitenta días posteriores á antes citada alta médica pola mesma ou similar patoloxía, cos efectos previstos nos parágrafos seguintes.»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

Cinco. Modifícanse o parágrafo segundo do número 1 e os parágrafos primeiro e segundo do número 2 do artigo 131.bis do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, que quedan redactados da seguinte forma:

«1. ...

No suposto de que o dereito ao subsidio se extinga polo transcurso do prazo máximo establecido na alínea a) do número 1 do artigo 128 e o traballador fose dado de alta médica sen declaración de incapacidade permanente, só se poderá xerar un novo proceso de incapacidade temporal pola mesma ou similar patoloxía se media un período de actividade laboral superior a 180 días ou se o Instituto Nacional da Seguridade Social, a través dos órganos competentes para avaliar, cualificar e revisar a situación de incapacidade permanente do traballador, emite a baixa para os exclusivos efectos da prestación económica por incapacidade temporal.

...

2. Cando a situación de incapacidade temporal se extinga polo transcurso do prazo de 545 días fixado no parágrafo primeiro da alínea a) do número 1 do artigo 128, examínase necesariamente, no prazo máximo de tres meses, o estado do incapacitado para efectos da súa cualificación, no grao de incapacidade permanente que corresponda.

Malia o previsto no parágrafo anterior, naqueles casos en que, continuando a necesidade de tratamento médico pola expectativa de recuperación ou a mellora do estado do traballador, con vistas á súa reincorporación laboral, a situación clínica do interesado fixer aconsellable demorar a citada cualificación, esta poderase atrasar polo período preciso, que en ningún caso poderá superar os 730 días seguintes á data en que se iniciase a incapacidade temporal.»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

Seis. Modifícase o artigo 133. quáter do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 133 quáter. *Prestación económica.*

A prestación económica por maternidade consistirá nun subsidio equivalente ao 100 por 100 da base reguladora correspondente. Para tales efectos, a base reguladora será equivalente á que estea establecida para a prestación de incapacidade temporal, derivada de continxencias comúns.

Malia o anterior, o subsidio poderá ser recoñecido mediante resolución provisoria polo Instituto Nacional da Seguridade Social coa última base de cotización que conste nas bases de datos corporativas do sistema.

Se a base de cotización do mes inmediatamente anterior ao inicio do descanso for diferente á utilizada na resolución provisoria, recalcúlase a prestación e emitírase resolución definitiva. Se a base non variou, a resolución provisoria converterase en definitiva nun prazo de tres meses desde a súa emisión.»

Sete. Dáselle nova redacción ao artigo 140 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 140. *Base reguladora das pensións de incapacidade permanente derivada de continxencias comúns.*

1. A base reguladora das pensións de incapacidade permanente derivada de enfermidade común determinarase de conformidade coas seguintes normas:

a) Acharase o cociente que resulte de dividir por 112 as bases de cotización do interesado durante os 96 meses anteriores ao mes previo ao do feito causante.

O cómputo das ditas bases realizarase conforme as seguintes regras, das que é expresión matemática a fórmula que figura ao final destas.

1ª) As bases correspondentes aos vinte e catro meses anteriores ao mes previo ao do feito causante computaranse no seu valor nominal.

2ª) As restantes bases de cotización actualizaranse de acordo coa evolución que experimentase o índice de prezos de consumo desde os meses a que aquelas correspondan ata o mes inmediato anterior a aquel en que se inicie o período de bases non actualizables a que se refire a regra anterior.

$$B_r = \frac{\sum_{i=1}^{24} B_i + \sum_{i=25}^{96} B_i \frac{I_{25}}{I_i}}{112}$$

Sendo:

Br = base reguladora.

Bi = base de cotización do mes i-ésimo anterior ao mes previo ao do feito causante.

li = índice xeral de prezos de consumo do mes i-ésimo anterior ao mes previo ao do feito causante.

Sendo i = 1,2,...,96.

b) Ao resultado obtido en razón do establecido na norma anterior aplicaráselle a porcentaxe que corresponda en función dos anos de cotización, segundo a escala prevista no número 1 do artigo 163, considerándose para tal efecto como cotizados os anos que lle falten ao interesado, na data do feito causante, para cumprir a idade de 65 anos. No caso de non se acadaren 15 anos de cotización, a porcentaxe aplicable será do 50 por cento.

O importe resultante constituirá a base reguladora á cal, para obter a contía da pensión que corresponda, se lle deberá aplicar a porcentaxe prevista para o grao de incapacidade recoñecido.

2. Nos supostos en que se exixa un período mínimo de cotización inferior a oito anos, a base reguladora obterase de forma análoga á establecida no número anterior, pero computando bases mensuais de cotización en número igual ao de meses de que conste o período mínimo exixible, sen ter en conta as fraccións de mes, e excluindo, en todo caso, da actualización as bases correspondentes aos vinte e catro meses inmediatamente anteriores ao mes previo a aquel en que se produza o feito causante.

3. Respecto ás pensións de incapacidade absoluta ou grande invalidez derivadas de accidente non laboral a que se refire o número 3 do artigo 138, para o cómputo da súa base reguladora, aplicaranse as regras previstas na norma a) do número 1 deste artigo.

4. Se no período que deba tomarse para o cálculo da base reguladora apareceren meses durante os cales non existiu obriga de cotizar, as ditas lagoas integraranse coa base mínima de entre todas as existentes en cada momento para traballadores maiores de dezaioito anos.

Nos supostos en que, nalgún dos meses que cómpre ter en conta para a determinación da base reguladora, a obriga de cotizar exista só durante unha parte deste, procederá a integración sinalada no parágrafo anterior, pola parte do mes en que non exista obriga de cotizar, sempre que a base de cotización correspondente ao primeiro período non alcance a contía da base mínima mensual sinalada. En tal suposto, a integración alcanzará ata esta última contía.»

Oito. Engádeselle un novo parágrafo segundo ao número 3 do artigo 143 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, nos seguintes termos:

«3....

Cando, como consecuencia de revisións por melloría do estado invalidante profesional, proceda reintegrar, parcialmente ou na súa totalidade, a parte non consumida dos capitais custo constituídos polas mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social ou polas empresas que fosen declaradas responsables do seu ingreso, este último non terá a consideración de ingreso indebido, para os efectos previstos nos

números 1 e 3 do artigo 23 desta lei, sen prexuízo da aplicación do disposto no artigo 24 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

Nove. Modifícase o primeiro parágrafo do número 1 e a totalidade do número 1.1 do artigo 162 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. A base reguladora da pensión de xubilación, na súa modalidade contributiva, será o cociente que resulte de dividir por 210 as bases de cotización do interesado durante os 180 meses inmediatamente anteriores ao mes previo ao do feito causante.

1.1 O cómputo das bases a que se refire o parágrafo anterior realizarase conforme as seguintes regras, das que é expresión matemática a fórmula que figura ao final deste número.

1.^a As bases correspondentes aos 24 meses anteriores ao mes previo ao do feito causante computaranse no seu valor nominal.

2.^a As restantes bases de cotización actualizaranse de acordo coa evolución que experimentase o índice de prezos de consumo desde o mes a que aquelas correspondan, ata o mes inmediato anterior a aquel en que se inicie o período a que se refire a regra anterior.

$$B_r = \frac{\sum_{i=1}^{24} B_i + \sum_{i=25}^{180} B_i \frac{I_{25}}{I_i}}{210}$$

Sendo:

Br = base reguladora.

Bi = base de cotización do mes i-ésimo anterior ao mes previo ao do feito causante.

li = índice xeral de prezos de consumo do mes i-ésimo anterior ao mes previo ao do feito causante.

Sendo i = 1,2,...,180»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

Dez. Modifícase o primeiro parágrafo do número 2 do artigo 174 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, que queda redactado nos seguintes termos:

«2. Nos casos de separación ou divorcio, o dereito á pensión de viuvez corresponderalle a quen, reunindo os requisitos en cada caso exixidos no número anterior, sexa ou fose cónxuxe lexítimo, neste último caso sempre que non contraese novas nupcias ou constituíse unha parella de feito nos termos a que se refire o número seguinte. Así mesmo, requirirase que as persoas divorciadas ou separadas xudicialmente sexan acreedoras da pensión compensatoria a que se refire o artigo 97 do Código civil e esta quedase extinguida á morte do causante. No suposto de que a contía da pensión de viuvez fose superior á pensión compensatoria, aquela diminuírase ata acadar a contía desta última. En todo caso, terán dereito á pensión de viuvez as mulleres que, mesmo non sendo acreedoras de pensión compensatoria, puidesen acreditar que eran vítimas de violencia de xénero no momento da separación xudicial ou o divorcio mediante sentenza firme, ou arquivo da causa por extinción da responsabilidade penal por falecemento; en defecto de sentenza, a través da orde de protección ditada ao seu favor ou informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia de xénero, así como por calquera outro medio de proba admitido en dereito.»

Once. Dáselle nova redacción ao número 3 do artigo 179 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, nos seguintes termos:

«3. Os orfos incapacitados para o traballo con dereito a pensión de orfandade, cando perciban outra pensión da Seguridade Social con motivo da mesma incapacidade, poderán optar entre unha e outra. Cando o orfo fose declarado incapacitado para o traballo con anterioridade ao cumprimento da idade de 18 anos, a pensión de orfandade que viñese percibindo será compatible coa de incapacidade permanente que puiden causar, despois dos 18 anos, como consecuencia dunhas lesións distintas ás que deron lugar á pensión de orfandade, ou, de ser o caso, coa pensión de xubilación que puiden causar en virtude do traballo que realice por conta propia ou allea.»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

Doce. Engádeselle un novo artigo, o 179 bis, ao texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, coa seguinte redacción:

«Artigo 179 bis. Base reguladora das prestacións derivadas de continxencias comúns.

Para o cálculo da base reguladora nos supostos de prestacións derivadas de continxencias comúns, computarase a totalidade das bases polas que se efectuase a cotización durante o período establecido regulamentariamente anterior ao mes previo ao do feito causante.»

Trece. Engádeselle unha nova disposición adicional, a cuadraxésimo sétima, ao texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional cuadraxésimo sétima. *Coefficientes redutores da idade de xubilación dos membros do Corpo da Ertzaintza.*

1. A idade ordinaria de 65 anos exixida para o acceso á pensión de xubilación reducirase nun período equivalente ao que resulte de lle aplicar o coeficiente redutor do 0,20 aos anos completos efectivamente traballados como membros do Corpo da Ertzaintza ou como integrantes dos colectivos que quedaron incluídos nel.

A aplicación da redución da idade de xubilación prevista no parágrafo anterior en ningún caso dará ocasión a que o interesado poida acceder á pensión de xubilación cunha idade inferior aos 60 anos, ou á de 59 anos nos supostos en que se acrediten 35 ou máis anos de actividade efectiva e cotización no Corpo da Ertzaintza, ou nos colectivos que quedaron incluídos neste, sen cómputo da parte proporcional correspondente por pagas extraordinarias, polo exercicio da actividade a que se refire o parágrafo anterior.

2. O período de tempo en que resulte reducida a idade de xubilación do traballador, de acordo co establecido no número anterior, computarase como cotizado para o exclusivo efecto de determinar a porcentaxe aplicable á correspondente base reguladora para calcular o importe da pensión de xubilación.

Tanto a redución da idade como o cómputo, para efectos de cotización, do tempo en que resulte reducida aquela, que se establecen no número anterior, serán de aplicación aos membros do Corpo da Ertzaintza que permanecesen en situación de alta pola dita actividade ata a data en que se produza o feito causante da pensión de xubilación.

Así mesmo, manterán o dereito a estes mesmos beneficios os que, tendo alcanzado a idade de acceso á xubilación que en cada caso resulte da aplicación do establecido no número 1 desta disposición adicional, cesen na súa actividade como membros do dito corpo pero permanezan en alta por razón do desempeño dunha actividade laboral diferente, calquera que sexa o réxime da Seguridade Social en que, por razón desta, queden encadrados.

3. En relación co colectivo a que se refire esta disposición, procederá aplicar un tipo de cotización adicional sobre a base de cotización por contingencias comúns, tanto para a empresa como para o traballador. Durante o ano 2010 o dito tipo de cotización adicional será do 4,00 por cento, do que o 3,34 por cento será a cargo da empresa e o 0,66 por cento a cargo do traballador. Estes tipos de cotización axustaranse nos anos seguintes á situación do colectivo de activos e pasivos.

4. O sistema establecido nesta disposición adicional será de aplicación despois de que na Comisión Mixta de Cota se faga efectivo un acordo de financiamento por parte do Estado da contía anual correspondente ás cotizacións recargadas que se deban implantar como consecuencia da perda de cotizacións polo adianto da idade de xubilación e polo incremento nas prestacións nos anos en que se anticipe a idade de xubilación, en contía equiparable á que a Administración do Estado aboa nos casos de xubilación anticipada dos membros dos corpos e forzas de seguridade do Estado no réxime de clases pasivas.»

Catorce. Engádeselle unha nova disposición transitoria décimo oitava ao texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria décimo oitava. *Norma transitoria sobre pensión de viuvez en supostos de separación xudicial ou divorcio anteriores ao 1 de xaneiro de 2008.*

O recoñecemento do dereito á pensión de viuvez non quedará condicionado a que a persoa divorciada ou separada xudicialmente sexa acreedora da pensión compensatoria a que se refire o segundo inciso do parágrafo primeiro do número 2 do artigo 174 desta lei cando entre a data do divorcio ou da separación xudicial e a data do falecemento do causante da pensión de viuvez transcorrese un período de tempo non superior a dez anos, sempre que o vínculo matrimonial tivese unha duración mínima de dez anos e ademais concorra no beneficiario algunha das condicións seguintes:

- a) A existencia de fillos comúns do matrimonio ou
- b) Que teña unha idade superior aos 50 anos na data do falecemento do causante da pensión.

A contía da pensión de viuvez resultante calcularase de acordo coa normativa vixente con anterioridade á data de entrada en vigor da Lei 40/2007, do 4 de decembro, de medidas en materia de Seguridade Social.

Nos supostos a que se refire o primeiro parágrafo desta disposición transitoria, a persoa divorciada ou separada xudicialmente que fose debedora da pensión compensatoria non terá dereito a pensión de viuvez.

En calquera caso, a separación ou divorcio debe terse producido con anterioridade á data da entrada en vigor da Lei 40/2007, do 4 de decembro, de medidas en materia de Seguridade Social.

O disposto nesta disposición transitoria será tamén de aplicación aos feitos causantes producidos entre o 1 de xaneiro de 2008 e o 31 de decembro de 2009, e igualmente seralles de aplicación o disposto no artigo 174, número 2, desta lei.»

Quince. Engádesese unha nova disposición transitoria décimo novena no texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria décimo novena. *Actas de liquidación da Seguridade Social.*

Os procedementos referidos a actas de liquidación de cotas da Seguridade Social, previstos no artigo 31 desta lei, que se iniciasen con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2010, tramitaranse ata a súa finalización de conformidade coa normativa vixente no momento do seu inicio.»

Cuarta. *Modificación da Lei 26/1999, do 9 de xullo, de medidas de apoio á mobilidade xeográfica dos membros das Forzas Armadas.*

Con efectos do 1 de xaneiro e vixencia indefinida, modifícanse os seguintes preceptos da Lei 26/1999, do 9 de xullo, de medidas de apoio á mobilidade xeográfica dos membros das Forzas Armadas.

Un. Modifícanse os parágrafos primeiro e segundo do artigo 2 da Lei 26/1999, que quedan redactados da seguinte forma:

«O Ministerio de Defensa facilitaralle ao militar de carreira das Forzas Armadas, que se atope en situación de servizo activo ou na de reserva con destino, cando cambie de destino que supoña cambio de localidade ou área xeográfica e de residencia habitual respecto da que tiña no momento inmediatamente anterior ao do novo destino, unha compensación económica ou, con carácter extraordinario, unha vivenda en réxime de arrendamento especial, conforme o establecido nesta lei.

Ao militar de complemento e ao militar profesional de tropa e mariñeira que mantén unha relación de servizos de carácter temporal, que se atope na situación de servizo activo e cumprise tres anos de tempo de servizos, facilitaráselle unha compensación económica cando cambie de destino que supoña cambio de localidade ou área xeográfica e de residencia habitual respecto da que tiña no momento inmediatamente anterior ao do novo destino.

O recoñecemento do dereito a percibir compensación económica respecto de solicitudes presentadas con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2010 farase en función dos requisitos e condicións exixidos no momento da solicitude.»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

Dous. Modifícase o número 2 do artigo 3 da Lei 26/1999, do 9 de xullo, que queda redactado nos seguintes termos:

«2. A compensación económica, sen prexuízo dos seus efectos fiscais, non ten carácter retributivo. A súa percepción indebida dará lugar ao reintegro, sendo de aplicación, para tales efectos, o establecido no título II da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo. A compensación de débedas poderá ter lugar, entre outros casos, cando os pagamentos indebidos fosen orixinados pola falta de comunicación debida aos beneficiarios ou por erros nas liquidacións mensuais de pagamentos efectuados e o obrigado ao reintegro teña recoñecido o dereito a percibir a referida compensación económica.»

Tres. Modifícase o número 1 do artigo 5 da Lei 26/1999, do 9 de xullo, de medidas de apoio á mobilidade xeográfica dos membros das Forzas Armadas, que queda redactado nos seguintes termos:

«Facilitaranse en arrendamento especial as vivendas militares situadas dentro de bases, acuartelamentos, edificios ou establecementos militares, as que pola súa localización supoñan un risco para a seguridade destes e aqueloutras que se encontren en zonas específicas en que resulte necesario dispor de vivendas para o persoal destinado nelas, en especial en Ceuta e Melilla, onde, non obstante, se poderán declarar alleables as que non sexan útiles para atender as necesidades de vivenda das Forzas Armadas.

O ministro de Defensa, mediante as correspondentes ordes ministeriais comunicadas, determinará a relación das ditas vivendas. Só estas vivendas serán obxecto de cesión de uso, mediante contrato administrativo especial, que se formalizará no correspondente documento administrativo.»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

Quinta. *Modificación da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.*

Con efectos do 1 de xaneiro de 2010 e vixencia indefinida, modifícanse os seguintes preceptos da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria:

Un. Modifícase o artigo 43 da Lei xeral orzamentaria, que queda coa seguinte redacción:

«Artigo 43. *Especificación dos orzamentos do Estado.*

1. No orzamento do Estado os créditos especificaranse a nivel de concepto, salvo os créditos destinados a gastos de persoal e os gastos correntes en bens e servizos, que se especificarán a nivel de artigo e os investimentos reais a nivel de capítulo.

2. Non obstante, especificaranse ao nivel que corresponda, conforme a súa concreta clasificación económica, os seguintes créditos:

- a) Os destinados a atencións protocolarias e representativas e os gastos reservados.
- b) Os destinados a arrendamentos de edificios e outras construcións.
- c) Os declarados ampliables conforme o establecido no artigo 54 desta lei.
- d) Os que establezan subvencións nominativas.
- e) Os que, de ser o caso, se establezan na Lei de orzamentos de cada exercicio.
- f) Os créditos extraordinarios que se concedan durante o exercicio.»

Dous. Modifícase o artigo 44 da Lei xeral orzamentaria, que queda coa seguinte redacción:

«Artigo 44. *Especificación do orzamento dos organismos autónomos e da Seguridade Social.*

1. No orzamento dos organismos autónomos, da Seguridade Social e, de ser o caso, das demais entidades do número 1 do artigo 3 desta lei, excepto as relacionadas no artigo anterior, os créditos especificaranse a nivel de concepto, salvo os destinados a gastos de persoal, gastos correntes en bens e servizos e os investimentos reais, que se especificarán a nivel de capítulo.

2. Non obstante, especificaranse ao nivel que corresponda, conforme a súa concreta clasificación económica, os seguintes créditos:

- a) Os destinados a atencións protocolarias e representativas.
- b) Os destinados a arrendamentos de edificios e outras construcións.
- c) Os declarados ampliables conforme o establecido no artigo 54 desta lei.
- d) Os que establezan subvencións nominativas.
- e) Os que, de ser o caso, se establezan na Lei de orzamentos de cada exercicio.
- f) Os créditos extraordinarios que se concedan durante o exercicio.

3. Os créditos do orzamento da Seguridade Social especificaranse a nivel de grupo de programas, excepto os créditos para a acción protectora na súa modalidade non contributiva e universal, que se especificarán a nivel de programa.»

Tres. Modifícase o artigo 56 da Lei xeral orzamentaria, que queda coa seguinte redacción:

«Artigo 56. *Regras para os créditos extraordinarios e suplementarios dos organismos autónomos.*

1. Cando a necesidade dun crédito extraordinario ou suplementario afecte o orzamento dun organismo autónomo, tramitarase a súa autorización de conformidade co establecido nos números seguintes.

2. O financiamento dos créditos extraordinarios ou suplementarios unicamente se poderá realizar con cargo á parte do remanente de tesouraría á fin do exercicio anterior que non fose aplicada no orzamento do organismo, ou con maiores ingresos sobre os previstos inicialmente.

No caso de que o financiamento proposto para a modificación do orzamento do organismo faga necesaria a modificación do orzamento de gastos do Estado, ambas as modificacións se acordarán conxuntamente, mediante o procedemento que lle sexa de aplicación á do Estado.

3. A competencia para autorizar créditos extraordinarios ou suplementarios corresponderá:

a. Aos presidentes ou directores dos organismos ata un importe do 10% do correspondente capítulo do seu orzamento inicial de gastos, cando non supere a contía de 500.000 euros, excluídos os que afecten gastos de persoal ou os recollidos no número 2 do artigo 44 desta lei, dándolles conta dos acordos ao ministro de que dependan e ao ministro de Facenda.

b. Ao ministro de Facenda cando, superándose algún dos anteriores límites, non se acade o 20% do correspondente capítulo do seu orzamento inicial de gastos nin se supere a contía de 1.000.000 de euros. Así mesmo, corresponderalle a autorización dos que se encontren entre os supostos de exclusión a que se refire a alínea a sempre que a súa contía non supere os límites establecidos neste número.

c. Ao Consello de Ministros nos restantes casos.

4. Os límites establecidos no número 3 anterior, para os efectos de determinar a competencia para realizar estas modificacións, referiranse ao conxunto das efectuadas no exercicio orzamentario, computándose de forma independente segundo afecte gastos de persoal ou os incluídos no número 2 do artigo 44 ou se trate do resto dos gastos.

Non se computarán para a determinación dos ditos límites as modificacións que se financien con incremento na achega do Estado.

5. Cando un crédito extraordinario se deba autorizar nun capítulo que non exista no orzamento de gastos inicial do organismo autónomo, a autorización corresponderalle ao presidente ou director do organismo autónomo cando non supere a contía de 500.000 euros; ao ministro de Economía e Facenda se, excedendo do anterior importe, non supera a contía de 1.000.000 de euros, e ao Consello de Ministros nos restantes casos.

6. O ministro de Facenda daralles conta trimestralmente ás Cortes Xerais dos créditos extraordinarios e suplementos de crédito tramitados ao abeiro deste artigo.»

Catro. Modifícase o artigo 76 da Lei 47/2003, xeral orzamentaria, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 76. *Embargo de dereitos de cobramento.*

As providencias e dilixencias de embargo, mandamentos de execución, acordos de inicio de procedemento administrativo de compensación e actos de contido análogo, ditados por órganos xudiciais ou administrativos, en relación con dereitos de cobramento que os particulares posúan fronte á Administración xeral do Estado ou fronte á Administración da Seguridade Social e que sexan pagadoiros a través da Ordenación de Pagamentos do Estado ou a través da ordenación de pagamentos das entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social, comunicaránselle necesariamente á Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira ou á Tesouraría Xeral da Seguridade Social para a súa debida práctica mediante consulta ao sistema de información contable, e conterán, polo menos, a identificación do afectado con expresión do nome ou denominación social e o seu número de identificación fiscal, o importe do embargo, execución ou retención e a especificación do dereito de cobramento afectado con expresión do importe, órgano a quen lle corresponde a proposta de pagamento e obriga a pagar.

Os órganos da Administración xeral do Estado, distintos da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira, aos que se lles comuniquen os actos referidos no parágrafo anterior que recaían sobre dereitos de cobramento pagadoiros pola Ordenación de Pagamentos do Estado, unicamente os deberán remitir á citada dirección xeral cando estes reúnan os requisitos especificados no parágrafo anterior. En caso contrario, aqueles deberán proceder á devolución motivada dos documentos recibidos ao órgano xudicial ou administrativo que ditase o acordo.»

Cinco. Modifícase o artigo 100 da Lei xeral orzamentaria, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 100.

1. A concertación de liñas de crédito ou operacións de préstamos en moeda nacional ou en divisas realizarase de conformidade cos procedementos que regulamentariamente se establezan, nos que se garantirán os principios de obxectividade, transparencia e publicidade adecuados ao tipo de operación de que se trate.

2. Sen prexuízo do anterior, a concertación daquelas operacións que se documenten mediante contratos ou instrumentos normalizados habituais nos mercados financeiros farase conforme as regras, técnicas, condicións e cláusulas que sexan usuais neles.»

Seis. Modifícase o artigo 122 da Lei xeral orzamentaria, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 122. *Principios contables públicos.*

1. As entidades previstas no número 2 do artigo anterior deberán aplicar os seguintes principios contables de carácter económico-patrimonial.

a) Salvo proba en contrario, presumirase que continúa a actividade da entidade por tempo indefinido.

b) O recoñecemento de activos, pasivos, patrimonio neto, gastos e ingresos débese realizar, desde o punto de vista económico-patrimonial, en función da corrente real de bens e servizos que estes representan, sen prexuízo dos criterios que se deban seguir para a súa imputación orzamentaria.

c) Non se variarán os criterios contables dun exercicio a outro.

d) Deberase manter certo grao de precaución nos xuízos dos que derivan estimacións baixo condicións de incerteza, de tal maneira que os activos, obrigas, ingresos e gastos non se sobrevaloren nin se infravaloren.

e) Non se poderán compensar as partidas do activo e do pasivo, nin as de gastos e ingresos que integran as contas anuais, e valoraranse separadamente os elementos integrantes das contas anuais, salvo aqueles casos en que de forma excepcional así se regule.

f) A aplicación destes principios deberá estar presidida pola consideración da importancia en termos relativos que estes e os seus efectos puidesen presentar, sempre que non se vulnere unha norma de obrigado cumprimento.

2. Os elementos das contas anuais figurarán de acordo cos criterios e normas de valoración establecidos no Plan Xeral de Contabilidade Pública.

3. A imputación das transaccións ou feitos contables débese efectuar, desde o punto de vista económico-patrimonial, a activos, pasivos, gastos ou ingresos de acordo coas regras establecidas no Plan Xeral de Contabilidade Pública. Ademais, aquelas operacións que se deban aplicar aos orzamentos de gastos e ingresos rexistraranse, desde o punto de vista orzamentario, de acordo coas regras previstas no título II desta lei.

4. Nos casos de conflito entre os anteriores principios contables, deberá prevalecer o que mellor conduza a que as contas anuais reflectan a imaxe fiel do

patrimonio, da situación financeira e do resultado económico-patrimonial da entidade.

5. Cando a aplicación destes principios contables non sexa suficiente para mostrar a imaxe fiel, deberase subministrar na memoria das contas anuais a información complementaria precisa para alcanzar o dito obxectivo.

6. Naqueles casos excepcionais en que a aplicación dun principio contable sexa incompatible coa imaxe fiel que deben mostrar as contas anuais, considerarase improcedente a dita aplicación, o cal se mencionará na memoria das contas anuais, explicando a súa motivación e indicando a súa influencia sobre o patrimonio, a situación financeira e os resultados económico-patrimoniais da entidade.»

Sete. Modifícase o artigo 128 da Lei xeral orzamentaria, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 128. Contido das contas anuais das entidades que deben aplicar os principios contables públicos.

1. As contas anuais das entidades que deben aplicar os principios contables públicos comprenderán: o balance, a conta do resultado económico-patrimonial, o estado de cambios no patrimonio neto, o estado de fluxos de efectivo, o estado de liquidación do orzamento e a memoria. Estes documentos forman unha unidade.

2. O balance comprenderá, coa debida separación, o activo, o pasivo e o patrimonio neto da entidade.

3. A conta do resultado económico-patrimonial recollerá o resultado do exercicio (aforro ou desaforro), separando debidamente os ingresos e os gastos imputables a este.

4. O estado de cambios no patrimonio neto informará de todas as variacións habidas no patrimonio neto, dos ingresos e gastos totais recoñecidos e das operacións realizadas coa entidade ou entidades propietarias.

5. O estado de fluxos de efectivo informará sobre a orixe e destino dos movementos habidos nas partidas monetarias de activo representativas de efectivo e outros activos líquidos equivalentes e indicará a variación neta destas no exercicio.

6. O estado de liquidación do orzamento comprenderá, coa debida separación, a liquidación do orzamento de gastos e do orzamento de ingresos da entidade, así como o resultado orzamentario.

7. A memoria completará, ampliará e comentará a información contida nos outros documentos que integran as contas anuais.

En particular, a memoria informará do remanente de tesouraría da entidade obtido a partir das obrigas recoñecidas non satisfeitas o último día do exercicio, os dereitos pendentes de cobramento e os fondos líquidos existentes en 31 de decembro, debendo ter en conta no seu cálculo os posibles recursos afectados ao financiamento de gastos concretos e os dereitos pendentes de cobramento que se consideren de difícil ou imposible recadación.

Así mesmo, na memoria incluírase o balance de resultados e o informe de xestión a que se refire o artigo 71 desta lei, nos que se informará do grao de realización dos obxectivos, os custos en que se incorreu e as desviacións físicas e financeiras que, de ser o caso, se producisen.

8. O ministro de Economía e Facenda determinará o contido e estrutura dos documentos anteriores.»

Oito. Engádese unha disposición transitoria cuarta á Lei xeral orzamentaria, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición transitoria cuarta.

Ata a entrada en vigor do desenvolvemento regulamentario correspondente, seguen vixentes os principios de rexistro, prezo de adquisición, correlación de

ingresos e gastos e entidade contable, establecidos no Plan Xeral de Contabilidade Pública, aprobado por Orde do Ministerio de Economía e Facenda do 6 de maio de 1994.

Así mesmo, ata a dita data, o estado de cambios no patrimonio neto e o estado de fluxos de efectivo substituiranse pola información prevista na memoria do dito plan e a súa normativa de desenvolvemento; e o balance de resultados e o informe de xestión formarán parte do estado de liquidación do orzamento.»

Sexta. Modificación da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

Con efectos do 1 de xaneiro de 2010 e vixencia indefinida, modifícase o número tres do artigo 48, da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 48. *Incremento da multa que se lle imporá a quen empregue un traballador estranxeiro sen a preceptiva autorización de traballo.*

...

Tres. O importe correspondente ao incremento desta sanción recadarase conxuntamente co desta última conforme o procedemento regulamentariamente establecido en execución da citada Lei orgánica 4/2000. As cantidades recadadas serán transferidas periodicamente á Tesouraría Xeral da Seguridade Social por instancia do Ministerio de Traballo e Inmigración.»

O resto de números permanece coa mesma redacción.

Sétima. Modificación da Lei 28/2006, do 18 de xullo, de axencias estatais para a mellora dos servizos públicos.

Con efectos do 1 de xaneiro e vixencia indefinida, modifícanse os números 2, 3 e 4 e engádesse un novo número 5 no artigo 27 da Lei 28/2006, de axencias estatais para a mellora dos servizos públicos, que quedan redactados da seguinte forma:

«Artigo 27. *Estrutura, contido e modificación do orzamento.*

1....

2. O orzamento de gastos das axencias estatais, nos termos establecidos nesta sección, ten carácter limitativo polo seu importe global e carácter estimativo para a distribución dos créditos en categorías económicas, con excepción dos correspondentes a gastos de persoal, que, en todo caso, teñen carácter limitativo e vinculante pola súa contía total, e das subvencións nominativas e as atencións protocolarias e representativas, que terán carácter limitativo e vinculante calquera que sexa o nivel da clasificación económica ao cal se establezan.

3. A autorización das variacións orzamentarias corresponde:

a) Ao ministro de Economía e Facenda, as variacións da contía global do orzamento e as que afecten gastos de persoal, por iniciativa do director e proposta do Consello Reitor, salvo as previstas na alínea seguinte.

Así mesmo, correspóndelle ao ministro de Economía e Facenda acordar ou denegar as modificacións orzamentarias, nos supostos de competencia dos directores das axencias estatais, cando exista informe negativo da Intervención Delegada e o titular da competencia llo remita en discrepancia ao ministro de Economía e Facenda.

b) Ao director da propia axencia estatal, todas as restantes variacións, mesmo na contía global cando sexan financiadas con recursos derivados das alíneas b), e), f), e g) do artigo 24.1 por encima dos inicialmente orzados, non afecten gastos de persoal e existan garantías suficientes da súa efectividade, dándolle conta inmediata á comisión de control.

4. Os remanentes de tesouraría que resulten da liquidación do exercicio orzamentario non afectados ao financiamento do orzamento do exercicio seguinte poderanse aplicar ao orzamento de ingresos e destinarse a financiar incremento de gastos por acordo do director, dándolle conta á comisión de control. Os déficits derivados do incumprimento da estimación de ingresos anuais compensaranse na forma que se prevexa no contrato de xestión.

5. Compromisos de gasto con cargo a exercicios futuros.

1.º As axencias estatais poderán adquirir compromisos de gasto que se deban estender a exercicios posteriores a aquel en que se autoricen, sempre que non se supere algún dos seguintes límites:

a) O número de exercicios a que se poden aplicar os gastos non será superior a catro.

b) O gasto que se impute a cada un dos exercicios posteriores non poderá exceder a cantidade que resulte de lle aplicar ao importe total de cada programa, excluído o capítulo de gastos de persoal e os restantes créditos que teñan carácter vinculante, as seguintes porcentaxes:

O 70 por 100 no exercicio inmediato seguinte, o 60 por cento no segundo exercicio e o 50 por cento nos exercicios terceiro e cuarto.

2.º No caso de gastos de persoal ou doutros que teñan carácter vinculante, poderanse adquirir compromisos de gasto con cargo a exercicios futuros dentro dos límites sinalados anteriormente, tomando como referencia de cálculo a súa dotación inicial.

3.º O Goberno poderá acordar a modificación dos límites anteriores nos casos especialmente xustificadas. Para estes efectos, o ministro de Economía e Facenda, por iniciativa da Axencia Estatal correspondente, elevará ao Consello de Ministros a oportuna proposta, tras informe previo da Dirección Xeral de Orzamentos.»

Oitava. Modificación da Lei 42/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2007.

Con efectos do 1 de xaneiro de 2010 e vixencia indefinida, modifícase a disposición adicional cuarta da Lei 42/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2007, na redacción dada pola disposición derradeira décimo terceira da Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2009, que queda redactada nos seguintes termos:

Un. A cotización á Seguridade Social dos empresarios, calquera que sexa o réxime de encadramento, e, de ser o caso, dos traballadores por conta propia incluídos nos réximes especiais de traballadores do mar e de traballadores por conta propia ou autónomos, polas continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, levarase a cabo, a partir do 1.º de xaneiro de 2010, en función da correspondente actividade económica, ocupación ou situación, mediante a aplicación da seguinte tarifa:

Tarifa para a cotización por accidentes de traballo e enfermidades profesionais

Cadro I

Códigos CNAE-2009 e título da actividade económica		Tipos de cotización		
		IT	IMS	Total
01	Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas, excepto:	1,50	1,10	2,60
0113	Cultivo de hortalizas, raíces e tubérculos	1,15	1,10	2,25
0119	Outros cultivos non perennes	1,15	1,10	2,25
0129	Outros cultivos perennes	2,25	2,90	5,15

Códigos CNAE-2009 e título da actividade económica		Tipos de cotización		
		IT	IMS	Total
0130	Propagación de plantas	1,15	1,10	2,25
014	Produción gandeira (excepto o 0147)	1,80	1,50	3,30
0147	Avicultura	1,20	1,15	2,35
015	Produción agrícola combinada coa produción gandeira	1,60	1,20	2,80
016	Actividades de apoio á agricultura, á gandaría e de preparación posterior á colleita (excepto 0164)	1,60	1,20	2,80
0164	Tratamento de sementes para reprodución	1,15	1,10	2,25
017	Caza, captura de animais e servizos relacionados con elas	1,80	1,50	3,30
02	Silvicultura e explotación forestal	2,25	2,90	5,15
03	Pesca e acuicultura (excepto v, w e 0322)	3,05	3,35	6,40
v	Grupo segundo de cotización do réxime especial do mar	2,10	2,00	4,10
w	Grupo terceiro de cotización do réxime especial do mar	1,65	1,70	3,35
0322	Acuicultura en auga doce	3,05	3,20	6,25
05	Extracción de antracita, hulla e lignito (excepto y)	2,30	2,90	5,20
y	Traballos habituais en interior de minas	3,45	3,70	7,15
06	Extracción de cru de petróleo e gas natural	2,30	2,90	5,20
07	Extracción de minerais metálicos	2,30	2,90	5,20
08	Outras industrias extractivas (excepto 0811)	2,30	2,90	5,20
0811	Extracción de pedra ornamental e para a construción, pedra calcaria, xeso, creta e lousa	3,45	3,70	7,15
09	Actividades de apoio ás industrias extractivas	2,30	2,90	5,20
10	Industria da alimentación (excepto 101,102,106, 107 e 108)	1,60	1,60	3,20
101	Procesamento e conservación de carne e elaboración de produtos cárnicos	2,00	1,90	3,90
102	Procesamento e conservación de peixes, crustáceos e moluscos .	1,80	1,50	3,30
106	Fabricación de produtos de industria muiñeira, amidóns e produtos amiláceos	1,70	1,60	3,30
107	Fabricación de produtos de panadería e pastas alimentarias ...	1,00	0,85	1,85
108	Fabricación doutros produtos alimentarios	1,00	0,85	1,85
11	Fabricación de bebidas	1,60	1,60	3,20
12	Industria do tabaco	1,00	0,80	1,80
13	Industria téxtil (excepto 1391)	1,00	0,85	1,85
1391	Fabricación de tecidos de punto	0,80	0,70	1,50
14	Confección de pezas de vestir (excepto 1411, 1420 e 143)	0,50	0,40	0,90
1411	Confección de pezas de vestir de coiro	1,50	1,10	2,60
1420	Fabricación de artigos de peletaría	1,50	1,10	2,60
143	Confección de pezas de vestir de punto	0,80	0,70	1,50
15	Industria do coiro e do calzado	1,50	1,10	2,60
16	Industria da madeira e da cortiza, excepto mobles; cestaría e espartaría (excepto 1624 e 1629)	2,25	2,90	5,15
1624	Fabricación de envases e embalaxes de madeira	2,10	2,00	4,10
1629	Fabricación doutros produtos de madeira; artigos de cortiza, cestaría e espartaría	2,10	2,00	4,10
17	Industria do papel (excepto 171)	1,00	1,05	2,05
171	Fabricación de pasta papeleira, papel e cartón	2,00	1,50	3,50
18	Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	1,00	1,00	2,00
19	Coquerías e refinado de petróleo	1,90	2,55	4,45
20	Industria química (excepto 204 e 206)	1,60	1,40	3,00
204	Fabricación de xabóns, deterxentes e outros artigos de limpeza e abrillantamento; fabricación de perfumes e cosméticos	1,50	1,20	2,70
206	Fabricación de fibras artificiais e sintéticas	1,50	1,20	2,70
21	Fabricación de produtos farmacéuticos	1,30	1,10	2,40

Códigos CNAE-2009 e título da actividade económica		Tipos de cotización		
		IT	IMS	Total
22	Fabricación de produtos de caucho e plástico	1,75	1,25	3,00
23	Fabricación doutros produtos minerais non metálicos (excepto 231, 232, 2331, 234 e 237)	2,10	2,00	4,10
231	Fabricación de vidro e produtos de vidro	1,60	1,50	3,10
232	Fabricación de produtos cerámicos refractarios	1,60	1,50	3,10
2331	Fabricación de azulexos e baldosas de cerámica	1,60	1,50	3,10
234	Fabricación doutros produtos cerámicos	1,60	1,50	3,10
237	Corte, tallado e acabado da pedra	2,75	3,35	6,10
24	Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	2,00	1,85	3,85
25	Fabricación de produtos metálicos, excepto maquinaria e equipamento	2,00	1,85	3,85
26	Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	1,50	1,10	2,60
27	Fabricación de material e equipamento eléctrico	1,60	1,20	2,80
28	Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.o.p.	2,00	1,85	3,85
29	Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	1,60	1,20	2,80
30	Fabricación doutro material de transporte (excepto 3091 e 3092)	2,00	1,85	3,85
3091	Fabricación de motocicletas	1,60	1,20	2,80
3092	Fabricación de bicicletas e de vehículos para persoas con discapacidade	1,60	1,20	2,80
31	Fabricación de mobles	2,00	1,85	3,85
32	Outra industria manufactureira (excepto 321, 322)	1,60	1,20	2,80
321	Fabricación de artigos de xoiaría e artigos similares	1,00	0,85	1,85
322	Fabricación de instrumentos musicais	1,00	0,85	1,85
33	Reparación e instalación de maquinaria e equipamento (excepto 3313 e 3314)	2,00	1,85	3,85
3313	Reparación de equipamentos electrónicos e ópticos	1,50	1,10	2,60
3314	Reparación de equipamentos eléctricos	1,60	1,20	2,80
35	Subministración de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	1,80	1,50	3,30
36	Captación, depuración e distribución de auga	2,10	1,60	3,70
37	Recollida e tratamento de augas residuais	2,10	1,60	3,70
38	Recollida, tratamento e eliminación de residuos; valorización	2,10	1,60	3,70
39	Actividades de descontaminación e outros servizos de xestión de residuos	2,10	1,60	3,70
41	Construción de edificios (excepto 411)	3,35	3,35	6,70
411	Promoción inmobiliaria	0,85	0,80	1,65
42	Enxeñaría civil	3,35	3,35	6,70
43	Actividades de construción especializada	3,35	3,35	6,70
45	Venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas (excepto 452 e 454)	1,00	1,00	2,00
452	Mantemento e reparación de vehículos de motor	2,45	2,00	4,45
454	Venda, mantemento e reparación de motocicletas e dos seus repostos e accesorios	1,70	1,20	2,90
46	Comercio por xunto e intermediarios do comercio, excepto de vehículos de motor e motocicletas. Excepto:	1,40	1,20	2,60
4623	Comercio por xunto de animais vivos	1,80	1,50	3,30
4624	Comercio por xunto de coiros e peles	1,80	1,50	3,30
4632	Comercio por xunto de carne e produtos cárnicos	1,80	1,50	3,30
4638	Comercio por xunto de peixes, mariscos e outros produtos alimentarios	1,60	1,40	3,00
4672	Comercio por xunto de metais e minerais metálicos	1,80	1,50	3,30

Códigos CNAE-2009 e título da actividade económica		Tipos de cotización		
		IT	IMS	Total
4673	Comercio por xunto de madeira, materiais de construción e aparellos sanitarios	1,80	1,50	3,30
4674	Comercio por xunto de ferraxaría, fontanaría e calefacción	1,80	1,55	3,35
4677	Comercio por xunto de chatarra e produtos de refugallo	1,80	1,55	3,35
4690	Comercio por xunto non especializado	1,80	1,55	3,35
47	Comercio polo miúdo, excepto de vehículos de motor e motocicletas (excepto 473)	0,95	0,70	1,65
473	Comercio polo miúdo de combustible para a automoción en establecementos especializados	1,00	0,85	1,85
49	Transporte terrestre e por tubaxe (excepto 494)	1,80	1,50	3,30
494	Transporte de mercadorías por estrada e servizos de mudanza ..	2,00	1,70	3,70
50	Transporte marítimo e por vías navegables interiores	2,00	1,85	3,85
51	Transporte aéreo	1,90	1,70	3,60
52	Almacenamento e actividades anexas ao transporte (excepto x, 5221)	1,80	1,50	3,30
x	Carga e descarga; estiba e desestiba	3,35	3,35	6,70
5221	Actividades anexas ao transporte terrestre	1,00	1,10	2,10
53	Actividades postais e de correos	0,95	0,70	1,65
55	Servizos de aloxamento	0,75	0,50	1,25
56	Servizos de comidas e bebidas	0,75	0,50	1,25
58	Edición	0,65	1,00	1,65
59	Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical	0,75	0,50	1,25
60	Actividades de programación e emisión de radio e televisión ...	0,75	0,50	1,25
61	Telecomunicacións	0,70	0,70	1,40
62	Programación, consultoría e outras actividades relacionadas coa informática	0,65	1,00	1,65
63	Servizos de información (excepto 6391)	0,65	1,00	1,65
6391	Actividades das axencias de noticias	0,75	0,50	1,25
64	Servizos financeiros, excepto seguros e fondos de pensións ...	0,65	0,35	1,00
65	Seguros, reaseguros e fondos de pensións, excepto Seguridade Social obrigatoria	0,65	0,35	1,00
66	Actividades auxiliares aos servizos financeiros e aos seguros .	0,65	0,35	1,00
68	Actividades inmobiliarias	0,65	1,00	1,65
69	Actividades xurídicas e de contabilidade	0,65	1,00	1,65
70	Actividades das sedes centrais; actividades de consultoría de xestión empresarial	1,00	0,80	1,80
71	Servizos técnicos de arquitectura e enxeñaría; ensaios e análises técnicos	0,65	1,00	1,65
72	Investigación e desenvolvemento	0,65	0,35	1,00
73	Publicidade e estudos de mercado	0,90	0,80	1,70
74	Outras actividades profesionais, científicas e técnicas (excepto 742)	0,90	0,85	1,75
742	Actividades de fotografía	0,50	0,40	0,90
75	Actividades veterinarias	1,50	1,10	2,60
77	Actividades de alugamento	1,00	1,00	2,00
78	Actividades relacionadas co emprego (excepto 781)	1,55	1,20	2,75
781	Actividades das axencias de colocación	0,95	1,00	1,95
79	Actividades das axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas con eles	0,80	0,70	1,50
80	Actividades de seguridade e investigación	1,40	2,20	3,60
81	Servizos a edificios e actividades de xardinaría (excepto 811) .	2,10	1,50	3,60

Códigos CNAE-2009 e título da actividade económica		Tipos de cotización		
		IT	IMS	Total
811	Servizos integrais a edificios e instalacións	1,00	0,85	1,85
82	Actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares ás empresas (excepto 8220 e 8292)	1,00	1,05	2,05
8220	Actividades dos centros de chamadas	0,70	0,70	1,40
8292	Actividades de envasado e empaquetado	1,80	1,50	3,30
84	Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria (excepto 842)	0,65	1,00	1,65
842	Prestación de servizos á comunidade en xeral	1,40	2,20	3,60
85	Educación	0,65	0,35	1,00
86	Actividades sanitarias	0,80	0,70	1,50
87	Asistencia en establecementos residenciais	0,80	0,70	1,50
88	Actividades de servizos sociais sen aloxamento	0,80	0,70	1,50
90	Actividades de creación, artísticas e espectáculos	0,75	0,50	1,25
91	Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais (excepto 9104)	0,75	0,50	1,25
9104	Actividades dos xardíns botánicos, parques zoolóxicos e reservas naturais	1,75	1,20	2,95
92	Actividades de xogos de azar e apostas	0,75	0,50	1,25
93	Actividades deportivas, recreativas e de entretemento (excepto u) .	1,70	1,30	3,00
u	Espectáculos taurinos	2,85	3,35	6,20
94	Actividades asociativas	0,65	1,00	1,65
95	Reparación de ordenadores, efectos persoais e artigos de uso doméstico (excepto 9524)	1,50	1,10	2,60
9524	Reparación de mobles e artigos de enxoval	2,00	1,85	3,85
96	Outros servizos persoais (excepto 9602, 9603 e 9609)	0,80	0,70	1,50
9602	Perrucaría e outros tratamentos de beleza	0,65	0,45	1,10
9603	Pompas fúnebres e actividades relacionadas	1,80	1,50	3,30
9609	Outros servizos persoais n.c.o.p.	1,50	1,10	2,60
97	Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico	0,65	0,45	1,10
99	Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais	1,60	1,50	3,10

Cadro II

Tipos aplicables a ocupacións e situacións en todas as actividades		Tipos de cotización		
		IT	IMS	Total
a	Persoal en traballos exclusivos de oficina	0,65	0,35	1,00
b	Representantes de comercio	1,00	1,00	2,00
d	Persoal de oficios en instalacións e reparacións en edificios, obras e traballos de construción en xeral	3,35	3,35	6,70
e	Condutores de vehículo automóbil de transporte de pasaxeiros en xeral (taxis, automóviles, autobuses, etc.) e de transporte de mercadorías que teña unha capacidade de carga útil non superior a 3,5 t	1,80	1,50	3,30
f	Condutores de vehículo automóbil de transporte de mercadorías que teña unha capacidade de carga útil superior a 3,5 t	3,35	3,35	6,70
g	Persoal de limpeza en xeral. Limpeza de edificios e de todo tipo de establecementos. Limpeza de rúas	2,10	1,50	3,60
h	Vixilantes, gardas, gardas xurados e persoal de seguridade	1,40	2,20	3,60

Dous. Para a aplicación do establecido no punto un anterior, teranse en conta as seguintes regras:

Primeira. Nos períodos de baixa por incapacidade temporal e outras situacións con suspensión da relación laboral con obriga de cotización, continuará sendo de aplicación o tipo de cotización correspondente á respectiva actividade económica.

Segunda. Para a determinación do tipo de cotización aplicable en función do establecido na tarifa contida nesta disposición, tomarase como referencia o previsto no seu cadro I para identificar o tipo asignado neste en razón da actividade económica principal desenvolvida pola empresa ou polo traballador por conta propia ou autónomo, conforme a Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE-2009), aprobada polo Real decreto 475/2007, do 13 de abril, e os códigos que nela mesma se conteñen en relación con cada actividade.

Cando nunha empresa concorran, xunto coa actividade principal, outra ou outras que deban ser consideradas auxiliares respecto daquela, o tipo de cotización será o establecido para a dita actividade principal. Cando a actividade principal da empresa concorra con outra que implique a produción de bens ou servizos que non se integren no proceso produtivo da primeira, dispoño de medios de produción diferentes, o tipo de cotización aplicable con respecto aos traballadores ocupados neste será o previsto para a actividade económica en que esta quede encadrada.

Cando os traballadores por conta propia realicen varias actividades que dean lugar a unha única inclusión no réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos, o tipo de cotización aplicable será o máis elevado dos establecidos para as actividades que leve a cabo o traballador.

Terceira. Malia o indicado na regra anterior, cando a ocupación desempeñada polo traballador por conta allea, ou a situación en que este se atope, se correspondan con algunha das enumeradas no cadro II, o tipo de cotización aplicable será o previsto no dito cadro para a ocupación ou situación de que se trate, cando esta difira do que corresponda en razón da actividade da empresa.

Tres. A determinación do tipo de cotización aplicable será efectuada, nos termos que regulamentariamente se establezan, pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social en función da actividade económica declarada pola empresa ou polo traballador autónomo ou, de ser o caso, polas ocupacións ou situacións dos traballadores, con independencia de que, para a formalización da protección fronte ás contingencias profesionais, se optase en favor dunha entidade xestora da Seguridade Social ou dunha entidade colaboradora desta.

Catro. O Goberno procederá ao correspondente axuste anual dos tipos de cotización incluídos na tarifa recollida nesta disposición, así como á adaptación das actividades económicas ás novas clasificacións CNAE que se aproben e á supresión progresiva das ocupacións que se enumeran na clasificación contida na referida tarifa.

Novena. *Xestión de créditos orzamentarios en materia de clases pasivas.*

Prorrógase durante o ano 2010 a facultade conferida na disposición derradeira terceira da Lei 39/1992, do 29 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1993.

Décima. *Modificación do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, aprobado polo Real decreto lexislativo 670/1987, do 30 de abril.*

Con efectos do 1 de xaneiro de 2010 e vixencia indefinida, modifícase o texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, aprobado polo Real decreto lexislativo 670/1987, do 30 de abril, nos seguintes termos:

Un. Modifícase o primeiro parágrafo do número 2 do artigo 38 do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, coa seguinte redacción:

«2. Nos casos de separación ou divorcio, con independencia das causas que os determinasen, o dereito á pensión de viuvez ou, de ser o caso, á prestación temporal corresponderalle a quen, reunindo os requisitos exixidos no número anterior, sexa ou fose cónxuxe lexítimo, neste último caso sempre que non contraese novas nupcias ou constituíse unha parella de feito nos termos a que se refire o

número 4. Así mesmo, requirirase que as persoas divorciadas ou separadas xudicialmente sexan acreedoras da pensión compensatoria a que se refire o artigo 97 do Código civil e esta quedase extinguida á morte do causante. No suposto de que a contía da pensión de viuvez, ou da prestación temporal que proceder, for superior á pensión compensatoria, aquela diminuírase ata alcanzar a contía desta última. En todo caso, terán dereito á pensión de viuvez as mulleres que, mesmo non sendo acreedoras de pensión compensatoria, poidan acreditar que eran vítimas de violencia de xénero no momento da separación xudicial ou o divorcio mediante sentenza firme, ou arquivo da causa por extinción da responsabilidade penal por falecemento; en defecto de sentenza, a través da orde de protección ditada ao seu favor ou informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia de xénero, así como por calquera outro medio de proba admitido en dereito.»

Dous. Engádeselle unha nova disposición transitoria décimo segunda ao texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria décimo segunda. *Norma transitoria sobre pensión de viuvez en supostos de separación xudicial ou divorcio anteriores ao 1 de xaneiro de 2008.*

O recoñecemento do dereito á pensión de viuvez non quedará condicionado a que a persoa divorciada ou separada xudicialmente sexa acreedora da pensión compensatoria a que se refire o parágrafo primeiro do número 2 do artigo 38 deste texto cando concorran no beneficiario, ademais da existencia de fillos comúns no matrimonio ou ben que teña unha idade superior aos 50 anos na data do falecemento do causante da pensión, os seguintes requisitos:

- a) Que o divorcio ou a separación xudicial se producise con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2008, data de entrada en vigor da Lei 51/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2008.
- b) Que entre as datas do divorcio ou separación e do falecemento do causante da pensión de viuvez transcorrese un período de tempo non superior a dez anos.
- c) Que o vínculo matrimonial tivese unha duración mínima de dez anos.

Nos supostos a que se refire o primeiro parágrafo desta disposición transitoria, a persoa divorciada ou separada xudicialmente que tivese sido debedora da pensión compensatoria non terá dereito á pensión de viuvez que puiden causar, de ser o caso, a persoa acreedora daquela.

O disposto nesta disposición transitoria será tamén de aplicación aos feitos causantes producidos entre o 1 de xaneiro de 2008 e 31 de decembro de 2009, e igualmente seralles de aplicación o disposto no artigo 38, número 2, desta lei.»

Décimo primeira. *Modificación da Lei de orzamentos xerais do Estado para 2008.*

Engádesese o seguinte parágrafo no número cinco da disposición adicional quincuaxésimo novena da Lei 51/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2008:

«Non obstante, as cantidades satisfeitas, en concepto de patrocinio, polos sponsors ou patrocinadores ao Consorcio para a Conmemoración do Bicentenario da Constitución de 1812, entidades de titularidade pública ou entidades a que se refire o artigo 2 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, encargadas da realización de programas e actividades do acontecemento, teranse en conta para efectos do cálculo do límite previsto no segundo parágrafo do número primeiro do artigo 27.3 da Lei 49/2002, antes mencionada.»

Décimo segunda. *Modificación do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.*

Modifícase o artigo 48 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 48. *Atribución de competencias sancionadoras.*

1. A competencia para sancionar as infraccións na orde social, no ámbito da Administración xeral do Estado, correspóndelle, por proposta da Inspección de Traballo e Seguridade Social, á autoridade competente a nivel provincial, ata 12.500 euros; ao director xeral competente, ata 62.500 euros; ao ministro de Traballo e Inmigración ata 125.000 euros, e ao Consello de Ministros, por proposta do de Traballo e Inmigración, ata 187.515 euros.

2. No ámbito das competencias da Administración xeral do Estado, as infraccións en materia de prevención de riscos laborais serán sancionadas, por proposta da Inspección de Traballo e Seguridade Social, pola autoridade competente a nivel provincial, ata 40.985 euros; polo director xeral competente, ata 123.000 euros; polo ministro de Traballo e Inmigración, ata 409.900 euros, e polo Consello de Ministros, por proposta do de Traballo e Inmigración, ata 819.780 euros.

3. As infraccións en materia de cooperativas tipificadas nesta lei serán sancionadas, por proposta da Inspección de Traballo e Seguridade Social, polo órgano directivo do que dependa o Rexistro de Sociedades Cooperativas, ata 7.600 euros, e polo ministro de Traballo e Inmigración, ata 37.920 euros e a descualificación.

4. A imposición das sancións por infraccións leves e graves aos traballadores en materia de emprego, formación profesional e axudas para o fomento do emprego correspóndelle ao servizo público de emprego competente, e a das moi graves, á autoridade competente, por proposta da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

5. A imposición de sancións por infraccións en materia de Seguridade Social aos traballadores correspóndelle, por proposta da Inspección de Traballo e Seguridade Social, á entidade xestora ou servizo común da Seguridade Social competente, salvo que a sanción afecte as prestacións por desemprego, caso en que a competencia lle corresponde á entidade xestora destas.

O servizo público de emprego comunicaralle as infraccións contidas nos artigos 24.3 e 25.4 desta lei, no momento en que se produzan ou coñezan, á entidade xestora das prestacións por desemprego, para os efectos sancionadores que a esta lle corresponden.

6. O exercicio da potestade sancionadora respecto das infraccións da orde social, cando lle corresponda á Administración das comunidades autónomas con competencia en materia de execución da lexislación da orde social, será realizado polos órganos e cos límites de distribución que determine cada comunidade autónoma.

7. A atribución de competencias a que se refiren os números anteriores non afecta o exercicio da potestade sancionadora que lles poida corresponder a outras administracións por razón das competencias que teñan atribuídas.

8. Nos supostos de acumulación de infraccións correspondentes á mesma materia nun só procedemento, será órgano competente para impor a sanción pola totalidade das ditas infraccións o que o sexa para impor a de maior contía, de conformidade coa atribución de competencias sancionadoras efectuada nos números anteriores.

9. A potestade para acordar as sancións accesorias establecidas nesta lei corresponderalle a quen a posúa para impor as de carácter principal das cales deriven aquelas.»

Décimo terceira. *Traballadores desprazados a territorio español.*

Un. Con efectos do 1 de xaneiro de 2010, modifícase o artigo 93 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial

das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 93. *Réxime fiscal especial aplicable aos traballadores desprazados a territorio español.*

As persoas físicas que adquiran a súa residencia fiscal en España como consecuencia do seu desprazamento a territorio español poderán optar por tributar polo imposto sobre a renda de non-residentes, mantendo a condición de contribuíntes polo imposto sobre a renda das persoas físicas, durante o período impositivo en que se efectúe o cambio de residencia e durante os cinco períodos impositivos seguintes, cando, nos termos que se establezan regulamentariamente, se cumpran as seguintes condicións:

a) Que non fosen residentes en España durante os 10 anos anteriores ao seu novo desprazamento a territorio español.

b) Que o desprazamento a territorio español se produza como consecuencia dun contrato de traballo. Entenderase cumprida esta condición cando se inicie unha relación laboral, ordinaria ou especial, ou estatutaria cun empregador en España, ou cando o desprazamento sexa ordenado polo empregador e exista unha carta de desprazamento deste, e o contribuínte non obteña rendas que se cualificarían como obtidas mediante un establecemento permanente situado en territorio español.

c) Que os traballos se realicen efectivamente en España. Entenderase cumprida esta condición mesmo cando parte dos traballos se presten no estranxeiro, sempre que a suma das retribucións correspondentes aos citados traballos teñan ou non a consideración de rendas obtidas en territorio español de acordo co artigo 13.1.c) do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non-residentes, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2004, do 5 de marzo, non exceda o 15 por cento de todas as contraprestacións do traballo percibidas en cada ano natural. Cando, en virtude do establecido no contrato de traballo, o contribuínte asuma funcións noutra empresa do grupo, nos termos establecidos no artigo 42 do Código de comercio, fóra do territorio español, o límite anterior elevarase ao 30 por cento.

Cando non se poida acreditar a contía das retribucións específicas correspondentes aos traballos realizados no estranxeiro, para o cálculo da retribución correspondente aos ditos traballos deberanse tomar en consideración os días que efectivamente o traballador estivo desprazado ao estranxeiro.

d) Que os ditos traballos se realicen para unha empresa ou entidade residente en España ou para un establecemento permanente situado en España dunha entidade non residente en territorio español. Entenderase cumprida esta condición cando os servizos redunden en beneficio dunha empresa ou entidade residente en España ou dun establecemento permanente situado en España dunha entidade non residente en territorio español. No caso de que o desprazamento se producise no seo dun grupo de empresas, nos termos establecidos no artigo 42 do Código de comercio, e exclusivamente para estes efectos, será necesario que o traballador sexa contratado pola empresa do grupo residente en España ou que se produza un desprazamento a territorio español ordenado polo empregador.

e) Que os rendementos do traballo que deriven da dita relación laboral non estean exentos de tributación polo imposto sobre a renda de non-residentes.

f) Que as retribucións previsibles derivadas do contrato de traballo en cada un dos períodos impositivos en que se aplique este réxime especial non superen a contía de 600.000 euros anuais.

O contribuínte que opte pola tributación polo imposto sobre a renda de non-residentes quedará suxeito por obriga real no imposto sobre o patrimonio.

O ministro de Economía e Facenda establecerá o procedemento para o exercicio da opción mencionada neste número.»

Dous. Con efectos do 1 de xaneiro de 2010, engádese unha nova disposición transitoria decimo sétima da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio, que queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición transitoria décimo sétima. *Traballadores desprazados a territorio español con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2010.*

Os contribuíntes que se desprazasen a territorio español con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2010 poderán aplicar o réxime especial previsto no artigo 93 desta Lei conforme a redacción do citado artigo en vigor en 31 de decembro de 2009.»

Décimo cuarta. *Modificación da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo, e da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio.*

Un. Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2010 e vixencia indefinida, modifícase a alínea a) do número 6 do artigo 52 bis da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, que queda redactada da seguinte forma:

«a) O tipo da devolución, expresado en euros por 1.000 litros, será o importe positivo resultante de restar a cantidade de 278 euros do tipo impositivo da epígrafe 1.3 vixente no momento de se xerar o dereito á devolución.»

Dous. Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2010 e vixencia indefinida, créase un novo artigo 52 ter na Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 52 ter. *Devolución parcial polo gasóleo empregado na agricultura e gandaría.*

Un. a) Recoñécese o dereito á devolución das cotas do imposto sobre hidrocarburos satisfeitas ou soportadas polos agricultores con ocasión das adquisicións de gasóleo que tributase ao tipo da epígrafe 1.4 do artigo 50.1 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, que efectuasen durante o ano natural anterior.

b) O importe das cotas que cómpre devolver será igual ao resultado de aplicar o tipo de 78,71 euros por 1.000 litros sobre unha base constituída polo resultado de multiplicar o volume de gasóleo efectivamente empregado na agricultura, incluída a horticoltura, gandaría e silvicultura durante o período indicado, expresado en miles de litros, polo coeficiente 0,998.

Dous. Para os efectos desta devolución, considéranse agricultores as persoas ou entidades que, no período indicado, tivesen dereito á utilización de gasóleo que tributa ao tipo da epígrafe 1.4 do artigo 50.1 da Lei 38/1992 e que, efectivamente, o empregasen como carburante na agricultura, incluída a horticoltura, gandaría e silvicultura, e que, ademais, estivesen inscritos, en relación co exercicio das ditas actividades, no Censo de empresarios, profesionais e retedores ao que se refire a disposición adicional quinta da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Tres. A devolución levarase a cabo polo procedemento que estableza o ministro de Economía e Facenda e poderá comprender a obriga de que os interesados presenten declaracións tributarias, mesmo de carácter censual.»

Tres. Con efectos para os períodos impositivos iniciados a partir do 1 de xaneiro de 2007 e vixencia indefinida, modifícase o número 1 da disposición adicional terceira do texto

refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo, que queda redactado da seguinte forma:

«1. Non se integrarán na base impositiva do imposto sobre sociedades as rendas positivas que se poñan de manifesto como consecuencia:

- a) Da percepción das seguintes axudas da política agraria comunitaria:
 - 1.^a Abandono definitivo do cultivo do viñado.
 - 2.^a Prima ao arranque de plantacións de maceiras.
 - 3.^a Prima ao arranque de plataneiros.
 - 4.^a Abandono definitivo da produción leiteira.
 - 5.^a Abandono definitivo do cultivo de peras, melocotóns e nectarinas.
 - 6.^a Arranque de plantacións de peras, melocotóns e nectarinas.
 - 7.^a Abandono definitivo do cultivo da remolacha azucreira e da cana de azucre.
- b) Da percepción das seguintes axudas da política pesqueira comunitaria: pola paralización definitiva da actividade pesqueira dun buque e pola súa transmisión para a constitución de sociedades mixtas en países terceiros, así como polo abandono definitivo da actividade pesqueira.
- c) Da percepción de axudas públicas que teñan por obxecto reparar a destrución, por incendio, inundación ou afundimento de elementos patrimoniais afectos ao exercicio de actividades económicas.
- d) Da percepción das axudas ao abandono da actividade de transporte por estrada satisfeitas polo Ministerio de Fomento a transportistas que cumpran os requisitos establecidos na normativa reguladora da concesión das ditas axudas.
- e) Da percepción de indemnizacións públicas, por mor do sacrificio obrigatorio de efectivos gandeiros, no marco de actuacións destinadas á erradicación de epidemias ou enfermidades. Esta disposición só afectará os animais destinados á reprodución.»

Catro. Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2007 e vixencia indefinida, modifícase o número 1 da disposición adicional quinta da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio, que queda redactado da seguinte forma:

«1. Non se integrarán na base impositiva do imposto sobre a renda das persoas físicas as rendas positivas que se poñan de manifesto como consecuencia:

- a) Da percepción das seguintes axudas da política agraria comunitaria:
 - 1.^a Abandono definitivo do cultivo do viñado.
 - 2.^a Prima ao arranque de plantacións de maceiras.
 - 3.^a Prima ao arranque de plataneiros.
 - 4.^a Abandono definitivo da produción leiteira.
 - 5.^a Abandono definitivo do cultivo de peras, melocotóns e nectarinas.
 - 6.^a Arranque de plantacións de peras, melocotóns e nectarinas.
 - 7.^a Abandono definitivo do cultivo da remolacha azucreira e da cana de azucre.
- b) Da percepción das seguintes axudas da política pesqueira comunitaria: paralización definitiva da actividade pesqueira dun buque e pola súa transmisión para a constitución de sociedades mixtas en países terceiros, así como polo abandono definitivo da actividade pesqueira.
- c) Da percepción de axudas públicas que teñan por obxecto reparar a destrución, por incendio, inundación ou afundimento de elementos patrimoniais.
- d) Da percepción das axudas ao abandono da actividade de transporte por estrada satisfeitas polo Ministerio de Fomento a transportistas que cumpran os requisitos establecidos na normativa reguladora da concesión das ditas axudas.

e) Da percepción de indemnizacións públicas, por mor do sacrificio obrigatorio de efectivos gandeiros, no marco de actuacións destinadas á erradicación de epidemias ou enfermidades. Esta disposición só afectará os animais destinados á reprodución.»

Décimo quinta. *Modificación da Lei 11/2009, do 26 de outubro, pola que se regulan as sociedades anónimas cotizadas de investimento no mercado inmobiliario.*

Con efectos para os períodos impositivos iniciados a partir do 1 de xaneiro de 2010 e vixencia indefinida, introdúcese as seguintes modificacións na Lei 11/2009, do 26 de outubro, pola que se regulan as sociedades anónimas cotizadas de investimento no mercado inmobiliario:

Un. Os números 3 e 7 do artigo 9 quedan redactados da seguinte forma:

«3. O tipo de gravame destas sociedades será do 19 por cento.

Non obstante, tributarán ao tipo xeral de gravame as rendas procedentes:

a) Da transmisión dos inmobles ou participacións afectos ao seu obxecto social principal cando se incumprise o requisito de permanencia a que se refire o número 3 do artigo 3 desta lei, así como cando o adquirente sexa unha entidade vinculada que forma parte do mesmo grupo no sentido do artigo 16 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades ou resida nun país ou territorio co que non exista efectivo intercambio de información tributaria, nos termos establecidos na disposición adicional primeira da Lei 36/2006, do 29 de novembro, de medidas para a prevención da fraude fiscal.

b) Do arrendamento dos ditos inmobles cando o arrendatario sexa unha entidade que forme parte do mesmo grupo no sentido do artigo 16 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades ou resida nun país ou territorio, nos termos establecidos na alínea anterior.

c) De operacións que non determinen un resultado por aplicación da normativa contable.»

«7. O incumprimento do requisito de permanencia a que se refire o número 3 do artigo 3 desta lei implicará, para cada inmovible, que xunto coa cota do período impositivo en que se produciu o incumprimento se deberá ingresar o importe resultante de lle aplicar a porcentaxe do 11 por cento ou, tratándose de rendas parcialmente exentas, do 15 por cento, ás rendas xeradas polos ditos inmobles que formou parte da base imponible da totalidade dos períodos impositivos nos que tería resultado de aplicación este réxime fiscal especial, sen prexuízo dos xuros de demora que resulten procedentes. A renda procedente do arrendamento dos ditos inmobles xerada no período impositivo en que se produce o incumprimento tributará ao tipo xeral de gravame, así como a renda correspondente aos beneficios non distribuídos derivada do arrendamento deses inmobles en exercicios anteriores, que se integrará na autoliquidación do período impositivo en que se produce o incumprimento.

Esta mesma regularización procedería no caso de que a sociedade, calquera que for a súa causa, pase a tributar por outro réxime distinto no imposto sobre sociedades antes de que se cumpra o referido prazo de tres ou sete anos, segundo corresponda.»

Dous. A alínea a) do número 1 do artigo 10 queda redactada da seguinte forma:

«a) Cando o perceptor sexa un suxeito pasivo do imposto sobre sociedades ou un contribuínte do imposto sobre a renda de non-residentes con establecemento permanente, a renda que se integrará na base imponible correspondente ao dividendo distribuído con cargo a beneficios ou reservas procedentes de rendas suxeitas ao tipo de gravame do 19 por cento será o resultado de multiplicar por 100/81 o ingreso contabilizado correspondente aos dividendos percibidos.

Sobre a dita renda non será de aplicación a dedución para evitar a dobre imposición regulada no artigo 30 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades.

Neste caso, da cota íntegra poderase deducir o 19 por cento, ou o tipo de gravame do suxeito pasivo de ser inferior, da renda integrada na base imponible.

Non se aplicará esta dedución cando se manifeste algún dos casos establecidos no número 4 do referido artigo 30, excepto no caso da alínea e) dese número, onde a dedución será do 19 por cento do dividendo percibido. Para efectos da proba a que se refire o dito número, cando a adquisición da participación se realizase a unha entidade, entenderase tamén como dedución por dobre imposición interna de plusvalías a establecida na alínea a) do número 2 deste mesmo artigo.

Aos dividendos distribuídos con cargo a beneficios procedentes de rendas suxeitas ao tipo xeral de gravame aplicaráselle o réxime xeral do dito imposto.»

Tres. A alínea a) do número 2 do artigo 10 queda redactada da seguinte forma:

«a) Cando o transmitente sexa un suxeito pasivo do imposto sobre sociedades ou un contribuínte do imposto sobre a renda de non-residentes con establecemento permanente, poderase aplicar a dedución na cota íntegra nas condicións establecidas no artigo 30.5 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades sobre a parte de plusvalía que se corresponda, de ser o caso, cos beneficios non distribuídos xerados pola sociedade durante todo o tempo de posesión da participación transmitida procedentes de rendas suxeitas ao tipo xeral de gravame.

A parte de plusvalía que se corresponda, de ser o caso, cos beneficios non distribuídos xerados pola sociedade durante todo o tempo de posesión da participación transmitida procedentes de rendas que estarían suxeitas ao tipo de gravame do 19 por cento, a renda que se integrará na base imponible será o resultado de multiplicar o importe deses beneficios por 100/81, podéndose deducir da cota íntegra o 19 por cento, ou o tipo de gravame do suxeito pasivo de ser inferior, do importe que resulte da dita integración.

Esta dedución será tamén aplicable aos supostos a que se refire o artigo 30.3 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades.

A perda xerada na transmisión da participación non será deducible no caso de que se lle adquirise a unha persoa ou entidade vinculada nos termos establecidos no artigo 16 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, ata o importe da renda exenta que obtivo a dita persoa ou entidade na transmisión desa participación.»

Catro. A alínea b) do número 1 do artigo 11 queda redactada da seguinte forma:

«b) Beneficios aplicados a reservas de cada exercicio en que resultou aplicable o réxime fiscal especial establecido nesta lei, diferenciando a parte que procede de rendas gravadas ao tipo xeral de gravame, de rendas que estarían suxeitas ao tipo de gravame reducido establecido no número 3 do artigo 9 desta lei, así como a que procede da transmisión de inmobles e participacións afectos ao seu obxecto social principal, mencionando en cada exercicio a cantidade reinvestida e a pendente de reinvestir. Deberase identificar de forma separada o exercicio do que proceden os ditos beneficios, o importe do beneficio total do exercicio e a base imponible, diferenciando nese beneficio e base imponible a que procede de rendas parcialmente exentas e as suxeitas ao tipo xeral de gravame.»

Polo tanto, mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 23 de decembro de 2009.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

ANEXO I

Distribución dos créditos por programas (*)

(Miles de euros)

Clasif. por programas	Explicación	Cap. 1 a 8	Cap. 9	Total
111M	Goberno do Poder Xudicial.	42.615,20		42.615,20
111N	Dirección e servizos xerais de Xustiza.	65.481,56		65.481,56
111O	Selección e formación de xuíces.	25.160,33		25.160,33
111P	Documentación e publicacións xudiciais.	10.335,26		10.335,26
111Q	Formación do persoal da Administración de xustiza.	18.408,97		18.408,97
112A	Tribunais de Xustiza e Ministerio Fiscal.	1.611.465,15		1.611.465,15
113M	Rexistros vinculados coa fe pública.	45.329,89		45.329,89
121 M	Administración e servizos xerais de Defensa.	1.367.436,10		1.367.436,10
121 N	Formación do persoal das Forzas Armadas.	518.018,23		518.018,23
121O	Persoal en reserva.	604.256,91		604.256,91
122A	Modernización das Forzas Armadas.	438.993,84		438.993,84
122B	Programas especiais de modernización.	333.744,59		333.744,59
122M	Gastos operativos das Forzas Armadas.	2.390.438,54		2.390.438,54
122N	Apoio loxístico.	1.704.174,69	1,60	1.704.176,29
131 M	Dirección e servizos xerais de seguridade e protección civil.	82.968,13		82.968,13
131N	Formación de Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.	129.779,60		129.779,60
131O	Forzas e corpos en reserva.	804.934,85		804.934,85
131 P	Dereito de asilo e apátridas.	3.678,47		3.678,47
132A	Seguridade cidadá.	5.655.815,15	72,72	5.655.887,87
132B	Seguridade viaria.	849.857,21		849.857,21
132C	Actuacións policiais en materia de droga.	70.732,61		70.732,61
133A	Centros e institucións penitenciarias.	1.208.848,56		1.208.848,56
133B	Traballo, formación e asistencia a reclusos.	32.674,35		32.674,35
134M	Protección civil.	18.093,28		18.093,28
135M	Protección de datos de carácter persoal.	15.425,16		15.425,16
141 M	Dirección e servizos xerais de Asuntos Exteriores.	88.790,77		88.790,77
142A	Acción do Estado no exterior.	581.338,43		581.338,43
142B	Acción diplomática ante a Unión Europea.	32.098,11		32.098,11
143A	Cooperación para o desenvolvemento.	2.686.817,14		2.686.817,14
144A	Cooperación, promoción e difusión cultural no exterior.	158.912,01		158.912,01
211M	Pensións contributivas da Seguridade Social.	95.483.939,84		95.483.939,84
211N	Pensións de clases pasivas.	9.804.195,50		9.804.195,50
211O	Outras pensións e prestacións de clases pasivas.	102.231,00		102.231,00
212M	Pensións non contributivas e prestacións asistenciais.	2.039.117,67		2.039.117,67
212N	Pensións de guerra.	371.787,00		371.787,00
219M	Xestión das prestacións económicas de Seguridade Social.	472.812,70		472.812,70
219N	Xestión de pensións de clases pasivas.	8.627,96		8.627,96
221 M	Subsidios de incapacidade temporal e outras prestacións económicas da Seguridade Social.	12.478.901,73		12.478.901,73
222M	Prestacións económicas do mutualismo administrativo.	579.203,86	181,50	579.385,36
223M	Prestacións de garantía salarial.	1.344.411,39		1.344.411,39
231A	Plan Nacional sobre Drogas.	29.566,33		29.566,33
231 B	Accións en favor da cidadanía española no exterior.	135.564,67		135.564,67
231 C	Servizos sociais da Seguridade Social a persoas con discapacidade.	100.507,07		100.507,07
231 D	Servizos sociais da Seguridade Social a persoas maiores.	220.025,57		220.025,57
231 E	Outros servizos sociais da Seguridade Social.	56.580,02		56.580,02

Clasif. por programas	Explicación	Cap. 1 a 8	Cap. 9	Total
231 F	Outros servizos sociais do Estado.	250.403,11		250.403,11
231 G	Atención á infancia e ás familias.	10.851,26		10.851,26
231H	Integración dos inmigrantes.	184.919,46		184.919,46
231I	Autonomía persoal e atención á dependencia.	1.581.569,77		1.581.569,77
231 M	Servizos sociais da Seguridade Social xestionados polas comunidades autónomas.	6.178,49		6.178,49
231 N	Coordinación en materia de estranxeiría e inmigración.	8.051,80		8.051,80
232A	Promoción e servizos á xuventude.	34.647,80		34.647,80
232B	Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.	33.596,62		33.596,62
232C	Actuacións para a prevención integral da violencia de xénero.	31.577,44		31.577,44
232M	Dirección e servizos xerais de promoción social.	10.434,80		10.434,80
239M	Xestión dos servizos sociais da Seguridade Social.	42.564,24		42.564,24
241A	Fomento da inserción e estabilidade laboral.	7.742.841,57		7.742.841,57
241 N	Desenvolvemento da economía social e da responsabilidade social das empresas.	7.823,60		7.823,60
251 M	Prestacións aos desempregados.	30.974.836,28		30.974.836,28
261 M	Dirección e servizos xerais de Vivenda.	19.640,05		19.640,05
261 N	Promoción, administración e axudas para rehabilitación e acceso a vivenda.	1.393.237,73	400,00	1.393.637,73
261O	Ordenación e fomento da edificación.	82.802,19		82.802,19
261 P	Solo e políticas urbanas.	2.384,77		2.384,77
291A	Inspección e control de seguridade e protección social.	161.227,06		161.227,06
291 M	Dirección e servizos xerais de Seguridade Social e protección social.	6.201.062,77	466,43	6.201.529,20
311 M	Dirección e servizos xerais de Sanidade e Política Social.	97.047,05		97.047,05
311O	Cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde.	199.937,05		199.937,05
312A	Asistencia hospitalaria nas Forzas Armadas.	205.102,81		205.102,81
312B	Atención primaria de saúde. Instituto Nacional de Xestión Sanitaria.	63.005,08		63.005,08
312C	Atención especializada de saúde. Instituto Nacional de Xestión Sanitaria.	150.983,55		150.983,55
312D	Medicina marítima.	38.548,16		38.548,16
312E	Asistencia sanitaria do mutualismo administrativo.	2.104.700,06		2.104.700,06
312F	Atención primaria de saúde de mutuas de accidentes de traballo e E.P e I.S.M.	1.180.958,39		1.180.958,39
312G	Atención especializada de saúde de mutuas de accidentes de traballo e E.P e I.S.M.	438.147,32		438.147,32
312M	Asistencia sanitaria da Seguridade Social xestionada por comunidades autónomas.	46.872,36		46.872,36
313A	Oferta e uso racional de medicamentos e produtos sanitarios.	54.951,20		54.951,20
313B	Saúde pública e sanidade exterior.	27.959,62		27.959,62
313C	Seguridade alimentaria e nutrición.	18.805,44		18.805,44
313D	Terapias avanzadas, medicina rexenerativa e transplantes no Sistema Nacional de Saúde.	7.583,76		7.583,76
321M	Dirección e servizos xerais de Educación.	82.197,26		82.197,26
321 N	Formación permanente do profesorado de Educación.	7.562,05		7.562,05
322A	Educación infantil e primaria.	643.820,37		643.820,37
322B	Educación secundaria, formación profesional e escolas oficiais de idiomas.	217.390,65		217.390,65
322C	Ensinanzas universitarias.	374.053,36		374.053,36
322D	Educación especial.	14.149,13		14.149,13
322E	Ensinanzas artísticas.	6.915,57		6.915,57
322F	Educación no exterior.	125.727,90		125.727,90

Clasif. por programas	Explicación	Cap. 1 a 8	Cap. 9	Total
322G	Educación compensatoria.	61.799,93		61.799,93
322H	Educación permanente e a distancia non universitaria.	6.625,23		6.625,23
322I	Ensinanzas especiais.	1.194,28		1.194,28
322J	Novas tecnoloxías aplicadas á educación.	108.090,48		108.090,48
322K	Deporte en idade escolar e na universidade.	19.321,07		19.321,07
323M	Bolsas e axudas a estudantes.	1.395.518,47		1.395.518,47
324M	Servizos complementarios do ensino.	6.817,11		6.817,11
324N	Apoio a outras actividades escolares.	20.905,40		20.905,40
331 M	Dirección e servizos xerais de Cultura.	51.489,17		51.489,17
332A	Arquivos.	52.815,10		52.815,10
332B	Bibliotecas.	97.369,30		97.369,30
333A	Museos.	229.650,71		229.650,71
333B	Exposicións.	4.833,25		4.833,25
334A	Promoción e cooperación cultural.	57.718,63		57.718,63
334B	Promoción do libro e publicacións culturais.	14.410,31		14.410,31
334C	Fomento das industrias culturais.	29.552,00		29.552,00
335A	Música e danza.	122.817,07		122.817,07
335B	Teatro.	54.725,98		54.725,98
335C	Cinematografía.	123.166,12		123.166,12
336A	Fomento e apoio das actividades deportivas.	165.749,33		165.749,33
337A	Administración do patrimonio histórico-nacional.	122.555,95	100,00	122.655,95
337B	Conservación e restauración de bens culturais.	60.460,55		60.460,55
337C	Protección do patrimonio histórico.	11.579,88		11.579,88
411M	Dirección e servizos xerais de Agricultura, Pesca e Alimentación.	3.712,40		3.712,40
412A	Competitividade e calidade da produción agrícola.	77.564,25		77.564,25
412B	Competitividade e calidade da produción gandeira.	174.340,06		174.340,06
412M	Regulación dos mercados agrarios.	6.174.689,82	90.151,82	6.264.841,64
413A	Competitividade industria agroalimentaria e calidade alimentaria.	79.795,56		79.795,56
414A	Xestión de recursos hídricos para o regadío.	181.889,32		181.889,32
414B	Desenvolvemento do medio rural.	1.558.827,41		1.558.827,41
414C	Programa de desenvolvemento rural sustentable.	244.550,00		244.550,00
415A	Protección dos recursos pesqueiros e desenvolvemento sustentable.	47.676,48		47.676,48
415B	Mellora de estruturas e mercados pesqueiros.	125.110,38		125.110,38
416A	Previsión de riscos nas producións agrarias e pesqueiras.	290.961,90		290.961,90
421 M	Dirección e servizos xerais de Industria e Enerxía.	102.081,78		102.081,78
421 N	Regulación e protección da propiedade industrial.	66.806,65		66.806,65
421O	Calidade e seguridade industrial.	7.264,44		7.264,44
422A	Incentivos rexionais á localización industrial.	199.234,15		199.234,15
422B	Desenvolvemento industrial.	692.149,83		692.149,83
422M	Reconversión e reindustrialización.	802.818,89		802.818,89
423M	Desenvolvemento alternativo das comarcas mineiras do carbón.	260.000,00		260.000,00
423N	Explotación mineira.	720.283,97		720.283,97
424M	Seguridade nuclear e protección radiolóxica.	50.977,30		50.977,30
425A	Normativa e desenvolvemento enerxético.	327.719,15		327.719,15
431A	Promoción comercial e internacionalización da empresa.	486.798,52		486.798,52
431 M	Dirección e servizos xerais de Comercio e Turismo.	28.093,25		28.093,25
431 N	Ordenación do comercio exterior.	13.462,39		13.462,39
431O	Ordenación e modernización das estruturas comerciais.	28.777,53		28.777,53
432A	Coordinación e promoción do turismo.	776.533,55		776.533,55
433M	Apoio á pequena e mediana empresa.	177.685,36		177.685,36
441 M	Subvencións e apoio ao transporte terrestre.	652.357,29		652.357,29

Clasif. por programas	Explicación	Cap. 1 a 8	Cap. 9	Total
441 N	Subvencións e apoio ao transporte marítimo.	104.545,75		104.545,75
441 O	Subvencións e apoio ao transporte aéreo.	372.264,30		372.264,30
441 P	Subvencións ao transporte extrapeninsular de mercadorías.	57.000,00		57.000,00
451 M	Estudos e servizos de asistencia técnica en Obras Públicas e Urbanismo.	46.567,73		46.567,73
451 N	Dirección e servizos xerais de Fomento.	3.803.741,00		3.803.741,00
451 O	Dirección e servizos xerais de Medio Ambiente.	225.431,67		225.431,67
452 A	Xestión e infraestruturas da auga.	1.621.669,11	189.545,14	1.811.214,25
452 M	Normativa e ordenación territorial dos recursos hídricos.	290.518,71		290.518,71
453 A	Infraestrutura do transporte ferroviario.	2.454.140,52		2.454.140,52
453 B	Creación de infraestrutura de estradas.	2.901.333,12		2.901.333,12
453 C	Conservación e explotación de estradas.	1.325.878,71		1.325.878,71
453 M	Ordenación e inspección do transporte terrestre.	253.487,91		253.487,91
454 M	Seguridade do tráfico marítimo e vixilancia costeira.	219.097,53		219.097,53
455 M	Regulación e supervisión da aviación civil.	64.046,90		64.046,90
456 A	Calidade da auga.	460.717,77	11.116,80	471.834,57
456 B	Protección e mellora do medio.	55.770,61		55.770,61
456 C	Protección e mellora do medio natural.	371.903,39		371.903,39
456 D	Actuación na costa.	280.829,10		280.829,10
456 M	Actuacións para a prevención da contaminación e o cambio climático.	121.188,55		121.188,55
457 M	Infraestruturas en comarcas mineiras do carbón.	390.000,00		390.000,00
462 M	Investigación e estudos sociolóxicos e constitucionais.	13.981,03		13.981,03
462 N	Investigación e estudos estatísticos e económicos.	7.623,48		7.623,48
463 A	Investigación científica.	861.030,69	21,52	861.052,21
463 B	Fomento e coordinación da investigación científica e técnica.	2.097.057,76		2.097.057,76
464 A	Investigación e estudos das Forzas Armadas.	231.889,89		231.889,89
464 B	Apoio á innovación tecnolóxica no sector da defensa.	950.908,61		950.908,61
465 A	Investigación sanitaria.	386.412,38		386.412,38
466 A	Investigación e avaliación educativa.	5.126,32		5.126,32
467 A	Astronomía e astrofísica.	20.929,96	1.133,36	22.063,32
467 B	Investigación, desenvolvemento e experimentación en transporte e infraestruturas.	4.617,90		4.617,90
467 C	Investigación e desenvolvemento tecnolóxico-industrial.	2.898.733,27		2.898.733,27
467 D	Investigación e experimentación agraria.	80.835,28	2.000,00	82.835,28
467 E	Investigación oceanográfica e pesqueira.	61.211,67	72,89	61.284,56
467 F	Investigación xeolóxico-mineira e ambiental.	31.140,32		31.140,32
467 G	Investigación e desenvolvemento da sociedade da información.	524.549,35		524.549,35
467 H	Investigación enerxética, ambiental e tecnolóxica.	91.563,52	163,05	91.726,57
467 I	Innovación tecnolóxica das telecomunicacións.	1.003.166,82		1.003.166,82
491 M	Ordenación e promoción das telecomunicacións e da sociedade da información.	35.984,11		35.984,11
491 N	Servizo postal universal.	80.039,03		80.039,03
492 M	Defensa da competencia.	13.260,48		13.260,48
492 N	Regulación e vixilancia da competencia no mercado de tabacos.	10.256,68		10.256,68
492 O	Protección e promoción dos dereitos dos consumidores e usuarios.	24.972,55		24.972,55
493 M	Dirección, control e xestión de seguros.	293.652,78		293.652,78
493 N	Regulación de mercados financeiros.	1.585,62		1.585,62
493 O	Regulación contable e de auditorías.	7.721,35		7.721,35
494 M	Administración das relacións laborais e condicións de traballo.	54.496,65		54.496,65

Clasif. por programas	Explicación	Cap. 1 a 8	Cap. 9	Total
495A	Desenvolvemento e aplicación da información xeográfica española.	49.756,69		49.756,69
495B	Meteoroloxía.	109.517,69		109.517,69
495C	Metroloxía.	10.192,01		10.192,01
911M	Xefatura do Estado.	8.896,92		8.896,92
911N	Actividade lexislativa.	231.023,22	20,00	231.043,22
911O	Control externo do sector público.	61.188,81		61.188,81
911P	Control constitucional.	27.686,97		27.686,97
911Q	Apoio á xestión administrativa da Xefatura do Estado.	6.530,77		6.530,77
912M	Presidencia do Goberno.	99.987,69		99.987,69
912N	Alto asesoramento do Estado.	11.546,63		11.546,63
912O	Relacións coas Cortes Xerais, Secretariado do Goberno e apoio á Alta Dirección.	119.534,60		119.534,60
912P	Asesoramento do Goberno en materia social, económica e laboral.	10.422,13		10.422,13
912Q	Asesoramento para a protección dos intereses nacionais.	241.372,58		241.372,58
921 N	Dirección e organización da Administración pública.	24.668,55		24.668,55
921O	Formación do persoal das administracións públicas.	159.774,14		159.774,14
921 P	Administración periférica do Estado.	336.861,47		336.861,47
921Q	Cobertura informativa.	19.016,80		19.016,80
921 R	Publicidade das normas legais.	39.112,92		39.112,92
921S	Asesoramento e defensa intereses do Estado.	35.112,29		35.112,29
921T	Servizos de transportes de ministerios.	53.652,02		53.652,02
921U	Publicacións.	3.113,30		3.113,30
921 V	Avaliación de políticas e programas públicos, calidade dos servizos e impacto normativo.	4.927,75		4.927,75
922M	Organización territorial do Estado e desenvolvemento dos seus sistemas de colaboración.	4.090,97		4.090,97
922N	Coordinación e relacións financeiras cos entes territoriais.	6.746,65		6.746,65
922Q	Dirección e servizos xerais de Política Territorial.	22.341,04	6,01	22.347,05
923A	Xestión do patrimonio do Estado.	585.054,45		585.054,45
923C	Elaboración e difusión estatística.	217.597,86		217.597,86
923M	Dirección e servizos xerais de Economía e Facenda.	1.123.700,67		1.123.700,67
923N	Formación do persoal de Economía e Facenda.	15.722,09		15.722,09
923O	Xestión da débeda e da tesouraría do Estado.	11.275,10		11.275,10
923P	Relacións cos organismos financeiros multilaterais.	709.417,36		709.417,36
924M	Eleccións e partidos políticos.	97.769,82		97.769,82
929M	Imprevistos e funcións non clasificadas.	2.139.374,44		2.139.374,44
929N	Fondo de continxencia de execución orzamentaria.	3.704.977,50		3.704.977,50
931 M	Previsión e política económica.	65.284,66		65.284,66
931 N	Política orzamentaria.	53.154,12		53.154,12
931O	Política tributaria.	8.549,43		8.549,43
931 P	Control interno e contabilidade pública.	88.076,20		88.076,20
932A	Aplicación do sistema tributario estatal.	1.135.151,18		1.135.151,18
932M	Xestión do catastro inmobiliario.	117.186,46		117.186,46
932N	Resolución de reclamacións económico-administrativas.	32.558,05		32.558,05
941 M	Transferencias a comunidades autónomas por participación en ingresos Estado.	30.361.914,56		30.361.914,56
941 N	Transferencias a comunidades autónomas polos fondos de compensación interterritorial.	1.225.770,00		1.225.770,00
941O	Outras transferencias a comunidades autónomas.	12.361.848,40		12.361.848,40
942A	Cooperación económica local do Estado.	5.159.539,57		5.159.539,57

Clasif. por programas	Explicación	Cap. 1 a 8	Cap. 9	Total
942M	Transferencias a entidades locais por participación en ingresos Estado.	11.827.145,32		11.827.145,32
942N	Outras achegas a entidades locais.	241.015,75		241.015,75
943M	Transferencias ao orzamento xeral da Unión Europea.	12.202.917,00		12.202.917,00
943N	Cooperación ao desenvolvemento a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento.	218.420,00		218.420,00
951 M	Amortización e gastos financeiros da débeda pública en moeda nacional.	21.937.902,97	34.524.761,57	56.462.664,54
951 N	Amortización e gastos financeiros da débeda pública en moeda estranxeira.	1.262.097,03	883.520,71	2.145.617,74
Total		350.695.865,78	35.703.735,12	386.399.600,90

* Non se incorporou aos estados de gastos a emenda 256 do Congreso por non estaren definidos os proxectos de baixa.

ANEXO II

Créditos ampliables

Consideraranse ampliables ata unha suma igual ás obrigas que se recoñezan, tras o cumprimento previo das formalidades legalmente establecidas ou das que se establezan, os créditos que, incluídos no orzamento do Estado, nos dos organismos autónomos e nos dos outros organismos públicos aprobados por esta lei, se detallan a seguir:

Primeiro. Aplicables a todas as seccións e programas.

Os destinados a satisfacer:

a) As cotas da Seguridade Social, de acordo cos preceptos en vigor, e a achega do Estado ao réxime de previsión social dos funcionarios públicos, civís ou militares, establecida polos reais decretos lexislativos 1/2000, do 9 de xuño, e 3/2000 e 4/2000, do 23 de xuño.

b) Os créditos de transferencias a favor do Estado que figuren nos orzamentos de gastos dos organismos autónomos, ata o importe dos remanentes que resulten como consecuencia da xestión destes.

Segundo. Aplicables ás seccións e programas que se indican.

Un. Na sección 07, «Clases pasivas»:

Os créditos relativos a atender obrigas de pensións e indemnizacións.

Dous. Na sección 12, «Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación»:

O crédito 12.000X.03.431 «Á Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, para os fins sociais que se realicen no campo da cooperación internacional (artigo 2 do Real decreto 825/1988, do 15 de xullo). Porcentaxe IRPF».

Tres. Na sección 13, «Ministerio de Xustiza»:

O crédito 13.112 A. 02. 830.10 «Anticipos reintegrables a traballadores con sentenza xudicial favorable».

Catro. Na sección 14, «Ministerio de Defensa»:

a) O crédito 14.121M.01.489 para o pagamento das indemnizacións derivadas da aplicación do Real decreto lei 8/2004, do 5 de novembro, sobre indemnizacións aos participantes en operacións internacionais de paz e seguridade.

b) O crédito 14.122M.03.228 para gastos orixinados por participación das Forzas Armadas en operacións de mantemento da paz.

Cinco. Na sección 15, «Ministerio de Economía e Facenda»:

- a) O crédito 15.231G.13.875, destinado ao «Fondo de Garantía do Pagamento de Alimentos».
- b) O crédito 15.923O.19.351.01, destinado á cobertura de riscos en avais prestados polo Tesouro.
- c) O crédito 15.923 O.19.355, destinado a compensacións derivadas da execución de avais fronte ao Tesouro, a que se refire o Real decreto lei 7/2008, do 13 de outubro, de medidas urxentes en materia económico-financeira, en relación co Plan de Acción Concertada dos Países da Zona Euro.
- d) O crédito 15.493M.20.821.20, «Ao Consorcio de Compensación de Seguro. Seguro de crédito á exportación».

Seis. Na sección 16, «Ministerio do Interior»:

- a) O crédito 16.131M.01.487, destinado ao pagamento de indemnizacións en aplicación dos artigos 93 ao 96 da Lei de medidas fiscais, administrativas e da orde social para 1997, así como as que deriven dos danos a terceiros, en relación cos artigos 139 a 144 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e a Lei 52/1984, do 26 de decembro, de protección de medios de transporte que se atopen en territorio español realizando viaxes de carácter internacional.
- b) Os créditos 16.134M.01.461, 16.134M.01.471 16.134M.01.472, 16.134M.01.482, 16.134M.01.761, 16.134M.01.771 e 16.134M.01.782, destinados á cobertura de necesidades de toda orde motivadas por sinistros, catástrofes ou outras de recoñecida urxencia.
- c) O crédito 16.131M.01.483, destinado a atender o pagamento das indemnizacións e compensacións derivadas da aplicación da Lei 32/1999, do 8 de outubro, de solidariedade coas vítimas do terrorismo.
- d) O crédito 16.924M.01.227.05 para gastos derivados de procesos electorais e consultas públicas.
- e) O crédito 16.924M.01.485.02, para subvencionar os gastos electorais dos partidos políticos (Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de réxime electoral xeral).

Sete. Na sección 19, «Ministerio de Traballo e Inmigración»:

- a) O crédito 19.241A.101.487.03, destinado a financiar as bonificacións nas cotizacións da Seguridade Social acollidas a medidas de fomento de emprego por contratación laboral.
- b) O crédito 19.251M.101.480.00, destinado a financiar as prestacións contributivas, mesmo obrigas de exercicios anteriores.
- c) O crédito 19.251M.101.480.01, destinado a financiar subsidio por desemprego, mesmo obrigas de exercicios anteriores.
- d) O crédito 19.251M.101.487.00, destinado a financiar cotas de beneficiarios de prestacións contributivas por desemprego, mesmo obrigas de exercicios anteriores.
- e) O crédito 19.251M.101.487.01, destinado a financiar cotas de beneficiarios do subsidio de desemprego, mesmo obrigas de exercicios anteriores.
- f) O crédito 19.251M.101.480.02, destinado a financiar subsidio por desemprego para eventuais do réxime agrario da Seguridade Social, mesmo obrigas de exercicios anteriores.
- g) O crédito 19.251M.101.488 destinado a financiar a renda activa de inserción.
- h) O crédito 19.231B.07.483.01, destinado a financiar pensións asistenciais por ancianidade para españois de orixe retornados.

Oito. Na sección 20, «Ministerio de Industria, Turismo e Comercio»:

O crédito 20.431A.06.444, «Para cobertura das diferenzas producidas por operacións autorizadas ao abeiro da Lei 11/1983, de subvención ao crédito á exportación que se librará a través do Instituto de Crédito Oficial (ICO)».

Nove. Na sección 23, «Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño»:

- a) O crédito 23.416A.01.440, «Ao Consorcio de Compensación de Seguros para a cobertura de perdas do Seguro Agrario Combinado».
- b) O crédito 23.451O.01.485 «Para fins de interese social regulados polo artigo 2 do Real decreto 825/1988, do 15 de xullo».

Dez. Na sección 24, «Ministerio de Cultura»:

Os créditos 24.337C.03.621 e 24.337B.03.631, pola diferenza entre a consignación inicial para investimentos produto do «1 por 100 cultural» (artigo 68, Lei 16/1985, do Patrimonio Histórico Español, e artigo 58 do Real decreto 111/1986, do 10 de xaneiro, de desenvolvemento parcial da Lei 16/1985, do 25 de xuño, na redacción dada polo artigo único do Real decreto 162/2002, do 8 de febreiro) e as retencións de crédito non anuladas a que se refire o número tres do artigo 20 da Lei 33/1987, de orzamentos xerais do Estado para 1988.

Once. Na sección 26, «Ministerio de Sanidade e Política Social»:

- a) O crédito 26.311O.12.453, «Fondo de Cohesión Sanitaria».
- b) O crédito 26.231F.16.484, «Para os fins de interese social regulados no artigo 2 do Real decreto 825/1988, do 15 de xullo».

Doce. Na sección 27 «Ministerio de Vivenda»:

O crédito 27.261N.09.782.02 «Renda básica de emancipación».

Trece. Na sección 28, «Ministerio de Igualdade»:

O crédito 28.232C.04.480 «Axudas sociais, para mulleres (artigo 27 da L.O.1/2004, do 28 de decembro).»

Catorce. Na sección 32, «Entes territoriais»:

- a) O crédito 32.941M.18.452.00 «Liquidación definitiva do financiamento das comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía, de exercicios anteriores. Fondo de Suficiencia».
- b) O crédito 32.942M.23.468, na medida en que o exixa a liquidación definitiva da participación das corporacións locais nos ingresos do Estado correspondente a exercicios anteriores e as compensacións derivadas do novo modelo de financiamento local.
- c) Os créditos 32.942N.23.460.04 e 32.942N.23.460.05, por razón doutros dereitos legalmente establecidos ou que se establezan a favor das corporacións locais, habilitando, de ser necesario, os conceptos correspondentes.
- d) O crédito 32.941O.01.450, «Compensación financeira derivada do imposto especial sobre os elaborados do tabaco, incluída a liquidación definitiva do exercicio anterior».
- e) O crédito 32.941O.02.455 «Custo provisorio da Policía Autónoma de Cataluña, mesmo liquidacións definitivas de exercicios anteriores».
- f) O crédito 32.942N.23.440 «Compensación de custos financeiros a aboar ao ICO, derivados do tempo transcorrido entre a execución de avais ata a cancelación das débedas das entidades locais, en cumprimento do Real decreto lei 5/2009».
- g) Os créditos que se habiliten para facer fronte ás transferencias ás comunidades autónomas polo custo dos servizos asumidos.

Quince. Os créditos da sección 34, «Relacións financeiras coa Unión Europea», ampliables tanto en función dos compromisos que adquirise ou que poida adquirir o Estado Español coa Unión Europea ou que deriven das disposicións financeiras destas como en función da recadación efectiva das exaccións agrarias, dereitos de alfándegas pola parte suxeita ao arancel exterior comunitario, e cotizacións do azucre e isoglicosa.

Terceiro. Todos os créditos deste orzamento en función dos compromisos de financiamento exclusivo ou de cofinanciamento que se poidan contraer coas comunidades europeas.

Cuarto. No orzamento da Seguridade Social, os créditos que sexan necesarios nos programas de gastos do Instituto Nacional de Xestión Sanitaria para reflectir as repercusións que neles teñan as modificacións dos créditos, que figuran no estado de transferencias entre subsectores dos orzamentos xerais do Estado.

ANEXO III

Operacións de crédito autorizadas a organismo públicos

	Miles de euros
Ministerio de Economía e Facenda:	
Instituto de Crédito Oficial (ICO) (1)	25.000.000,00
Ministerio de Fomento:	
Aeropertos Españóis e Navegación Aérea (AENA) (2)	1.982.115,00
Portos do Estado e Autoridades Portuarias (2)	758.828,00
Ferrocarrís de Vía Estreita (FEVE)(2)	108.327,00
Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF) (2)	2.100.000,00
RENFE-Operadora (2)	1.234.802,00
Sociedade de Salvamento e Seguridade Marítima (SASEMAR) (3)	74.992,00
Ministerio de Vivenda:	
SEPES Entidade Pública Empresarial do Solo (EPE SOLO) (4)	40.000,00
Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño:	
Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA)	90.151,82
Confederación Hidrográfica do Guadalquivir	114.985,94
Confederación Hidrográfica do Júcar	20.000,00
Confederación Hidrográfica do Miño-Sil	50.285,06
Confederación Hidrográfica do Cantábrico	38.000,00
Confederación Hidrográfica do Texo	20.000,00
Mancomunidade dos Canais do Taibilla	10.350,00

(1) Este límite non afectará as operacións de tesouraría que se concerten e amorticen dentro do ano, nin o refinanciamento da débeda contraída a curto e longo prazo.

(2) Esta cifra entenderase como incremento neto máximo das débedas a longo prazo con entidades de crédito, entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2010.

(3) Esta cifra entenderase como incremento neto máximo das débedas a curto e longo prazo, entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2010.

(4) Concertación de préstamos a promotor destinados ao financiamento da edificación de vivendas protexidas.

ANEXO IV

Módulos económicos de distribución de fondos públicos para sostemento de centros concertados

Conforme o disposto no artigo 17 desta lei, os importes anuais e desagregación dos módulos económicos por unidade escolar nos centros concertados dos distintos niveis e modalidades educativas quedan establecidos, con efectos do 1 de xaneiro e ata o 31 de decembro de 2010, da seguinte forma:

	Euros
EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA.	
Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	28.926,68
Gastos variables	3.937,15
Outros gastos	5.956,13
IMPORTE TOTAL ANUAL	38.819,96
	Euros
EDUCACIÓN ESPECIAL* (niveis obrigatorios e gratuítos)	
I. Educación básica/primaria:	
Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	28.926,68
Gastos variables	3.937,15
Outros gastos	6.353,24
IMPORTE TOTAL ANUAL	39.217,07
Persoal complementario (logopedas, fisioterapeutas, axudantes técnicos educativos, psicólogo-pedagogo e traballador social), segundo as deficiencias:	
Psíquicos	20.962,91
Autistas ou problemas graves de personalidade	17.004,16
Auditivos	19.505,18
Plurideficientes	24.208,71
II. Programas de formación para a transición á vida adulta:	
Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	57.853,35
Gastos variables	5.165,86
Outros gastos	9.051,02
IMPORTE TOTAL ANUAL	72.070,23
Persoal complementario (logopedas, fisioterapeutas, axudantes técnicos educativos, psicólogo-pedagogo e traballador social), segundo as deficiencias:	
Psíquicos	33.470,20
Autistas ou problemas graves de personalidade	29.936,97
Auditivos	25.932,76
Plurideficientes	37.218,45
	Euros
EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA.	
I. Primeiro e segundo curso (1):	
Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	34.712,00
Gastos variables	4.631,74
Outros gastos	7.743,02
IMPORTE TOTAL ANUAL	47.086,76
I. Primeiro e segundo curso (2):	
Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	40.762,60
Gastos variables	7.826,91

	Euros
Outros gastos	7.743,02
IMPORTE TOTAL ANUAL	56.332,53
II. Terceiro e cuarto curso:	
Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	46.197,61
Gastos variables	8.870,50
Outros gastos	8.546,30
IMPORTE TOTAL ANUAL	63.614,41
	Euros
BACHARELATO.	
Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	55.708,91
Gastos variables	10.696,77
Outros gastos	9.421,55
IMPORTE TOTAL ANUAL	75.827,23
	Euros
CICLOS FORMATIVOS.	
I. Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais:	
Grupo 1. Ciclos formativos de grao medio de 1.300 a 1.700 horas.	
Primeiro curso	51.730,62
Segundo curso	0,00
Grupo 2. Ciclos formativos de grao medio de 2.000 horas.	
Primeiro curso	51.730,62
Segundo curso	51.730,62
Grupo 3. Ciclos formativos de grao superior de 1.300 a 1.700 horas.	
Primeiro curso	47.751,35
Segundo curso	0,00
Grupo 4. Ciclos formativos de grao superior de 2.000 horas.	
Primeiro curso	47.751,35
Segundo curso	47.751,35
II. Gastos variables:	
Grupo 1. Ciclos formativos de grao medio de 1.300 a 1.700 horas.	
Primeiro curso	6.985,59
Segundo curso	0,00
Grupo 2. Ciclos formativos de grao medio de 2.000 horas.	
Primeiro curso	6.985,59
Segundo curso	6.985,59
Grupo 3. Ciclos formativos de grao superior de 1.300 a 1.700 horas.	
Primeiro curso	6.940,38
Segundo curso	0,00
Grupo 4. Ciclos formativos de grao superior de 2.000 horas.	

	Euros
Primeiro curso	6.940,38
Segundo curso	6.940,38
III. Outros gastos:	
Grupo 1. Ciclos formativos de:	
– Condución de actividades físico-deportivas no medio natural.	
– Servizos de restaurante e bar.	
– Animación turística.	
– Estética persoal decorativa.	
– Química ambiental.	
– Farmacia.	
– Hixiene bucodental:	
Primeiro curso	10.351,65
Segundo curso	2.421,01
Grupo 2. Ciclos formativos de:	
– Xestión administrativa.	
– Secretariado.	
– Mergullo a media profundidade.	
– Laboratorio de imaxe.	
– Comercio.	
– Xestión comercial e márketing.	
– Servizos ao consumidor.	
– Axencias de viaxes.	
– Aloxamento.	
– Información e comercialización turísticas.	
– Elaboración de aceites e zumes.	
– Elaboración de produtos lácteos.	
– Elaboración de viño e outras bebidas.	
– Matadoiro e carnizaría-chacinaría.	
– Industria muiñeira e industrias cerealeiras.	
– Laboratorio.	
– Fabricación de produtos farmacéuticos e afíns.	
– Coidados auxiliares de enfermaría.	
– Documentación sanitaria.	
– Curtidos.	
– Patronaxe.	
– Procesos de ennobrecemento téxtil.	
– Aceites de oliva e viños:	
Primeiro curso	12.586,24
Segundo curso	2.421,01
Grupo 3. Ciclos formativos de:	
– Conservas vexetais, cárnicas e de peixe.	
– Transformación de madeira e cortiza.	
– Operacións de fabricación de produtos farmacéuticos.	
– Operacións de proceso e pasta de papel.	
– Operacións de proceso de planta química.	
– Operacións de transformación de plásticos e caucho.	
– Industrias de proceso de pasta e papel.	
– Industrias de proceso químico.	

	Euros
– Plástico e caucho.	
– Operacións de ennobrecemento téxtil:	
Primeiro curso	14.979,40
Segundo curso	2.421,01
Grupo 4. Ciclos formativos de:	
– Encadernacións e manipulacións de papel e cartón.	
– Impresión en artes gráficas.	
– Fundición.	
– Tratamentos superficiais e térmicos.	
– Fabricación industrial de carpintería e moble.	
– Calzado e marroquinaría.	
– Confección.	
– Producción de fiadura e tecedura de calada.	
– Producción de tecidos de punto.	
– Procesos de confección industrial.	
– Procesos téxtiles de fiadura e tecedura de calada.	
– Procesos téxtiles de tecedura de punto.	
– Operacións de fabricación de produtos cerámicos.	
– Operacións de fabricación de vidro e transformados.	
– Fabricación e transformación de produtos de vidro:	
Primeiro curso	17.330,72
Segundo curso	2.421,01
Grupo 5. Ciclos formativos de:	
– Realización e plans de obra.	
– Asesoría de imaxe persoal.	
– Radioterapia.	
– Animación sociocultural.	
– Integración social:	
Primeiro curso	10.351,65
Segundo curso	3.915,05
Grupo 6. Ciclos formativos de:	
– Operacións de cultivo acuícola:	
Primeiro curso	14.979,40
Segundo curso	3.915,05
Grupo 7. Ciclos formativos de:	
– Explotacións gandeiras.	
– Xardinaría.	
– Traballos forestais e de conservación do medio natural.	
– Xestión e organización de empresas agropecuarias.	
– Xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos.	
– Administración e finanzas.	
– Pesca e transporte marítimo.	
– Navegación, pesca e transporte marítimo.	
– Producción de audiovisuais, radio e espectáculos.	
– Comercio internacional.	
– Xestión do transporte.	
– Obras de albanelaría.	
– Obras de formigón.	

Euros

– Operación e mantemento de maquinaria de construción.	
– Desenvolvemento e aplicación de proxectos de construción.	
– Desenvolvemento de proxectos urbanísticos e operacións topográficas.	
– Óptica de anteollos.	
– Xestión de aloxamentos turísticos.	
– Servizos en restauración.	
– Caracterización.	
– Perrucaría.	
– Estética.	
– Panadaría, repostaría e confeitaría.	
– Explotación de sistemas informáticos.	
– Administración de sistemas informáticos.	
– Desenvolvemento de aplicacións informáticas.	
– Desenvolvemento de produtos de carpintería e moble.	
– Prevención de riscos profesionais.	
– Anatomía patolóxica e citoloxía.	
– Saúde ambiental.	
– Laboratorio de análises e de control de calidade.	
– Química industrial.	
– Planta química.	
– Audiopróteses.	
– Dietética.	
– Imaxe para o diagnóstico.	
– Laboratorio de diagnóstico clínico.	
– Ortoprotética.	
– Audioloxía protética.	
– Emerxencias sanitarias.	
– Farmacia e parafarmacia.	
– Educación infantil.	
– Interpretación da lingua de signos.	
– Atención sociosanitaria.	
– Educación infantil (actualizado):	
Primeiro curso	9.322,94
Segundo curso	11.262,20

Grupo 8. Ciclos formativos de:

- Explotacións agrarias extensivas.
- Explotacións agrícolas intensivas.
- Operación, control e mantemento de maquinaria e instalacións do buque.
- Supervisión e control de máquinas e instalacións do buque.
- Equipamentos electrónicos de consumo.
- Equipamentos e instalacións electrotécnicas.
- Desenvolvemento de produtos electrónicos.
- Instalacións electrotécnicas.
- Sistemas de regulación e control automáticos.
- Instalacións eléctricas e automáticas.
- Sistemas microinformáticos e redes.
- Acabados de construción.
- Cociña e gastronomía.
- Restauración.
- Mantemento de aviónica.
- Próteses dentais.

	Euros
– Confección e moda.	
– Patronaxe e moda:	
Primeiro curso	11.482,47
Segundo curso	13.106,79
 Grupo 9. Ciclos formativos de:	
– Animación de actividades físicas e deportivas.	
– Deseño e produción editorial.	
– Produción en industrias de artes gráficas.	
– Imaxe.	
– Realización de audiovisuais e espectáculos.	
– Son.	
– Sistemas de telecomunicación e informáticos.	
– Desenvolvemento de proxectos mecánicos.	
– Produción por fundición e pulvimetalurxia.	
– Produción por mecanización.	
– Programación da produción.	
– Fabricación á medida e instalación de madeira e moble.	
– Produción de madeira e moble.	
– Montaxe e mantem. de instalacións de frío, climatización e produc. de calor.	
– Desenvolvemento de proxectos de instalacións de fluídos, térmicas e de manutención.	
– Desenvolvemento de proxectos de instalacións térmicas e fluídos.	
– Mantemento de instalacións térmicas e de fluídos.	
– Mantemento e montaxe de instalacións de edificios e procesos.	
– Carrozaría.	
– Carrozaría (actualizado).	
– Electromecánica de vehículos.	
– Automoción.	
– Automoción (actualizado).	
– Mantemento aeromecánico.	
– Eficiencia enerxética e enerxía solar térmica:	
Primeiro curso	13.505,44
Segundo curso	14.984,03
 Grupo 10. Ciclos formativos de:	
– Produción acuícola.	
– Vitivinicultura.	
– Preimpresión en artes gráficas.	
– Xoiaría.	
– Mecanización.	
– Soldadura e caldeiraría.	
– Construcións metálicas.	
– Construcións metálicas (actualizado).	
– Industria alimentaria.	
– Instalación e mantem. electromecánico de maquinaria e condución de liñas.	
– Mantemento ferroviario.	
– Mantemento de equipamento industrial.	
– Desenvolvemento e fabricación de produtos cerámicos.	
– Desenvolvemento e fabricación de produtos cerámicos (actualizado):	

	Euros
Primeiro curso	15.622,05
Segundo curso	16.751,52
PROGRAMAS DE CUALIFICACIÓN PROFESIONAL INICIAL.	
I. Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	51.730,62
ii. Gastos variables	6.985,59
iii. Outros gastos.	
Grupo 1	7.421,78
* Sobre cualificacións nivel 1 das familias profesionais de:	
– Administración.	
– Administración e xestión.	
– Artesanías.	
– Comercio e márketing.	
– Hostalaría e turismo.	
– Imaxe persoal.	
– Química.	
– Sanidade.	
– Seguridade e medio ambiente.	
– Servizos socioculturais e á comunidade.	
Grupo 2	8.485,31
...	
* Sobre cualificacións nivel 1 das familias profesionais de:	
– Actividades agrarias.	
– Agraria.	
– Artes gráficas.	
– Comunicación, imaxe e son.	
– Imaxe e son.	
– Edificación e obra civil.	
– Electricidade e electrónica.	
– Enerxía e auga.	
– Fabricación mecánica.	
– Industrias alimentarias.	
– Industrias extractivas.	
– Madeira e moble.	
– Madeira, moble e cortiza.	
– Mantemento de vehículos autopropulsados.	
– Transporte e mantemento de vehículos.	
– Mantemento e servizos á produción.	
– Marítimo-pesqueira.	
– Instalación e mantemento.	
– Têxtil, confección e pel.	

1. Aos mestres que imparten 1.º e 2.º de Educación Secundaria Obrigatoria, co fin de lograr a progresiva equiparación cos mestres do ensino público dos mesmos cursos, as administracións educativas aboaranlles en 2010 o 100% do complemento que para esta finalidade se lles aboa aos mestres do ensino público.

2. Aos licenciados que imparten 1.º e 2.º de Educación Secundaria Obrigatoria, co fin de lograr unha progresiva equiparación salarial cos que imparten 3.º e 4.º de Educación Secundaria Obrigatoria, aplicaráselles o módulo indicado.

(*) As comunidades autónomas en pleno exercicio de competencias educativas poderán adecuar os módulos de persoal complementario de educación especial ás exixencias derivadas da normativa aplicable en cada unha delas.

ANEXO V

Módulos económicos de distribución de fondos públicos para sostemento de centros concertados situados nas cidades autónomas de Ceuta e Melilla

Conforme o disposto no artigo 17 desta lei, os importes anuais e desagregación dos módulos económicos por unidade escolar nos centros concertados dos distintos niveis e modalidades educativas situados nas cidades de Ceuta e Melilla quedan establecidos, con efectos do 1 de xaneiro e ata o 31 de decembro de 2010, da seguinte forma:

	Euros
EDUCACIÓN INFANTIL:	
Relación profesor / unidade: 1,17:1	
Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	40.381,64
Gastos variables	3.937,15
Outros gastos	6.699,86
IMPORTE TOTAL ANUAL	51.018,65
EDUCACIÓN PRIMARIA:	
Relación profesor / unidade: 1,17:1	
Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	40.381,64
Gastos variables	3.937,15
Outros gastos	6.699,86
IMPORTE TOTAL ANUAL	51.018,65
Euros	
EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA:	
I. Primeiro e segundo curso ¹ :	
Relación profesor / unidade: 1,49:1	
Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	51.426,20
Gastos variables	4.631,74
Outros gastos	8.709,84
IMPORTE TOTAL ANUAL	64.767,78
I. Primeiro e segundo curso:	
Relación profesor / unidade: 1,49:1	
Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	59.409,23
Gastos variables	8.010,34
Outros gastos	8.709,84
IMPORTE TOTAL ANUAL	76.129,41
II. Terceiro e cuarto curso:	
Relación profesor / unidade: 1,65:1	
Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	65.788,74
Gastos variables	8.870,51
Outros gastos	9.613,39
IMPORTE TOTAL ANUAL	84.272,64

¹ Aos mestres que imparten 1.º e 2.º curso de Educación Secundaria Obrigatoria aboaráselles no ano 2010 a mesma contía que se establece para os mestres dos mesmos cursos nos centros públicos.

² Aos licenciados que impartan 1.º e 2.º curso de Educación Secundaria Obrigatoria aplicaráselles este módulo.

A contía do compoñente do módulo de «Outros gastos» para as unidades concertadas nas ensinanzas de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria será incrementada en 1.181,09 euros nos centros situados en Ceuta e Melilla, en razón do maior custo orixinado polo plus de residencia do persoal de administración e servizos.

Ao persoal docente dos centros concertados situados en Ceuta e Melilla aboaráselles a cantidade correspondente ao plus de residencia establecido no correspondente convenio colectivo, ben que a Administración educativa non asumirá incrementos superiores á porcentaxe de incremento global fixado nesta lei de orzamentos xerais do Estado.

ANEXO VI

Custos de persoal da Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED)

Conforme o disposto no artigo 18 desta lei, o custo do persoal docente (funcionario e contratado) e do persoal de administración e servizos (funcionario e laboral fixo) ten o seguinte detalle, en miles de euros, sen incluír trienios nin seguridade social.

Persoal docente (funcionario e contratado)	OXE 2010
Total 2010 (miles de euros)	57.460,26
Persoal non docente (funcionario e laboral fixo)	OXE 2010
Total 2010 (miles de euros)	28.325,94

ANEXO VII

Remanentes de crédito incorporables no exercicio 2010

Poderanse incorporar aos créditos do exercicio os remanentes que a seguir se recollen:

a) Os procedentes dos créditos que se habilitasen de conformidade co Real decreto lei 12/2009, do 13 de agosto, polo que se aproban medidas urxentes para paliar os danos producidos polos incendios forestais e outras catástrofes naturais ocorridos en varias comunidades autónomas.

b) Os procedentes do crédito habilitado polo Real decreto lei 9/2008, con destino ao Fondo Especial do Estado para a Dinamización da Economía e o Emprego.

c) Os dos créditos 14.122A.02.65, 14.122A.03.65, 14.122A.12.65, 14.122A.17.65, 14.122A.22.65, 14.122A.107.65 e 14.122B.03.65 para a modernización das Forzas Armadas.

d) O do crédito 17.453B.38.753 para investimentos do artigo 12 da Lei 19/1994, así como os que correspondan ao superproxecto 1996.17.038.9500 «Convenio coa Comunidade Autónoma de Canarias» e ao superproxecto 2006.17.38.9601 «Convenio Consellos Insulares de Balears», sempre que a suma de ambos sexa inferior ao que se produza no crédito 17.38.453B.60.

e) Os procedentes dos créditos 18.322A.01.750 e 18.322B.01.750 Plan Integral de Emprego de Canarias.

f) O do crédito 19.291M.01.620 para adquisicións e acondicionamento de inmobles afectos ao patrimonio sindical acumulado.

g) Os dos créditos 20.423M.101.771, 20.457M.101.751, 20.457M.101.761 e 20.457M.101.781 para reactivación económica das comarcas mineiras do carbón.

h) O do crédito 23.452A.05.611 que corresponda á anualidade establecida no convenio de colaboración subscrito entre o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, e a Comunidade Autónoma de Canarias para actuacións de infraestruturas hidráulicas e de calidade das augas, sempre que sexa inferior ao remanente que se produza no crédito 23.452A.05.61.

i) O do crédito 23.456A.05.601 que corresponda á anualidade establecida no convenio de colaboración subscrito entre o Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño e a Comunidade Autónoma de Canarias para actuacións de infraestruturas hidráulicas e de calidade das augas, sempre que sexa inferior ao remanente que se produza no crédito 23. 456A. 05.60.

j) O do crédito 23.456D.06.601 que corresponda á anualidade establecida no convenio de colaboración subscrito entre o Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño e a Comunidade Autónoma de Canarias para actuacións nas costas, sempre que sexa inferior ao remanente que se produza no crédito 23. 456D. 06.60.

k) Os dos créditos 25.912M.01.226.11 «Gastos para a preparación da presidencia española da UE» e 25.912M.01.627 «Gastos para a preparación da presidencia española da UE».

l) O do crédito 26.311M.03.226.11 «Para gastos correntes en bens e servizos que deriven da infección humana por virus da gripe A/H1N1» e o do crédito 26.313B.07.226.11 «Para a adquisición de vacinas, antivirais e outras actuacións relacionadas coa gripe A/H1N1».

m) Os da sección 32, procedentes das transferencias realizadas como consecuencia dos reais decretos de traspasos de servizos.

n) Na sección 33, os procedentes dos fondos de compensación interterritorial, nos termos establecidos na Lei 22/2001, do 27 de decembro.

ñ) No orzamento de gastos do Instituto de Maiores e Servizos Sociais (IMSERSO), os créditos procedentes do Fondo de Axuda ás Vítimas e afectados do atentado terrorista do 11 M de 2004 nas aplicacións 3591-4875 «Prestacións Fondo 11 M» así como os xuros devengados polo citado fondo.

o) Os procedentes do crédito 17.441P.31.471, «Subvención ao transporte marítimo e aéreo de mercadorías entre a Península e as Illas Canarias ou entre estas e a Península, así como o existente entre as illas e o de exportación destas a países estranxeiros de acordo coa lexislación vixente. Sen financiamento comunitario» e os procedentes do crédito 17.441P.31.473, «Subvención ao transporte marítimo e aéreo de mercadorías entre a Península e as Illas Canarias ou entre estas e a Península, así como o existente entre as illas e o de exportación destas a países estranxeiros de acordo coa lexislación vixente. Con financiamento comunitario».

ANEXO VIII

Bens do Patrimonio Histórico Español

De conformidade co establecido na disposición adicional trixésimo novena desta lei, especificanse a continuación os bens do Patrimonio Histórico aos que esta é aplicable.

Grupo I: bens singulares declarados patrimonio da humanidade.

Todos os bens declarados de interese cultural integrados na seguinte relación:

Andalucía

Mesquita de Córdoba (novembro de 1984).

Alhambra e Generalife. Granada (novembro de 1984).

Catedral, Alcázar e Arquivo de Indias de Sevilla (decembro de 1987).

Parque Nacional de Doñana (1994).

Bens incluídos na Arte Rupestre do Arco Mediterráneo da Península Ibérica (decembro de 1998):

Los Molinos I (Vélez Blanco, Almería).

Los Molinos II (Vélez Blanco, Almería).

Gabar (Vélez Blanco, Almería).

Abrigo Central de Tello (Vélez Blanco, Almería).

Abrigo de Manuel Vallejo (Quesada, Jaén).

Aragón

Arquitectura mudéjar de Aragón (novembro de 1986 e decembro de 2001):

Torre e igrexa de San Pedro (Teruel).
Torres e artesoado, Catedral (Teruel).
Torre de San Salvador (Teruel).
Torre de San Martín (Teruel).
Palacio de La Aljafería (Zaragoza).
Seo de San Salvador (Zaragoza).
Igrexa de San Pablo (Zaragoza).
Igrexa de Santa María (Tobed).
Igrexa de Santa Tecla (Cervera de la Cañada).
Colexiata de Santa María (Calatayud).

Bens incluídos na Arte Rupestre do Arco Mediterráneo da Península Ibérica (decembro de 1998):

Cova de La Fuente del Trucho (Asque, Colunga, Huesca).
Abrigo de El Plano del Pulido (Caspe, Zaragoza).
Cova de El Chopo (Obón, Teruel).
Abrigo de Santa Ana I (Castillonroy, Huesca).
Abrigos do conxunto de Las Tajadas de Bezas (Bezas, Teruel).

Bens incluídos no Camiño de Santiago (decembro de 1993):

Igrexa e torre de Aruej.
Granxa de San Martín.
Pardina de Solano.

Asturias

Prerrománico asturiano (decembro 1985 e ampliación de 2000):

Santa María del Naranco.
San Miguel de Lillo.
Santa Cristina de Lena.
San Salvador de Valdediós.
Cámara Santa Catedral de Oviedo.
San Julián de los Prados.

Canarias

Parque Nacional de Garajonay. Gomera (decembro de 1986).
Parque Nacional del Teide. Tenerife (xuño de 2007).

Cantabria

Cova de Altamira. Santillana del Mar (decembro de 1985).

Castilla y León

Catedral de Burgos (novembro de 1984).
Igrexas extramuros de Ávila (decembro de 1985):

San Pedro.
San Vicente.
San Segundo.
San Andrés.

As Médulas, León (decembro de 1997).
O xacigo arqueolóxico da serra de Atapuerca (decembro de 2000).

Bens incluídos no Camiño de Santiago (decembro de 1993):

Igrexa de San Juan de Ortega.
Mosteiro de San Zoilo, Carrión de los Condes, Palencia.
Igrexa Colexiata de San Isidoro, León.

Castilla-La Mancha

Bens incluídos na Arte Rupestre do Arco Mediterráneo da Península Ibérica (decembro de 1998):

Conxunto de arte rupestre de Alpera, no termo municipal de Alpera (Albacete).
Conxunto de arte rupestre de Minateda, no termo municipal de Hellín (Albacete).
Conxunto de arte rupestre «Torcal de las Bojadillas», no termo municipal de Nerpío (Albacete).
Abrigo de Solana de las Covachas, no termo municipal de Nerpío (Albacete).
Conxunto de arte rupestre de Villar del Humo, no termo municipal de Villar del Humo (Cuenca).

Cataluña

Parque Güell, Palacio Güell, Casa Milá en Barcelona (novembro de 1984).
Mosteiro de Poblet. Vimbodí. Tarragona (decembro de 1991).
Palau de la Música Catalana (decembro de 1997).
Hospital de San Pau de Barcelona (decembro de 1997).
O conxunto arqueolóxico de Tarraco (decembro de 2000).
As igrexas románicas do Vall de Boí (decembro de 2000).
Bens incluídos na Arte Rupestre do Arco Mediterráneo da Península Ibérica: (decembro de 1998):

La Roca dels Moros (El Cogul, Les Garrigues).
Conjunt Abrics d'Ermites de la Serra de la Pietat (Ulldecona, El Montsia).
Cova dels Vilasos ou dels Vilars (Os de Balaguer, La Noguera).
Cabra Feixet (El Perelló, El Baix Ebre).
La Vall de la Coma (L'Albí, Les Garrigues).
Fachada da Natividade e a cripta da Sagrada Familia, Casa Vicens, Casa Batlló e Cripta da Colonia Güell (xullo de 2005).

Extremadura

Mosteiro de Guadalupe. Cáceres (decembro de 1993).
Conxunto Arqueolóxico de Mérida. Badajoz (decembro de 1993).

Galicia

A Muralla Romana de Lugo (decembro de 2000).

Bens incluídos no Camiño de Santiago (decembro de 1993):

Conxunto etnográfico de pallozas no Cebreiro, Lugo.
Mosteiro de Samos, Lugo.
Núcleo rural, igrexa e ponte medieval de Leboreiro, Melide, A Coruña.

Madrid

Mosteiro de El Escorial. San Lorenzo de El Escorial. Madrid (novembro de 1984).
Paisaxe cultural de Aranjuez (decembro de 2001).

Murcia

Bens incluídos na Arte Rupestre do Arco Mediterráneo da Península Ibérica (decembro de 1998):

Barranco de los Grajos (Cieza).
Monte Arbi (Yecla).
Cañaica del Calar (Moratalla).

La Risca (Moratalla).
Abrigo del Milano (Mula).

Navarra

Bens incluídos no Camiño de Santiago (decembro de 1993):

San Pedro de la Rúa, Estella.
Santa María la Real, Sangüesa.
Santa María, Viana.

La Rioja

Mosteiros de Suso e Yuso, San Millán de la Cogolla. La Rioja (decembro de 1997).

Bens incluídos no Camiño de Santiago (decembro de 1993):

Igrexa de Santiago, Logroño.
Igrexa Imperial de Santa María de Palacio, Logroño.
Igrexa da Asunción de Nuestra Señora, Navarrete.

País Vasco

Ponte Bizkaia (xullo de 2006).

Valencia

A Lonja de Valencia, Valencia (decembro de 1996).

O palmeiral de Elx (decembro de 2000).

Bens incluídos na Arte Rupestre do Arco Mediterráneo da Península Ibérica (decembro de 1998):

Cova Remigia (Ares del Maestra, Castelló).
Galería Alta de la Masía (Morella, Castelló).
Las Cuevas de la Araña (Bicorp, Valencia).
La Sarga (Alcoi, Alacant).

Grupo II. Edificios eclesiásticos incluídos no Plan Nacional de Catedrais.

Andalucía

- Almería. Catedral de Nuestra Señora de la Encarnación.
- Cádiz. Catedral de Santa Cruz.
- Cádiz. Nuestro Señor San Salvador. Jerez de la Frontera. Catedral.
- Córdoba. Catedral de la Asunción de Nuestra Señora. Mesquita.
- Granada. Catedral de la Anunciación.
- Huelva. Nuestra Señora de la Merced. Catedral.
- Guadix, Granada. Catedral da Encarnación de la Asunción.
- Jaén. Catedral de la Asunción de la Virgen.
- Málaga. Catedral de la Encarnación.
- Sevilla. Catedral de Santa María.
- Concatedral de Baza.
- Cádiz Vieja. Ex-catedral.
- Baeza, Jaén. La Natividad de Nuestra Señora. Ex-catedral.

Aragón

- Huesca. Catedral de la Transfiguración del Señor.
- Teruel. El Salvador. Albarracín. Catedral.
- Barbastro, Huesca. Catedral de Santa María.
- Jaca, Huesca. Catedral de San Pedro Apóstol.
- Teruel. Catedral de Santa María de Mediavilla.
- Zaragoza. Salvador. Catedral.
- Tarazona, Zaragoza. Catedral de Santa María.
- Zaragoza. Catedral Basílica de Nuestra Señora del Pilar.

- Monzón. Huesca. Santa María del Romeral. Concatedral.
- Huesca. Ex-catedral de Roda de Isábena.

Asturias

- Oviedo. Catedral de San Salvador.

Balears

- Mallorca. Catedral de Santa María de Palma.
- Menorca. Catedral de Ciudadela.
- Ibiza. Catedral de Santa María de Ibiza.

Castilla y León

- Ávila. Catedral del Salvador.
- Burgos. Catedral de Santa María.
- León. Catedral de Santa María.
- Astorga, León. Catedral de Santa María.
- Palencia. Catedral de San Antolín.
- Salamanca. Catedral Nueva de la Asunción de la Virgen.
- Ciudad Rodrigo, Salamanca. Catedral de Santa María.
- Segovia. Catedral de Santa María.
- Burgo de Osma, Soria. Catedral de la Asunción.
- Valladolid. Catedral de Nuestra Señora de la Asunción.
- Zamora. Catedral de la Transfiguración.
- Soria. Concatedral de San Pedro.
- Salamanca. Catedral Vieja de Santa María.

Castilla-La Mancha

- Albacete. Catedral de San Xoán Bautista.
- Ciudad Real. Catedral de Santa María del Prado.
- Cuenca. Catedral de Santa María e San Julián.
- Sigüenza, Guadalajara. Catedral de Nuestra Señora.
- Toledo. Catedral de Santa María.
- Guadalajara. Concatedral.

Canarias

- Las Palmas de Gran Canaria. Catedral basílica de Canarias. Igrexa de Santa Ana.
- La Laguna. Catedral de La Laguna, Igrexa de Nuestra Señora de los Remedios.

Cataluña

- Barcelona. Catedral de Santa Creu i Santa Eulàlia.
- Vic. Catedral de Sant Pere.
- Girona. Catedral de Santa María.
- Lleida. Catedral de Santa María de la Seu Nova.
- La Seu d'Urgell. Catedral de Santa María.
- Solsona. Catedral de Santa María.
- Tarragona. Catedral de Santa María.
- Tortosa. Catedral de Santa María.
- Lleida. Catedral de Santa María de la Seu Vella.
- Sagrada Familia, Barcelona.

Cantabria

- Santander. Catedral de la Asunción de la Virgen.

Extremadura

- Badajoz. Catedral de San Juan Bautista.
- Coria, Cáceres. Catedral de la Asunción de Nuestra Señora.

- Plasencia, Cáceres. Catedral de Santa María.
- Cáceres. Concatedral de Santa María.
- Mérida. Concatedral de Santa María.

Galicia

- Santiago de Compostela, A Coruña. Catedral Basílica Metropolitana.
- Lugo. Catedral de Santa María.
- Mondoñedo, Lugo. Catedral de Nuestra Señora de los Remedios.
- Ourense. Catedral de San Martín.
- Tui, Pontevedra. Catedral da Asunción.
- Concatedral de Vigo.
- Concatedral de Ferrol.
- San Martiño de Foz, Lugo.

Madrid

- Madrid. La Almudena. Catedral.
- Alcalá de Henares. La Magistral. Catedral.
- Getafe. Santa María Magdalena. Catedral.
- San Isidro, Madrid. Ex-catedral.

Murcia

- Cartagena. Iglesia Antigua de Santa María. Catedral.
- Murcia. Concatedral de Santa María.

Navarra

- Pamplona. Catedral de la Asunción de Nuestra Señora.
- Tudela. Virgen María. Catedral.

País Vasco

- Bilbao. Catedral de Santiago Apóstol.
- Vitoria. Catedral Vieja de Santa María.
- San Sebastián. Buen Pastor. Catedral.

La Rioja

- Calahorra. Catedral de la Asunción de Nuestra Señora.
- Santo Domingo de la Calzada. Catedral del Salvador.
- Logroño. Concatedral de Santa María de la Redonda.

Valencia

- Orihuela, Alacant. Catedral del Salvador e Santa María.
- Valencia. Catedral de San Pedro e Santa María.
- Castelló. Segorbe. Catedral.
- Alacant. Concatedral de San Nicolás.
- Castelló. Santa María. Concatedral.

Ceuta

- La Asunción. Catedral.

Grupo III. Outros bens culturais.

Andalucía

Zona arqueolóxica de Madinat Azhara. Córdoba.

Aragón

Palacio de Villahermosa e igrexas en Pedrola, Zaragoza.

Asturias

Mosteiro de San Salvador de Cornellana. Salas.

Balears

A lonxa de Palma.

Canarias

Convento de Santa Clara, San Cristóbal de la Laguna (Tenerife).

Cantabria

Universidade Pontificia de Comillas.

Castilla-La Mancha

Xacemento da Vila romana de Noheda. Villar de Domingo García (Cuenca).

Castilla y León

Convento de San Antonio el Real, Segovia.

Cataluña

Murallas de Tarragona.

Extremadura

Mosteiro de Guadalupe (Cáceres).

Galicia

Mosteiro de Sobrado dos Monxes (A Coruña).

Madrid

Conxunto palaciano de Nuevo Baztán.

Murcia

Museo Anfiteatro de Arte Contemporáneo de Cartagena.

Navarra

Conxunto Histórico de Roncesvalles.

País Vasco

Basílica de San Prudencio. Barrio de Armentia. Vitoria-Gasteiz.

La Rioja

Muralla de Briones.

Valencia

Mosteiro de Santa María de la Valldigna. Simat de Valldigna. Valencia.

Ceuta

Fortíns neomedievais e porta califal do século XI.

Melilla

Fuerte de Vitoria Chica e Forte del Rosario. Melilla.

ANEXO IX

Compromisos de gastos que se estendan a exercicios futuros

Autorízase a adquirir compromisos de gasto que se estendan a exercicios futuros nos termos que a continuación se indican:

Sección 20. Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

Servizo ou organismo: 101 Instituto para a Reestruturación da Minaría do Carbón e Desenvolvemento Alternativo das Comarcas Mineiras.

Concepto orzamentario	Anualidades e importes en miles de euros				Máximo de compromisos no período
	2011	2012	2013	2014	
20.101.423M.741	100,00	100,00	100,00	100,00	400,00
20.101.423M.771	180.000,00	180.000,00	180.000,00	180.000,00	720.000,00
20.101.423M.772	15.000,00	15.000,00	15.000,00	15.000,00	60.000,00
20.101.457M.742	5.000,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	20.000,00
20.101.457M.751	350.000,00	350.000,00	350.000,00	350.000,00	1.400.000,00
20.101.457M.761	20.000,00	20.000,00	20.000,00	20.000,00	80.000,00
20.101.457M.781	15.000,00	15.000,00	15.000,00	15.000,00	60.000,00

ANEXO X

Contía que se incluírá na paga extraordinaria dos membros da carreira xudicial e da carreira fiscal do artigo 32.un desta lei

Membros da carreira xudicial	Grupo de poboación	Contía en € que se incluírá en cada paga extraordinaria
Presidente Audiencia Nacional (non maxistrado do Tribunal Supremo)	1	4.958,78
Presidentes de sala Audiencia Nacional (non maxistrados Tribunal Supremo)	1	3.816,59
Maxistrado da Audiencia Nacional (non maxistrado do Tribunal Supremo)	1	3.752,75
Maxistrado do Gabinete Técnico do Tribunal Supremo	1	3.752,75
Presidente do Tribunal Superior de Xustiza	1	3.752,75
Presidentes de sala e maxistrados Tribunal Superior de Xustiza	1	3.752,75
Presidentes e maxistrados de Audiencia Provincial	1	3.702,59
Xuíces centrais e maxistrados de órganos unipersoais	1	3.201,06
Presidente do Tribunal Superior de Xustiza	2	3.705,09
Presidentes sala e maxistrados do Tribunal Superior de Xustiza	2	3.413,15
Presidentes e maxistrados de Audiencia Provincial	2	3.363,00
Maxistrados dos órganos unipersoais	2	2.861,48
Presidente do Tribunal Superior de Xustiza	3	3.659,48
Presidentes sala e maxistrados Tribunal Superior de Xustiza	3	3.305,96
Presidentes e maxistrados da Audiencia Provincial	3	3.255,81
Maxistrados de órganos unipersoais	3	2.754,24
Presidentes e maxistrados da Audiencia Provincial	4	3.027,29
Maxistrados de órganos unipersoais	4	2.534,36
Xuíces	5	1.972,63

Membros da carreira fiscal	Grupo de poboación	Contía en € que se incluíra en cada paga extraordinaria
Tenente fiscal e fiscais de Fiscalía do Tribunal Constitucional	1	3.809,94
Fiscais de Fiscalía do Tribunal Supremo	1	3.809,94
Tenente fiscal e fiscais da Fiscalía da Audiencia Nacional	1	3.752,75
Fiscal superior da comunidade autónoma	1	3.752,75
Tenente fiscal da fiscalía da comunidade autónoma	1	3.752,75
Tenente fiscal e fiscais da Fiscalía do Tribunal de Contas	1	3.752,75
Tenente fiscal inspector e inspectores fiscais da Fiscalía X. do Estado	1	3.752,75
Tenente fiscal e fiscais da Fiscalía Xeral do Estado	1	3.752,75
Tenente fiscal, fiscais e avogados fiscais da Fiscalía especial para a prevención e represión do tráfico ilegal de drogas	1	3.752,75
Tenente fiscal, fiscais e avogados fiscais da Fiscalía especial para a represión dos delitos económicos relacionados coa corrupción	1	3.752,75
Fiscais xefe e tenentes fiscais de fiscalía provincial	1	3.702,59
Fiscais coordinadores	1	3.616,14
Fiscais decanos das seccións territoriais da fiscalía provincial	1	3.616,14
Resto de fiscais de segunda categoría	1	3.201,06
Fiscal superior de comunidade autónoma	2	3.705,09
Tenente fiscal de fiscalía de comunidade autónoma	2	3.413,15
Fiscais xefes e tenentes fiscais da fiscalía provincial	2	3.363,00
Fiscal xefe de fiscalía de área (excepto onde exista sección da audiencia provincial en sede distinta da capital de provincia)	2	3.363,00
Fiscais coordinadores	2	3.276,56
Fiscais decanos das seccións territoriais da fiscalía provincial	2	3.276,56
Resto de fiscais de segunda categoría	2	2.861,48
Fiscal superior de comunidade autónoma	3	3.659,48
Tenente fiscal de fiscalía de comunidade autónoma	3	3.305,96
Fiscais xefe e tenentes fiscais de fiscalía provincial	3	3.255,81
Fiscal xefe de fiscalía de área (excepto onde exista sección da audiencia provincial en sede distinta da capital de provincia)	3	3.255,81
Fiscais coordinadores	3	3.169,36
Fiscais decanos das seccións territoriais da fiscalía provincial	3	3.169,36
Resto de fiscais de segunda categoría	3	2.754,24
Fiscais xefe e tenentes fiscais de fiscalía provincial	4	3.027,29
Fiscal xefe de fiscalía de área (excepto onde exista sección da audiencia provincial en sede distinta da capital de provincia)	4	3.027,29
Fiscais coordinadores	4	2.940,83
Fiscais decanos das seccións territoriais da fiscalía provincial	4	2.940,83
Resto de destinos da segunda categoría de fiscais	4	2.534,36
Resto de destinos correspondentes á terceira categoría de fiscais	5	1.972,63

ANEXO XI

Contía que se incluírá na paga extraordinaria dos membros dos corpos de secretarios xudiciais e dos corpos de funcionarios ao servizo da Administración de xustiza

Secretarios xudiciais	Grupo conforme o anexo II.1 do RD 1130/03	Contía en € que se incluírá en cada paga extraordinaria
Secretarios do Tribunal Supremo	1	1.088,66
Secretario de goberno da Audiencia Nacional	1	1.088,66
Secretarios da Audiencia Nacional	1	1.032,80
Secretarios do Tribunal Superior de Xustiza	1	1.032,80
Secretario coordinador provincial e secretario da audiencia provincial	1	1.019,60
Secretario de órgano unipersoal, de órganos non xurisdicionais e rexistros civís e de vulgados centrais	1	914,19
Secretarios do Tribunal Superior de Xustiza	2	929,81
Secretario coordinador provincial e secretario da audiencia provincial	2	916,52
Secretario de órgano unipersoal, órganos non xurisdicionais e rexistros civís	2	811,14
Secretarios do Tribunal Superior de Xustiza	3	902,49
Secretario coordinador provincial e secretario da audiencia provincial	3	889,21
Secretario órgano unipersoal, órganos non xurisdicionais e rexistros civís	3	783,85
Secretario coordinador provincial e secretario da audiencia provincial	4	884,88
Resto de destinos da segunda categoría de secretarios xudiciais ..	4	779,52
Destinos correspondentes á terceira categoría de secretarios xudiciais	5	565,42

Corpo ou escala	Grupo conforme o artigo 7.º RD 1909/2000	Contía en € que se incluírá en cada paga extraordinaria
De xestión procesual e administrativa.	I	425,50
	II	397,81
	III	383,97
	IV	370,18
De tramitación procesual e administrativa.	I	388,58
	II	360,81
	III	346,96
	IV	333,13
De auxilio xudicial.	I	332,80
	II	305,17
	III	291,34
	IV	277,48
De técnicos especialistas do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses.	I	425,50
	II	397,81
	III	383,97

Corpo ou escala	Grupo conforme o artigo 7.º RD 1909/2000	Contía en € que se incluíra en cada paga extraordinaria
De axudantes de laboratorio do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses.	I	388,58
	II	360,81
	III	346,96
Secretarios de paz (a extinguir).	IV	462,65

Corpo de médicos forenses e corpo de facultativos do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses	Grupo conforme o art. 7.º RD 1909/2000	Contía en € que se incluíra en cada paga extraordinaria
Director do Instituto Nacional de Toxicoloxía e C.F.	I	864,96
Director do Instituto de Medicina Legal de Madrid ou Barcelona, ou institutos con competencias pluriprovinciais	I	864,96
Director de institutos de medicina legal con competencias pluriprovinciais	II	845,58
Director de institutos de medicina legal con competencias pluriprovinciais	III	826,22
Director de departamento de institutos nac. de toxicoloxía e c.f.	I	826,22
Director de departamento de institutos nac. de toxicoloxía e c.f.	II	806,83
Director de institutos de medicina legal con competencias uniprovinciais ou de ámbito inferior	II	806,83
Director de inst. de medicina legal con competencias uniprovinciais ou de ámbito inferior	III	787,45
Subdirector de Instituto de Medicina Legal de Madrid ou Barcelona, e director con competencias pluriprovinciais	I	826,22
Subdirector de institutos de medicina legal con competencias pluriprovinciais	II	806,83
Subdirector de institutos de medicina legal con competencias pluriprovinciais	III	787,45
Subdirector de institutos de medicina legal con competencias uniprovinciais ou de ámbito inferior	II	768,08
Subdirector de institutos de medicina legal con competencias uniprovinciais ou de ámbito inferior	III	748,73
Xefaturas de servizo de institutos de medicina legal e I.N.T. e C.F. e os seus departamentos	I	787,45
Xefaturas de servizo de institutos de medicina legal e I.N.T. e C.F. e os seus departamentos	II	768,08
Xefaturas de servizo de institutos de medicina legal e I.N.T. e C.F. e os seus departamentos	III	748,73
Xefaturas de sección de institutos de medicina legal e Instituto Nac. de Toxicoloxía e C.F.	I	748,73
Xefaturas de sección de institutos de medicina legal e I.N.T. e C.F.	II	729,31
Xefaturas de sección de institutos de medicina legal e Instituto Nac. de Toxicoloxía e C.F.	III	709,93
Médicos forenses e técnicos facultativos do I.N.T. e C.F.	I	632,43
Médicos forenses e técnicos facultativos do I.N.T. e C.F.	II	613,08
Médicos forenses e técnicos facultativos do I.N.T. e C.F.	III	593,65
Médicos forenses en rexistros civís (RD 181/93, do 9 de febreiro, disposición adicional 2ª)	I	145,44

Corpo de médicos forenses e corpo de facultativos do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses	Grupo conforme o art. 7.º RD 1909/2000	Contía en € que se incluíra en cada paga extraordinaria
Médicos forenses en rexistros civís (RD 181/93, do 9 de febreiro, disposición adicional 2ª)	II	106,62
Médicos forenses en rexistros civís (RD 181/93, do 9 de febreiro, disposición adicional 2ª)	III	87,24
Médicos forenses con réxime transitorio de integración e retributivo	Grupo artículo 7º RD 1909/2000	Contía en € que se incluíra en cada paga extraordinaria
Director rexional de inst. anatómico forense ou de clínica médico-forense (en agrupacións de xulgados algún dos cales estea servido por maxistrado ou que conxuntamente con xulgado sexan titulares de especialidade ou cargo directivo).	I	823,66
	II	804,28
	III	784,90
Director rexional de Inst. Anatómico Forense ou de Clínica Médico Forense (en agrupacións non incluídas no número anterior).	I	804,28
	II	784,90
	III	765,57
Director provincial de inst. anatómico forense ou de clínica médico-forense (en agrupacións de xulgados algún dos cales estea servido por maxistrado ou que conxuntamente con xulgado sexan titulares de especialidade ou cargo directivo).	I	784,90
	II	765,57
	III	746,20
Director provincial de inst. anatómico forense ou de clínica médico-forense (en agrupacións non incluídas no número anterior).	I	765,57
	II	746,20
	III	726,81
Xefe de servizo de inst. anatómico forense ou de clínica médico-forense (en agrupacións de xulgados algún dos cales estea servido por maxistrado ou que conxuntamente con xulgado sexan titulares de especialidade ou cargo directivo).	I	746,20
	II	726,81
	III	707,43
Xefe de servizo de inst. anatómico forense ou de clínica médico-forense (en agrupacións non incluídas no número anterior).	I	726,81
	II	707,43
	III	688,05
Xefe de sección de inst. anatómico forense ou de clínica médico-forense (en agrupacións de xulgados algún dos cales estea servido por maxistrado ou que conxuntamente con xulgado sexan titulares de especialidade ou cargo directivo).	I	707,43
	II	688,05
	III	668,62
Xefe de sección de inst. anatómico forense ou de clínica médico-forense (en agrupacións non incluídas no número anterior).	I	688,05
	II	668,62
	III	649,25
Médico forense (en agrupacións de xulgados algún dos cales estea servido por maxistrado ou que conxuntamente con xulgado sexan titulares de especialidade ou cargo directivo).	I	629,92
	II	610,54
	III	591,15
Médico forense (en agrupacións non incluídas no número anterior).	I	610,54
	II	591,15
	III	571,78
Médicos forenses con réxime de xornada normal.	Grupo artigo 7.º RD 1909/2000	Contía en € que se incluíra en cada paga extraordinaria
Director rexional de inst. anatómico forense ou de clínica médico-forense.	I	562,11
	II	542,72
	III	523,34

Médicos forenses con réxime de xornada normal.	Grupo artigo 7.º RD 1909/2000	Contía en € que se incluíra en cada paga extraordinaria
Director provincial de inst. anatómico forense ou de clínica médico-forense.	I	523,34
	II	503,95
	III	484,58
Xefe de servizo de inst. anatómico forense ou de clínica médico-forense.	I	484,58
	II	465,13
	III	445,76
Xefe de sección de inst. anatómico forense ou de clínica médico-forense.	I	445,76
	II	426,38
	III	407,06
Médicos forenses.	I	368,31
	II	348,93
	III	329,48

ANEXO XII

Fundacións do sector público estatal

Fundación AENA.
 Fundación Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación.
 Fundación Almadén-Francisco Javier Villegas.
 Fundación Biodiversidade.
 Fundación Canaria Puertos de las Palmas.
 Fundación Centro de Estudos Económicos e Comerciais (CECO).
 Fundación Centro de Investigación de Enfermidades Neurolóxicas.
 Fundación Centro Nacional de Investigación Oncolóxica Carlos III.
 Fundación Centro Nacional de Referencia de Aplicación das Tecnoloxías da Información e a Comunicación Baseadas en Fontes Abertas (CENATIC).
 Fundación Centro Nacional do Vidro.
 Fundación Centro Tecnolóxico Agroalimentario de Lugo (CETAL).
 Fundación Cidade da Enerxía.
 Fundación Colección Thyssen-Bornemisza.
 Fundación Colexios Maiores MAE-AECI.
 Fundación dos Ferrocarrís Españois.
 Fundación do Teatro Real.
 Fundación EFE.
 Fundación ENRESA.
 Fundación Escola de Organización Industrial.
 Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía.
 Fundación Española para a Innovación da Artesanía.
 Fundación Xeral da UNED.
 Fundación Xeral Universidade Internacional Menéndez Pelayo.
 Fundación Iberoamericana para o Fomento da Cultura e Ciencias do Mar.
 Fundación ICO.
 Fundación Instituto de Cultura Xitana.
 Fundación Instituto de Investigación Cardiovascular Carlos III.
 Fundación Instituto Iberoamericano de Mercado de Valores.
 Fundación Internacional e para Iberoamérica de Administración e Políticas Públicas.
 Fundación Laboral de Minusválidos Santa Bárbara.
 Fundación Laboral SEPI.
 Fundación Museo Lázaro Galdiano.
 Fundación Observatorio Ambiental do Puerto de Granadilla.

Fundación Observatorio de Prospectiva Tecnolóxica Industrial (OPTI).
Fundación Observatorio Español de Acuicultura.
Fundación para o Desenvolvemento da Formación nas Zonas Mineiras do Carbón.
Fundación para o Desenvolvemento da Investigación en Xenómica e Proteómica.
Fundación Española para a Cooperación Internacional, Saúde e Política Social.
Fundación para a Prevención de Riscos Laborais.
Fundación para a Proxección Internacional das Universidades Españolas (UNIVERSIDADE.ES).
Fundación Pluralismo e Convivencia.
Fundación Real Casa da Moeda.
Fundación Residencia de Estudiantes.
Fundación SEPI.
Fundación Servizo Interconfederal de Mediación e Arbitraje-Sima.
Fundación Transporte e Formación.
Fundación Tripartita para a Formación no Emprego.
Fundación Vítimas do Terrorismo.

ANEXO XIII

Entidades do sector público administrativo

Consorcio de Apoio á Investigación Biomédica en Rede (CAIBER).
Consorcio para a Creación, Construción, Equipamento e Explotación do Barcelona Supercomputing Center-Centro Nacional de Supercomputación.
Consorcio Casa Sefarad-Israel.
Consorcio Casa Árabe e o seu Instituto Internacional de Estudos Árabes e do Mundo Musulmán.
Consorcio Cidade de Cuenca.
Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela.
Consorcio Cidade de Toledo.
Comisión do Mercado de Telecomunicacións (CMT).
Comisión Nacional da Enerxía (CNE).
Comisión Nacional do Mercado de Valores (CNMV).
Comisión Nacional do Sector Postal.
Consorcio de Actividades Loxísticas, Empresariais, Tecnolóxicas, Ambientais e de Servizos da Baía de Cádiz, Consorcio Aletas.
Consorcio para o Equipamento e Explotación do Laboratorio Subterráneo de Canfranc.
Consorcio da Zona Especial Canaria (CZEC).

Entidades públicas empresariais e organismos públicos

Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF).
Aeropostos Españóis e Navegación Aérea (AENA).
Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico e Industrial (CDTI).
Consorcio de Compensación de Seguros (CCS).
Consorcio da Zona Especial de Canarias (CZEC).
Consorcio para a Construción do Auditorio de Música de Málaga.
Consorcio Valencia 2007.
Consorcio Zona Franca Cádiz.
Consorcio Zona Franca Gran Canaria.
Consorcio Zona Franca Vigo.
Ente Público RTVE en liquidación.
Entidade Pública Empresarial Red.es (RED.ES).
Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda (FNMT-RCM).
Ferrocarrís de Vía Estreita (FEVE).

Xerencia do Sector da Construción Naval.
Instituto de Crédito Oficial (ICO).
Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE).
Lotarías e Apostas do Estado (LAE).
Portos do Estado e Autoridades Portuarias.
RENFE-Operadora.
SEPES Entidade Pública Empresarial de Solo (EPE SOLO).
Sociedade de Salvamento e Seguridade Marítima (SASEMAR).
Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI).

ANEXO XIV

Instalacións científicas

Instalacións científicas a que se refire a disposición adicional trixésima novena desta lei.

Plataforma solar de Almería.
Centro astronómico de Calar Alto.
Radio Telescopio do Instituto de Radioastronomía Milimétrica no pico Veleta.
Reserva Científica de Doñana.
Observatorio do Teide.
Observatorio de El Roque de los Muchachos.
Centro astronómico de Yebes.
Centro de Computación e Comunicacións de Cataluña (CESCA).
Laboratorio de Resonancia Magnética Nuclear do Parque Científico de Barcelona.
Sala Blanca do Centro Nacional de Microelectrónica.
Barcelona Supercomputing Center-Centro Nacional de Supercomputación (BSC-CNS).
Canal de Investigación e Experimentación Marítima (CIEM).
Dispositivo de Fusión Termonuclear TJ-II do CIEMAT.
Instalación de alta seguridade biolóxica do CISA (INIA).
Instalacións singulares de enxeñaría civil no CEDEX.
Rede IRIS de servizos telemáticos avanzados.
Central de Tecnoloxía do Instituto de Sistemas Opto-electrónicos da Universidade Politécnica de Madrid.
Canal de Experiencias Hidrodinámicas de El Pardo (CEHIPAR).
Buque de investigación Oceanográfica Cornide de Saavedra.
Buque de Investigación Oceanográfica Hespérides.
Bases antárticas españolas Juan Carlos I e Gabriel de Castilla.
Laboratorio Subterráneo de Canfranc.
Gran Telescopio CANARIAS.
Laboratorio de Luz Sincrotrón Alba.
Buque Oceanográfico Sarmiento de Gamboa.
Centro Nacional de Investigación sobre a Evolución Humana (CENIEH).
Centro Nacional de Aceleradores.
Centro Internacional de Métodos Numéricos en Enxeñaría (CIMNE).
Centro de Microscopía da Universidade Complutense de Madrid e Unidade de Microscopía do Centro Nacional de Biotecnoloxía (CNB-CSIC).
Centro Nacional de Enerxías Renovables (CENER).
Nodo da Rede Española de Supercomputación na Universidade de Valencia.
Nodo da Rede Española de Supercomputación na Universidade de Málaga.
Nodo da Rede Española de Supercomputación na Universidade de Cantabria.
Nodo da Rede Española de Supercomputación na Universidade Politécnica de Madrid.
Nodo da Rede Española de Supercomputación no Instituto de Astrofísica de Canarias.

Nodo da Rede Española de Supercomputación no Instituto de Biocomputación e Física de Sistemas Complexos (BIFI) da Universidade de Zaragoza.
Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA).
Plataforma Oceánica de Canarias (PLOCAN).
Sistema de Observación Costeiro das Illes Balears (SOCIB).
Centro Nacional de Experimentación de Tecnoloxías do Hidróxeno e Pilas de Combustible (CNETHPC).
Centro de Láseres Pulsados Ultracurtos Ultraintensos (CLPU).
Consortio ESS-Bilbao.

ANEXO XV

Operacións do ente público RTVE en liquidación que asumirá o Estado no exercicio 2010

Operación	Axente de pagamentos	Vencemento	Importe (euros)
Bonos.	Caja Madrid.	29/04/2010	1.500.000.000
Total			1.500.000.000